

# CALLAICI PRINCIPES: OS SOBERANOS DA GALIZA CASTREXA



MARTÍN FERNÁNDEZ CALO

Deputación DA CORUÑA

Composición do Xurado do XII PREMIO DE ENSAIO MANUEL MURGUÍA:

Presidente:
Xosé Xurxo Couto Rodríguez

Vogais:
Raúl Soutelo Vázquez
José Manuel Vázquez Lijó
Miguel Anxo Seixas Seoane
Rebeca Baceiredo Pérez
Iria Veiga Ramos

© Editorial:
Deputación Provincial da Coruña
Avenida Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña

Depósito Legal: C 407-2020
ISBN: 978-84-9812-363-0

Imprenta Provincial
A Coruña, 2020

*Ás miñas sobriñas, anque disque as nenas de agora non teñen que crer nos príncipes…*

Étudier l’histoire de la royauté, c’est étudier aussi l’origine de la *pólis*.

P. Carlier, 1984: *La royauté en Grèce avant Alexandre*, Estrasburgo: AECR, p. v.

Rei dos castros, castro forte,
garrido castro Nemenzo!
[…]
Así a túa formosura
respete o futuro tempo,
e na túa nobre frente
conserves o nobre sello,
que é propio tan só dos fortes
que ó tempo non se rendeno,
e seas doce lembranza
dos días que feneceron,
daqueles que inda virán
a poboar noso eido,
e pasado tempo antigo
chamarán ó noso tempo.

E. Pondal, “Rei dos castros, castro forte”
(ed. X. Senín, 1995: *Eduardo Pondal: Queixumes dos pinos e outros poemas,* Vigo: Galaxia, p. 68).

XII PREMIO DE ENSAIO "MANUEL MURGUÍA"

# CALLAICI PRINCIPES:
# OS SOBERANOS DA GALIZA CASTREXA

MARTÍN FERNÁNDEZ CALO

Deputación
DA CORUÑA

A rigorosidade e a claridade expositiva fixeron que a obra de Martín Fernández Calo merecera o XII Premio de Ensaio Manuel Murguía da Deputación da Coruña. "Callaici principes. Os soberanos da Galiza castrexa" somérxenos na historia da Galiza antiga da que Fernández fai un brillante estudo baseado na interpretación do material da época, traballos previos doutros académicos e as súas propias premisas e conclusións.

Este monográfico da institución de *principes*, así o define o propio Fernández, describe o concepto de *principatus* e debulla os seus diferentes aspectos, dividindo a obra en diversos puntos. Nos apartados que inclúe trátanse aspectos coma a epigrafía principesca da Callaecia, a modo de introdución ás teorías que agora mesmo están postas sobre a mesa, ou os *principes* tras os seus epitafios, que explica a realidade social que agocha o apartado previamente mencionado. Con esta obra, Fernández reivindica a Galiza antiga como suxeito historiográfico en si mesmo, recollendo deste xeito parte da nosa historia.

A través do Premio Manuel Murguía, a Deputación recoñeceu xa un total de 12 obras que deron difusión e dignificaron a historia e a cultura de Galicia. É un pracer darlle continuidade a este certame, que nesta ocasión contribuirá ao traballo deste historiador, centrado na organización político-administrativa de Galicia na antigüidade, que continuará a seguir esclarecendo a historia dos nosos antepasados.

Valentín González Formoso
*Presidente da Deputación da Coruña*

Cada vez que nos adentramos nestes mundos escuros, que son o tránsito da prehistoria á historia antiga, aboian as intrigas e as curiosidades sobre a nosa propia historia e a do noso territorio, mais son con ensaios coma este sobre os príncipes da Gallaecia os que van dando luz a tanto descoñecemento e van conformando, pouco a pouco, eses eslabóns que precisamos coñecer para sermos nós mesmos.

Iso mesmo é o que pretendemos desde o departamento de Cultura da Deputación da Coruña e por iso creamos premios coma o Manuel Murguía co obxectivo de que os estudosos, de calquera das ramas do coñecemento, podan desenvolver traballos que alumen un pouco máis cada un deses ámbitos que nos fan enorgullecernos do que fomos e do que somos.

*Callaici Principes* supón un grande aporte ao coñecemento da nosa historia prerromana pois da luz a uns tempos moi escuros cos que só se conta coa epigrafía como fonte ademais da interpretación que podamos facer das fontes literarias clásicas.

Sen dúbida que estas dúas ramas do coñecemento máis a arqueoloxía, farán que o descoñecemento que temos desta e doutras etapas sexa cada vez menor e estamos orgullosos de que o XXII Premio Manuel Murguía da Deputación da Coruña contribúa a achegarnos luz.

Damos os parabéns ao autor Fernández Calo non só polo seu estudo que agora se premia mais tamén polo seu rigor, metodoloxía e bo facer agardando que no futuro siga a desenvolver traballos tan serios e solidez científica coma o que teño a honra de limiar.

Déixovos xa con este traballo que mostra e demostra a xerarquía da nosa sociedade prerromana da man dos *magistrati, legati ou príncipes* que tanta importancia tiveron no contacto co invasor romano.

Xurxo Couto Rodríguez
*Deputado de Cultura da Deputación da Coruña*

# ÍNDICE


Introdución ........ 17

1. A epigrafía principesca da *Callaecia* ........ 23
   1.1. O sepulcro dos príncipes de Lugo ........ 23
   1.2. Contributo da estela dos *milites* de Lugo ........ 30
   1.3. Hipótese de lectura ........ 31
   1.4. A estela da Veiga ........ 32
   1.5. Algunhas interpretacións iconográficas ........ 36

2. Historia das investigacións ........ 41
   2.1. Primeira etapa ........ 42
   2.2. Segunda etapa ........ 46
   2.3. Terceira etapa ........ 53
   2.4. J. F. Rodríguez Neila e o *principatus ciuitatis* ........ 55
   2.5. O *principatus gentis* e a matización do modelo civil ........ 57
   2.6. O *principatus* en clave colaboracionista ........ 60
   2.7. A teoría escultórica ........ 65
   2.8. M. V. García Quintela e a culminación do *Celtic revival* ........ 67
   2.9. Arqueoloxía e Antropoloxía do novo milenio ........ 72
   2.10. Balance dun século de investigación ........ 76

3. O *principatus* como concepto ........ 79
   3.1. A semellanza mútua dos *principes* ........ 80
   3.2. O *principatus* na súa historia léxica ........ 82
   3.3. A veciñanza do *principatus* ........ 91
   3.4. O *principatus* no seu contexto institucional ........ 98
   3.5. A singularidade do *principatus* ........ 101

4. Os *principes* tras os seus epitafios ........ 103
   4.1. Dimensión institucional ........ 104
   4.2. Proxección local ........ 107
   4.3. Ascendencia indíxena ........ 108
   4.4. Exercicio exclusivo ........ 110
   4.5. Sucesión dinástica e vitalicia ........ 114
   4.6. As nosas consecuencias ........ 115

5. A patria dos *principes* ........ 119
   5.1. Os cóporos ........ 120
   5.2. Os albións ........ 127
   5.3. Unha definición identitaria ........ 134
   5.4. Unha definición estrutural ........ 137
   5.5. Os castella *Cariaca* e **Circinum* ........ 139
   5.6. Comunidades castrexas do norte da *Callaecia* ........ 142

6. O *principatus gentis* no Imperio Romano .................... 143
6.1. O *principatus gentis* africano .................... 145
6.2. *Principes* e *reges socii* celtas… e non tan celtas .................... 150
6.3. *Principes* do Oriente latino .................... 154
6.4. Os *stratēgoí* tracios .................... 158
6.5. Xefaturas rurais do Oriente grego .................... 160
6.6. *Principatus* e *regnum socium* .................... 164
6.7. *Principes gentis* e *principes* galaicos .................... 167
7. Realezas na encrucillada da Historia .................... 171
7.1. Unha proposta tipolóxica .................... 174
7.2. Monarquías agregativas .................... 175
7.3. Realezas locais .................... 181
7.4. A realeza grega .................... 186
7.5. Realezas itálicas .................... 190
7.6. Realezas célticas .................... 193
7.7. Realezas hispanas .................... 197
7.8. A realeza fenicia .................... 202
7.9. Xefatura e realeza, Estado e república .................... 206
8. A era dos *principes* .................... 213
8.1. O contexto dos adicantes .................... 214
8.2. O contexto dos adicados .................... 217
8.3. Deica un panorama arqueolóxico do *principatus* .................... 220
9. O *princeps* e os seus atributos .................... 225
9.1. O *princeps* e as armas .................... 227
9.2. O *princeps* adobiado .................... 236
9.3. O *princeps* no seu trono .................... 246
9.4. O *princeps* e o seu séquito .................... 254
9.5. O *princeps* como soberano excepcional .................... 261
9.6. O *principatus* como institución soberana castrexa .................... 264
10. O *principatus* na historia constitucional galaica .................... 267
10.1. Deica unha interpretación etno-lingüística do *principatus* .................... 267
10.2. O *princeps* trifuncional .................... 271
10.3. A prehistoria do *principatus* .................... 274
10.4. O *principatus contre l'état* .................... 279
10.5. A república contra o *principatus* .................... 283
10.6. O destino dos *principes* .................... 286
Conclusión .................... 293
Abreviaturas bibliográficas .................... 299
Bibliografía .................... 303
Créditos de recursos dixitais .................... 333

# ÍNDICE DE FIGURAS

ESTAMPAS

1. Vista das epígrafes .... 25
2. Paralelos iconográficos para A Veiga .... 37
3. Máis epigrafía principesca .... 83
4. Castros galaicos .... 133
5. Legados de antigos soberanos .... 158
6. Monarcas da Antigüidade .... 160
7. Realezas antigas na pintura .... 182
8. Estatuas de guerreiros .... 229
9. Puñais de antenas .... 231
10. Torques de Xanceda .... 239
11. Bronces sacrificiais .... 242
12. Estatuas sedentes .... 247
13. Figura de Roriz .... 249
14. Paralelos escultóricos para Roriz .... 251
15. Paralelos iconográficos para Roriz .... 253
16. A Prehistoria do *principatus* .... 277
17. O destino dos *principes* .... 287

MAPAS

1. A patria dos *principes* .... 128
2. O *principatus gentis* no Imperio Romano .... 168
3. Realezas na encrucillada da Historia .... 173

TÁBOAS

1. Paralelos expresivos do *principatus* .... 85
2. Precedentes da conceptualización proposta .... 117
3. Esquema xeral das realezas locais estudadas .... 207
4. Xenealoxías principescas galaicas .... 218
5. Iconografía figurativa dos bronces sacrificiais castrexos .... 241
6. Mostras de ADN antigo da Prehistoria recente portuguesa .... 270
7. Esquema ideal da sociedade indoeuropea .... 274
8. Institucións pre-municipais galaicas .... 285

# INTRODUCIÓN

*Princeps* é un termo latino sobre o que xa se debruzaron os antigos gramáticos, na procura da súa orixe etimolóxica e do seu valor semántico primitivo. Seguindo o lexicón de R. Maltby[1], dende estas temperás achegas se postulou a súa orixe na mesma raíz ca «primeiro», cun complemento flexivo vencellado a «coller»: *princeps qui primum coepit*[2]. O *princeps* sería así "o que colle primeiro". Coma case todo o saber clásico, esta sinxela etimoloxía provén dunha complexa cadea de transmisión literaria: aparece no sumario que Paulo Diácono, monxe ítalo-lombardo do século VIII, fixo da epítome de Sexto Pompeio Festo, gramático galo-romano do II, quen asemade compilara a monumental *De verborum significatione* de Marco Verrio Flaco, cuxa obra, lamentabelmente perdida, floreceu no albor da Era cristiá, en tempo de Augusto e Tiberio. Non hai moitas fontes coas que avaliarmos a veracidade desta cadea de transmisión; pero resulta dende logo significativo que Casiodoro, funcionario do rei ostrogodo Teodorico o grande, e Isidoro de Sevilla, bispo hispano-visigodo, reproducisen *motu proprio* etimoloxías semellantes no século VII[3].

Os tratadistas antigos non se trabucaron con esta sospeita etimolóxica, mantida case con exactitude pola ciencia lingüística contemporánea. A partícula latina *-ceps* deriva efectivamente dunha forma proto-itálica **-kap-s*, "toma", e serviu para crear por sufixación un amplo elenco de substantivos. Entre eles, *princeps* significaría precisamente "primeiro, anterior, adiantado"[4].

Esta semántica orixinaria –e tan ineludibelmente vaga– do termo *princeps* vai verse notabelmente diversificada co tempo, ao servir aos antigos romanos, ao ritmo dos seus triunfos militares, da súa imparábel ascensión política e da complexización

---

1 R. Maltby, 1991, p. 495: «princeps, -cipis».

2 Paul., *Fest.*, 71.

3 Cassiod., *Psalm.*, II, 3; Isid., *Etym.*, IX, 3, 21.

4 M. de Vaan, 2008, p. 108: «-ceps, -cu/ipis»; cfr. *ibid.* pp. 488-489: «prior».

da súa sociedade, para designar novas realidades sociais extraordinariamente dispares, partindo sempre, abofé, daquel seu sentido primitivo; mais en definitiva desdebuxándoo. En latín clásico, o termo *princeps* adquire así unha semántica imprecisa e polisémica, se cadra acaída para as fins retóricas dos autores antigos e os gustos literarios dos seus lectores; mais do mesmo xeito, como oportunamente sintetiza L. Lamoine, fonte de incerteza para o estudoso contemporáneo:

> É grande a tentación [...] de lle dar o senso de «maxistratura». [Mais] o feito de que este substantivo sirva para cualificar ao emperador, que os autores antigos non sempre fixesen un uso rigoroso del e que, empregado en plural, teña un valor netamente xenérico, non permite atopar unha solución doada ao problema. [...] Salientemos, en fin, que *Princeps* pertence ademais ao *stock* de *cognomina* de orixe latina. [E] o feito de que se lle dea xeralmente a significación de «primoxénito» non é de grande axuda[5].

Se cadra neste punto teña estendido xa de máis os prolegómenos conceptuais do presente ensaio; mais coido que así se comprenderá tamén, con dabonda firmeza, a excepcional polisemia do termo latino *princeps*, canda a súa inextricábel complexidade e o estimulante interese histórico das súas inúmeras referencias documentais. Pois ben: na epigrafía latina máis temperá da antiga *Callaecia* testemuñamos tres *principes* indíxenas, cuxa indefinición, como vemos, nos sitúa perante un enigmático significado e un suxerente problema histórico.

Cómpre agora evitar adiantarmos cuestións que terán que ser tratadas e avaliadas polo miúdo ao longo deste ensaio; entre elas teorías doutros investigadores e as miñas propias premisas e resultados... Mais cómpre tamén salientarmos nesta introdución, como vindicación do obxecto de estudo e da súa transcendencia histórica, que o *principatus* galaico constitúe unha das primeiras referencias nativas dunha dignidade social diferenciada das que dispomos na Galiza; segundo moitos, e eu mesmo, asimilábel a unha institución ou dignidade socio-política. Por iso, pódese afirmar de primeiras que o *principatus* constitúe un nexo entre a cultura castrexa e a Romanidade. Mais de segundas, aplicando un lene afinamento a este aserto, debúxase unha realidade social mencionada nuns documentos que dende logo se adscriben á Romanidade, pero cuxo contido remite inexorabelmente á cultura castrexa. Estamos moi plausibelmente, xa que logo, perante a primeira institución coñecida da Galiza.

Mais non adiantemos acontecementos.

Abonde agora por escomezarmos polo máis evidente; polo que non é obxecto de controversia. De onde partimos, que non é pouco, é de que nunhas determinadas bisbarras do norte da *Callaecia*, se cadra recentemente conquistadas e dende logo inmersas nun contexto social e cultural fortemente «castrexo», escasamente asimiladas

---

5 L. Lamoine, 2009, pp. 68-69.

aínda pola flamante civilización imperial romana, tres certos persoeiros recibiron o título de *principes* das súas comunidades.

Que significa este título? Que realidade social se agocha detrás de tal solución terminolóxica?

A resposta non é doada.

De seu, unhas mencións epigráficas descontextualizadas de hai dous mil anos non poden remitir certezas incontrovertíbeis ao estudoso contemporáneo. De feito, o *principatus* galaico ten sido xa obxecto de múltiples investigacións, en xeral como suxeito máis colateral ou anecdótico do que protagonista, que teñen producido resultados ás veces tan dispares que semella abraiante que todas elas partan do mesmo e tan cativo rexistro documental. O certo é que nin sequera a identidade dun dos *principes*, no seu momento expresamente consignada na esgrevia pedra funeraria, pode ser reconstruída hoxe sobre seguro por mor da milenaria erosión do soporte epigráfico. E a dun segundo, tampouco, por mor da súa propia indefinición textual. Se ata isto, información intrínseca da documentación orixinal, se arreda da nosa comprensión obxectiva, canto máis non o fará a determinación, sempre parcial nas súas fontes e particularizada nas súas pescudas, da interpretación histórica do *principatus*?

Case obviando esta traba insuperábel, e nin máis nin menos do que se fixo xa tantas veces, o presente ensaio pretende achegar unha interpretación particular do *principatus* galaico. Mais, contra todas as investigacións que nos preceden, proponse aquí abordar este problema, por primeira vez, dende unha perspectiva monográfica. Unha monografía do *principatus* galaico –digámolo dunha vez–: iso é este presente ensaio. Tal perspectiva obrigaranos a desenvolver unha novidade máis concreta, e potencialmente construtiva, na investigación deste problema: a atención global e sistemática, e inclusiva coas achegas precedentes, de todos os cabos soltos que penden do noso obxecto de estudo. Obviamente, coma en toda investigación histórica, non poderemos ir aquí alén de onde permiten os datos positivos; e a nosa resultante interpretación particular non poderá saír doadamente do estrito ámbito da hipótese. Mais coido que non só o resultado, senón o vieiro para acadalo, pode ter un valor intrínseco: a Ciencia non é senón un camiño. Cada capítulo, que se consagrará a un aspecto determinado do *principatus*, tentará superar precisamente as eivas da investigación precedente; de xeito que, embora as nosas proposicións derivadas desta tarefa poidan ter, en cada chanzo do seu desenvolvemento, unha dimensión máis ou menos subxectiva, o seu valor analítico suporá unha achega positiva para a comprensión histórica do problema, que, agardo, sirva para consensuar premisas e unificar perspectivas; ou, eventualmente, afinalas no transcurso de futuras investigacións.

Procurei desenvolver neste libro un fío discursivo continuo que dese coherencia interna aos moi diversos e afastados aspectos que o *principatus* nos obrigará a tratar, xa dabondo arredados uns dos outros por mor das súas dispares temáticas. O tránsito entre cada capítulo virá así motivado polos resultados dos anteriores e tentará, fundamentalmente, levar máis aló as súas pescudas. Os capítulos, dez en total, terán de calquera xeito, irremediabelmente, unha forte individualidade interna, consagrados cada un deles a cuestións moi específicas que tentarei conciliar a través dun constante esforzo de síntese.

Toda investigación histórica debería de partir da avaliación das fontes dispoñíbeis e dos seus antecedentes historiográficos. Moitos estudos resolven habitualmente esta tarefa na propia introdución, ou non a atenden en absoluto. Así ten acontecido case sempre, lamentabelmente, co noso *principatus*. Porén, no presente ensaio, dado o seu carácter monográfico, fontes e historiografía resultan simplemente ineludíbeis e serán atendidas en cadanseu capítulo: “A epigrafía principesca da *Callaecia*” (§1) e “Historia das investigacións” (§2). Ambos os enunciados condensan a documentación primaria na que se baseará o noso estudo e as investigacións que o preceden, e disto partirán precisamente as nosas pescudas. Estes capítulos pretenden ser, xa que logo, un compendio do que hoxe se sabe ou se discute arredor do *principatus*, o que se tentará superar, en boa medida, grazas á vantaxe da perspectiva holística aberta con este exercicio preliminar.

Mais entre os achados do noso esforzado exame historiográfico, destacará unha inercia presente en boa parte dos estudos que nos preceden, e que protagonizará o fío condutor das nosas primeiras pescudas orixinais. Esta inercia historiográfica é a irreflexiva desatención da propia entidade do suxeito de estudo, o *principatus* galaico, verbo ao que a xeneralidade dos estudos ten partido do mero apriorismo para postular a súa relación ou non con outras moi diversas mencións documentais, análogas e mesmo completamente dispares, de dentro e fóra da *Callaecia*. Nesta eiva repousa boa parte da fragmentación historiográfica que hoxe afecta ao *principatus*, pois sobre premisas dispares caben interpretacións contraditorias. Por iso adicarei un capítulo específico, “O *principatus* como concepto” (§3), a avaliar a coherencia interna e o grao de singularidade da nosa documentación como primeiro chanzo de toda a nosa investigación particular. Tratarase así de superar tal indefinición, propoñendo a análise singularizada da epigrafía principesca da *Callaecia* como paso previo a pescudar os seus paralelos externos.

Esta tarefa terá lugar no seguinte capítulo, “Os *principes* tras os seus epitafios” (§4), no que me ocuparei por fin expresamente da realidade social que agocha a nosa epigrafía principesca, servíndome para isto en exclusiva da información intrinsecamente consignada por ela, co gallo de afastar a posibilidade de que preconceitos de-

rivados de paralelos externos non xustificados contaminen a nosa interpretación. Isto revelaranos o que realmente houbo detrás do noso obxecto de estudo, do que derivará, por fin, unha interpreación social unívoca –a nosa particular– para o *principatus* galaico. Os seus paralelos externos, os que nos permitirán afinar a significancia do *principatus* na propia *Callaecia*, emerxerán así como resultado non do apriorismo, senón da análise intrínseca da propia documentación. Porén, a debida calibración de tales paralelos requerirá aínda de determinarmos o contexto local no que se incardinou o *principatus* galaico. Por iso, sen saírmos aínda do estrito ámbito da análise epigráfica, detereime entón na fulcral información xurídica e xeográfica que se mestura na nosa documentación, enxergando así "A patria dos *principes*" (§5), a estrutura xurisdicional, social e organizativa da que formou parte o *principatus*.

Isto permitirá reducir os paralelos externos do noso suxeito de estudo a realidades históricas que compartiron non só a mesma función, senón tamén unha infraestrutura social análoga. Pasarase así daquela a incardinar cunha vocación global, referente á xeneralidade dos ámbitos europeo e circunmediterráneo antigos, os aspectos que os capítulos previos enxergaran do noso *principatus*. Non é posíbel agora eludirmos a identificación preliminar dos nosos futuros resultados, pois estes capítulos vincúlanse necesariamente a eles e os enuncian expresamente nos seus propios títulos: "O *principatus gentis* no Imperio Romano" (§6) e as "Realezas na encrucillada da Historia" (§7).

Contextualizada así a nosa caracterización particular na súa máis ampla dimensión xeo-histórica, abrirase por fin a porta a apreixar o significado substantivo do *principatus*, o verdadeiro cerne da nosa investigación. Con este obxectivo, voltando por última vez ao máis estrito ámbito da análise epigráfica, tentarei discernir a datación non da nosa epigrafía principesca, senón da vida dos persoeiros que esta testemuña, para perfeccionarmos a estimación cronolóxica da súa biografía e determinarmos así cál foi realmente "A era dos *principes*" da *Callaecia* (§8). Deste xeito, nos dous últimos capítulos, "O *princeps* e os seus atributos" (§9) e "O *principatus* na historia constitucional galaica" (§10), encetarei por fin a difusa cuestión do exercicio institucional do *principatus* na súa sociedade histórica e a súa propia biografía como institución.

Os resultados acadados, a prol da vocación de síntese que enchoupa cada un dos capítulos, serán finalmente expostos con claridade na "Conclusión" que pecha este libro, na que tentarei achegar unha interpretación definitiva, unívoca e coherente do *principatus*… Mais onde tamén suxerirei certas incógnitas que, adiantándoo agora non con decepción senón cun completo optimismo, certifican que este tema ficará lonxe de verse esgotado co contributo que pretende constituír o presente ensaio.

# 1. A EPIGRAFÍA PRINCIPESCA DA *CALLAECIA*

Como toda investigación histórica, cómpre que esta parta do exame crítico das súas fontes. Non semella moi desafiante esta tarefa, pois o testemuño do *principatus* galaico se limita a dous documentos epigráficos, cuxas indefinicións, con todo, complican toda tentativa de análise. Estes documentos son dúas inscricións funerarias achadas indistintamente no norte da antiga *Callaecia*, mais esparexidas entre as actuais Galiza e Asturias: o sepulcro dos príncipes de Lugo e a estela da Veiga. Propoño, pois, atendermos neste primeiro capítulo á biografía destes documentos, ás súas circunstancias particulares, aos seus problemas de lectura e ás posibilidades existentes para a súa interpretación. Tamén cumprirá detérmonos, en concreto, nun paralelo epigráfico do sepulcro de Lugo e nos motivos iconográficos da estela da Veiga. De calquera xeito, o obxecto fundamental do presente capítulo redúcese á crítica textual: fornecermos cadansúa transcrición epigráfica e tradución, que non serán todo o unívocas que quixeramos, mais si a base positiva que necesariamente alicerzará todas as nosas pescudas ulteriores.

Neste capítulo, meramente expositivo, no que me limitarei a enunciar dúas lecturas epigráficas e a atender diversos aspectos secundarios sobre os que cumprirá voltar máis adiante, non se incluirá un apartado recapitulatorio. A confrontación de ambos os documentos efectuarase, de feito, nun vindeiro capítulo, orientado precisamente á avaliación da coherencia interna do *principatus* galaico, ao que remito para valoracións de carácter conclusivo (§3, 1).

### 1.1. O sepulcro dos príncipes de Lugo

O primeiro documento é o sepulcro «dos príncipes» de Lugo[1], unha grande praca rectangular de granito que identifica dous defuntos como *principes* (est. 1A). Non

1 *CIL* II, 2585 = *AE* 1946, 122 = *IRG* II, 50 = *IRPLu*, 34 = *ERPLu,* 73.

importa aquí unha exposición detallada da biografía do documento, ben compendiada nos *corpora* epigráficos nos que se rexistra e no artigo que lle adicou no seu día o recentemente falecido N. Ares Vázquez[2]: abonde con sinalarmos que foi atopada en 1777 ao pé da muralla de Lugo, entre a Porta Falsa e a de San Pedro, de onde pasou a un domicilio privado ata a súa adquisición polo Museo Provincial de Lugo, onde se conserva hoxe. A caligrafía é de boa calidade, asimilábel á capital cadrada latina; e máis de fonda gravura, o que indica que o seu texto podería ter sido regravado nalgunha ocasión. A epígrafe non aporta de seu elementos de xuízo decisivos para a súa datación exacta; mais a caligrafía, as fórmulas funerarias, o sistema castrexo de *origo* e a onomástica indíxena que presenta apuntan ao século I d.C., e se cadra máis á súa primeira metade do que a segunda[3]. Porén, lamentabelmente, a erosión que incidiu sobre todos os seus bordos, e nomeadamente os laterais, impiden unha lectura completa do seu campo epigráfico orixinal.

Eludindo polo de agora este problema, o texto efectivamente conservado é o seguinte:

[- - -] [I]VS · VEROB[-]I · F · PRINC[E] [- - -]
[- - -] · CIT · Ͻ CIRCINE · AN · LX[- - -]
[- - -] Ͻ · VECI · F · PRINCEPS · CC[- - -]
[- - -] · H · S · SVNT · HEREDES · SIB[- - -]
F · C

Esta transcrición comporta, xa de seu, notábeis indefinicións. Nomeadamente, a saber:

1.º– a calificación dos defuntos;

2º.– a súa onomástica;

3.º– as fórmulas epigráficas borradas;

4.º– a secuencia CIT.

Pasemos revista a estes problemas. Verbo á calificación dos defuntos, E. Hübner, un dos primeiros e máis grandesepigrafistas que se enfrontaron a este texto, lería a terceira liña tal como aparentemente se conserva: *princeps CC*, "príncipe ducenario"[4], xa se entendere por isto o seu rango salarial ou o número de homes ao cargo, suxerindo unha analoxía xeral cos *principes* lexionarios –de feito, no contexto militar romano do século I d.C., *centuriones principes*– e concretamente cos men-

2 N. Ares Vázquez, 1992, p. 60.

3 Arredor da datación, véxase, alén dos *corpora* antes citados, M. D. Dopico Caínzos & J. Santos Yanguas, 2017, p. 715.

4 *CIL* II, 2585.




Estampa 1. Vista das epígrafes
Debuxo dos dous documentos que protagonizan o noso estudo: sepulcro dos príncipes de Lugo (A) e lápida da Veiga (B). A partires, respectivamente, das fotografías de *IRPLu* e *ERAs*.

cionados nunha estela dacia[5]. Varias edicións posteriores manterían esta que pode ser etiquetada como a «lectura militar» da epígrafe[6]. Porén, case un século despois, unha espelida filóloga, Mª. L. Albertos, había de revisar as secuencias CIT e CC ao abeiro da táboa de Castromao, daquela recentemente descuberta, onde se enuncia, como localización e parte implicada dun pacto de patrocinio, *Coelerni ex Hispania citeriore conuentus Bracari*[7]. Mª. Lourdes Albertos concibiu así o borrado parcial da segunda grafía da epígrafe de Lugo, co que se corrixiría o aparente *princeps CC* por un *princeps Co*[- - -], coidándoo unha alusión, precisamente, á *ciuitas* bracarense dos *Coelerni*[8]. Porén, apenas uns anos despois, e reparando no contexto lucense da estela, F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy corrixirían pola súa banda esta lectura por unha máis probábel alusión aos *Copori*[9], asentados na contorna do propio Lugo (cfr. §5, 1). Obteriamos así un *princeps Co*[*pororum*].

A analoxía do único outro *princeps* testemuñado epigraficamente na *Callaecia*, o *princeps Albionum* do que axiña nos ocuparemos (§1, 4), confirma a «lectura étnica» da estela como a solución obxectiva ao problema. Con todo, a concreción dos *Copori* fronte aos *Coelerni* apenas pode refrendarse máis ca pola meirande veciñanza daquela comunidade; o que certamente non constitúe un argumento de xuízo decisivo. Non contamos con información onomástica no territorio étnico –non lugués– dos *Copori*, nin dende logo no dos *Coelerni*, que nos permita asociar os antropónimos dos *principes* de Lugo a uns usos onomásticos locais que eventualmente corroborasen algunha das dúas opcións. Temos, porén, vencellados ao nome do primeiro *princeps* o teónimo Verora testemuñado nun altar votivo de Lugo[10], ao que se xunguen outras dúas inscricións potencialmente asimilábeis á mesma divindade[11]. Pola súa banda, na veciñanza dos *Coelerni*, en Bande, probabelmente territorio dos *Quarquerni*, achouse a lápida dun certo *Adronus Ueroti*[12]. Ambos os paralelos poderían terse como argumentos a prol dunha ou doutra lectura; mais ao meu ver debúxase especialmente significativa a relación onomástica co culto lucense a Verora. En efecto, a proximidade de Lugo, tanto do lugar de enterramento dos *principes* como do culto desta divindade coa que poderían estar relacionados por onomástica e devoción, apoia sen dúbida a «lectura cópora», non indefectíbel, mais si dende logo idónea a xulgar canda menos polo cativo volume de información dispoñíbel.

5 *CIL* III, 830 = 7631; véxase G. Cupcea, 2012, p. 387.
6 *HAE*, 307; *IRG* II, 50; *ILER*, 6393.
7 *AE* 1972, 282.
8 M. L. Albertos Firmat, 1975, p. 32; *id.*, 1977, p. 23.
9 *IRPLu*, 34.
10 *CIL* II, 2576 = *IRG* II, 13 = *IRPLu*, 12.
11 *CIL* II, 2577 = *IRG* II, 14 = *IRPLu* 11; *CIL* II, 2578 = *IRG* II, 16 = *IRPLu*, 13.
12 *CIL* II 2519 = *IRG* IV, 131 = *AF*, 381.

Podemos pasar así, xa, á segunda cuestión antes enunciada, e á que precisamente nos viñamos referindo agora: a onomástica. Verbo ao antropónimo do primeiro defunto, borrado parcialmente pola erosión lateral esquerda do documento, devén fundamental a súa temática funeraria; amais do seu encargo, segundo consigna o mesmo corpo epigráfico, por parte duns *heredes*, "herdeiros", *a priori* indistintamente dos dous defuntos, o que confirmaría o seu parentesco. No primeiro caso, ao comezo da senlla primeira ringleira, E. Hübner coidou ler *-fus*, propoñendo unha reconstrución hipotética completa duns *tria nomina* tipo [*C. Iulius Ru*]*fus Uerobli*[13]. Porén, a terminación *-ius* imponse pola filiación do segundo defunto, como fundamentou por primeira vez A. D'Ors, a prol da lectura *Aecius*[14]. Mais o que temos realmente é un *Ueci f*(*ilius*), coas grafías V e E inscritas en ligatura[15]. Dado o xa aludido parentesco entrambos os defuntos, o primeiro deles non podería lerse doutro xeito máis ca [*Uec*]*ius*, como consignan decididamente as edicións máis recentes do documento[16]. Emporiso, aínda máis recentemente, A. Rodríguez Fernández ten oposto que esta reconstrución "non é algo que o estado actual da inscrición permita supór"[17]… Afirmación ao meu ver gratuíta: simplemente, a adicación do sepulcro por uns herdeiros comúns evidencia o parentesco mútuo dos *principes*; e a plausíbel correspondencia onomástica observada refrenda que tal parentesco sexa o paterno-filial. Non vexo motivos, xa que logo, para modificarmos a lectura estándar [*Uec*]*ius*. O que si cumpriría matizar é que a filiación VECI F estaría ou ben expresada nun latín deficiente ou ben abreviada, pois en calquera caso cumpriría lela *Ueci*(*i*) *f*(*ilius*). Finalmente, verbo á filiación do primeiro *princeps*, unha lectura aparente, reproducida por todas as edicións da epígrafe, é *Uerobli f*(*ilius*). Con todo, N. Ares Vázquez propuxo a forma *Uerobei*, xenitivo de *Uerobeus*, por ser a partícula *-eus*, se se admite a súa equivalencia con *-ius*, moito máis común no léxico indoeuropeo paleo-hispánico[18]. A onomástica completa do primeiro defunto sería, en suma, *Uecius Uerobei*, decididamente indíxena.

Para o segundo defunto, pola contra, a indefinición resulta insuperábel. A primeira grafía aparente da terceira ringleira é Ↄ, cuxa equivalencia epigráfica ordinaria, *centuria*, tería inducido no seu tempo a «lectura militar» de E. Hübner[19]. Porén, cómpre entendermos mellor o borrado parcial dunha grafía orixinal O, que constituiría a terminación do *nomen* do segundo defunto. Este tema en *-o* restrinxiría no-

---

13 *CIL* II, 2585.

14 A. D'Ors, 1944, p. 124; *HAE*, 307; *IRG* II, 50; *ILER*, 6393.

15 Cfr. *IRPLu*, 34; M. L. Albertos Firmat, 1975, p. 32; N. Ares Vázquez, 1992, pp. 62-63.

16 *IRPLu*, 34; *ERPLu,* 73.

17 A. Rodríguez Fernández, 2018, p. 372.

18 N. Ares Vázquez, 1992, pp. 65-66.

19 *CIL* II, 2585.

tabelmente as posibilidades onomásticas, que con todo son numerosas: en concreto, (*Reg*)*o*, (*Caele*)*o* e (*Uecc*)*o* son as principais lecturas que se teñen ofrecido[20]. Porén, outra volta N. Ares Vázquez[21] forneceunos unha escolma máis exhaustiva, baseada na epigrafía latina hispana: *Acco*, *Allo*, *Anio*, *Arco*, *Arro*, *Caeno*, *Nero*, *Silo*. Como se observa, o horizonte de posibilidades é moi amplo; e contra o se cadra excesivo reducionismo das edicións anteriores, reborda o ámbito estrito da onomástica paleo-hispánica, pois desta volta o antropónimo tamén podería ser latino.

Porén, o desgaste da lápida non só afectou aos seus caracteres máis senlleiros, senón tamén á súa expresión final, sen dúbida formularia. Temos, en primeiro lugar, a evidencia dun desgaste equivalente sobre ambos os bordos, por se amosaren perfectamente centradas as grafías F · C da última ringleira[22]. Neste senso, F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy estimaron a perda duns vinte centímetros en cada bordo lateral a partires da súa reconstrución da cuarta ringleira, dada por boa en varias edicións posteriores[23]: *sib*[*i et suis*], "para si e para os seus". Con todo, N. Ares Vázquez denunciou, con razón, que esta fórmula presuporía unha extensión excesiva en comparación coas ausencias aparentemente máis cativas do bordo esquerdo da epígrafe[24]. Canda menos no caso da porción esquerda da primeira ringleira –a única que se pode reconstruír con certeza–, a ausencia [*Uec*]*ius* amósase significativamente máis modesta cá hipotética *sib*[*i et suis*] da porción dereita da cuarta. Por esta razón, o devandito estudoso forneceu outras posibilidades baseadas nunha única grafía, R ou M, encadrelándoas coa fórmula da última ringleira: *sib*[*i r*(*equietorium*)] | *f*(*aciendum*) *c*(*urauerunt*), ou ben *sib*[*i m*(*onumentum*)] | *f*(*aciendum*) *c*(*urauerunt*), "para eles, mandaron facer o sepulcro" ou "o monumento", sendo máis probábel, por máis frecuente, esta última. Coido, de calquera xeito, que esta lectura precisaría, canda menos, dun determinativo *hoc* ou a súa abreviatura *h*(*oc*) co que concertar a referencia ao monumento funerario. Semellante corrección achegaría, certamente, a súa extensión á das ausencias coñecidas, segundo se vén de indicar. Emporiso, do mesmo xeito que esta lectura asume unha abreviación, o mesmo podería ser aducido para a proposta anterior: *sib*[*i et s*(*uis*)].

En suma, as lecturas posíbeis para a porción borrada da cuarta ringleira, dentro dos límites da hipotética lonxitude orixinal da estela e do propio sentido do seu campo epigráfico, serían as seguintes: *sib*[*i et s*(*uis*)], corrixindo a proposta de F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy; ou ben *sib*[*i h*(*oc*) *m*(*onumentum*)], corrixindo a de N. Ares Vázquez.

---

20 M. L. Albertos Firmat, 1975, p. 32; *IRPLu*, 34.

21 N. Ares Vázquez, 1992, p. 69.

22 Cfr. *IRPLu*, 34; N. Ares Vázquez, 1992, p. 66.

23 *IRPLu*, 34; *ERPLu*, 73; cfr. N. Ares Vázquez, 1992, pp. 63-65.

24 N. Ares Vázquez, 1992, p. 69.

Pasando por fin á última cuestión antes enunciada, na segunda ringleira atópase a mención CIT, presumíbel remate doutra fórmula epigráfica. Mª. L. Albertos, quen como xa se avanzou soubo ver o paralelismo da táboa de Castromao, denotou tamén neste caso outro paralelo textual claro: *Coelerni ex Hispania citeriore*, "os celernos da provincia *Hispania citerior*"[25]. Hoxe é posíbel complementarmos a súa sospeita cun segundo exemplo próximo extraído da chamada *tabula Lougeiorum*[26]. Este documento, cun notábel interese para a historia administrativa da Galiza romana, importa aquí pola fórmula empregada para a incardinación administrativa da *ciuitas* dos *Lougei*: *ex gente Asturum conuentus Arae Augustae*, "do pobo dos ástures, do *conuentus* da ara augusta". Estas táboas dos *Coelerni* e dos *Lougei* consignan, xa que logo, circunscricións romanas para precisaren a ubicación administrativa de entidades políticas indíxenas responsábeis de actos de carácter oficial, vencellados concretamente ao exército e á administración imperiais. Lonxe está destes exemplos, certamente, o sepulcro dos príncipes, que con todo ha de procurar neles a interpretación da mención CIT, abreviatura de *cit*(*erior*). Cómpre salientarmos que en todos estes casos, como suxeriu Mª. L. Albertos, a concreción administrativa serviría para incardinar a *ciuitas*.

No sepulcro dos príncipes, a identificación desta *ciuitas* cos *Coelerni* semella, como se aludiu antes, errónea, sendo preferíbel a dos *Copori*. Con todo, a corrección proposta por F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy, e repetida dende aquela, resulta parcial neste caso, pois obvia a mención da propia *ciuitas*: *prince*[*ps… ex Hisp*(*ania*)] *cit*(*eriore*), "*princeps…* da *Hispania citerior*"[27]. Ao abeiro da solución preconizada por Mª. L. Albertos, definitivamente cómpre incluírmos na reconstrución epigráfica a mención da devandita *ciuitas*, circunstancia que motiva a concreción administrativa nos paralelos documentais antes fornecidos: *prince*[*ps Copororum ex Hisp*(*ania*)] *cit*(*eriore*), "*princeps* dos cóporos, da *Hispania citerior*". Obviamente, non existe un argumento inequívoco a prol pertenza de ambos os *principes* á mesma *ciuitas*; mais o seu parentesco, e moi especialmente a ausencia da mención de *origo* no segundo –se cadra por se sobreentender na mención do primeiro–, favorecen claramente tal solución, cuestión sobre a que por certo cumprirá voltar máis adiante (§8, 1). Porén, o que dende logo semella desbotábel é a reprodución completa do etnónimo, que excedería o espazo potencialmente perdido. Cumpriría pensar, daquela, na súa abreviación? Tamén para isto é posíbel fornecermos un paralelo claro, que precisa agora, con todo, dunha atención individualizada.

25 M. L. Albertos Firmat, 1975, p. 32, aludindo a *AE* 1972, 282.

26 *AE* 1984, 553.

27 *IRPLu*, 34; N. Ares Vázquez, 1992, p. 65; *ERPLu*, 73.

## 1.2. Contributo da estela dos *milites* de Lugo

Como tan ben sinalou N. Ares Vázquez[28], resultan moi significativos algúns paralelismos que presenta co sepulcro dos príncipes de Lugo a enigmática, e hoxe perdida, estela dos *milites* da mesma cidade, que nos evoca non só o mesmo contexto histórico e xeográfico, senón tamén o mesmo tema funerario[29]:

| | |
|---|---|
| VECIVS CL[- - - | M |
| VTAMIP · COI | A |
| - - -]IDIELVIBRI | E |
| VERO POMV | T |
| VECI P · MIL | A |
| CORTIS TERT | R |
| IA LVCES MIL | I |
| ITAVIT AIINI | V |

É este, como se observa, un documento de moi difícil lectura, circunstancia exacerbada ademais por terse perdido e conservarse unicamente nesta trascrición a todas luces defectuosa. Semella admisíbel, con todo, a corrección preliminar da grafía P da segunda e quinta ringleiras por F, co que obteriamos a dobre mención onomástica *Clutami f*(*ilius*) e *Ueci f*(*ilius*); amais da mención *aiini*, que cumpriría corrixir por *anni*[*s*], "anos". De calquera xeito, o notábel interese deste documento para a historia militar da *Callaecia*, ao implicar potencialmente un precocísimo testemuño da *cohors Lucensis*, corpo militar logo constatado no Baixo Imperio[30], ten cominado unha corrección máis exhaustiva, evidentemente hipotética pero en liñas xerais satisfactoria: *Uecius Cl*|*utami f*(*ilius*) *Co*|[- - -]*idieluibri* | *Uerobliu*(*s*) *Ueci f*(*ilius*) *mil*(*es*) | *co*(*ho*)*rtis tert*|*ia*(*e*) *Luce*(*n*)*s*(*ium*) *mil*|*itauit anni*[*s* - - -] || *maetariu*[31]. O que, eludindo polo de agora as mencións CO, IDIELVIBRI e MAETARIV, querería dicir algo así como "Vecio, fillo de Clutamo…; Veroblio, fillo de Vecio, soldado da terceira cohorte dos lucenses, serviu durante… anos…".

Alén doutros moitos aspectos, esta lectura corrixiría a mención *Ueropomu* da trascrición primitiva por *Ueroblius*, obviamente inspirada na onomástica presente no propio sepulcro dos príncipes. Do mesmo xeito, resulta inevitábel formularmos a conveniencia dunha segunda corrección a prol da forma *Uerobeus*, á luz da proposta, xa tratada, de N. Ares Vázquez (§1, 1).

---

28 N. Ares Vázquez, 1992, p. 70.

29 *CIL* II, 2584 = *IRG* II, 82 = *ILER*, 6401 = *IRPLu*, 25 = *ERPLu*, 109.

30 *Not. dign. occ.*, XLII, 29; véxase A. García y Bellido, 1961, p. 144.

31 P. Le Roux, 1982, pp. 336-339; N. V. Santos Yanguas, 1988, p. 245.

Voltando a aspectos de máis directo interese para nós, xa F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy aludiran á onomástica desta inscrición como un dos argumentos a prol da identificación da *ciuitas Copororum* no sepulcro dos príncipes, pola inequívoca coincidencia do antropónimo Vecio, podendo así este pasar a se considerar, ademais, xenuíno da *Callaecia* setentrional[32]. Con todo, pesa aquí outro elemento dunha relevancia ben máis significativa a prol de tal asociación: a secuencia COI, transcrita na segunda ringleira e corrixida, ao meu ver inxustificadamente, por CO. Dentro do sistema galaico de *origo*, sobre o que voltaremos polo miúdo noutros capítulos (§§3, 3 e 5, 5), esta mención semella encaixar coa secuencia IDIELVIBRI da seguinte ringleira, que varios filólogos teñen asociado ao topónimo fragmentario dun *castellum* ou castro[33]. Por esta razón, a mención anterior tería que ser a abreviatura dun etnónimo que evidentemente encadrelaría coa «lectura étnica» dos *principes* de Lugo, ata o punto de ter pasado exactamente polas mesmas propostas de lectura.

En efecto, segundo E. Luján, COI podería abreviar unha alusión aos *Coelerni*[34]. Con todo, só a forma grega do etnónimo, *Koilernoí*[35], que obviamente non semella aplicábel nunha epígrafe latina, apoiaría dun xeito directo esta lectura. Semellante problema matízase pola posibilidade, dabondo contrastada noutras anomalías do campo epigráfico, dun erro na trascrición ou da deficiente conservación da estela nesta porción do seu lateral dereito. En efecto, a aparente grafía I podería ser resultado da conservación parcial dun E orixinal –en concreto, obviamente, do seu trazo vertical–, co que resultaría posíbel reconstruírmos un *Coe*(*lernus*) na súa ortografía ordinaria. Con todo, o mesmo argumento serve para albiscar unha grafía orixinal P, co que, en contrapartida, obteriamos outro *Cop*(*orus*)[36]. O contexto lugués deste documento e a súa interrelación co sepulcro dos príncipes da mesma localidade vén fortalecer a «lectura cópora» en ambos os casos; e, no que agora nos importa, a existencia dunha abreviatura COP tamén nesta segunda.

### 1.3. Hipótese de lectura

A hipótese da mención epigráfica COP na estela dos *milites* de Lugo como abreviatura do etnónimo *Cop*(*orus*) aporta o que coido un elemento de xuízo decisivo para a reconstrución do campo epigráfico perdido do sepulcro dos príncipes. A posibilidade de que neste caso as alusións epigráficas á *ciuitas Copororum* se resolvesen pola mesma abreviatura COP implicaría a redución da marxe existente para a interpretación do campo epigráfico perdido, coa que calibrar as restantes ausencias textuais.

---

32 *IRPLu*, 34; cfr. *ERPLu*, 109.

33 C. Búa Carballo, 2004, p. 383, n. 6; E. R. Luján Martínez, 2011, p. 226.

34 E. R. Luján Martínez, 2011, p. 226.

35 Ptol., *Geog.*, II, 6, 41.

36 Como atinadamente denotou, outra volta, N. Ares Vázquez, 1992, p. 70.

Así, se para o segundo *princeps*, fillo de Vecio, se concretou a dimensión étnica do seu título (*princeps Copororum*), para o primeiro, o propio Vecio, que se cita antes, con máis razón debería de se ter feito. Con certeza, a concreción do segundo non satisfai esta ausencia, pois aparece baixo a forma singular *princeps*, non a plural *principes* que podería concertar cos dous defuntos. Neste senso, a fórmula reconstruída para o primeiro polas edicións precedentes, *prince*[*ps ex Hisp*(*ania*)] *cit*(*eriore*), evidénciase insuficiente: os paralelos epigráficos suxiren, como se amosou, que a referencia provincial complementa a mención da *ciuitas*, non a do individuo implicado.

Analogamente a este problema, se para o primeiro *princeps*, Vecio, se indicou a súa idade de defunción, *an*(*norum*) *LX*[- - -], tamén para o segundo debería de se ter feito. E se, finalmente, se concretou a *origo* do primeiro *princeps*, tamén debería de acontecer así co segundo, o seu fillo. Con todo, a todas luces a *origo* deste puido coincidir coa do primeiro, e de ser así aquela puido eludirse no segundo por redundancia. Tal semella a solución idónea, toda vez que a marxe a cubrir non xustifica unha adición textual tan ampla. Por esta mesma razón –a redundancia dentro da premisa da común *origo* dos *principes*–, cómpre non repetir na reconstrución epigráfica nin a mención do *castellum* nin a fórmula *ex Hispania citeriore*, mais si o título completo *princeps Cop*(*ororum*), dato non tanto xeográfico como biográfico.

En vista a todo o exposto ata aquí, e valorando especialmente estas últimas consideracións, propoño en definitiva a seguinte lectura hipótetica da epígrafe:

[*Uec*]IVS VEROBEI F(*ilius*) PRINCE[*ps Cop*(*ororum*)
*ex Hisp*(*ania*)] CIT(*eriore*) Ɔ (*castello*) CIRCINE AN(*norum*) LX[- - - *et*
- - -]O VECI(*i*) F(*ilius*) PRINCEPS CO[*p*(*ororum*) *an*(*norum*)
- - -] H(*ic*) S(*iti*) SVNT HEREDES SIB[*i et s*(*uis*) /*i h*(*oc*) *m*(*onumentum*)]
F(*aciendum*) C(*urauerunt*)

O que viría a dicir algo así como "Vecio, fillo de Verobeo, *princeps* dos cóporos, da *Hispania citerior*, do castro **Circinum*, de sesenta (?) anos, e… (?), fillo de Vecio, *princeps* dos cóporos, de… (?) anos, xacen aquí: os seus herdeiros, para eles [«e os seus», ou ben «este monumento»] mandárono facer".

### 1.4. A estela da Veiga

O segundo documento que completa a epigrafía principesca da *Callaecia* é a «estela da Veiga»[37]: outra lápida, procedente da Pedreira (parroquia da Corredoira,

37 Oficialmente e en castelán, Vegadeo. En consideración á fala local desta bisbarra do occidente asturiano e da propia redación xeral do presente ensaio, con todo, empregarei ao longo do mesmo a forma galega do topónimo.

A Veiga, Asturias) e hoxe custodiada no Museo Arqueolóxico de Asturias, Oviedo (est. 1B). Coma no caso anterior, evitarei estenderme agora coa biografía deste documento, para o que abonda con sinalarmos que foi descuberto en 1933 e dado a coñecer dez anos despois por A. García y Bellido[38]. Das súas características externas, afástao do sepulcro de Lugo o seu soporte, lousa, e a súa forte disposición vertical. Está moito mellor conservado, apenas afectado pola fragmentación e restitución dun pequeno anaco do seu bordo superior esquerdo, o que afecta aos seus motivos iconográficos, como veremos (§1, 5), mais non ao seu campo epigráfico. Aquí, coma en Lugo, embora nunha caligrafía moito máis pobre, destaca simplemente a mención dun *princeps*.

Outra volta, a epígrafe non aporta elementos de xuízo a prol da súa datación unívoca. Alén da caligrafía ou da onomástica presente na inscrición, a fórmula funeraria parcialmente abreviada HIC S EST, que axiña se formalizaría xeralmente na epigrafía latina en HSE, preconiza a súa datación *ante quem* a mediado o século I d.C.[39]

O campo epigráfico non presenta grandes problemas de lectura: apenas a mención de *origo* pode ser obxecto dalgunha controversia. En efecto, Mª. L. Albertos coidou ler a secuencia CAVRIACA, co ditongo *-au-*, xa que logo, inscrito en ligatura[40]. Esta lectura é probabelmente a de meirande difusión, pero máis recentemente E. Luján ten chamado a restaurar unha simple secuencia CARIACA[41]. Ao meu ver, a presenza do mesmo radical **kar-* en varios epítetos tópicos de certas divindades galaicas apoian a súa corrección[42].

Todo o resto da epígrafe, pola contra, resulta perfectamente recoñecíbel[43]:

NICER<br>
CLVTOSI<br>
Ↄ CARI<br>
ACA<br>
PRINCI<br>
PIS · AL<br>
BIONV<br>
M · AN(*norum*)<br>
LXXV<br>
HIC · S(*itus*) · EST

38 A. García y Bellido, 1943.
39 N. V. Santos Yanguas, 2013, p. 82.
40 M. L. Albertos Firmat, 1975, p. 32.
41 E. R. Luján Martínez, 2008, p. 74.
42 *AE* 1983, 561; *CIL* II, 5069.
43 *AE* 1946, 121 = *ERAs*, 14.

O texto constitúe, en fin, un exemplo case paradigmático de epigrafía funeraria galaica: "Nícer, (?) de Clutoso, do castro *Cariaca*, «do» (?) *princeps* dos *Albiones*, de setenta e cinco anos, xace aquí".

Porén, detrás de tal seguridade subxacen dúas incógnitas cun interese fulcral no presente estudo: a relación entre Nícer e Clutoso, e a identidade do *princeps*. Aparentemente, nunha epígrafe funeraria coma esta cumpriría pensar que *Clutosi* non expresaría senón a filiación do defunto, Nícer; e que *princeps Albionum* sería un título que este tería disfrutado en vida… Pero a solución non é tan doada.

En efecto, non contamos cunha evidencia textual unívoca para a asimilación do defunto, Nícer, ao devandito *princeps Albionum*. Neste epitafio, como é común, o defunto consígnase en caso nominativo (*Nicer*), e a súa aparente filiación en xenitivo (*Clutosi*), ao que *a priori* cumpriría sobreentender o engadido *filius*. Nomearíase, pois, a "Nícer, fillo de Clutoso". A continuación, seguindo os formalismos xerais da epigrafía galaica, aparece o signo Ɔ aludindo ao *castellum* ou castro de orixe do defunto: *Cariaca*. E finalmente, temos a mención principesca: *principis Albionum*, en xenitivo tanto o título *princeps*, en singular, coma o seu complemento *Albionum*, en plural. Segundo ten sinalado N. V. Santos Yanguas[44], esta anomalía sintáctica pode atopar dúas solucións dispares:

1ª.– o simple erro sintáctico, nun contexto de probábel coñemento superficial do latín entre os *Albiones*, de xeito que o *princeps* sería o defunto, malia non concertar con el no texto;

2ª.– a sintaxe concertada da mención *principis Albionum* co outro sintagma en xenitivo do documento, *Clutosi* (*filius*), de xeito que o *princeps Albionum* non sería o defunto conmemorado na estela, Nícer, senón o seu pai, Clutoso.

O devandito autor detén aquí o seu exame resolutorio. En rigor, con todo, cómpre engadirmos outras dúas solucións autorizadas pola redación e sintaxe do texto:

3ª.– o vencello da mención *principis Albionum* coa expresión anterior Ɔ (*castello*) *Cariaca*, de xeito que o *princeps Albionum* non sería nin Nícer nin Clutoso, senón unha figura anónima citada en representación ou ubicación da *origo* do defunto: "Nícer, [fillo] de Clutoso, do castro *Cariaca* do *princeps Albionum*";

4ª.– a concatenación de xenitivos, concertando a mención *principis Albionum* co propio antropónimo, de xeito que obteriamos, eludindo o resto do texto, a expresión "Nícer do *princeps Albionum*", facendo pois depender en certa maneira dun *princeps* anónimo ao defunto.

A práctica totalidade da historiografía asume a primeira opción e habitualmente nin se formula a segunda, que só superficialmente ten sido defendida por algúns

44 N. V. Santos Yanguas, 2013, p. 82.

autores, coma J. Mangas, D. Martino ou I. Sastre[45]… A terceira e a cuarta, pola súa banda, coido que non teñen sido valoradas nunca ata este intre. Sexa como for, a nivel sintáctico –ou anti-sintáctico, no primeiro caso que preconiza precisamente un erro– todas estas solucións son posíbeis, polo que apenas podemos atopar senón criterios negativos para avalialas.

En primeiro lugar, concibirmos a inexactitude do texto é un presuposto *ad hoc* que pretende matizar unha aparente anomalía textual. O principio de economía opon-se, xa que logo, a esta primeira e máis aceptada solución. Ademais, a presunción do carácter anómalo da mención en caso xenitivo *principis Albionum* non semella xustificábel toda vez que, como xa se avanzou con anterioridade, só hai constancia de tres *principes* galaicos en dúas epígrafes; sendo pois o universo estatístico moi cativo de máis como para determinarmos se a anomalía é a mención xenitiva, que consta obxectivamente nun dos dous documentos dispoñíbeis, ou a nominativa, que consta no outro. A segunda solución, pola súa banda, vese empecida pola presenza intercalada da *origo* entre *Nicer* e o hipotético xenitivo concertado *Clutosi*. Malia isto non conformar un atranco absoluto, certamente matiza tanto a claridade de redación como a propia coherencia da súa sintaxe.

As dúas últimas solucións antes enunciadas resultan máis transparentes a nivel sintáctico; e tamén ben máis suxestivas en termos sociais, ao implicaren que os *principes* posuirían, respectivamente, castros, "*Cariaca* do *princeps Albionum*"; ou individuos vinculados a algún tipo de dependencia persoal, "Nícer do *princeps Albionum*"… Mais todo isto difumínase pola imposibilidade de confrontación, pois en realidade semellantes lecturas supoñen cadanseu *hapax* no rexistro epigráfico rexional.

Verbo á concordancia entre as mencións do *princeps* e da *origo*, como xa aludiamos para a primeira lectura, o universo estatístico referente aos *principes* galaicos impide valorar obxectivamente se estes farían denotar a súa representación ou posesión de determinados castros, como acontecería coa lectura, sintacticamente posíbel, do "castro *Cariaca* do *princeps Albionum*". Mais o que si existe é un amplo *corpus* de castros galaicos documentados epigraficamente[46], dos que ningún deles, agás a aducida posibilidade deste *Cariaca*, denota tal representación ou pertenza a ningunha persoa particular. Isto diluiría, xa que logo, a verosimilitude desta lectura.

Por último, a cuarta solución, se cadra a máis suxestiva a nivel social, implica formularmos a relación de dependencia xurídica persoal que Nícer puidese ter co *princeps Albionum* para incluílo no seu epitafio. Dende logo, non estariamos peran-

45 J. Mangas Manjarrés & D. Martino García, 1997, p. 334; I. Sastre Prats, 1999, p. 243.

46 Véxanse as tentativas de catálogo realizadas ata hoxe: A. Tranoy, 1981, pp. 371-374; J. Untermann, 1993, pp. 376-377; R. Brañas Abad, 2004, pp. 197-199; E. R. Luján Martínez, pp. 227-228; A. Orejas Saco del Valle & M. Ruíz del Árbol Moro, 2010, pp. 1114-1121.

te unha relación servil, ou canda menos non unha común, pois o escravo romano, análogo neste caso a todo escravo antigo, perdía os seus vencellos familiares para entrar no grupo de dependencia xurídico-familiar do seu amo. Neste senso, cumpriría valorar outro tipo de dependencia persoal, non servil, como podería ser algunha institución galaica semellante a outras coetáneas coma o *comitatus*, a *deuotio* ou o *patronatus*. A inexistencia de paralelos inmediatos impide afondar polo de agora nesta lectura, que por outra banda tampouco resolve a razón da mención principesca no epitafio. Si cómpre engadir, de calquera xeito, que a mención patronímica *Nicer Clutosi* non inclúe a habitual grafía F que habería de se interpretar como *f(ilius)*. Isto podería favorecer a lectura dunha relación de dependencia, encadrelando xa que logo coa interpretación sintáctica da segunda opción enunciada: "Nícer, (seguidor, devoto, cliente… dependente?) de Clutoso, *princeps* dos albións".

En suma, malia a boa conservación e doada lectura da estela da Veiga, non é posíbel fornecerlle unha interpretación unívoca, xa que ningunha das opcións que se debuxan resulta por enteiro satisfactoria nin obxectivamente superior ás restantes. Se cadra futuras achegas atopen argumentos máis poderosos cós aquí observados, mais a postura que seguirei no presente ensaio é a de recoñecer simplemente a incerteza que arrodea á identidade do *princeps Albionum*, que ben puido ser o defunto Nícer, o seu pai Clutoso, ou ben ningún dos anteriores, comportando algún tipo de autoridade do *principatus* sobre castros ou ben sobre individuos dependentes. Particularmente, coido que a máis acaída é a segunda solución, que identifica o *princeps* con *Clutosus*, ao precisar de menos hipóteses previas cá primeira e comportar unha interpretación social ordinaria no contexto rexional galaico, fronte á excepcionalidade das dúas últimas. Porén, a incerteza obrigaranos a deixar aberta a cuestión da identidade do *princeps Albionum*, e a atender as implicacións potenciais das súas diversas posibilidades cando sexa preciso.

### 1.5. Algunhas interpretacións iconográficas

Alén da mención principesca, a estela da Veiga presenta outra singularidade que ten atraído unha certa atención historiográfica: a iconografía da súa cabeceira, excepcionalmente esquemática e xa que logo difícil de recoñecer e de interpretar.

O motivo principal, nunha gravura moi deficiente dentro dos estándares propios dos relevos epigráficos romanos, representa aparentemente "unha media lúa, sostida por unha especie de trípode"[47]. Como é ben sabido, a media lúa, símbolo da mansión dos mortos, constitúe un motivo iconográfico típico da arte funeraria romana, atopando, xa que logo, unha clara razón de ser nesta estela en concreto. Nesta liña, A. García y Bellido quixo confrontar a insólita reprodución deste motivo na

---

47 *ERAs*, p. 72.




Estampa 2. Paralelos iconográficos para A Veiga

Principais paralelos iconográficos da estela da Veiga citados no texto. Columna esquerda: escolma de estelas «oikomorfas» de Poza de la Sal, coa característica peana lunar (A-C); columna dereita: reprodución da cara A do celtíbero «bronce *reś*» (D) e miniatura medieval do rei Sancho II Garcés de Navarra (E). Segundo J. A. Abásolo Álvarez & *al.*, 1975 (A-C); F. Burillo Motoza, 1989-1990 (D); S. de Silva y Verástegui, 1984 (E).

Veiga coas enigmáticas estelas «oikomorfas» de Poza de la Sal, Castela e León, nas que a media lúa se apoia sobre unha especie de peana (est. 2A-C)[48]. O esquematismo da figura da Veiga impide confirmar dun xeito unívoco tales equivalencias; que de calquera xeito, dado o tema funerario do documento, semellan admisíbeis.

Contra esta interpretación canónica, A. Pena Graña ten oposto unha alternativa fortemente orixinal: para el, o motivo en cuestión sería un crismón, monograma que conxuga as letras gregas *chi* (X) e *rho* (P), representando unha invocación a Cristo. Para o devandito estudoso, isto adiaría a datación da estela da Veiga *post quem* á conversión de Constantino no século IV d.C.[49] Con todo, a curvatura dos brazos superiores da suposta grafía X, ou o reflexo do P, segundo se conciba a plasmación concreta do signo, semellan desbotar tal interpretación. Mais o seu principal atranco é de feito a fórmula funeraria *hic s*(*itus*) *est*, que como xa se apuntou recúa necesariamente a datación da epígrafe a unha época temperá (§1, 4). Levarmos a datación canónica alén do século I d.C. precisaría dunha fórmula HSE; mais adiala ata un contexto cristián precisaría, canda menos, dunha fórmula cristiá, coma *hic quiescit*. En definitiva, sendo difícil a lectura do crismón, en caso de admitila cumpriría pensar na súa gravura posterior á erección orixinal da estela, inmersa sen dúbida no contexto pagán do mesmo albor do século I d.C.

Finalmente, á esquerda do motivo principal, "como pendendo dunha liña que sinalase o horizonte, áchase un pequeno disco solar raiado"[50]. Certamente, o disco solar xunguido á media lúa favorecería unha interpretación netamente «astrolóxica», como soubo sinalar xa A. García y Bellido[51], e máis recentemente, con meirande detemento, N. V. Santos Yanguas:

> A devandita representación semella vencellarse ás figuracións propias dos cultos astrais tan arraigados entre as poboacións indíxenas do norte peninsular durante a Idade Antiga. […] Descoñecemos na actualidade se a parte superior dereita do monumento contería algún símbolo paralelo a este da parte esquerda por mor da súa fractura; en cuxo caso a complementación dos elementos astrais sería absoluta. […] Cómpre pór igualmente en relación tales figuras coas manifestacións propias dunha relixión de carácter naturalista[52].

A interpretación individualizada do disco solar, en troques, ten cominado unha solución ben distinta: segundo M. V. García Quintela, o mesmo motivo repetiríase no celtíbero «Bronce *reś*» e en varias miniaturas alto-medievais de reis navarros

---

48 A. García y Bellido, 1943, pp. 422-424. Cfr. J. A. Abásolo & *al.*, 1975.

49 A. Pena Graña, 2004a, p. 215.

50 *ERAs*, p. 72.

51 A. García y Bellido, 1943, pp. 422 ss.

52 N. V. Santos Yanguas, 2013, p. 84.

(est. 2D-E), o que para el denotaría un atributo simbólico da realeza celta[53]. Con todo, mesmo admitindo a suposta relación semántica entre os motivos solares de tan afastados testemuños, as suxerencias de M. V. García Quintela non semellan casar moi ben co contexto cultural e institucional no que se enmarcan os dous paralelos aducidos. En efecto, a realeza navarra gobernou sobre unha sociedade non só non celta, senón singularmente non indoeuropea; e o *bronce reś* foi expedido noutra netamente republicana (cfr. §§6, 2 e 7, 7). Neste senso, malia a partícula *-reś* conectar etimoloxicamente co vocabulario indoeuropeo da realeza, a interpretación estándar redúceo –e M. V. García Quintela concorda– a un simple elemento onomástico. Non faltan, con todo, interpretacións institucionalistas: así, L. Pérez Vilatela propuxo que o termo *ausareś* presente na inscrición denominase unha maxistratura republicana[54]. Coido que calquera das lecturas posíbeis presupón unha desemantización da realeza dabondo explícita como para desbotarmos decididamente a hipótese dunha semántica rexia á iconografía acompañante. Polo demais, persoalmente non teño ningunha dúbida de que o suposto motivo solar das miniaturas navarras se inspira máis nas aureolas dos santos cristiás do que en calquera antergo atributo pagán. En suma, pretender ver celtas ou realezas, respectivamente, nas representacións de reis navarros e no *bronce reś* reduce inexorabelmente a verosimilitude de toda interpretación iconográfica feita para a estela da Veiga á luz destes paralelos tan discutíbeis.

Por iso, coido que a interpretación astrolóxica resulta ben máis sinxela e tamén ben máis plausíbel, o que circunscribiría a iconografía da Veiga ao contexto funerario, e por extensión relixioso, do documento. O motivo solar como representación da realeza podería ter, con todo, fondas connotacións para a caracterización social do *principatus* galaico (cfr. §9)… En caso de ser, obviamente, o defunto Nícer o *princeps Albionum*; o que, segundo se expuxo, non semella estar tampouco nada claro (§1, 4).

---

53 M. V. García Quintela, 2002, pp. 38, 46 e 114; *id.*, 2006, pp.177-180.

54 L. Pérez Vilatela, 1996, p. 37.

# 2. HISTORIA DAS INVESTIGACIÓNS

Ata aquí tratouse o que en esencia se pode expor da epigrafía principesca da *Callaecia*, sen discriminar a posibilidade de que futuras achegas poidan perfeccionar ou corrixir as nosas consideracións; ou mesmo que novas descubertas incrementen felizmente tan cativo *corpus* documental. De calquera xeito, as dúas epígrafes hoxe efectivamente coñecidas conteñen de seu, como todo documento histórico, moita información e poden servir para múltiples propósitos historiográficos. Porén, como sería doado de prever, no noso caso concreto o interese inmediato destes documentos redúcese a mencionaren o título *princeps*. Isto non supón ningunha novidade: o mesmo sinalaban xa, verbo ao sepulcro dos príncipes de Lugo, F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy no seu fundamental catálogo epigráfico, malia ser a súa atención, obviamente, moito máis xeneralista do que a presente monografía: "o interese esencial desta inscrición reside na dobre mención do título *princeps*"[1].

Neste senso, a limitación do rexistro documental enfatiza a súa singularidade, o que estimulou, máis do que amornou, o interese que ten suscitado. Porén, isto produciu tamén outra tendencia xeral, desta volta obxectivamente negativa: a fragmentación historiográfica. En efecto, dende a publicación das epígrafes téñense producido xa múltiples achegas, que necesariamente xiraron sempre arredor do mesmo rexistro, tan cativo, mais case sempre en relación a estudos máis amplos, de carácter máis ou menos académico, a título máis ou menos anecdótico, encaixándoo mellor ou peor en determinados modelos teóricos; e en definitiva, sobre todo, sen atenderen apenas –e mesmo ignorando– as demais investigacións. Evidentemente, nun traballo monográfico coma o presente ningunha destas opcións supón unha alternativa aceptábel. Por esta razón, propoño sintetizar no presente capítulo a historia das investigacións, e xa que logo o estado da cuestión, arredor do *principatus* galaico.

1 *IRPLu*, p. 61.

As características intrínsecas deste tema cominan a súa subdivisión nun típico esquema tripartito –neste caso máis wölffliniano ca hegeliano– cunhas etapas marcadas, significativamente, por cadanseu fito epigráfico:

1ª.– xénese (1943-1979), entre a descuberta da estela da Veiga e a formalización definitiva do rexistro principesco da *Callaecia*, cando se produciron as primeiras interpretacións históricas específicas arredor do *principatus*;

2ª.– eclosión (1979-1997), marcada pola formalización definitiva do rexistro, coincidindo cun grande desenvolvemento da Arqueoloxía e as ciencias da Antigüidade galego-portuguesas, e unha consecuentemente meirande atención á caracterización social do *principatus*, inseríndoo definitivamente nunhas categorías teóricas semellantes ás que hoxe se manexan;

3ª.– diversificación (1997 en adiante), iniciada xa na etapa anterior pero reforzada deica o novo milenio, atopando como fito significativo a descuberta da estela cántabra de Valmartino, paralelizábel ás galaicas, e abranguendo unha proliferación sen precedentes dos estudos arredor do *principatus*… pero tamén o progresivo isolamento e contradición entre eles.

Verbo á última etapa enunciada, dadas as súas características intrínsecas, cumprirá no seu momento volver identificar diversas correntes, que serán analizadas en cadanseu apartado específico. Só logo desta exposición xeral poderemos encetar, nun último apartado, un ensaio de síntese que prepare o terreo para o desenvolvemento ulterior das nosas pescudas particulares.

### 2.1. Primeira etapa

A historiografía do *principatus* galaico, como tal, é máis recente do que se podería prever dun *corpus* cuxo compendio arrincou dende o século XVIII e foi divulgado a todo o mundo occidental grazas ao louvábel desempeño da Real Academia Prusiana de Ciencias, coa publicación da epígrafe dos príncipes de Lugo no seu *Corpus Inscriptionum Latinarum* a remates do XIX. Porén, como se lembrará (§ 1, 1), a lectura orixinal de E. Hübner identificaba uns *principes ducenarii*, figura de incerto significado mais en calquera caso allea á sociedade indíxena da *Callaecia*. Resulta ilustrativo disto que F. López Cuevillas e R. de Serpa Pinto, na súa adiantada investigación institucionalista publicada en 1934, non incluísen nel referencia ningunha ao sepulcro dos príncipes de Lugo, malia adicaren unha fulcral atención ás maxistraturas –a saber: *magistratus* e *senatores*– mencionadas na epigrafía latina máis temperá da *Callaecia*, e denominaren expresamente «príncipes» aos, para eles, membros da aristocracia indíxena[2].

2 F. López Cuevillas & R. de Serpa Pinto, 1933-1934, p. 292.

En efecto, só a identificación dun etnónimo como complemento ao título principesco na estela da Veiga, *princeps Albionum*, evidenciou a existencia dun *principatus* «étnico» na antiga *Callaecia*; mais isto non ocorreu, como se lembrará, ata 1943, grazas ao estudo e publicación destoutro documento por A. García y Bellido (§1, 4). O insigne arqueólogo, máis interesado na súa noticia da estela polo problema da filiación étnica dos albións do que pola interpretación social do *princeps*, limitouse daquela a definilo como "un xefe ou caudillo de tribo"[3]. Apenas uns anos despois, F. Rodríguez Adrados, nun seu orixinal estudo comparativo, inscribiría esta xefatura indíxena no sistema de subdivisión decimal que, no mesmo traballo, conxecturaba para os pobos indoeuropeos occidentais, para el expresado na *Callaecia* a través da *centuria*[4]. Coa súa xenérica alusión á «xefatura», estas primeiras achegas supoñen un claro precedente do que se cadra sexa o *tópos* de meirande predicamento de todos cantos redundan na figura do *principatus* galaico, segundo poderemos comprobar polo miúdo. Emporiso, nin A. García y Bellido nin F. Rodríguez Adrados van atopar ningunha continuidade. Coa excepción de A. D'Ors, sobre o que voltaremos axiña, o interese polo *principatus* galaico amorneceu nas décadas seguintes á descuberta da estela da Veiga. De feito, a súa edición na *Epigrafía Romana de Asturias* de F. Diego Santos, en 1959, evitaría a caracterización socio-histórica do *princeps* en cuestión[5].

Neste contexto de adormecemento da investigación autóctona, inscríbese a achega, apenas suxerencia, dun dos investigadores máis relevantes e, a un tempo, máis ignorados na historiografía do *principatus* galaico. En 1965, o historiador polaco T. Kotula, fito na investigación das antigas xefaturas indíxenas africanas e do seu proceso de romanización, auténtico teorizador dos conceptos *principatus gentis* e *principatus ciuitatis* que se revelarán de interese fulcral para nós, vai facer tamén unha tímida alusión ao noso *principatus*, que malia non atopar ningunha continuidade directa podemos considerar un verdadeiro fito historiográfico:

> O título *princeps gentis*, canda outros alusivos a dignidades tribais, [...] son típicos na epigrafía africana. Unha excepción sería, pois, a mención dun *prince*[*ps*] Ɔ que obra nunha inscrición española [a estela da Veiga], sempre que esta faga realmente referencia a un *princeps g*(*entis*)[6].

É certo que hoxe coñecemos moitos máis *principes gentis* fóra de África, e que a restitución *princeps g*(*entis*) aquí proposta para a estela da Veiga non pode ser admitida; mais a adscrición do *princeps Albionum* a un *principatus gentis*, non a nivel epigráfico senón sociolóxico, supón todo un precedente para achegas posteriores

3 A. García y Bellido, 1943, p. 425.
4 F. Rodríguez Adrados, 1948, pp. 131 ss.
5 *ERAs*, 14.
6 T. Kotula, 1965, p. 347, n. 1.

que volverán pronunciarse arredor deste mesmo concepto máis adiante (cfr. §2, 2 e, sobre todo, §2, 5).

Logo deste hiato da investigación, a década de 1970 vai ser marco dun notábel interese polo *principatus* por parte dalgúns novos investigadores galegos. Así, nun artigo que podemos equiparar á actualización do xa citado de F. López Cuevillas e R. de Serpa Pinto, M. C. García Martínez empregaba por fin, embora superficialmente, o testemuño epigráfico do *principatus* dentro dunha valoración global da organización socio-política da *Callaecia* castrexa, remitindo outra volta ao concepto de xefatura[7]. O mesmo repetirían pouco despois, tamén colateralmente, J. M. Vázquez Varela e F. Acuña Castroviejo nun seu artigo centrado na pervivencia cultural indíxena na Galiza romana[8]. Polas mesmas datas, tamén J. M. Blázquez se vai a referir ao *princeps Albionum* como proba de que baixo o dominio romano temperán "as formas políticas indíxenas pervivían"[9].

Porén, a achega máis relevante desta década veu da man de investigadores franceses: en 1974, R. Étienne, G. Fabre e uns P. Le Roux e A. Tranoy que escomezaban as súas investigacións arredor da Galiza romana, que axiña se demostrarían tan fructíferas, expuxeron conxuntamente unha ponencia arredor da romanización da península ibérica, na que entrou o *principatus* galaico[10]. Repetíase, outra volta, a súa asimilación xenérica a unha xefatura indíxena persistente na Romanidade temperá, mais avaliando por primeira vez a súa dimensión territorial. Coidaron oportuno os estudosos franceses identificaren aquí as entidades designadas na epigrafía galaico-romana temperá co signo Ↄ, hoxe interpretado xeralmente como *castellum* ou castro pero no seu tempo como *centuria* (cfr. §5, 5), para eles equiparábel a «clan». Os *principes* asimilaríanse así a xefes de clan, unidades de parentesco presuntamente constituíntes das comunidades étnicas locais. Esta lectura habería de atopar un amplo desenvolvemento posterior, sendo moi axiña recibida, especialmente, por J. C. Bermejo[11].

Coido relevante sinalarmos que esta recuperación para o *principatus* do concepto de xefatura na década de 1970 coincidiu cun contexto de intensa teorización arredor do mesmo. En efecto, daquela estaba aínda fresco, e en proceso de ser adoptado polos arqueólogos[12], o Neoevolucionismo, modelo antropolóxico no que a xefatura constituiría un estadio evolutivo universal do desenvolvemento humano, entre a tribo e o Estado. Do mesmo xeito, nesta década viu tamén a luz a *Societé contre*

7 M. C. García Martínez, 1972a.
8 J. M. Vázquez Varela & F. Acuña Castroviejo, 1976, p. 82.
9 J. M. Blázquez, 1978, p. 193.
10 R. Étienne & *al.*, 1976.
11 J. C. Bermejo Barrera, 1978, pp. 9 e 59.
12 Cfr. C. Renfrew, 1974.

*l'État* de P. Clastres, obra como veremos moi influínte –embora só máis recentemente– na investigación proto-histórica galega (§10, 4), e que tamén concretaría un concepto propio de xefatura (cfr. §7, 9). Sexa como for, a influencia desta teorización antropolóxica no noso caso particular semella máis léxica do que semántica, pois a «xefatura» será en xeral empregada como alusión xenérica ao carácter pre-estatal ou simplemente pre-romano do *principatus*, non como un modelo teórico determinado (cfr. §4, 6).

Na década de 1970 o *principatus* foi tamén incardinado por primeira vez canda outras mencións da epigrafía galaico-romana máis temperá, coma o título *magistratus*, entre o rexistro de posíbeis xefaturas pre-romanas, en consonancia con aquel pioneiro artigo de F. López Cuevillas e R. de Serpa Pinto. Isto mesmo atopamos nun traballo aparecido en 1976, consagrado á historia política galega nas súas meirandes implicacións cronolóxicas, cun louvábel e hoxe tristemente insólito tratamento da súa Protohistoria, por parte de X. R. Barreiro: "os *populi* [...] tiñan, ademais, o seu propio mecanismo de goberno, do que só sabemos a existencia de xefes, maxistrados, etcétera", citando os exemplos do *princeps* da Veiga e dos *magistratus* da *tabula Zoelarum* de Astorga[13].

Nestas circunstancias, o lector podería lexitimamente preguntarse ónde ficaba para estes investigadores da década de 1970 o sepulcro dos príncipes de Lugo. Mais obviamente aquí non subxace un despiste ou unha desatención xeneralizada, senón unha deficiencia incidente na propia investigación epigrafista. En efecto, novas reedicións do sepulcro dos príncipes de Lugo reproducirían o título primitivo asentado por E. Hübner, PRINCEPS CC, afastando así a posibilidade da súa confrontación directa coa estela da Veiga[14]. Apenas A. D'Ors, na fugaz primavera investigadora da década de 1940, se atrevera a casar ambos os documentos nesta lectura militar: no *principatus* galaico, tanto en Lugo coma na Veiga, non atopariamos tanto unha xefatura étnica como o "xefe dos soldados" das tribos en cuestión[15].

Fronte a esta interpretación isolada ou a máis común desatención do paralelismo entrambas as epígrafes principescas, o noso rexistro, tal como o coñecemos hoxe, só se completaría na década de 1970 da man de Mª. L. Albertos. A casualidade fixo coincidir o bicentenario da descuberta do sepulcro dos príncipes de Lugo coa carreira investigadora desta filóloga, quen tivo aquí, coma noutros tantos aspectos da investigación da Protohistoria e Antigüidade galaicas unha transcendencia inestimábel. Segundo xa se expuxo no anterior capítulo, Mª. L. Albertos limitouse a consignar, coma na Veiga, un etnónimo no título principesco de Lugo: *princeps Coeler-*

13 X. R. Barreiro Fernández, 1984 (1976), p. 98 e n. 13.

14 *HAE* 307; *IRG*, II, 50; *ILER* 6393.

15 A. D'Ors, 1944, p. 125.

*num*[16]. Esta lectura non duraría moito, xa que antes de rematar a década volvería ser corrixida. Variou daquela o etnónimo, mais non a clave étnica solidamente asentada por Mª. L. Albertos: en 1979 F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy propuxeron por fin a lectura *principes Copororum*[17], que axiña acadou un consenso completo entre os investigadores[18]. Os tres colegas abordaron asemade a caracterización social destas mencións principescas, na que conxugaron as lecturas que se fixeran ata a data; o que pode servirnos agora, en fin, como síntese da historiografía inicial arredor do *principatus*:

> Nós proporiamos albiscar, nos dous *principes* de Lugo, os xefes desta etnia: os *Copori* estaban probabelmente repartidos en moitas agrupacións e *Circinum* sería unha destas divisións que caracterizan o Noroeste. Así, Roma non só tería conservado as estruturas sociais preexistentes, senón tamén mantido no seu lugar aos xefes dos clans, que adoptaron para a súa función o vocabulario romano co prestixioso título de *princeps*[19].

Non resulta claro discernirmos se estes investigadores quixeron consignar a autoridade dos *principes* de Lugo sobre todo o pobo dos cóporos, ou ben só sobre a súa sub-unidade **Circinum*, pois como vemos citan ao respecto tanto «etnia» como «clan», e canda menos P. Le Roux e A. Tranoy viñan asumimdo previamente que esta segunda unidade equivalería a *centuria*… De calquera xeito, a súa postura, como veremos, resultaría variábel. Mais tal indefinición, así como culminou a interpretación epigráfica do sepulcro dos príncipes, tamén conxuga, polo que agora importa, a ambigua superficialidade que caracterizara a historiografía anterior a eles e toda esta primeira etapa historia das investigacións arredor do *principatus* galaico.

### 2.2. Segunda etapa

É a partires do recén referido estudo epigráfico de F. Arias, P. Le Roux e A. Tranoy cando verdadeiramente despunta a historiografía do *principatus* galaico. A casualidade, outra volta, quixo que a culminación de dous séculos de reunión dun rexistro documental e outro de investigación epigrafista coincidise cunha década, a de 1980, que habería de ver unha transcendental renovación da Arqueoloxía e as ciencias da Antigüidade en España e Portugal, canda a visión histórica arredor da antiga rexión, comprendida entre os dous estados contemporáneos, da *Callaecia*. Nun tempo no que se estaba a perfeccionar o coñecemento da sociedade que produciu a

---

16 M. L. Albertos Firmat, 1975, p. 32 e *id.*, 1977, p. 23.

17 *IRPLu*, pp. 60-61.

18 Apenas J. de Alarcão, 1995 (1988), p. 56, mantería a lectura de M. L. Albertos antes de se sumar á lectura canónica.

19 *IRPLu*, p. 61.

epigrafía principesca en cuestión, os *principes* nela consignados atoparían unha renovada atención e mesmo suscitarían un interese directo por parte dalgúns investigadores. Mais canda isto, abofé, tamén se comezaría a diversificar a súa interpretación.

No medio desta eclosión investigadora continuou o labor epigrafista. En 1982, F. Diego Santos reeditaba a súa *Epigrafía Romana de Asturias* facéndose eco da plena actualidade académica do seu tempo. O *princeps Albionum* era por fin contextualizado nun catálogo epigráfico co sepulcro dos príncipes de Lugo, canda outras mencións principescas da epigrafía latina hispana e africana; mais, outra volta, obviábase toda caracterización da realidade social que baixo tal título se agocharía[20].

Porén, a década ábrese realmente coa publicación da clásica e insuperada *Galice romaine* de A. Tranoy en 1981. Esta obra, que xunguiu a práctica totalidade das fontes dispoñíbeis no seu tempo e as historiou extensamente nun monumental esforzo de síntese, servindo aínda hoxe de referencia bibliográfica obrigada para o tema da Galiza romana, deixou con todo moi por detrás de tan sobranceiro resultado a cuestión do *principatus*. A decisiva e daquela recente corrección do rexistro principesco da *Callaecia*, debida por certo en parte ao propio A. Tranoy, apenas o motivou a perfeccionar a interpretación que asentara uns sete anos atrás naquela ponencia conxunta con R. Étienne, G. Fabre e P. Le Roux. Antes ben, matizouna, e dun xeito só colateral, ata o punto de que cumpra agora reconstruíla a través de dúas referencias curtas e isoladas dentro do seu longo libro: a saber, para A. Tranoy os *principes* seguían a seren unha permanencia indíxena admitida baixo dominio romano, mais non xa xefes de clan senón de familia. O debate historigráfico que daquela se estaba a abrir arredor do signo epigráfico Ɔ, reinterpretado como *castellum*, condicionou evidentemente este matiz (cfr. §5, 5). A. Tranoy, aínda reticente entón perante a nova perspectiva, suxeriu con todo o posíbel paralelismo entre os *principes* galaicos e un *princeps kastelli* que viña de publicarse en Dalmacia (cfr. §6, 3), o que lle serviu para suxerir que estes xefes de familia da *Callaecia* residirían nos castros[21].

A matización do tímido consenso previo está presente tamén na obra de G. Pereira, cuxa actividade investigadora despuntou precisamente nesta década, resultando clave para o recoñecemento histórico da Romanidade temperá da *Callaecia*, sobre todo polo seu papel fulcral na xa aludida reinterpretación do signo epigráfico Ɔ, que levou á caracterización do castro ou *castellum* galaico como institución socio-política. Neste contexto, G. Pereira participou en 1982 nun importante congreso celebrado en Compostela, onde varios especialistas trataron de poñeren en común as novas perspectivas que as súas investigacións estaban a abriren arredor da Galiza castrexa e romana. G. Pereira centrou a súa ponencia na organización socio-política

20 *ERAs*, pp. 72-73.

21 A. Tranoy, 1981, pp. 204 e 375.

dos pobos galaicos baixo o dominio romano temperán, e isto obrigouno a tratar a cuestión do *principatus*:

> *Princeps* quere dicir simplemente "o principal, o primeiro, o máis importante", e non podemos nin debemos de buscar unha tradución máis exacta. Sexa como for, este persoeiro ocupaba un cargo dirixente para todo o *populus* dos *Albiones*, e el mesmo era habitante dun dos seus *castella*. Había, xa que logo, un aparello organizativo por riba de cada un dos *castella*; un sistema de poder ou de representación política, sen que poidamos engadir nada máis. Inmediatamente xorde a dúbida de se este *princeps* existía xa antes da conquista, ou se, pola contra, é un típico home de palla posto polos romanos para facilitaren o control e o diálogo coas comunidades indíxenas vencidas. Mais o do *princeps* dos *Albiones* non é un caso isolado: coñecemos outros príncipes semellantes noutras rexións do Imperio, e como en tales casos tamén aquí cómpre pensar que se trata dunha maxistratura existente xa antes da chegada dos romanos, e aproveitada por estes co obxecto xa apuntado. Un *rex et legatus Augusti*, "rei e legado de Augusto", que coñecemos noutro lugar do Imperio é o caso máis claro e explícito: un xefe dun pobo indíxena é confirmado como tal polos romanos, pero agora será rei do seu pobo en virtude dun mandato ou delegación dos novos amos. Algo así houbo de ocorrer no noso caso[22].

Como se percibe, fronte a achegas previas, G. Pereira incardinou esta figura dentro do artellamento interno das comunidades galaico-romanas, asociándoa decididamente a unha autoridade sobre toda a comunidade etno-política –e non só sobre as súas sub-unidades ou *castella*– e á súa plena dependencia verbo ao poder romano, suxerindo, con todo, a súa ascendencia pre-romana.

A achega de G. Pereira enfatizaba por primeira vez o carácter administrativo do *principatus* e a súa vinculación ao aparello do goberno civil dos pobos galaicos, substraendo esta figura, xa que logo, do ámbito do parentesco. Tal resolución pode ser nidiamente incardinada dentro das tendencias coetáneas nos estudos humanísticos en xeral e as ciencias da Antigüidade en particular, que daquela estaban a desdebuxar a validez das vellas categorías evolucionistas da Antropoloxía política, ao tempo que ampliaban a noción de «Estado»[23]. Voltando xa ao *principatus*, uns anos despois esta mesma dimensión «civil» postulada por G. Pereira volvería ser evocada por J. Santos, quen asociaba o *princeps Albionum*, canda varios *magistratus* ástures, a senllos cargos de representación pública, responsábeis, canda menos, da legalización de pactos como evidenciarían as súas subscricións en *tesserae hospitalis*[24].

---

22 G. Pereira Menaut, 1983a, pp. 208-209.

23 Cfr., en Historia antiga, D. Roussel, 1976; en Antropoloxía, H. J. M. Claessen & P. Skalník, 1978; para a península ibérica, F. Beltrán Lloris, 1988.

24 J. Santos Yanguas, 1985, pp. 9-10.

Se cadra esporeado polas novas achegas, J. M. Blázquez vai afinar tamén por estas datas a súa interpretación do *principatus*. Recollendo por fin nas súas lecturas correctas ambas as epígrafes galaicas, vai inserilas nun contexto máis amplo: o *principatus gentis*, "xefes de tribos ou confederacións cuxa alianza buscaban os romanos"[25], fornecendo varios exemplos africanos e danubianos (cfr. §§6, 1 e 6, 3), amais dun celtíbero (§§4, 4 e 6, 2). Esta caracterización, que bebe esencialmente dos xa entón andados traballos de T. Kotula (cfr. §2, 1), será retomada só moi recentemente por outros autores (§2, 5).

Por outra banda, como sería doado de prever, o cuestionamento da incidencia xeográfica do *principatus* veu da man de investigadores portugueses. En Portugal estábase a producir daquela un esforzo de renovación académica análogo ao da Galiza, suxeito a uns obxectos de estudo esencialmente idénticos: a cultura castrexa e a *Callaecia* romana. Porén, a epigrafía galaico-romana do norte de Portugal, e de feito a de todo o que foi o *conuentus* bracarense, non subministrara daquela mención institucional ningunha asimilábel ás comunidades indíxenas antes da latinización xurídica: en realidade, non o fixo ata hoxe[26]. Nestas circunstancias, algúns investigadores portugueses que se interesaron pola organización socio-política dos pobos galaicos meridionais admitiron como propia a incidencia do *principatus* testemuñado no norte da *Callaecia*.

Neste senso, A. C. F. da Silva encargaríase de actualizar, na súa tese de doutoramento publicada en 1986, a teimosa visión dos *principes* como xefes de clan, a unha *Callaecia* na que se estaba a enxergar o *castellum* como elemento fulcral da súa organización socio-política. Non foi o único, xa que no mesmo ano J. C. Bermejo corrixía tamén por este vieiro as súas achegas anteriores[27]. Porén, deixarei por razón meramente de coherencia discursiva a este autor galego para máis adiante, por se vencellar en termos historiográficos a unha liña de investigación que había de ter un meirande desenvolvemento posterior (§2, 8), preferindo centrarme agora no caso do portugués. Escribía, neste senso, A. C. F. da Silva en 1986, precisamente a propósito do *castellum*:

> A arqueologia sugere-nos como chefe desta unidade organizativa uma figura militar como a que vemos representada em mais de duas dozenas de estátuas de guerreiros e que alguns documentos epigráficos galegos apelidam de *principes*, ainda que se não saiba se tais chefaturas eram hereditárias ou electivas e vitalícias ou provisórias e se ignorem outros aspectos destas subfracções, mas que teriam com certeza em consideração critérios hierarquizantes[28].

---

25 J. M. Blázquez Martínez, 1985, pp. 582-583.

26 Cfr. M. Fernández Calo, 2016a, p. 121.

27 J. C. Bermejo Barrera, 2005 (1986), pp. 111-112.

28 A. C. F. da Silva, 1986, p. 279.

Este texto non só representa a actualización do *principatus* ao novo paradigma do *castellum*, deixando, como se percibe, máis cabos soltos ca respostas; senón, moi especialmente, a primeira suxerencia[29] de teren as estatuas de guerreiros galaicos algunha correspondencia cos *principes* testemuñados epigraficamente. Esta «teoría escultórica», que A. C. F. da Silva formulaba como vemos case a título anecdótico en 1986, habería de atopar nas décadas seguintes un amplo eco da man doutros investigadores, arredor dos que voltaremos máis adiante (§2, 7). Un deles sería J. de Alarcão, quen en 1988 publicaba o seu *Domínio romano de Portugal*, onde encetou o seu primeiro achegamento ao *principatus* galaico, obviando aínda todo paralelismo coas estatuas de guerreiros, nunha interpretación particular que, por outra banda, non podería ser máis diferente á de A. C. F. da Silva. J. de Alarcão prefiguraba, pola contra, unha controversia que había de se materializar, tamén, só nas décadas seguintes:

> Admitamos, pois, como hipótese, que Augusto criou no Noroeste um tipo de organização político-administrativa *sui generis*, admitindo certa autogestão dos *populi* por meio de *principes* ou *magistri* sem ter tentado introduzir formas de governo de tipo municipal, excepto para os *Bracari*, que dotou de uma fundação urbana[30].

Atopamos no J. de Alarcão da década de 1980, pois, algúns *tópoi* xa daquela comúns na historiografía do *principatus*, como a súa igualación a outras manifestacións institucionais –neste caso os *magistri*–; pero tamén emerxe aquí, por primeira vez, unha interpretación en clave verdadeiramente «romanista», ao atribuír en última instancia ao goberno imperial a orixe do réxime organizativo da *Callaecia*, e dentro del, nomeadamente, a autoridade dos *principes*.

Opoñendo a esta «clave romana» outra decididamente vinculada ao *Celtic revival* do remate do milenio, chegada a década de 1990 agromará a obra dun dos autores máis controvertidos de cantos se teñen ocupado da *Callaecia* antiga: A. Pena Graña. Aínda contando con publicacións anteriores, a súa recepción pola comunidade académica sitúase sobre todo a partires de 1992, cando este estudoso participou nun importante coloquio de historia e arqueoloxía rexional, *Galicia da romanidade á xermanización*, cuxa temática encadrelaría excepcionalmente ben co eido da súa investigación[31]. Apoiándose no seu particular método comparativo, sobre todo deica o novo milenio –cando máis van proliferar os seus estudos[32]– A. Pena Graña converterase nun autor relativamente popular, embora deostado ou simplemente ignorado

29 Embora enmarcada nun contexto historiográfico xa conducente a valorar dun xeito análogo a influencia de elites semellantes na estatuaria: cfr., en xeral, F. Calo Lourido, 1994, p. 681; e en particular A. Tranoy, 1988.

30 J. de Alarcão, 1995 (1988), p. 56.

31 A. Pena Graña, 1993.

32 Nomeadamente, a súa tese de doutoramento: A. Pena Graña, 2004a.

dende o ámbito académico polo seu afastamento dos métodos e consensos xerais propios da Arqueoloxía e as ciencias da Antigüidade[33]. A súa achega máis relevante é a definición dun modelo xeral que presuntamente tería artellado a *Callaecia* pre-histórica, antiga e medieval, baseado na remanencia milenaria da estrutura organizativa da *treba*, suposto «territorio político celta». Neste contexto, en cada *treba* a función soberana indoeuropea expresaríase nas súas dúas clásicas facetas dumézilianas a través de cadanseu oficio socio-político: o dignatario relixioso, por unha banda, e o *princeps*, dirixente xurídico-militar que exercería o seu poder a través de institucións celtas de clientela, pola outra[34]. O modelo preconizado por A. Pena Graña daría ao *principatus* galaico a súa meirande amplietude, facéndoo extensivo non só de toda a *Callaecia*, senón tamén, máis significativamente, dun rango cronolóxico case atemporal. E tamén lle outorgaría unha caracterización social e institucional moito máis precisa do que calquera outra achega análoga; exceptuando, se cadra, outras tamén vencelladas a métodos comparativos (cfr. §2, 8). Con todo, coma toda a súa obra, a opinión de A. Pena Graña arredor do *principatus* non deixa de caer nalgunha contradición, pois noutros traballos máis recentes semella suxerir a súa equivalencia coa chamada *tanistry* gaélica: ou sexa, a dignidade do herdeiro agnaticio asociado ao trono, non a do rei que xa o ocupa[35].

Outra volta, a secuencia cronolóxica seguida neste apartado sitúanos perante unha forte oposición dialéctica entre achegas contiguas, agora entre unha das máis optimistas verbo á posibilidade de definir con exactitude o *principatus* e unha das máis pesimistas; e de feito, neste caso, decididamente escéptica verbo ás posibilidades do comparativismo céltico. En efecto, en 1993 sae a luz a popular *Cultura castrexa* de F. Calo Lourido, onde a devandita cuestión do *principatus* vai recibir unha atención anecdótica, e máis dirixida a salientar as incertezas do que a aventurarlle unha interpretación[36]. Como veremos, malia a –e probabelmente por mor de– a notábel proliferación de estudos e diversificación de posturas que o tema experimentará nos anos seguintes, F. Calo Lourido manterá o seu pesimismo verbo á posibilidade dunha comprensión obxectiva do *principatus* (§2, 10).

Por continuar as oposicións dialécticas, uns anos despois vai agromar outra achega vinculada ao mesmo *Celtic revival* ca A. Pena Graña, pero moito máis moderada en termos metodolóxicos; prefigurando neste caso a tendencia á teorización an-

---

33 Entre os autores que se teñen dignado a rebater os seus postulados, véxase F. Calo Lourido, 2010, pp. 212-213.

34 Esta é a idea xeral que pode desprenderse dos textos e infografías dispersos da súa tese de doutoramento: A. Pena Graña, 2004a; con algunha referencia directa á equivalencia entre *princeps* e rei: *ibid.*, p. 178.

35 Así, Pena Graña, 2007, p. 63. Na súa tese tamén se ocupara da *tanistry*, embora asociándoa erroneamente á dignidade do rei en oficio: cfr. *id.*, 2004a, pp. 233; 240; 248-249; 258; 266; 329; 342-343; 356; 397-398; 407-408; 422; 441; 451.

36 F. Calo Lourido, 1993, p. 179.

tropolóxica que habería de asumir axiña a Arqueoloxía galega: refírome, abofé, a R. Brañas e á súa hipótese do «clan cónico» como modelo social da *Callaecia* castrexa. Esta achega, sobre a que tamén voltaremos máis adiante (§2, 9), importa aquí polo que ao *principatus* respecta: a súa asimilación a xefaturas sobre liñaxes equivalentes á *ciuitas*, solapadas a outras menores equivalentes ao *castellum*[37].

Ao ano seguinte desta achega de R. Brañas atopamos o primeiro e, ao meu ver, mellor contributo de A. Rodríguez Colmenero arredor do *principatus*, desta volta non necesariamente contraditorio coas premisas da anterior, mais si oposto no método, baseado non nunha hipótese antropolóxica senón nun meirande empirismo epigrafista, cunha proposta arredor da organización socio-política castrexa. Para el, os *principes* galaicos, aos que engade outro suposto homólogo váceo (cfr. §3, 3), serían unha "interpretación latina da realidade indíxena", e certificarían a pervivencia da "organización xentilicia pre-romana", antes de seren suplantados por outras institucións máis avanzadas pero de semellantes atribucións, coma os *magistratus*[38]. Verbo á súa proxección xeográfica, A. Rodríguez Colmenero engadiría, dun xeito contundente, que os *principes* se situaban á cabeza "de *ciuitates*, [...] non de simples *castella*, como semella[ba] insinuar A. Tranoy"[39]; e mesmo albiscaba, a título de paralelización externa, algunha relación co *regnum socium*, concretamente coa dinastía Cotia dos Alpes (véxase §6, 2). Máis adiante, o mesmo autor destacarase como defensor da xa antes citada «teoría escultórica», que en 1996 aínda apenas suxería, e sobre a que voltaremos nun videiro apartado (§2, 7).

Tamén polas mesmas datas, J. Mangas había de desenvolver unha interpretación moi semellante a esta primeira de A. Rodríguez Colmenero:

> Nos pobos do norte, onde a cidade non tomara forma e prevalecían as formas de organización xentilicia baseadas en lazos de parentesco e veciñanza, faise mención a algunhas xefaturas co nome de *princeps*: abonde con lembrarmos ao *princeps Albionum*, "príncipe dos albións" sitos no extremo occidental de Asturias[40].

Neste texto, onde se empregan sen complexos os conceptos «xentilicio», «xefatura» e «parentesco» en oposición ás formas de vida urbanas, enxérgase certamente un resabio evolucionista, paradigma que, como se avanzou, tería sido tan debatido polos historiadores da Antigüidade dende a década de 1980[41]. Como vemos en J. Mangas pero tamén, ao seu xeito, en A. Rodríguez Colmenero e R. Brañas, no medio

---

37 R. Brañas Abad, 1995a, pp. 290 e 335-336.

38 A. Rodríguez Colmenero, 1996, p. 173-174.

39 *Ibid.*, p. 173, n. 270.

40 J. Mangas Manjarrés, 1996, p. 32.

41 Véxase arriba, neste mesmo apartado. Resulta especialmente ilustrativo desta controversia o debate rexistrado no "Coloquio" da conferencia publicada en M. C. González Rodríguez & J. Santos Yanguas (eds.), 1994, que incumbiu ao propio J. Mangas.

dunha diversificación de posturas sen precedentes, o *tópos* da xefatura voltaba con forza mediada a década de 1990… Mais unha e outra, diversificación de posturas e reafirmación da xefatura, serían só un precedente do que estaba por vir.

### 2.3. Terceira etapa

Logo desta eclosión de estudos arredor da *Callaecia* antiga nas décadas de 1980 e 1990, que dirixiron tamén o seu interese, dun xeito máis ou menos directo, ao *principatus*, ábrese unha nova e derradeira etapa cuxa entidade historiográfica se ve apoiada por varias razóns. Evidentemente, as delimitacións cronolóxicas, en historiografía coma en Historia, son sempre arbitrarias, pero o ano de 1997 destaca por ter aportado, ata hoxe, unha derradeira actualización certa do rexistro epigráfico do *principatus*; desta volta non na *Callaecia*, mais si moi preto dela. Ese ano J. Mangas e D. Martino deron a coñecer a estela de Valmartino, con mención dun *princeps Cantabrorum*, valorando ademais a posibilidade doutras mencións principescas hispanas en epígrafes de difícil lectura[42]. O documento foi axiña recibido cos brazos abertos, dun xeito se cadra excesivamente automático, polos interesados no *principatus* galaico, como evidencia dunha realidade social compartida ou equivalente entre galaicos e cántabros; cando non mesmo entre outras colectividades con moi diferentes manifestacións institucionais. De calquera xeito, o certo é que hoxe a estela de Valmartino resulta a todas luces ineludíbel en calquera achegamento ao *principatus* galaico, e polo que a este estudo respecta, ocupareime dela polo miúdo como paralelo externo da nosa epigrafía principesca (§3, 3).

A partires de 1997 refórzanse tamén unhas tendencias que xa se podían albiscar ben na etapa anterior: a proliferación de estudos e a fragmentación heurística entre eles. Isto comporta na presente historiografía unha consecuencia clara: a exposición en orde cronolóxica perde sentido, como xa comezaba a perdelo na anterior etapa, e cómpre encetar o asunto, mellor, clasificando as diferentes achegas nas ideas comúns ou *tópoi* que, conscientemente ou non, comparten entre elas.

Neste senso, entre os investigadores vencellados ao eido da Historia antiga e romana o *principatus* vai seguir basculando arredor das súas vellas premisas. Cómpre distinguir, esencialmente, a «lectura étnica» que manterá e perfeccionará o vello modelo da xefatura para a interpretación do *principatus*, da «civil», favorecida sobre todo pola achega de J. F. Rodríguez Neila, que oporá unha interpretación baseada no esquema organizativo da república antiga e a asimilación das mencións principescas galaicas á figura do *principatus ciuitatis*. De feito, esta culminación da interpretación civil do *principatus*, a través da súa influencia e derivación posterior, vainos permitir

42 J. Mangas Manjarrés & D. Martino García, 1997.

arrombar discursivamente boa parte das achegas historiográficas, pois algunhas das súas correccións posteriores van volver dirixirse, dun xeito máis ou menos patente, á vella perspectiva étnica da xefatura, nunca abandonada por completo, como vimos de amosar no apartado anterior. Por outra banda, da man de A. Rodríguez Colmenero e J. de Alarcão volverase sobre aquela hipótese formulada por primeira vez por A. C. F. da Silva, arredor da lectura iconográfica das esculturas de guerreiros dos grandes castros galaico-bracarenses como representacións de *principes*.

Esta etapa fica intimamente condicionada, tamén, polas tendencias xerais nas ciencias da Antigüidade, alleas ao *principatus*, que van perder boa parte dos seus consensos previos e a diversificaren as súas premisas e as súas liñas de investigación… e lamentabelmente tamén os seus resultados. No que á *Callaecia* se refire, isto resultará especialmente evidente no eido da Arqueoloxía, e sobre todo a partires do novo milenio, coa recuperación das perspectivas arredor do carácter belicoso e estratificado da sociedade castrexa pre-romana, case abandonadas pola investigación arqueolóxica das dúas décadas anteriores, tendo xerado a día de hoxe unha controversia académica sen visos de resolución. Obviamente, isto terá fortes repercusións na interpretación do *principatus*, embora a híper-especialización arqueolóxica dos investigadores vencellados a esta corrente motivará, en xeral, unha certa desatención da documentación escrita, da que a cotío non escapará a nosa epigrafía principesca. Non será ese o caso da outra grande corrente, esta xa desenvolvida con claridade ao longo da década de 1990, que se oporá agora aos consensos previos da Arqueoloxía e as ciencias da Antigüidade da *Callaecia*: o *Celtic revival*. Estoutra corrente, á que xa nos temos referido na etapa anterior, proliferará e diversificarase excepcionalmente deica o novo milenio; mais no que ao *principatus* respecta, culmina só cun influínte traballo de M. V. García Quintela, que merecerá pola nosa parte unha atención particularizada.

En fin, a situación que se debuxa nesta terceira etapa da nosa particular historia das investigacións motiva, segundo xa se advertiu, unha atención individualizada a cada un dos *tópoi* nos que poden ser clasificados as diferentes achegas. A saber:

1º.– J. F. Rodríguez Neila e o *principatus ciuitatis*;

2º.– o *principatus gentis* e a matización do modelo civil;

3º.– o *principatus* en clave colaboracionista;

4º.– a teoría escultórica;

5º.– M. V. García Quintela e a culminación do *Celtic revival*;

6º.– Arqueoloxía e Antropoloxía do novo milenio.

Vexamos, pois, o que cada *tópos* ten aportado á historiografía do *principatus*… en cadanseu apartado.

### 2.4. J. F. Rodríguez Neila e o *principatus ciuitatis*

Pódese afirmar que a remates da década de 1990 culmina a interpretación «civil» do *principatus*. Orixinada, como vimos, con G. Pereira, esta perspectiva vai chegar agora a se concretar nunha caracterización institucional moi definida da man de J. F. Rodríguez Neila, autor dun completo traballo de síntese arredor das elites civís pre-municipais hispano-romanas, xestado a mediados da década pero publicado en 1998, no que se ofrece unha nidia definición para os *principes* galaicos dentro do organigrama xenérico das *ciuitates* de estatuto non privilexiado:

> Amais dos *magistratus*, o *corpus* cesariano reflicte outra instancia do poder indíxena baixo o denominador *principes ciuitatum*. Na terminoloxía política romana, *princeps* é un título xenérico sen estrito sentido xurídico, indicativo de quen posúe [un] rango social elevado. Os autores latinos referíronse así aos notábeis locais, polo que neles podemos albiscar a quen, configurando o *senatus* de cada comunidade, gozaba nela da máxima autoridade. [...] Non só aparecen singularizados os *principes* das unidades étnicas da *Hispania* setentrional, coma o *princeps Albionum* dunha lápida da Veiga ou os dous *principes* doutra inscrición de Lugo, senón tamén os de *ciuitates stipendiariae* do sur coma *Urso*, ou os dalgunas *foederatae*, coma *Gades*, que controlarían o *senatus* local, cuxa existencia temos documentada no 56 a.C.[43]

Abofé, esta concepción bebe directamente da teoría política romana: a república mediterránea antiga, coñecida polos romanos como *ciuitas* pero presente noutras moitas culturas, artellábase idealmente –e de feito tal era a súa forma xeral– na triple presenza institucional dun *populus* ou corpo cidadán; un *senatus*, órgano representativo das elites sociais; e un número variábel de *magistratus*, cargos executivos temporais[44]. A lectura proposta por J. F. Rodríguez Neila pasa por incardinar neste organigrama institucional aos *principes*, denominación xenérica e polisémica; e, como ben se apunta no texto, sen unha definición xurídica concreta. O *principatus* galaico asociaríase así á membresía nos *senatus* locais. Desta proposta cómpre salientar, nomeadamente, a pretendida igualación entre as mencións literarias e epigráficas do termo *princeps*, e dos testemuños do mesmo entre comunidades urbanas e «unidades étnicas», conforme á súa propia expresión. Disto tamén deriva, certamente, o seu principal problema, segundo veremos axiña (§2, 5).

Tal lectura «civil» comporta, precisamente, a asimilación dos *principes* galaicos a *principes ciuitatis*, denominación xenérica, pero con transcendentais implicacións políticas, da elite local dunha *ciuitas*. Esta noción atopa hoxe unha influencia notábel sobre boa parte da comunidade académica, especialmente entre os investigadores

43 J. F. Rodríguez Neila, 1998, pp. 117-118.

44 *Ibid.*, pp. 111-112.

especializados no sector da Historia antiga e romana. É ilustrativo amosar cómo, sen afondar no concepto do *principatus ciuitatis*, a interpretación dos *principes* galaicos propugnada na recente tese de doutoramento de A. Rodríguez Fernández bebe expresamente da achega de J. F. Rodríguez Neila, levando ata o extremo a súa defensa do carácter máis social ca institucional desta figura, canda a súa equiparación á oligarquía local de comunidades, iso si, fortemente rurais[45]. Voltaremos sobre esta achega máis adiante, ao ser boa representante, aínda, doutro dos *tópoi* que temos identificado para esta terceira etapa (§2, 6). Tamén J. Santos, a quen viamos dentro da mesma perspectiva «civil» dende a década de 1980 (§2, 2), volvía reproducila nun traballo de 1999[46]. E nesta mesma liña, el canda Mª. D. Dopico, veñen de publicaren máis recentemente unha reflexión a propósito dos *principes* de Lugo que relativiza, nomeadamente, a súa excepcionalidade sobre a base das descubertas epigráficas e da súa lectura civil:

> Este título non é excepcional na epigrafía peninsular, xa que coñecemos outras inscricións que baixo esta mención latina fan referencia a elites das comunidades sen que isto implique ninguna precisión institucional. [...] A inscrición non puido ser datada con precisión, pero crese que sería temperá, da primeira metade do século I d.C., o que nos amosa a celeridade coa que as súas elites adoptan certas formas romanas. [...] O *princeps* que vivía nunha cidade de pleno urbanismo romano, con importantes sectores administrativos, arrédase con claridade do que habita o campo ao norte del *conuentus*. [...] Non sabemos cál sería o seu papel político, mais probabelmente houbo de ser relevante[47].

Desdebúxase aquí o carácter institucional dos *principes ciuitatis*, prístino en J. F. Rodríguez Neila, pasando a entenderse como a expresión de notábeis rurais trasladados a Lugo, onde poderían ter exercido ou non algún cargo público. Enxérgase, pois, unha disparidade implícita entre os *principes* rurais e urbanos, sen que se lles concrete nada máis cá meirande romanización dos segundos. Outra volta, unha caracterización do *principatus* galaico déixanos con máis preguntas ca respostas. Os autores non achegan, contra o interese específico do presente estudo e a propia achega de J. F. Rodríguez Neila, máis explícita nesta cuestión, ningunha caracterización institucional. Pero, sobre todo, asumindo a existencia de *principes* rurais, suscitan no lector unha dúbida: cumpriría entender estes, tamén, do mesmo xeito cós *principes* urbanos, baixo o paraugas interpretativo do *princeps ciuitatis*?... Máis adiante cumprirá voltar, irremediabelmente, sobre estas indefinicións (§§3, 1 e 8, 1).

45 A. Rodríguez Fernández, 2018, p. 372.

46 J. Santos Yanguas, 1999, p. 142.

47 M. D. Dopico Caínzos & J. Santos Yanguas, 2017, pp. 715-716.

## 2.5. O *principatus gentis* e a matización do modelo civil

Namentres o modelo de J. F. Rodríguez Neila gañaba forza entre os especialistas españois en Historia antiga e romana, no ano 2000 a Escola Francesa de Roma organizaba en Clermont-Ferrand un coloquio arredor das elites locais circunmediterráneas dos períodos romano e helenístico. Nel participou un dos clásicos desta historiografía, P. Le Roux, cunha ponencia referente, como sería previsíbel, ao noroeste hispánico. Trinta anos despois da súa primeira achega ao respecto (cfr. §2, 1), P. Le Roux víase na obriga de redefinir o *principatus* galaico, engandindo, desta volta, o testemuño cántabro ás súas consideracións:

> Pódese observar que os *principes* en cuestión son todos eles *principes gentium*, non disfrutando da cidadanía romana e sendo orixinarios de aglomeracións secundarias. [...] O contexto e a cronoloxía, o estatuto peregrino, a denominación sen outro título ou función, a *origo* dos tres *principes*, semellan indicar que estamos perante persoeiros que tentaron expresar unha superioridade social, o que non implica necesariamente ningunha función definida imposta por Roma. O mesmo termo *princeps* denota unha función de poder administrativo e político [...] dentro das *gentes* locais. Resulta, xa que logo, concibíbel que estes xefes tivesen un rol senlleiro, dotado dunha envexábel posición social, e que formasen parte dos representantes –ou dos máis importantes de entre eles– autorizados a se sentaren no consello da súa comunidade local, que serviu de intermediario coa administración romana e puido conservar prerrogativas en materia de dereito privado, xustiza ou relixión[48].

Apréciase aquí unha notábel corrección das achegas anteriores do autor: nomeadamente, a identificación do *castellum* como marca de *origo* dos *principes* galaicos e o aparente abandono do modelo de parentesco, o clan, ao que P. Le Roux se adscribira previamente, xa só suxerido polas evidentes connotacións do concepto étnico da *gens*. O texto aquí reproducido destaca por sintetizar con moita claridade os aspectos seguros e as incertezas arredor do *principatus*: algo, como fomos vendo nesta historiografía, moi pouco habitual na meirande parte das achegas ao respecto. Mais destaca sobre todo, dada a «perspectiva civil» que estaba daquela dominando a historiografía española, pola súa decidida alusión ao modelo teórico do *principatus gentis*; opoñendo, xa que logo, unha «perspectiva étnica» ao *principatus ciuitatis*. Recuperábase, así, case corenta anos despois, o mesmo concepto que xa T. Kotula postulara (cfr. §2, 1); o que, en fin, afastaría para P. Le Roux esta realidade social das elites civís propias das repúblicas antigas, tan extensamente tratadas no mesmo coloquio de Clermont-Ferrand. De calquera xeito, a referencia á membresía de consellos xentilicios achega claramente esta súa interpretación ao análogo aspecto «conciliar» do *principatus ciuitatis*.

48 P. Le Roux, 2003, p. 174.

Porén, o matiz étnico, aínda formulado aquí dun xeito difuso e superficial, e dende logo aberto, supón ao meu ver un fito decisivo na historiografía do noso *principatus*. A achega de P. Le Roux non atopará unha continuidade directa, pero si marcará unha certa inflexión historiográfica. En primeiro lugar, polas mesmas datas, Mª. C. González Rodríguez repetía a asimilación ao *principatus gentis* para os *principes* do noroeste hispánico[49]. Voltaremos sobre a súa achega máis adiante, por ter sinalado especialmente un aspecto específico, a colaboración co poder romano, que a vincula mellor a outro *tópos* historiográfico máis concreto (§2, 6). Por iso, coido significativo atendermos agora a outras achegas que, partindo da propia «perspectiva civil» preconizada por J. F. Rodríguez Neila, atoparán certos atrancos para a redución dos *principes* galaicos ao concepto de *principatus ciuitatis*, o que os conducirá, paralelamente, a unha interpretación semellante á de P. Le Roux que vimos de expor.

Neste senso, E. Ortiz de Urbina ten desenvolvido unha necesaria reflexión arredor do *principatus* galaico, documentado en dúas comunidades moi concretas que, para ela, poderían desbotar a súa caracterización «civil»:

> Os *Albiones* e os *Copori* [...] son mencionados por Plinio o vello e formarían parte dos dezaseis *populi ignobilium* que se adxudican a esta división intra-provincial, entre os que se estarían a desenvolver procesos organizativos conducentes á conformación de *ciuitates*, a expresión que emprega o naturalista latino ao se referir ás vintecatro comunidades políticas do limítrofe *conuentus Bracarum*[50].

A recusación semella simple e inapelábel: se os *populi* lucenses non eran *ciuitates*, de xeito que os seus *principes* non podían ser *principes ciuitatis*. E esta reflexión conduciría inmediatamente á mesma autora a formular o paralelismo do *princeps Cantabrorum*, tampouco correspondente a *ciuitas* ningunha:

> Trataríase, neste senso, dun *princeps gentis*, contemporáneo ás primeiras fases da dinámica de mudanzas políticas e culturais que se introducen a partires da pacificación augustea, así como dun notábel recoñecido entre os *Cantabri* e o poder romano. Este *princeps Cantabrorum*, e os dous documentados entre os grupos de poboación dos *Callaeci*, constitúen un preciso exemplo de cómo a administración romana tivo en conta a proxección das elites locais para o oportuno desenvolvemento das transformacións que implicaba a integración política das poboacións setentrionais, que presentaban sistemas organizativos dispares ao representado pola *ciuitas*[51].

Fronte ao dito, non resulta atinada a deducción dunha caracterización socio-política substancialmente diferente dos *populi* galaico-lucenses á *ciuitas* pola mención de Plinio o vello, quen emprega ambos os termos como sinónimos, segundo compro-

---

49 M. C. González Rodríguez, 2002, p. 313; *id.*, 2005, pp. 99-100.

50 E. Ortiz de Urbina Álava, 2013, pp. 293-294.

51 *Ibid.*, p. 294.

baremos noutro capítulo (§5, 3). Porén, aínda resultando os albións e os cóporos do século I d.C. asimilábeis sen reservas a *ciuitates* –se por isto entendemos entidades xuridicamente recoñecidas polo poder romano, que se autogobernaban e con cuxa administración interactuaban–, atina E. Ortiz de Urbina en suxerir que estas se arredaban da estrutura canónica da *ciuitas* romana, conforme describimos no anterior apartado (§2, 4). Por iso, si resulta de todo pertinente a súa recusación, para o *principatus* cántabro e galaico, do carácter civil do *princeps ciuitatis* –notábel urbano ou membro de *senatus*–, a prol da dimensión étnica do *princeps gentis*, notábel dunha comunidade etno-política recoñecido polo poder romano como o seu dirixente, co que interactuaba.

Tamén eu mesmo, nunha miña recente revisión das institucións pre-municipais da *Callaecia* na que seguín amplamente as premisas de J. F. Rodríguez Neila, teño desestimado a súa interpretación, e coincidido significativamente coa que vimos de amosar de E. Ortiz de Urbina, no caso concreto dos *principes* galaicos:

> A mesma voz *princeps* designou na epigrafía alto-imperial realidades sociais e institucionais moi diversas. Cómpre sinalar que na *Callaecia* o rexistro documental implicado documenta estas figuras singularizadamente. [...] O mesmo xenitivo plural apunta ao carácter étnico máis ca civil da institución, polo que ao meu ver o principal paralelo a considerar non é a figura do *princeps ciuitatis* senón a do *princeps gentis*, título común sobre todo na África romana, onde designou esencialmente os pequenos reis de comunidades rurais periféricas[52].

Nese mesmo traballo concluín que o *principatus* era a única institución, das constatadas no rexistro epigráfico do seu tempo na *Callaecia*, que non encaixaba no modelo teórico da *ciuitas* antiga, polo que se cadra o precedese. O *principatus* denotaría así a "remanencia dunha xefatura castrexa" no norte da *Callaecia*, fronte ao resto da rexión onde si se documentarían institucións civís de corte republicano[53]. Por suposto, voltarei máis adiante a cotío sobre esta miña achega, que non pretendo senón ampliar e perfeccionar ao longo do presente ensaio (§§3, 4; 4, 4; 10, 5). Mais o que agora importa dela é o seu encadramento historiográfico, que é o mesmo có xa tratado artigo de E. Ortiz de Urbina: logo da decisiva revisión J. F. Rodríguez Neila que culminou a interpretación «civil» do *principatus*, acadando unha ampla influencia, outras achegas desenvolvidas tras a súa estela viñeron rebatela; volvendo debuxar unha perspectiva decididamente «étnica» que recuperou mesmo, como vimos de comprobar expresamente no meu propio traballo, as arcaizantes alusións do modelo de xefatura.

---

52 M. Fernández Calo, 2016a, p. 118.
53 *Ibid.*, p. 120.

Mais non podemos rematar este apartado sen atendermos a un relevantísimo artigo, máis ou menos contemporáneo dos anteriores, asinado polos arqueólogos alemáns L. Blöck, J. Lauber e F. Tränkle, a propósito do desciframento dun *princeps Sueborum* na súa relectura dunha lápida xermano-romana (véxase §6, 2). Esta descuberta levaríaos a pescudaren un contexto epigráfico, o que solucionaron ao mellor estilo alemán: nada menos ca catalogando todos os documentos con mencións análogas de *principatus* indíxenas, no que ao meu ver constitúe a achega máis valiosa arredor deste asunto dende T. Kotula. Malia a superficialidade coa que, inevitabelmente, houberon de tratar cada un destes testemuños, tiveron tempo de clasificaren decididamente os exemplos galaicos dentro da categoría do *principatus gentis*; suxerindo con todo que, dado o particular contexto institucional da nosa rexión, os nosos *principes* terían exercido a súa dignidade social sobre o *castellum* máis do que sobre a *gens*[54].

Concluímos, pois, o noso repaso do *principatus gentis* aplicado aos *principes* galaicos cunha certa ambigüidade, tal como o comezamos; sen que isto desmereza esta corrente que é tamén, segundo parece, a única que ten procurado xustificarse ao abeiro dos paralelos epigráficos lonxe da veciñanza inmediata da *Callaecia*. Non por casualidade, e aínda mediando razóns decisivas por desenvolver (§§4, 4; 4, 6), sobre o *principatus gentis* voltaremos nun vindeiro capítulo, tratando precisamente de afondar nos paralelos epigráficos dos nosos *principes* (§7).

### 2.6. O *principatus* en clave colaboracionista

Unha perspectiva potencialmente complementaria ás que vimos de tratar, pero formulada dun xeito paralelo e a cotío oposto, é a que denominarei «colaboracionista», por pór o foco na influencia do poder romano na posición social dos *principes*. Como se lembrará, esta perspectiva pódese recuar ata G. Pereira, quen xa suxerira a faceta de «homes de palla» para os *principes* en tempo do dominio romano no que se testemuñan; pero axiña fora levada máis aló por J. de Alarcão, ao consideralos directamente cargos designados polo propio emperador para cadanseu *populus* (cfr. §2, 2). Tamén atopará un grande paralelismo coas achegas de M. V. García Quintela, quen, como veremos, a partires da década do 2000 comezará a valorar positiva e non negativamente a influencia romana sobre a posición social dos *principes* (cfr. §2, 8)… Mais, fronte a estas achegas, polas mesmas datas produciranse outras especificamente centradas na valoración do papel do *principatus* na administración romana.

Podemos comezar precisamente polo artigo de 1997 de J. Mangas e D. Martino; o mesmo no que se publicou o achado da estela de Valmartino, co que decidín

54 L. Blöck & *al.*, 2016, p. 504 para a cartografía; p. 507, nºs. 2-4 para o catálogo; p. 513, n. 72 para as consideracións arredor do *castellum*.

acotar esta terceira etapa historiográfica. No devandito artigo non só se deu noticia dun novo documento, senón que se avaliou extensamente, á luz do mesmo, o rol social do *principatus*, tamén do galaico. En concreto, J. Mangas e D. Martino denotaron a autoridade dos nosos *principes* sobre o nivel-*populus*, non meramente sobre o nivel-*castellum*, o que os obrigaría a se debruzaren arredor do emprego dun etnónimo xenérico, *Cantabri*, na estela de Valmartino, atopando como explicación o papel que o *princeps Cantabrorum* –e por extensión tamén os dous galaicos– terían xogado dentro da planificación xeo-estratéxica romana no norte hispánico:

> As razóns que tivo Roma para recoñecer a estes *principes* pódense atopar en dous feitos obxectivos. A un deles aludimos antes: a recompensa ás lealdades amosadas, pois houbo xefes indíxenas que se sumaron á causa romana e colaboraron con Roma durante as guerras ástur-cántabras. [...] Unha segunda razón pódese atopar cando se analizan as condicións xeográficas do territorio. Compréndese ben o valor que tiña para Roma garantir a fidelidade destes pobos concedendo un certo grao de autonomía aos *principes Cantabrorum* cando comprobamos que, dende a zona vadiniense, se mantén o control pleno dos portos de montaña que dan acceso á outra marxe da cordilleira. [...] A advertencia chegada dende o eido dos epigrafistas arredor do feito de que as inscripcións vadinienses achadas ao norte da cordilleira, no val do Sella, teñen todas unha datación máis serodia cá meirande parte das do sur, o que se entendeu como un fenómeno de expansión territorial, adquire agora pleno sentido. Probabelmente teñamos aquí a proba dunha concesión aos vadinienses, [a través d]o *princeps Cantabrorum*, para controlaren novos territorios, claves en calquera estratexia militar se se desexaba pasar as tropas ata o val do norte da cordilleira. Coa alianza asegurada dos *principes* dos *Copori*, dos *Albiones* e dos *Cantabri* –vadinienses e orxenomescos–, perdía grande valor estratéxico para galaicos, ástures e cántabros acubillárense na defensa da cordilleira[55].

Como naquel artigo, precisamente de J. Mangas, co que pechabamos a etapa anterior (§2, 2), insístese en que o *principatus* –xa non só o galaico senón tamén o cántabro– respostaría unha xefatura anterior, implicada nos enfrontamentos militares que culminaron na conquista romana. Mais agora o mesmo J. Mangas, canda D. Martino, postularán que a implantación romana tería promovido arbitrariamente os xefes que colaboraran co seu bando nas guerras de conquista, favorecidos, ulteriormente, polas propias estratexias de control militar e administrativo do territorio. Os autores rematan o seu artigo cunha reflexión arredor da posíbel remanencia baixo-imperial do *principatus* cántabro, albiscada segundo eles na estela de Riaño, da que nos ocuparemos no seu momento (§3, 3). Á marxe da súa mútua independencia, resulta inevitábel confrontarmos esta hipótese de longa pervivencia coa que A. Pena Graña –xa tratado nesta historiografía (§2, 2)– viña defendendo en solitario

55 J. Mangas Manjarrés & D. Martino García, 1997, pp. 336-337.

para o *principatus* galaico, a través dun suposto crismón inscrito na estela da Veiga (cfr. §1, 5).

Unha interpretación histórica de carácter máis xeneralista –e superficial– atopámola nunha comunicación do 2002 de Mª. C. González Rodríguez, á que xa temos aludido, para quen o *principatus* sería unha figura clave, sobre todo, na asimilación das súas comunidades á administración e a civilización romanas:

> O principado dos cántabros, coma o dos albións e os cóporos xa coñecidos entre os galaicos, sería simplemente un paso intermedio que facilita a andaina das comunidades indíxenas ata a súa conversión e recoñecemento por parte de Roma como instancias políticas «ao modo e maneira romanos», *ciuitates*, do mesmo xeito que aconteceu noutras zonas do Imperio, coma no caso dos Alpes, Dalmacia ou o norte de África cos *reges* e *principes gentium*[56].

Un colaboracionismo, xa que logo, con fortes implicacións estruturais nas súas comunidades; mais tamén no que respecta ao proxecto xeo-político imperial: así, noutro traballo, a mesma autora definiría aos *principes* como "garantes [...] da paz romana"[57].

Esta perspectiva colaboracionista será retomada xa o ano seguinte por E. Pitillas, nun artigo monográfico, fondamente reflexivo, arredor do *principatus*, do que extraería conclusións extensíbeis tanto aos testemuños galaicos como aos cántabros:

> Da lectura de tales epígrafes dedúcense persoeiros relevantes, membros dalgún tipo de aristocracia indíxena. Cómpre pensarmos que exercerían, á cabeza dos seus *populi* respectivos, unha función clave. Embora non pode extralimitarse a cuestión pensando en caudillos de todos os cántabros, canda menos si que podería falarse de xefes locais, notábeis que «sintonizaban» con Roma. [... Así,] non resultaría estraña a concesión [...] dalgún grao de «autonomía» a tales señores, práctica habitual na defensa do Imperio como manifestación da existencia de «príncipes clientes» e dunha determinada e calculada economía de medios para a súa defensa. [...] Onde non existe configuración urbana, a figura do *princeps* semella capital como aglutinadora de vontades e fidelidades. [...] A colaboración entre indíxenas e romanos devén [un] instrumento eficaz para achegar unha meirande «integración» de colectivos outrora resistentes ao poder romano[58].

E. Pitillas, que vai exemplificar este colaboracionismo con algúns casos galos, xermanos e hispanos[59], propón como se observa un papel moi definido do *principatus* dentro do control romano das comunidades indíxenas, do eido militar ao cultural. Porén, tamén vai ofrecer unha lectura da ascendencia étnica desta figura colabora-

---

56 M. C. González Rodríguez, 2005, pp. 99-100.

57 *Id.*, 2002, p. 315.

58 E. Pitillas Salañer, 2003, pp. 87-88.

59 *Ibid.*, pp. 88 ss.

cionista. En efecto, estas dúas facetas históricas da mesma institución social, romana e pre-romana, perfilan unha oposición que E. Pitillas sintetiza elocuentemente:

> Alí onde anteriormente –e en coxunturas belicistas– fora clave a figura do xefe militar, do guerreiro carismático e, chegado o caso, «redistribuidor», pouco despois, aquela dignidade heroica baseada na «bela morte» e no «*éthos* agonístico» cede paso á figura do príncipe acomodado á nova situación, que prefire autocontemplarse no espello do novo poder romano que, así e todo, [na] súa pragmática visión das cousas, lle impide arriscar alén do razoábel. Agora, na súa nova condición, ao servizo da *urbs*, opta por se deixar integrar no novo marco dunha «adaptación cultural» que resulta tarefa tanto do vencedor coma do vencido[60].

Atopamos, pois, en E. Pitillas unha interpretación orixinal do *principatus*, cuxas precisións «heroicas» o achegan, malia ás diferenzas metodolóxicas, ás proposicións «en clave celta» dos estudos comparativos (§§2, 2 e 2, 8). Pero sobre todo esta súa achega destaca por discernir con claridade as dúas etapas identificadas para o desenvolvemento histórico do *principatus*: a pre-romana e a romana, entendidas case en termos antitéticos.

Semellante á interpretación de E. Pitillas é a de J. M. Costa e E. Carlsson-Brandt, nunha moi colateral aproximación conxunta ao *principatus*. Non dubidan os citados arqueólogos da ascendencia indíxena desta figura histórica, na que albiscan un paso intermedio dentro da "transformación da vella nobreza guerreira na nova aristocracia togada"; pero non se deciden á hora de a asimilaren, en concreto, a un verdadeiro "poder delegado" ou "un mero acto de prestixio"[61].

Tamén moi recentemente, un xa andado experto na Antigüidade asturiana como N. V. Santos Yanguas vai encetar as súas primeiras pescudas relevantes arredor do *principatus*, incidindo dun xeito explícito na perspectiva «colaboracionista» que estamos a tratar. Definidos como delegados do poder romano para as súas comunidades, N. V. Santos Yanguas atribúelles aos *principes* un papel crucial no control das vías de tránsito na cordilleira cantábrica, "como premio á causa romana"[62]. Hai evidentemente un nexo directo neste punto coas formulacións de D. Martino e F. J. Lomas; pero N. V. Santos Yanguas vai introducir tamén unha novidade significativa na súa interpretación do *principatus*, e de feito completamente orixinal na historiografía deste tema: a consideración do seu papel fulcral na relixiosidade indíxena, facendo aos *principes* –cos *magistratus*– responsábeis, a falta de druídas, da realización de cerimonias comunitarias entre os ástures[63]. En efecto, o papel relixioso do

60 *Ibid.*, pp. 82-83.

61 J. M. Costa García & E. Carlsson-Brandt Fontán, 2015, pp. 11-34, p. 21.

62 N. V. Santos Yanguas, 2017, pp. 151-162, p. 154. Na mesma liña, *id.*, 2014a.

63 *Id.*, 2014b, pp. 21-23.

*principatus* galaico foi amplamente soslaiado na historiografía, e só podemos citar algún precedente colateral, coma P. Le Roux (cfr. §2, 5), a esta suxerencia de N. V. Santos Yanguas. Cómpre situarmos a este autor, polo demais, entre os poucos que teñen diferenciado a historia romana e a pre-romana do *principatus*, embora neste caso non dun xeito excluínte entrambas as facetas, como vimos hai un chisco en E. Pitillas. Coido interesante salientar, en relación a este último, a contraposición existente entre a énfase militar deste e a relixiosa de N. V. Santos Yanguas.

Unha achega menos orixinal nos seus resultados, embora enmarcada epistemoloxicamente na sofisticada teorización arqueo-antropolóxica da corrente «segmentaria», que axiña trataremos (§2, 9), témola na recente tese de doutoramento de A. Rodríguez Fernández. Xa nos temos referido a esta achega por mor da súa afinidade co modelo historiográfico do *principatus ciuitatis* (§2, 4); mais pola súa interpretación histórica concreta dos *principes* galaicos –e cántabro(s)– podería confundirse con calquera outra das que xa levamos visto no presente apartado, canda menos no que á súa relación co poder romano respecta:

> Esta figura [o *principatus*] ofrece un bo exemplo [...] do xurdimento de elites colaborativas capaces de exerceren un control social concomitante cos intereses e necesidades do imperialismo romano a escala local. [... Trátase] de personalidades que afunden as bases do seu poder nun *status* adquirido sobre o seu contorno; [mais] non son un designio directo e imposto polo poder romano, embora loxicamente este o instrumentalizase[64].

No mesmo *tópos* historiográfico cómpre citar aínda outra recente tese de doutoramento, lida precisamente o mesmo ano: a de A. Freán Campo. Estoutro investigador, máis interesado polas institucións relixiosas do que as socio-políticas, vai enfatizar os aspectos culturais dunha lectura histórica, en definitiva, semellante á anterior:

> É posíbel que as estelas funerarias que conteñen a devandita distinción [o título principesco] evidencien que a soberanía romana na *Callaecia*, canda menos nun primeiro intre, se apoiou na concesión de determinados privilexios ás elites do seu territorio. Estas, asemade, manifestarían o seu *status* a través da adopción e reprodución de valores culturais romanos coma o propio ritual [funerario] e o hábito epigráfico[65].

Coido que a interpretación colaboracionista é a que máis éxito ten adquirido fóra do ámbito estrito das ciencias da Antigüidade polo que irremediabelmente nos movemos. Por exemplo, J. Beramendi, historiador especializado na política galega contemporánea, ten deixado entrar os *principes* na súa recente síntese divulgativa sobre a *Historia mínima de Galicia*, igualándoos canda os *magistratus* a "autori-

64 A. Rodríguez Fernández, 2018, p. 372.

65 A. Freán Campo, 2018, p. 327.

dades que seguramente existían" antes de Roma e que esta "asimilou para integrar mellor aos vencidos"[66]. Estamos, si, perante a visión dun *outsider*; mais unha visión concisa, prudente e case canónica, que moi poucos contestarían. Polo carácter xeneralista da obra, a especialidade política do autor e a igualación entre *principes* e *magistratus*, sospeito que esta achega tan recente bebe directamente dun dos pioneiros na valoración histórica do *principatus*, X. R. Barreiro (cfr. §2, 1). Mais o tratamento do *principatus* por parte de J. Beramendi nunha historia xeral non deixa de ser unha mera anécdota. Antóllase ben máis significativo que o *tópos* colaboracionista se deixe ver tamén nos estudos medievais, onde a cuestión do «indixenismo» ástur-cántabro tamén xerou no seu tempo unha notábel controversia aínda non resolta (cfr. §3, 2). Así, por exemplo, podemos comprobar que nun estudo dirixido por F. J. Fernández Conde, experto na Asturias alto-medieval, o antigo *principatus* é definido colateralmente –de feito a rodapé– coma un "título dos xefes locais outorgado polo Estado romano con finalidades políticas"[67]… Transposición un tanto descoidada da praxe rexia medieval á época romana.

Como se percibe, o *tópos* «colaboracionista», fronte aos paradigmas do *principatus ciuitatis* e *gentis* anteriormente tratados, que dirixiran a súa atención á dimensión local da realidade social dos *principes* indíxenas, recupera o acento na súa interrelación co poder supra-local romano. Por suposto, isto non implica necesariamente contradición ningunha; mais o matiz, non carente de significancia, xustifica *per se*, coido, a entidade historiográfica que no presente apartado lle temos concedido a esta liña interpretativa.

### 2.7. A teoría escultórica

Pasando xa dos *tópoi* xenéricos a unha hipótese moi concreta arredor do *principatus*, nesta terceira etapa historiográfica vai emerxer tamén unha renovada atención á identificación das estatuas de guerreiros, características da arte castrexa meridional, con *principes* asimilábeis aos testemuñados epigraficamente na *Callaecia* setentrional.

Como de plausíbel pode ser esta relación? Por unha banda, o contexto cronolóxico é esencialmente análogo: malia que certas achegas, no canto de admitiren a cronoloxía xulio-claudiana imposta polo contexto arqueolóxico xeral dos xacementos dos que proceden as estatuas de guerreiros[68] e dende logo as epígrafas[69], pretendan recualas á primeira metade do século I a.C.[70], esta alternativa cronolóxica leva-

66 J. G. Beramendi, 2016, p. 26.

67 F. J. Fernández conde & *al.*, 2009, p. 20, n. 24.

68 F. Calo Lourido, 1994, pp. 675-682.

69 A. Redentor, 2009; A. Rodríguez Colmenero, 2013, p. 300.

70 A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 596-597; J. Rodríguez Corral, 2012, pp. 84-86.

ríanos, do mesmo xeito cá epigrafía do século I d.C., a unha *Callaecia* meridional nun análogo contexto xurídico «peregrino» e xa baixo un indefectíbel predominio xeo-político romano (cfr. §§8, 2-3). Na teoría escultórica a correspondencia cronolóxica é xa que logo admisíbel; mais non acontece o mesmo coa correspondencia temática e xeográfica. Abofé, igualarmos a realidade social subxacente nuns inusuais testemuños epigráficos limitados ao norte da *Callaecia* coa doutros de natureza artística que aparecen sistematicamente no sur, pode resultar ou perspicaz ou atrevido… E particularmente coido que, dadas as enormes diferenzas sociolóxicas entre o norte e o sur da *Callaecia* dende a grande inflexión castrexa do século I a.C., da que nos ocuparemos no seu debido momento (§§8, 3 e 9, 1-3), se cadra esta hipótese sexa máis atrevida do que perspicaz.

Porén, malia representar unha postura interpretativa tan específica –e ao meu ver tan arriscada–, a teoría escultórica ilustra tamén por si soa unha característica xeral da historiografía arredor do *principatus*. Como se lembrará, o mérito da suxerencia orixinal desta hipótese pertence a A. C. F. da Silva (§2, 2); pero a partires de xa avanzada a década de 1990 serán outros dous autores, J. de Alarcão e A. Rodríguez Colmenero, os que se consagren á súa defensa, dun xeito, con todo, abraiantemente individualista e sen amosaren o máis mínimo interese en pór en común as súas respectivas achegas. En efecto, a característica xeral que a teoría escultórica ilustra arredor da historiografía do *principatus* é obxectivamente negativa: a total fragmentación entre as diferentes investigacións, mesmo as coincidentes.

Entrando xa en materia, J. de Alarcão sintetizaba como segue en 1998 a súa hipótese particular:

> Se o governo dos *populi* esteve, entre Augusto e os Flávios, nas mãos de príncipes, com possível transmissão hereditária de poderes, eventualmente assistidos por algum conselho que não seria um verdadeiro *ordo decurionum*, poderemos identificar os lugares de residência desses príncipes? Preferimos "lugares de residência dos príncipes" a "lugares centrais dos *populi*". É certo que esses lugares funcionariam como capitais dos *populi*. Mas não seriam necessariamente os lugares mais populosos ou mais progressivos para os padrões civilizacionais dos Romanos. […] A nossa hipótese é a de que as famosas estátuas de guerreiros galaicos representam príncipes e que os sítios onde se têm encontrado correspondem às capitais dos *populi*[71].

A. Rodríguez Colmenero, pola súa banda, logo dunhas primeiras e superficiais achegas ao respecto dende a década de 1990[72], recuperaba con forza a mesma hipótese no 2011, co gallo dun estudo específico arredor das estatuas de guerreiros:

---

71 J. de Alarcão, 1998, pp. 51-52.

72 A. Rodríguez Colmenero, 1996, pp. 170 ss. Cfr., arredor da mesma cuestión, e de feito empregando as mesmas palabras, *id.*, 1998a, pp. 17-18; *id.*, 2002, pp. 283-284.

> Os persoeiros alí retratados serían figuras importantes dos respectivos *castella*. Trataríase de *principes* de senllas *ciuitates*, coma os coñecidos entre os *Albiones* e os *Copori*? É posíbel, e a este respecto cómpre dicir que existen outras estatuas de guerreiros en castros que certamente foron capitais de *ciuitates* e case exclusivamente neles, o que podería constituír un criterio para a súa detección. Porén, cremos que non pode excluírse a erección destas mesmas estatuas en *castella* de menor rango, como parecen dar a entender as achadas por F. Conde Valvís na Cidá de Armea, a non ser que neste caso se tratase da capital dos *Interamici*, como temos apuntado nalgunha outra ocasión[73].

Ambos os dous autores, como se percibe, malia a independencia total das súas achegas, xiran arredor dos mesmos presupostos, asumindo que as esculturas de guerreiros da *Callaecia* meridional representaron a mesma realidade social cós *principes* da epigrafía setentrional. Pero non remata aí o paralelismo, pois ambos os investigadores redundan en que as tales esculturas se erguerían sempre en castros que terían funcionado como *capita ciuitatis* dos seus pobos. Malia ter atopado un significativo eco historiográfico[74], esta hipótese, tan ríxida, resulta a todas luces, como xa apuntamos, expeditiva e dende logo inverificábel; e mesmo tería levado ao propio J. de Alarcão a unha sincera e pesimista avaliación:

> Não conseguimos provar que as circunscrições político-administrativas criadas por Augusto se conformaram com as fronteiras dos antigos *populi*, nem que tais circunscrições foram governadas por *principes*, que se teriam feito representar nas estátuas de guerreiros galaicos, nem, por último, que os lugares com estátuas de guerreiros foram as capitais dos *populi* até à época flaviana e à instalação das *civitates*. Parece-nos, porém, que estas hipóteses merecem alguma atenção[75].

Non semella que este pesimismo callase tamén en A. Rodríguez Colmenero: apenas uns anos despois da súa ponencia antes reproducida, o xornal *La Voz de Galicia* anunciaba en titulares "Colmenero cataloga 35 «príncipes» previos á chegada dos romanos"[76]… Obviamente, unha mera extrapolación dos *principes* epigráficos sumados ao amplo rexistro escultórico.

### 2.8. M. V. García Quintela e a culminación do *Celtic revival*

Unha segunda achega moi concreta do *principatus*, e sen dúbida das máis influíntes hoxe, é a de M. V. García Quintela, que representa a culminación do *Celtic revival*, ou a recuperación da «clave celta» para a interpretación da Protohistoria galaica. Este *Celtic revival* xa fora perfilado, no que respecta ao *principatus*, por A.

73 A. Rodríguez Colmenero, 2013, pp. 304-305.

74 Véxase A. C. Johnston, 2017, pp. 173 e 238, aludindo aos traballos de J. de Alarcão.

75 J. de Alarcão, 2003a, p. 125. Na mesma liña, *id.*, 2003b, p. 32.

76 S. Varela, 2015.

Pena Graña e R. Brañas (cfr. §2, 2); e a el xa se vinculara dende había tempo o propio M. V. García Quintela, cuxos primeiros contributos non tiveran, con todo, implicacións significativas no noso tema particular.

Para incardinarmos en termos historiográficos a obra de M. V. García Quintela cómpre remontarse a outro autor e a outra etapa das investigacións do *principatus*: refírome, abofé, ás primeiras achegas de J. C. Bermejo, que antes deixaramos aparcadas (§§2, 1-2). Ocupárase este daquela só dun xeito colateral do *principatus*, entre os aspectos vencellados á guerra das sociedades indíxenas hispanas en xeral e da castrexa en particular:

> A sociedade castrexa é moi mal coñecida. Nada sabemos das súas institucións, xa que a hipotética *centuria* ou *castellum* só se nos amosa na epigrafía cando é utilizada polos romanos para as súas fins administrativas e, polo tanto, desprovista do seu sentido orixinario. Dela unicamente poderiamos deducir que os seus xefes, os *principes*, responsábeis deses grupos ante o poder romano, eran por suposto do sexo masculino e puideron terse correspondido con antigas xefaturas de carácter bélico, cuxos trazos nos son na actualidade perfectamente descoñecidos[77].

Se este fragmento de J. C. Bermejo merece un lugar destacado aquí, descontextualizado do seu contexto historiográfico, é fundamentalmente porque conecta coas premisas iniciais do seu, en tempos, discípulo M. V. García Quintela. Na década de 1990, as pescudas destoutro historiador atoparon como suxeito de estudo preferente a figura de Viriato, que encetou dende a perspectiva do método comparativo «en clave celta», confrontando o rexistro histórico do devandito caudillo lusitano con diversas fontes irlandesas:

> En Irlanda existen reis de «cantón», «provincia» ou de toda Irlanda. Distinguíanse por teren uns lazos místicos coa terra e estaren arrodeados dun aparello relixioso, e unha das súas funcións principais era a xudicial. Ademais, procedían da clase guerreira e o seu posto era electivo e revocábel: o poder do rei estaba sempre controlado polos seus súbditos. Por último, decote morrían, canda menos na épica, a mans de parentes próximos, sendo isto unha maneira de sucesión aceptada. Cada detalle desta situación está presente nos textos arredor de Viriato: é un dirixente ocasional de todos os lusitanos, o que non impide que existan reis menores. Vimos de lembrarmos a relación entre os indíxenas hispanos e a terra. Vimos, tamén, cómo [Viriato] realiza sacrificios no intre da súa voda e a súa elocuencia, básica para un rei. Arredor da súa orixe guerreira non é preciso insistir. O carácter electivo e revocábel evócase pola súa mudanza de estatuto institucional de «xefe de bandidos» a «benefactor e salvador», sendo esta última dignidade outorgada polo *koinón* lusi-

77 Este texto pode atoparse con escasas variacións en varias publicacións do autor: J. C. Bermejo Barrera, 1978, p. 59; *id.*, 2005 (1986), pp. 111-112; *id.*, 2008a, p. 139, empregándose esta última, tradución ao galego, para a nosa reprodución.

> tano. Finalmente, o seu asasinato por amigos ou parentes próximos evoca a forma «axeitada» de reemprazar ao rei; mais o contexto histórico concreto impón que, en adiante, o posto fique vacante. Deste xeito, considerando o paralelo céltico, coherente e ben coñecido, como marco de referencia, [...] podemos concluír que, cun vocabulario certamente impreciso, os textos gregos captaron algúns dos elementos clave da posición institucional de Viriato: en concreto, unha realeza dos lusitanos que era moi semellante á dos celtas[78].

Ficando tan lonxe da temática do presente ensaio esta longa escolma de presuntos paralelismos entre Viriato e a realeza irlandesa –que non a xenericamente celta–, se cadra resulte estraña a súa reprodución nunha historiografía do *principatus* galaico. Pero o certo é que tal é precisamente a caracterización que M. V. García Quintela facía en 1999 desta realidade social galaica, pois conforme ao texto reproducido, que Viriato fose "un líder ocasional de todos os lusitanos [...] non impide que existan reis menores", entre os que, segundo engadía en nota a rodapé, estarían "probabelmente [os] aludidos polos *principes* de *populi* en epigrafía", citando os exemplos galaicos[79].

Esta imbricación do *principatus* galaico «en clave celta» –ou máis ben, repito, «irlandesa»– resulta ben máis explícita no libro de carácter divulgativo que o mesmo M. V. García Quintela publicou conxuntamente con J. M. Vázquez Varela aló polas mesmas datas. Empregaron aquí os citados investigadores a expresión «*principes* dos *populi*»; pero isto non ha de levar a engano, pois estes *principes* serían para eles equivalentes aos «reis-cantón» irlandeses, ou sexa, a figura soberana sobre un *túath*[80]. Sempre conforme á súa interpretación, non os *populi*, senón as sub-unidades políticas mencionadas co signo Ɔ na epigrafía galaico-romana –cuxa lectura, facéndose eco das posibilidades existentes, preferían daquela non arriscar[81]–, suporían a equivalencia galaica ao *túath* irlandés[82]. Sendo os *túatha* equivalentes ás sub-unidades políticas galaicas mencionadas co signo Ɔ, e os *principes* galaicos a reis de *túath*, semella que M. V. García Quintela e J. M. Vázquez Varela suxerían en 1998 que os *principes* galaicos non gobernarían sobre os *populi*, senón sobre as súas sub-unidades constituíntes.

Esta lectura, canda menos no que respecta á influencia territorial do *princeps*, é esencialmente idéntica á de J. C. Bermejo, A. C. F. da Silva ou R. Étienne, G. Fabre, P. Le Roux e A. Tranoy (cfr. §§2, 1-2), que identificaban do mesmo xeito os

---

78 M. V. García Quintela, 1999, p. 217.

79 *Ibid.*, p. 217, n. 5.

80 J. M. Vázquez Varela & M. V. García Quintela, 1998, p. 129.

81 *Ibid.*, pp. 121 ss.

82 *Ibid.*, p. 129. Cfr., na mesma liña desta equivalencia, pero con meirande argumentación, R. Brañas Abad, 2000, p. 176.

*castella* ou as *centuriae*, e non os pobos (*ciuitates* ou *populi*). Con todo, obviamente non é igual ca ningunha das anteriores, ao identificar tamén unha serie de trazos socio-culturais, explícitos no texto arriba reproducido, que concretarían moito máis do que ningunha outra achega previa –de exceptuarmos, claro está, a A. Pena Graña– a caracterización histórica do *principatus*. Ademais, esta lectura requeriría aínda un derradeiro matiz, pois cumpría que a confrontación do rexistro irlandés e as guerras de Viriato se adaptasen a uns testemuños que na *Callaecia* se sitúan baixo o ineludíbel dominio romano:

> Desa antiga realeza, fose cal for o seu grao de desenvolvemento institucional, tras o paso de Roma, só fica un fato de *principes* na epigrafía, ostentadores dun poder, máis ca efémero, ridículo[83].

En resumo, a conclusión á que M. V. García Quintela dera chegado a remates da década de 1990 arredor do *principatus* galaico foi que compartía unha serie de trazos socio-culturais coa figura de Viriato e coa realeza gaélica de Irlanda; reducíndose con todo ao estrato máis baixo desta institución –a soberanía sobre as sub-unidades políticas mencionadas co signo Ɔ–, pois a eventual caudillaxe sobre meirandes conxuntos políticos veríase impedida polo propio contexto histórico adverso: o dominio imperial romano.

Porén, M. V. García Quintela estaba aínda pendente de ultimar a súa interpretación. En 2002 publicaría un traballo onde, aínda recollendo parte dos seus presupostos anteriores, se ocuparía xa expresamente do *principatus* galaico, asignándolle como resultado unha caracterización significativamente arredada da que vimos de sintetizar. Esta nova interpretación inseriuse nun tratamento máis exhaustivo da organización socio-política da *Callaecia* pre-romana, inspirada en parte, precisamente, en palabras do autor[84], nos traballos da súa discípula R. Brañas (véxase §§2, 2 e 2, 9); e tamén nunha ampliación, sen precedentes na súa obra académica, do marco comparativo no que asentou unha vez máis o seu método de estudo. No que ao *principatus* respecta, M. V. García Quintela deixou atrás o carácter isolado que anteriormente valorara para o seu rexistro, a prol de postular a súa proxección «galaico-ástur», abranguendo non só o *princeps Cantabrorum*, daquela recentemente descuberto, senón outros títulos epigráficos dispares da rexión[85]. Estes presuntos «príncipes galaico-ástures» serían confrontados cunha serie de indicios de institucións monárquicas e aristocráticas da epigrafía celtibérica[86], e –xa volvendo ao seu vello recurso das fontes literarias, embora eludindo nesta ocasión a teimosa «clave celta»– parale-

---

83 M. V. García Quintela, 1999, p. 272.

84 Cfr. M. V. García Quintela, 2002, p. 12.

85 *Ibid.*, pp. 36-37.

86 *Ibid.*, pp. 37-39.

lizados aos testemuños de reis indíxenas de toda a península ibérica pre-romana[87]. Deste xeito, M. V. García Quintela vai formular dúas hipóteses que se encargará de argumentar extensamente, e que podemos resumir en cadanseu postulado:

1º.– “é lexítimo introducir aos nosos *principes* do noroeste na secuencia de reis e aristócratas celtíberos ou hispanos en xeral”;

2º.– “os nosos *principes* ocultan unha institución comparábel á realeza celta”[88].

Alén da notábel e xa aludida ampliación do marco comparativo, esta caracterización é, como se observa, esencialmente idéntica á que o autor viñera defendendo nos seus traballos previos. Porén, desta volta M. V. García Quintela vai engadir unha novidade significativa: a asimilación xurídica dos *principes* galaicos á figura do *rex socius et amicus populi Romani*[89]… Novidade, xa que logo, na interpretación particular de M. V. García Quintela, mais non na do *principatus* galaico, para o que cómpre lembrar que xa G. Pereira ou A. Rodríguez Colmenero albiscaran o mesmo paralelismo (cfr. §2, 2). De feito, o *rex et legatus* aducido por G. Pereira vinte anos atrás, nun texto no que prescindira de citas académicas[90], non é outro có *Togidubnus rex magnus Britanniae*, o mesmo que vai inspirar agora –baixo a lectura alternativa *Cogidubnus*– a M. V. García Quintela. Evidentemente a G. Pereira escapáraselle a revisión da epígrafe de Chichester que daquela viña de establecer J. E. Bogaers, na que a lectura anterior *ex auctoritat*[*e Ti*(*beri*)] *Claud*(*i*) [*Cog*]*idubni r*(*egis et*) [*legat*(*i*) *Au*]*g*(*usti*) *in Brit*(*annia*) foi corrixida por *re*[*g*(*is*) *m*]*agni Brit*(*anniae*)[91]. Paralelamente, C. E. Murguia argumentaba a prol da lectura *Togidubnus* como verdadeiro antropónimo do monarca, que será a que seguirei neste ensaio[92]. Máis adiante cumprirá voltar tanto sobre este *Togidubnus* como sobre a particular figura xurídica coa que exerceu o seu reinado en relación ao poder romano, o *regnum socium* (§§6, 2 e 6, 6). Importa agora, pola contra, recuperando o fío da nosa historiografía, sinalarmos que este mesmo concepto do *regnum socium*, non precisamente novidoso na investigación do *principatus*, si suporá unha reformulación radical na interpretación particular de M. V. García Quintela: os *principes* xa non serían simples “reis-cantón”, nin a conquista romana os tería reducido a “un poder, máis ca efémero, ridículo”, senón que, tendo o poder imperial arrombado arbitrariamente os *castella* galaicos –cuxa suposta equivalencia co *túath* irlandés ficaría desta volta incólume– en beneficio dos soberanos afectos, estes darían artellado poderosas monarquías á cabeza de medra-

87 *Ibid.*, pp. 39-43.

88 *Ibid.*, p. 44.

89 *Ibid.*, pp. 50-51.

90 G. Pereira Menaut, 1983a, p. 209.

91 J. E. Bogaers, 1979, en referencia a *CIL* VII, 11 = *RIB*, 91.

92 C. E. Murgia, 1977, p. 339.

dos dominios[93]. Semellante reinterpretación, obviamente, requiría a consideración de tales dominios monárquicos como entidades de grande proxección territorial, nas que o concepto de *regnum socium* puidese materializarse… E efectivamente M. V. García Quintela non vacilará á hora de argumentar a grande proxección territorial dos albións e os cóporos[94]; sen dúbida, segundo veremos no seu momento, un dos puntos máis fracos da súa achega (§5, 4).

Sexa como for, a nova interpretación de M. V. García Quintela acadará axiña unha certa influencia: entre as hipóteses particulares arredor do *principatus* conforma hoxe se cadra a máis popular, sendo expresamente asumida por algúns autores[95]. Porén, a atención recibida resultou tamén decididamente negativa, tendo sido a cotío discutida por outros, que desaproban a súa excesiva concreción dun rexistro tan impreciso, a subxectividade do seu método comparativo, ou o carácter especulativo dalgunhas das súas proposicións[96].

Non semella oportuno agora, neste capítulo de historiografía, valorarmos a pertinencia científica da devandita achega, cuestión que será efectivamente atendida ao longo do presente ensaio; mais si cómpre avaliar o seu contributo estritamente historiográfico. E aquí trabúcanse algúns dos que xa se teñen ocupado disto antes, normalmente dende unha postura máis ou menos favorábel, que salientan dela o ter discernido o carácter indíxena do *principatus*[97]. Nada máis lonxe da realidade: a perspectiva «indixenista» estivo presente dende moito antes na historiografía arredor deste tema e nas propias achegas de M. V. García Quintela. Esta súa reinterpretación destaca, pola contra, na renovada énfase concedida ao poder romano como garante e mesmo promotor da autoridade dos *principes*.

### 2.9. Arqueoloxía e Antropoloxía do novo milenio

A diversificación de posturas característica da terceira etapa historiográfica do *principatus* acentuarase nomeadamente no sector específico da Arqueoloxía galega, que no novo milenio vai enfrascarse nunha auténtica "espiral de propostas e contrapopostas […] que por veces semella reducirse á aplicación teórica dos máis diversos e contraditorios modelos antropolóxicos"[98], na que a cotío entrará tamén o *principatus*.

En realidade, esta tendencia arrinca na década de 1990, curiosamente da man non dunha arqueóloga senón dunha historiadora estrita, a xa tratada R. Brañas (§2, 2). En efecto, o seu «clan cónico» estivo directamente presente nas teorizacións de

---

93 Cfr. M. V. García Quintela, 2002, pp. 46-53; arredor da persistente equivalencia *castellum-túath*, p. 101.
94 *Ibid.*, p. 49.
95 Así, A. Balboa Salgado, 2007, p. 35; X. Ayán Vila, 2011, p. 639; B. Rodríguez Sánchez, 2012, pp. 143-144.
96 Véxanse, nomeadamente, J. C. Bermejo Barrera, 2008b; F. Calo Lourido, 2010, pp. 209-210.
97 F. J. González García, 2006, p. 136, n. 21; B. Rodríguez Sánchez, 2012, pp. 143-144.
98 M. Fernández Calo, 2018a, p. 14.

C. Parcero conducentes á interpretación arqueo-antropolóxica da cultura castrexa como unha «sociedade heroica» rexida polo «modo de produción xermánico»[99]. Independentemente da súa pertinencia científica, que tamén cumprirá avaliar no seu momento (§§9 e 10, 4), a achega de C. Parcero supuxo, ao meu ver, un punto de inflexión na investigación arqueolóxica galega, pois recuperou a vella énfase na desigualdade e belicosidade da cultura castrexa, antes latente pero claramente minoritaria entre os arqueólogos[100]; abrindo un debate entre este novo modelo e o «segmentario», máis propenso á interpretación en clave «isonómica» dos mesmos datos, que paralelamente se foi desenvolvendo[101]. E nesta controversia, na que xoga sobre todo o moi pouco elocuente rexistro material castrexo, ten entrado tamén, inevitabelmente, o *principatus*.

Como sería doado de prever, dende a perspectiva «heroica» o *principatus* téndese a considerar unha manifestación do carácter fortemente estratificado da sociedade castrexa pre-romana. Así acontece, por exemplo, na obra de A. González Ruibal:

> Semella evidente [...] que en zonas do norte da *Callaecia* dende momentos inmediatos á chegada de Roma [...] se documenta a existencia dunhas figuras [os *principes*] que se destacan de entre o resto da comunidade –sexa esta só un castro, varios castros ou todo un *populus*– e son quen de erixiren inscricións en latín. Todo iso indica unha posición privilexiada para aproveitaren as novas circunstancias e as novas formas de acumular e ostentar capital simbólico que dificilmente puido darse de súpeto, nunha sociedade sen ningunha tradición xerárquica [previa][102].

O *principatus* sumaríase, así, a unha serie de indicios que presuntamente avalarían a existencia dunha aristocracia guerreira na cultura castrexa, presuposto inherente ao modelo «heroico» que discutiremos no seu momento (§§9, 1-2 e 9, 4). En troques, a epigrafía principesca atopa unha interpretación radicalmente oposta para a corrente partidaria do modelo «segmentario», consistente en que a sociedade castrexa sería esencialmente igualitaria e as diferenzas sociais só emerxerían como consecuencia da conquista romana. Podemos ilustrar esta postura cun texto de Mª. D. Fernández-Posse e F. J. Sánchez-Palencia expresamente referido ao *principatus* galaico, a propósito, concretamente, da lectura «indixenista» que del fixera A. García y Bellido (cfr. §2, 1):

> A idea de estas inscricións de «tradición indíxena» permitiren estudar as realidades sociais e ideolóxicas pre-romanas e definir a súa entidade cultural ficou ata a actua-

99 C. Parcero Oubiña, 2000, pp. 286 ss.

100 Cfr., entre os estudos de síntese, A. de la Peña Santos, 1992; F. Calo Lourido, 1993.

101 Así, por unha banda, A. González Ruibal, 2006-2007; X. Ayán Vila, 2011; pola outra, I. Sastre Prats, 1999; B. X. Currás Refojos, 2014.

102 A. González Ruibal, 2006-2007, p. 393.

> lidade dentro do mesmo marco xeral de confusión entre o romano e o pre-romano. Mais do mesmo xeito que ocorre co estudo do poboamento, a súa inserción no contexto histórico real, a sociedade provincial romana, permite matizar enormemente tales interpretacións. [...] Unha asimilación activa do hábito epigráfico por parte dos grupos dirixentes [...] só cobra sentido dentro das novas relacións sociais, e non como un referente á súa posíbel orixe pre-romana[103].

Fronte ao indixenismo dominante na historiografía e entre os arqueólogos vinculados á corrente «heroica», para a homóloga corrente «segmentaria» o *principatus* –e de feito calquera referencia epigráfica– resultaría pois susceptíbel a encaixar nas transformacións sociais provocadas pola implantación do réxime tributario imperial e a consecuente xerarquización social e territorial[104]. Os *principes* convértense así en membros dunhas incipientes elites intermediarias que canalizarían os fluxos tributarios entre a comunidade local e o poder imperial, de xeito que a súa orixe estaría ligada á tributación e á conquista romana. Por iso, alén da súa novidosa teorización antropolóxica, o *principatus* preconizado pola corrente «segmentaria» podería adscribirse en esencia ao *tópos* «colaboracionista», de carácter máis xeral e con meirande percorrido nesta mesma historiografía (§2, 6).

De calquera xeito, xeralmente, mesmo en traballos centrados na xerarquización social e espacial da Protohistoria castrexa ou a Romanidade temperá, o *principatus* e as demais mencións epigráficas do noroeste hispano resultan soslaiadas –e nisto unha e outra corrente coinciden con exactitude– perante o esmagador protagonismo da análise arqueolóxica e a especulación antropolóxica[105]. De feito, a máis recente monografía xeneralista arredor da Protohistoria galaica, a *Galicia castrexa* de J. Rodríguez Corral, non adica nin unha soa liña ao *principatus*[106]. Non creo que isto sexa unha mera anécdota: en efecto, detrás da innovadora e sofisticada teorización arqueo-antropolóxica na que se incardinan estas novas liñas de investigación, o *principatus*, en concreto, reduciuse a unha cuestión colateral na que meramente se repiten, con meirande ou menor pretensión de novidade, uns *tópoi* longo tempo asentados na historiografía previa: a saber, ou a súa inclusión nun *totum revolutum* de mencións institucionais e indicios de xerarquización social, ou o reducionismo romano… Ou, directamente, o completo desinterese verbo á súa interpretación.

Coido que nesta revitalización, coas súa luces e sombras, da discusión arqueolóxica arredor da *Callaecia* castrexa podemos inserir tamén o traballo de F. J. Gonzá-

---

103 M. D. Fernández-Posse & F. J. Sánchez-Palencia Ramos, 2005, p. 157.

104 M. D. Fernández-Posse, 1999; I. Sastre Prats, 2001, pp. 251-252; B. X. Currás Refojos, 2014; p. 5. Así tamén A. Rodríguez Fernández, 2018, p. 372, afín a esta corrente (cfr. §2, 6).

105 Por exemplo, C. Parcero Oubiña, 2000, p. 392; B. X. Currás Refojos & *al.*, 2016, p. 132; F. J. Sánchez Palencia & *al.*, 2017.

106 J. Rodríguez Corral, 2009.

lez, historiador da Antigüidade que desenvolverá unha decidida –e en certa medida insólita, dadas as inercias actuais na investigación científica e humanística– aproximación ao sector da Arqueoloxía, resultando disto unha frecuente colaboración con arqueólogos vencellados á «perspectiva heroica». Interesado fundamentalmente polo tema da guerra no que se refire á *Callaecia* castrexa, e ultimamente pola súa historiografía, tense ocupado tamén, inevitabelmente, do *principatus*:

> Para o caso da *Callaecia* coñecemos, grazas á epigrafía, exemplos de *principes*, non príncipes, senón individuos principais, destacados, «xefes», coma Nícer, *principis Albionum*, ou outro individuo, de nome descoñecido, que figura nunha epígrafe de Lugo como *princeps* dos Cóporos, datados, ambos os dous, no século I d.C. Dada a cronoloxía e o feito de se trataren de epígrafes romanas, os individuos aí mencionados como *principes* interprétanse [a cotío] como personaxes pertencentes a esa elite fomentada, *ex novo*? –como?, pregúntome–, por Roma. Estamos outra volta, abofé, perante un argumento circular: o rexistro manda. Coido que a interpretación acaída para as relacións entre Roma e as elites indíxenas pasa pola adopción e adaptación, ao caso galaico, do concepto de *rex amicus*[107].

Con esta conclusión, F. J. González podería adscribirse con claridade á «perspectiva colaboracionista», segundo se definiu no seu momento; e concretamente ao concepto específico do *regnum socium* suxerido orixinalmente por G. Pereira (cfr. §§2, 2; 2, 8; 6, 6). Porén, esta achega mestúrase tamén na polémica arqueo-antropolóxica á que nos vimos referindo. Se cadra por hipérbole discursiva, F. J. González pretende debuxar un contexto historiográfico dominado pola asunción dunha orixe romana para o *principatus*; postura, segundo fomos vendo, claramente minoritaria na historiografía. Situamos a F. J. González, xa que logo, entre os partidarios da orixe pre-romana do *principatus* e da figura do *rex socius* como paradigma do seu rol social xa baixo o dominio romano.

Mais, que foi o *principatus* pre-romano para F. J. González? Para respostarmos a esta pregunta cómpre acudirmos a outro traballo posterior del, dirixido a explorar as implicacións que o concepto antropolóxico de «zona tribal» (cfr. §7, 2) comportaría na *Callaecia* pre-augustea: para F. J. González, a vindeira ameaza imperial romana tería xerado procesos internos de agregación etno-política, verbo aos que mencións epigráficas tales coma os *magistratus* e, polo que aquí importa, os *principes*, se atoparían entre os indicios das xefaturas indíxenas xeradas neste contexto[108]. Alén das perspectivas máis netamente «romanistas», esta achega supón xa que logo a única suxerencia, superficial pero efectiva, arredor dunha orixe histórica definida para o *principatus*, fronte á atemporalidade na que adoita moverse a historiografía deste tema.

---

107 F. J. González García, 2006, p. 136.
108 *Id.*, 2011a, pp. 192-193.

Tendo concluído cun recoñecemento expreso desta excepción, resulta evidente que as novas perspectivas arqueo-antropolóxicas teñen producido avances, ou canda menos facilitado a formulación de novas preguntas. Porén, tal valoración dista de xustificar un optimismo sen reservas. O *principatus* segue a ser unha mera anécdota; un problema que non se ten tentado resolver en si mesmo senón como argumento de teorizacións arqueo-antropolóxicas preconcibidas, xa sexa para demostrar a existencia pre-romana de elites «heroicas», a creba da sociedade «segmentaria» coa romanización, ou os procesos socio-políticos propios dunha «zona tribal»… O verdadeiro recoñecemento, en fin, non pode dirixirse tanto a estas innovadoras liñas de investigación coma ao propio obxecto de estudo: en efecto, poucas fontes históricas poden gabarse de teren acadado unha polivalencia tal coma a nosa prezada epigrafía principesca.

### 2.10. Balance dun século de investigación

Culminada esta longa exposición historiográfica, coido que resultará definitivamente admisíbel caracterizarmos o conxunto das investigacións tratadas arredor de dúas ideas xerais: pluralidade de interpretacións e, máis ca controversia, como xa avanzabamos ao comenzo, isolamento mútuo. En efecto, é moi relevante a total ausencia de debate académico arredor deste asunto, no que cada achega, adscrita consciente ou inconscientemente a algún dos diferentes *tópoi* preexistentes, deféndeo ou concrétao, reproducindo, a cotío con pretensión de novidade, conclusións acadadas tempo atrás por outros estudos; mais dende logo, case sempre, obviando toda discusión e eventual refutación das posturas contrarias. Ou sexa: non hai consenso nin interese por acadalo; nin visos, xa que logo, de que se vaia acadar.

Nestas circunstancias, malia a enorme proliferación estudos da que nos temos ocupado (§§2, 3 ss.), algúns autores semellan ancorados nas primeiras perspectivas, máis sinxelas e consensuadas, que a investigación histórica ofrecera arredor do *principatus* galaico (cfr. §§2,1-2). Coido que pode resultar oportuno citarmos agora, outra volta, a F. Calo Lourido, que en 2010, a propósito da súa completísima monografía sobre *Os celtas*, non mudaba nin un chisco a postura persoal que xa en 1993 amosara arredor do *principatus* (cfr. §2, 2), orientándose agora, iso si, a salientar máis explicitamente as súas incertezas ao respecto:

> Nin tan sequera podemos extraer conclusións sobre a referencia aos *principes* que obran en dúas inscricións do Convento Lucense. Non me vou deter nisto, pois ignoramos o alcance que se poida dar a este cualificativo ou título de *princeps*. […] Nada podo engadir que non teña sido xa dito por outros, quedando eu unicamente coa súa tradución directa de "principal", sen poder dotar de contido o que tal título significara antes de Roma, caso de existir e con verba previa ao latinismo, e baixo Roma[109].

109 F. Calo Lourido, 2010, pp. 211-212.

Mais semellante postura non é nin moito menos excepcional. Precisamente outro autor da mesma xeración, J. C. Bermejo, reeditaba en 2008, "con novo título e sen grandes mudanzas na súa redación"[110], pero traducidos ao galego, algúns dos seus textos máis clásicos, e xa convenientemente tratados nesta historiografía (§§2, 1-2 e 2, 8), arredor da *Sociedade e relixión na Galicia antiga*. Por suposto, o seu tratamento do *principatus* foi idéntico malia os ata trinta anos transcorridos entre os textos orixinais e esta reedición[111]. Significativamente, ambos os autores que vimos de citar teñen sido obxecto dunha dura crítica conxunta de F. J. González, quen os acusa de incorreren nun «inmobilismo» tal que mesmo lles faría negar "os logros das investigacións desenvolvidas [...] nas últimas tres décadas"[112]. Facendo propia –embora despoxándoa da súa acritude– esta crítica ao inmobilismo, coido que os «logros» aludidos por F. J. González, á marxe do seu valor sempre relativo e dende logo variábel, non poden ser nin moito menos aplicados ao *principatus*. Este inmobilismo non reflicte pois, ou non soamente, a obstinación dalgúns autores; senón sobre todo a complexidade do *principatus* e a fragmentación que atinxe á súa investigación. En efecto, logo dunha súa longa biografía como tema historiográfico, non só non se abriu un vieiro firme para a súa interpretación, senón que non se abriu sequera o debate entre as diferentes posturas existentes, que mesmo se van afastando cada vez máis con cada novo estudo ao respecto. Obviamente, sobre a diverxencia metodolóxica e a fragmentación heurística –e non digamos sobre o isolamento particular de cada liña de investigación e mesmo de cada investigador– semella difícil que poidan producirse resultados positivos substanciais… Mais de certo estes tampouco poderán chegar nunca sobre a base dun inmobilismo sistemático.

Ao longo dos vindeiros capítulos tentarei desenvolver aquí tamén unha interpretación particular, mais procurando sortear os erros das investigacións precedentes. O primeiro deles, coido que resultará evidente logo da longa exposición que agora deixamos atrás, é a fragmentación historiográfica: a total falta de relación e debate entre as diferentes posturas existentes. Se cadra a interpretación que desenvolva a partires de aquí poida resultar máis ou menos acaída, dependendo da sensibilidade do lector; mais coido que o esforzo de síntese historiográfica, culminada xa no presente capítulo, servirá para termos superado xa definitivamente esta inxustificábel eiva da investigación que nos precede, a prol de afianzarmos o rigor das nosas análises e, se é o caso, o das futuras investigacións que nos sucedan.

110 F. J. González García, 2011b, p. 118.

111 Cfr. J. C. Bermejo Barrera, 1978, p. 59; *id.*, 2005 (1986), pp. 111-112; *id.*, 2008a, p. 139.

112 F. J. González García, 2011b, p. 118. Unha crítica semellante, pero máis exhaustiva e exclusivamente dirixida a J. C. Bermejo, pode consultarse en M. V. García Quintela, 2009.

# 3. O *PRINCIPATUS* COMO CONCEPTO

A identificación e análise de dúas «epígrafes principescas» no solar da antiga *Callaecia* supón un mero –e de feito minúsculo– exercicio de catalogación sobre unha área preconcibida, á que obviamente non se circunscriben as referencias epigráficas nin literarias a antigos *principes*: nin sequera, como veremos, os testemuños galaicos rematan aí. Vénse tamén de se desenvolver un longo capítulo de historiografía no que se identificaron múltiples interpretacións independentes e contraditorias, embora a cotío paralelas, do *principatus* galaico, esporadicamente mesturado entroutras mencións institucionais máis ou menos afastadas xeograficamente da *Callaecia*, ou da propia semántica do termo latino *princeps*. Abofé, os resultados das investigacións foron diversos, en boa medida, porque xa os seus propios presupostos iniciais o foran. E isto suxire naturalmente unha dúbida: resulta pertinente algunha das recorrencias, algunha das igualacións, algún dos paralelismos, aos que se ten adscrito o *principatus* galaico?

É así como xorde unha premisa firme, por máis ca obviada na historiografía que nos precede: avanzarmos na comprensión do *principatus* galaico require primeiramente de acotarmos con exactitude o obxecto de estudo. Noutras palabras: valorarmos a súa entidade; a súa pertinencia conceptual. Xa se expuxo que o presente ensaio se pretende ocupar dun xeito monográfico das mencións principescas da *Callaecia* e determinar a realidade social que subxace nelas. Abofé, tal pretensión non está rifada coa posibilidade de que o *principatus* galaico non sexa máis cá manifestación rexional dunha realidade social máis ampla, ou mesmo unha simple etapa concreta do desenvolvemento histórico daquela mesma realidade na propia *Callaecia*. Mais valorarmos tales posibilidades, a cotío tan expeditivamente asumidas ou desleixadamente ignoradas noutros estudos, forma parte ineludíbel da propia definición preliminar do noso obxecto de estudo.

No presente capítulo propoño establecer precisamente a devandita acotación: valorar os paralelismos externos e a coherencia interna das mencións principescas da

*Callaecia* para determinar, consecuentemente, a propia entidade conceptual do *principatus* galaico. Tentando atender cunha vontade holística pero apreixábel os moi diversos aspectos vencellados a tal resolución, coido oportuno enunciar as seguintes liñas nas que intuitivamente arrombarmos as nosas pescudas:

1ª.– coherencia interna do rexistro principesco galaico, base ineludíbel para a determinación da súa pertinencia conceptual;

2ª.– relación do *principatus* testemuñado na epigrafía principesca do século I d.C. con outros testemuños posteriores da mesma familia léxica na *Callaecia*;

3ª.– relación do *principatus* galaico con outros testemuños homónimos dos ámbitos xeográficos veciños, de características e datación potencialmente análogas;

4ª.– relación do *principatus* con outras mencións epigráficas coetáneas, da *Callaecia* e das súas inmediacións, vencelladas semanticamente, coma el, á diferenciación social.

Só da avaliación conxunta dos resultados acadados nestes sucesivos apartados se poderá encetar un ensaio de síntese arredor da entidade conceptual do *principatus* galaico, que será base de todas as nosas pescudas ulteriores.

### 3.1. A semellanza mútua dos *principes*

A coherencia interna das mencións principescas galaicas é unha evidencia que emerxe con firmeza da mesma análise conxunta das epígrafes que as conteñen, xa individualizadamente tratadas nun anterior capítulo (§1). Porén, tal coherencia ofrece tamén algúns matices que cómpre identificar para a avaliación rigorosa da entidade conceptual do *principatus* que testemuñan.

Podemos enunciar, en primeiro lugar, unha nidia analoxía no seu contexto cronolóxico e xeográfico. En efecto, ambas as epígrafes poden ser situadas, sen moita precisión, pero con total seguridade, arredor do século I d.C., e se cadra máis na súa primeira metade do que na segunda (cfr. §§1, 1 e 1, 4). A analoxía espacial, pola súa banda, despréndese do feito de se testemuñar o *principatus* en dúas comunidades, albións e cóporos, dependentes do *conuentus iuridicus* lucense, e en definitiva asentadas no norte da *Callaecia*. Máis adiante afondaremos nestas cuestións, tanto para localizarmos con precisión as referencias xeográficas desprendidas das epígrafes (§5), como para determinarmos a datación do exercicio do *principatus* por parte dos tres *principes* testemuñados (§8).

Atópase tamén no propio tema epigráfico, o funerario, un claro factor que unifica o noso rexistro. Disto emerxe un claro panorama social: os *principes* deixaron constancia da súa dignidade non por estaren asociados á praxe propia de actos votivos, honoríficos ou cívicos, senón por consideraren socialmente significativo definirse como tales nos seus epitafios, como parte consubstancial da súa biografía

(cfr. §4, 1). Unicamente se debuxa un matiz a esta percepción, e é que se cadra non fosen tanto os *principes* coma os dos seus descendentes os interesados en deixaren constancia da súa condición social… Mais tamén isto cumprirá tratalo polo miúdo noutro capítulo (§8, 1).

A coherencia da documentación emerxe asemade dos propios títulos principescos, pois estes non consisten meramente na mención *princeps* –en cuxo caso case sobraría indicar a correlación existente– senón tamén nomeadamente o etnónimo dunha colectividade etno-política en xenitivo. Este postulado, con todo, podería situarnos perante un argumento circular, pois de feito esta segunda parte do título figura só dun xeito inequívoco na estela da Veiga (*Albionum*), tendo sido na de Lugo (*Copororum*) irremediabelmente reconstruída a partires da anterior. Alén da inseguridade da presenza dun etnónimo en xenitivo plural neste caso, debúxase mesmo unha posíbel discrepancia na intitulación de cada un dos *principes* nomeados nela. Xa se trataron estas cuestións, verbo ás que se identificou o paralelismo epigráfico, en concreto o da estela da Veiga e a dos *milites* de Lugo, como único argumento razoábel –embora obviamente non definitivo– para a súa reconstrución, que resulta na dobre e indistinta lectura *princeps Copororum* (§1, 3). Abofé, postularmos agora a presenza dun etnónimo en xenitivo como carácter común do *principatus* galaico depende en realidade dunha hipótese previa. Por iso, cómpre recoñecermos que o único seguro é a presenza do etnónimo en xenitivo no *princeps Albionum*, que semella evidente a presenza do etnónimo *Coporus* no segundo dos *principes* de Lugo, e que a lectura deste etnónimo en xenitivo plural, canda a súa extrapolación ao primeiro, non é lamentabelmente máis ca unha reconstrución plausíbel. Particularmente, atopo esta a solución idónea, segundo defendín no seu momento, en consonancia, de feito, coa xeneralidade da crítica epigrafista e historiográfica; de xeito que a manterei nas miñas ulteriores análises: un *princeps Albionum* e dous *principes Copororum*. Mais en rigor isto non constitúe un feito incontrovertíbel, de xeito que cómpre explicitalo canda menos neste capítulo adicado a avaliar a entidade conceptual do noso obxecto de estudo.

Finalmente, as epígrafes principescas galaicas teñen tamén en común a mención de *castella* como concreción da *origo* dos *principes*. Outra volta, isto non está especificado máis que para o *princeps Albionum*, do *castellum Cariaca*, e o primeiro dos de Lugo, do *castellum *Circinum*. Porén, a todas luces cómpre sobreentender que o segundo *princeps* de Lugo tería pertencido a este mesmo *castellum*, debéndose a ausencia da súa especificación a unha simple omisión por redundancia. Unha alternativa, con todo, sería valorar a residencia luguesa do segundo *princeps*, segundo semellan suxerir Mª. D. Dopico e J. Santos[1]. Ao meu ver, nesta cuestión, dende logo

1 M. D. Dopico Caínzos & J. Santos Yanguas, 2017, pp. 715-716.

inverificábel, o elemento de xuízo máis relevante é o paralelismo cos demais *principes*, do que derivaría a residencia nun *castellum*. Mais a hipótese dunha residencia luguesa, ao meu ver errónea, ten de calquera xeito notábeis implicacións que, outra volta, cumprirá explorar noutro momento (§§8, 1-2).

### 3.2. O *principatus* na súa historia léxica

Dentro do ámbito xeográfico da *Callaecia* abundan en diferentes épocas as referencias ao termo *princeps* ou á súa familia léxica, nas que efectivamente se incardinan as mencións epigráficas xa estudadas, que poden recibir a honra de constituíren o primeiro testemuño da penetración deste termo latino na nosa terra. Semellante feito lingüístico se cadra teña algún interese filolóxico, pero dende logo resulta esencialmente indiferente para o noso propósito estritamente histórico. Porén, para historiarmos o *principatus* cómpre contextualizalo, e isto inclúe o léxico que o designa.

Neste senso, un primeiro grupo destas referencias aparece xa na propia *Callaecia* romana, e dun xeito verdadeiramente abondoso: os miliarios con mención aos títulos imperiais *princeps* e *princeps iuuentutis*[2]. A total desvinculación destas referencias alusivas ao emperador e á súa familia cos *principes* indíxenas obxecto do presente ensaio é dabondo obvia e coido que non require de ningún comentario adicional.

Un segundo testemuño epigráfico atopámolo nunha interesante lápida achada hai uns anos na Coruña (est. 3A)[3]:

D M S
D STATOR
IO PRINC
IPI ET FELICI L
IB FORTVNA
TVS EXSAC
TOR

Obsérvase, repartida entre dúas ringleiras, a mención PRINCIPI, forma en dativo de *princeps*. Malia presentar esta epígrafe algunhas dificultades intrínsecas, dende logo non se pode extraer dela a mención dun título asimilábel ao *principatus* galaico nin ao imperial; embora teña xurdido algunha voz a prol da primeira opción[4].

2 Pode resultar ilustrativa esta listaxe, non exhaustiva, tomada do completo catálogo *CAIR*, nºs. 13; 103; 134; 148; 156; 172; 199; 245; 289; 349; 367; 431; 433; 453; 461; 468; 530.

3 *HEp* 14, 2005, 166 = *AE* 2005, 844.

4 Por exemplo, suxíreo A. Freán Campo, 2018, p. 326, mais sen fornecer argumentos que fagan dubidar da idoneidade da interpretación estándar arriba desenvolvida.




Estampa 3. Máis epigrafía principesca

Principais pezas epigráficas mencionadas no texto: lápida dos libertos da Coruña (A); moio de Ponte Puñide (B); estela de Valmartino (C); e *tessera* de Paredes de Nava (D). Sen relación de escala. Editadas a partires dos debuxos e fotografías de A. Rodríguez Colmenero, 2005 (A); L. García (Zaqarbal) no repositorio dixital Commons Wikimedia (B); J. Mangas & D. Martino, 1997 (C); A. García y Bellido, 1966 (D).

En realidade, temos aquí a todas luces, simplemente, a mención *Princeps* como antropónimo. Seguindo a proposta de A. Rodríguez Colmenero, cumpriría ler esta epígrafe *d*(*iis*) *M*(*anibus*) *s*(*acrum*) | *d*(*efunctis*) *Stator|io Princ|ipi et Felici l|ib*(*ertis suis*) *Fortuna|tus exsac|tor*[5]. A grafía D da segunda ringleira poderíase, con todo, desenvolver tamén como *d*(*edit*) ou mesmo *D*(*ecimus*), e constituír neste caso outro antropónimo. Sexa como for, a epígrafe semella a adicación funeraria do *exactor* Fortunato a varios libertos, un deles chamado *Princeps*.

O derradeiro exemplo do emprego deste lexema latino na *Callaecia* romana atópase no moio de Ponte Puñide[6]. Non é este o lugar onde analizarmos o devandito documento, excepcional tanto dentro do limitado rexistro epigráfico galaico como a nivel hispano e mesmo imperial romano. Avancemos simplemente que, como o seu propio nome indica, se trata dun *modius*, recipiente romano para áridos, cun substancioso campo epigráfico (est. 3B). Nin sequera, coma no caso anterior, resulta significativa a reprodución da epígrafe, xa que a mención que agora interesa non presenta problemas de lectura nin de interpretación. O moio, empregado deica o 364/375 para a exacción fiscal en especie, contén simplemente a mención de dous *principales*, Potamio e Quenciano, que certificarían a legalidade dos seus pesos e medidas. Este título *principalis* fai referencia aos membros do núcleo de primeira dignidade das curias municipais, que no Baixo Imperio tenderon a concentraren as funcións tradicionais do devandito órgano político[7]… Malia a analoxía léxica, tales *principales curiae* nada teñen que ver cos *principes* indíxenas obxecto do presente estudo, anteriores á latinización xurídica e xa que logo alleos a todo potencial contexto municipal entre os albións e os cóporos (cfr. §§3, 4 e 10, 4-5). Emporiso, a aparente ubicación de Ponte Puñide na precisa área de asentamento dos cóporos (cfr. §5, 1) supón unha feliz coincidencia arredor da que cumprirá voltar no seu momento (§10, 4).

Case poderiamos deixar aquí o tema da historia léxica do termo *princeps* na *Callaecia*, con resultados negativos verbo a calquera paralelo potencial co *principatus* indíxena do século I d.C. (véxase táboa 1), se non fose porque unha das numerosas interpretacións desta realidade social –de feito a máis orixinal de todas– a vincula ao título nobiliario medieval homónimo. En efecto, como se lembrará, A. Pena Graña ten asimilado ambos os títulos principescos, romano e medieval, a unha mesma institución: un dos oficios soberanos das comunidades locais galaicas (§2, 2).

Neste senso, o emprego do título *princeps* na nosa documentación medieval, aínda referente polo común ao monarca, abrangueu tamén a nobreza. Isto fica dentro da polisemia convencional do termo, embora nalgúns casos –e aquí leva razón

5 A. Rodríguez Colmenero, 2005, p. 884.

6 *CIRG* I, 87.

7 Cfr. A. Martínez Salazar, 1913, p. 183; R. de Ureña, 1915, p. 502; L. A. Curchin, 2014, p. 289; M. Fernández Calo, 2017, pp. 34-35.

| FONTE | LUGAR | MENCIÓN | INTERPRETACIÓN |
|---|---|---|---|
| *AE* 2005, 884 | A Coruña | *Principi* | liberto chamado *Princeps* |
| *CIRG* I, 87 | Ponte Puñide | *principales* | *principalis curiae*, cargo municipal |
| J. Mangas e D. Martino, 1997 | Valmartino, Cantabria | *princeps Cantabrorum* | *principatus* peregrino coma o galaico |
| J. Mangas e J. Vidal, 1989 | Pedrosa del Rey, Castela e León | PR | probábel abreviatura de *praecepto*, non de *princeps* |
| *CIL* II, 5762 | Paredes de Nava, Castela e León | PR? | probábel lectura errónea do concepto xurídico celtibérico *k*(*a*)*r* |

Táboa 1. Paralelos expresivos do *principatus*.

A. Pena Graña– o título semella dotado dunha clara dimensión institucional. Por exemplo, un certo *Segeredus princeps terre* confirmou en 1088, significativamente canda dous bispos, a carta de fundación do mosteiro de San Isidro de Callobre[8]. Este *princeps* identifícase con Sexeredo Aloito, "no seu tempo un dos homes máis ricos da Galiza", para quen o título principesco enfatizaría o seu prestixio social[9]. Outro exemplo, ben significativo por definir tamén unha función pública, atópase nunha cláusula estipulada por Ordoño II na carta de fundación do mosteiro de San Salvador de Lérez, a comezos do século X[10]. Aquí o *princeps terrae*, o encargado de gobernar a terra (*terram imperare*), figura entre as dignidades públicas, a carón de soldados, reis e bispos, requeridos a deixaren "libre e tranquilo" (*liberis et quietum*) o mosteiro recén fundado.

Dende logo, a figura do *princeps* aparece na nosa documentación medieval como autoridade local suprema, cabeza de *terra*, a cal non é nin máis nin menos ca unha entidade política derivada da evolución secular das comunidades locais galaicas, do pobo castrexo á *ciuitas* romana, ata o *pagus* suevo e o *territorium* visigodo[11]. O título *princeps* non é nin moito menos o principal para designar esta realidade socio-política[12], pero do que non hai dúbida é de que efectivamente a designou. Deste

8 *HISC* III, ap. vi, p. 36. A data, atribuída erroneamente polo insigne coengo e historiador compostelán ao 1092, recuouse ao 6 de setembro de 1088 no máis recente estudo de J. L. López Sangil, 1995, pp. 19 e 24.

9 Cfr. J. L. López Sangil, 1995, p. 19.

10 *ES* XIX, p. 355.

11 Véxanse F. López Cuevillas & R. de Serpa Pinto, 1933-1934, p. 293; M. C. García Martínez, 1972a; M. Fernández Calo, 2015; *id.*, 2018, pp. 303-304.

12 Por exemplo, *tenente* e *comes* son máis comúns na documentación, e consecuentemente tamén nos estudos medievalistas: cfr. F. López Alsina, 1988, pp. 220-236.

xeito, o *princeps* medieval, cabeza de *terra*, presentaría unha analoxía indiscutíbel co *princeps* indíxena da Romanidade temperá, cabeza de *populus* segundo moitos estudosos (cfr. §2)[13].

Pódese extraer disto unha verdadeira relación xenealóxica? Ao meu ver a resposta é contundentemente afirmativa en termos sociais, pois estes *principes* medievais derivan dunhas elites sociais que se desenvolveron ao longo da Romanidade, se fusionaron con meirande ou menor fortuna cos continxentes xermánicos, e dende logo sobreviviron ao colapso do reino visigodo. Mais en termos institucionais, que é o que propón A. Pena Graña, a resposta é ben distinta: nada suxire a pervivencia medieval dunha institución presente xa no século I d.C. e, lémbrese, segundo boa parte da historiografía –incluído A. Pena Graña– dende antes da conquista romana, ao longo de case un milenio de completo silencio documental. É certo que o devandito A. Pena Graña ten moderado este severo hiato temporal coa hipótese dunha cronoloxía serodia, do século IV d.C. en adiante, para a estela da Veiga, e se cadra isto poida dar certa apariencia de solidez á súa interpretación; pero xa vimos que semellante presunción cronolóxica bate frontalmente coa máis elemental análise epigráfica da peza (cfr. §§1, 4-5). O punto de partida é claro: todo postulado a prol da relación xenealóxica entre a institución do *principatus* indíxena e o medieval implica concibir a súa permanencia non documentada entre, canda menos, o século I e o IX d.C.

Por suposto, o problema non é que carezamos de fontes, senón que estas non se refiren en absoluto a *principatus* ningún á cabeza das comunidades locais. Neste senso, todas as mencións de *principes* do derradeiro literato galaico-romano, Hidacio de Chaves, refírense, como sería previsíbel, a emperadores romanos[14]. A época sueva asiste a unha desaparición do termo na documentación nativa, cando os monarcas son referidos invariabelmente co título *rex* nas actas conciliares[15]; o cal podemos entender indicativo do seu tratamento formal ordinario. De feito, este mesmo título repítese na epigrafía da época, como ilustra a doazón de Marispalla[16]. Só no discurso de Teodomiro, preámbulo apócrifo do *Parroquial suevo*, no que se dá noticia dun presunto concilio reunido en Lugo no 569 para reorganizar as demarcacións eclesiásticas do Reino, o devandito monarca é intitulado *princeps*[17]. Discútese, en efecto, a historicidade deste fragmento documental, sobre todo dende que o padre P. David o atribuíse a unha falsificación medieval interesada[18]; embora isto non teña

13 Neste mesmo ensaio defenderase unha postura análoga arredor do obxecto social sobre o que se exerceu o *principatus*: §4, 2. Arredor dos antigos *populi* ou *ciuitates* da *Callaecia*, véxanse §§5, 3-4.

14 Hyd., *Chron.*, 154 [146]; 157 [149]; 162 [154]; 164 [157]; 169 [162].

15 Cfr. *Conc. Brac.* I e II, *subscriptiones*.

16 *IHC*, 135.

17 *Par. Suev.*, *praefatio*.

18 P. David, 1947, pp. 65-66.

impedido que outros autores, entre os que me inclúo, asumisen dun xeito máis ou menos explícito a súa veracidade[19]. Mais do que non hai dúbida é de que este texto non se corresponde a unhas actas conciliares xenuínas senón, se acaso, a un compendio posterior das mesmas[20]; de xeito que a súa mención do título *princeps* poderíase deber a un convencionalismo terminolóxico propio do intre no que tal compendio foi reelaborado, e non necesariamente á titulatura rexia vixente no período suevo.

Neste senso, semella que o termo só volvería ser recuperado pola realeza despois da conquista visigoda. Segundo S. Teillet, o fito atoparíase na conversión ao catolicismo de Recaredo, enmarcado na nova dimensión ideolóxica da monarquía:

> Atopamos [o título *princeps*] por primeira vez, ao parecer, aplicado ao rei converso Recaredo: así, *gloriosissimus princeps*, *serenissimus princeps*, *sanctissimus princeps*, *religiosissimus princeps*, etcétera. Nestas fórmulas imitadas da titulatura imperial, o termo *princeps* aparece empregado as máis das veces canda un superlativo, a xeito de expresión solemne e impersoal[21].

A partires disto, o título atopará un amplo desenvolvemento na monarquía visigoda, sempre dirixido a enfatizar a dignidade do oficio rexio[22]. O emprego visigodo do termo *princeps* semella xa que logo unha readaptación do título imperial, vinculándose esencialmente á monarquía, como parte da súa tendencia deica a *imitatio Imperii*. As elites sociais, locais ou supra-locais, fundiarias ou burocráticas, recibiron pola contra outras denominacións, tanto de orixe romana como máis xenuinamente visigodas: *uiri inlustres*, *uiri clarissimi*, *potentes*, *honestiores*, *senatores*, *nobiles*, *seniores*, *primates*, *optimates*, *proceres*, *magnates*, *maiores*, ou, simplemente, *Gothi*[23].

Este uso conectará directamente coas convencións terminolóxicas das formacións políticas post-visigodas; e nomeadamente cos soberanos galaico-asturianos, que dende moi axiña o adoptarán. Porén, paradoxalmente, os medievalistas adoitan explicar este feito polo poder circunstancial de Paio e os seus sucesores, que non terían sido verdadeiros monarcas, *reges*, senón caudillos locais, *principes*:

> Hai razóns para pensar que a utilización de *princeps* no canto de *rex* [… se] corresponde con exactitude á posición real de Paio aos inicios da súa xefatura. Perante todo destaca a coherencia desta denominación de *princeps* coa situación real na que a mesma crónica nos presenta a Paio na véspera da batalla de Covadonga. Alí Paio aparece *cum sociis suis*; expresión que exclúe a relación de preeminencia política propia dun monarca fronte aos seus súbditos. Máis ben Paio aparece coma o xefe

---

19 A. Barbero, 1992 (1989), pp. 183 ss.; B. Cañizares del Rey, 2007; J. de Alarcão, 2015, p. 36; P. C. Díaz Martínez, 2011, p. 230; M. Fernández Calo, 2016b, pp. 132-133.

20 B. Cañizares del Rey, 2007.

21 S. Teillet, 1986, p. 420.

22 Cfr. M. R. Valverde Castro, 2000, pp. 155 e 197-198.

23 J. Sánchez-Arcilla Bernal, 2005, p. 13.

> dun grupo guerreiro escasamente xerarquizado onde a única preeminencia se basea na responsabilidade que o conxunto dos iguais ou *socii* tivese depositado nel. [...] Máis do que un poder monárquico, trátase dunha xefatura militar que nos remite a estruturas socio-políticas de carácter tribal alleas a plasmacións institucionais de poder que se poidan asimilar dalgún xeito á monarquía propiamente como tal[24].

Arredor do poder circunstancial de Paio que atinadamente identifica aquí J. M. Mínguez a través de expresións concretas das crónicas asturianas, nada hai que obxectar. Porén, esta noción non ha de ser nin moito menos argumentada a través da titulatura *princeps* do insigne caudillo asturiano, vieiro tan popular entre os medievalistas[25], caro ao vello tópico historiográfico do «indixenismo» ástur-cántabro[26], e mesmo favorábel, polo que aquí importa, á noción da longa pervivencia dun *principatus* indíxena. Pola contra, este factoide ten sido impugnado hai xa dúas décadas por A. Besga, que lle reprobou, nomeadamente, dous atrancos tan simples como inapelábeis: na Tardoantigüidade hispana, os títulos *rex* e *princeps* foron equivalentes para a monarquía visigoda, e non se testemuña ningún destes títulos entre os dirixentes locais cántabro-ástures da época[27]. Certamente, aquí entramos xa noutra controversia: a da herdanza visigótica no reino galaico-asturiano medieval... Formulando así o problema, evidénciase que excede en moito o limitado propósito do presente ensaio; pero non por iso habemos de evitalo.

Tentarei ser breve: ao meu ver, o apriorismo do indixenismo ástur-cántabro, dirixido a conectar o *principatus* de Paio cunha suposta xefatura étnica non documentada na Tardoantigüidade senón, se acaso, na máis temperá Romanidade, resulta a todas luces inxustificábel perante a evidencia extraída da terminoloxía tardo-visigoda vixente, literalmente, na década anterior á batalla de Covadonga, cando *princeps* e *rex* foran sinónimos. Coido que isto non significa necesariamente admitir a discutíbel herdanza monárquica visigótica dende Paio, xa que as primeiras crónicas asturianas proceden precisamente da contorna cortesá de Afonso III, e o título *princeps* que estas quixeron dar ao fundador do Reino pode estar imbuído, xa que logo, polo neogoticismo do seu tempo. E outra volta, isto non implica tampouco desbotar a caudillaxe circunstancial de Paio nin a sospeita de que as crónicas pretendesen enfatizar co título *princeps* o seu mero papel de *primus inter pares*, xa que dende logo o que non desbota a preceptiva atención á terminoloxía política visigoda, é a semántica latina ordinaria deste termo.

Mais a dúbida que nos interesa, das que poden xurdir ao abeiro de todo o exposto, é se o *principatus* medieval galaico, que denominou indistintamente á realeza e á

24 J. M. Mínguez Fernández, 1991, p. 76.
25 Cfr. L. R. Menéndez Bueyes, 2001, p. 59, n. 178, cunha escolma bibliográfica verbo a esta interpretación.
26 Véxase, nomeadamente, o clásico estudo de A. Barbero & M. Vigil, 1984.
27 A. Besga Marroquín, 2000, pp. 243-244.

alta nobreza, bebe das connotacións terminolóxicas visigodas ou ben dalgunha acepción dentro da polisemia ordinaria do termo. Certamente, non é ao presente ensaio a quen lle corresponda resolver este dilema; pero permitireime apuntar que verbo á adopción esporádica do título *princeps* entre a nobreza medieval galaica emerxen dúas ideas potencialmente complementarias: o seu carácter enfático, ao conectar coa propia titulatura rexia, e a mera semántica latina ordinaria do termo, alusiva ao papel de *primus inter pares* entre a nobreza local dunha *terra*. Non hai razón, pois, para procurarlles aos *principes terre* da Galiza medieval vínculo directo ningún co *principatus* do século I d.C.

De feito, para o medievalismo portugués, a adopción do título *princeps*, canda outros, perfílase como unha tendencia de prestixiamento moi específica desenvolvida sobre todo entre as familias de infanzóns que dende o século XI darían sancionado o dominio xurisdicional das súas castelanías fronte ás grandes casas condais. Así, A. M. C. Lima, levando máis aló as pescudas de J. Mattoso, ten argumentado que a adopción do título *princeps* por parte destes señores, cando de feito se conxuga a outros tales coma *dominator* ou *imperator*, e á denominación dos seus castelos como *ciuitates* ou *oppida*, vencéllase evidentemente a unha evocación enfática do pasado, que conectaría á nobreza emerxente do ano mil… cos grandes propietarios romanos[28]. A teimosa recorrencia ao indixenismo, en fin, evidénciase simple resultado da valoración parcial dos elementos de xuízo dispoñíbeis.

Polo demais, o nexo entre o *principatus* medieval galaico e a realidade social homónima do século I d.C. vese indefectibelmente empecido polo hiato de case un milenio no que non se documenta na *Gallaecia*. Mais desbotar este nexo *ex silentio* sería dialecticamente falaz, e de feito innecesario, pois contamos cunha sólida razón obxectiva: a propia singularidade histórica da época na que o *principatus* indíxena se constata, con fondas diferenzas xurídico-políticas fronte ás posteriores.

En efecto, a epigrafía principesca da *Callaecia* procede dunha etapa concreta da súa historia social, política e xurídica: a etapa «peregrina». En Historia romana, este concepto é sinónimo de «estranxeiro», e fai referencia a persoas ou colectivos non privilexiados, carentes da cidanía latina ou romana recoñecida pola República ou os emperadores. Esta é a situación xurídica da totalidade das comunidades galaicas, agás probabelmente as cidades de Braga e Lugo[29], ata a latinización xurídica flaviana, na década do 70 d.C.[30] Por iso, a «etapa peregrina» abrangue na *Callaecia* todo o lapso histórico entre a conquista romana, producida entre os séculos II e I a.C. (cfr. §8, 2), e o último terzo do I d.C. Neste réxime peregrino atopamos aos albións, aos cóporos, e dende logo aos *principes* indíxenas da nosa documentación.

28 A. M. C. Lima, 1993, p. 275.

29 P. Le Roux, 1996, p. 366.

30 J. Mangas Manjarrés, 1996, pp. 59-60; M. Fernández Calo, 2018a, pp. 118-122.

A «etapa peregrina» sitúanos perante un panorama ambivalente, caracterizado tanto pola pervivencia dos usos e costumes anteriores, como por transcendentais innovacións estruturais[31]. *A priori* resulta incerto atribuírmos o *principatus* a unha ou a outra faceta desta etapa, cuestión verbo á que, como vimos, non existe consenso historiográfico; embora si unha ampla maioría de investigadores a prol da noción da «pervivencia indíxena» (cfr. §2). Mais non é aínda o intre de decantármonos por esta ou outra posibilidade, nin de afondarmos na caracterización desta época na *Callaecia*, o que deixarei deliberadamente para máis adiante, cando teñamos fornecido unha lectura unívoca do *principatus* e cobre sentido contextualizalo na súa sociedade histórica[32]. Emporiso, si cómpre sinalar agora que durante o milenio que seguiu á desaparición deste *principatus* «peregrino» da nosa documentación sucedéronse decisivos procesos de mutación constitucional e reformas administrativas entre as comunidades locais da *Callaecia*. Eu mesmo teño adicado toda unha batería de traballos a este asunto, obxecto do meu proxecto de doutoramento, os cales coido que demostran que a constitución civil dos pobos galaicos[33], a municipalización[34], a evolución e perda de influencia social do *municipium* baixo-romano[35], as caudillaxes circunstanciais co colapso das estruturas imperiais romanas[36], a difusión e mestizaxe de institucións xermánicas[37], ou a señorialización tardo-antiga[38], son todos procesos políticos que atopan unha plasmación máis ou menos sistemática, pero patente, no noso rexistro histórico rexional.

En efecto, non hai que argumentar *ex silentio* a imposibilidade de que o *principatus* indíxena do século I d.C. sobrevivise mil anos ata reaparecer de súpeto na documentación medieval. Non: simplemente, as fondas transformacións, ben documentadas, que as comunidades locais galaicas experimentaron durante eses mesmos mil anos, desbotan por si mesmas toda posíbel supervivencia dunha institución que tivese que pasar sucesivamente por réximes constitucionais e administrativos tan diversos; sobre todo se, como se adoita pensar, tivera un papel realmente preponderante no entramado organizativo de tales comunidades.

A familia léxica de *princeps* atopa, como se comproba, unha ampla incidencia na documentación histórica da *Callaecia*. Como vimos tamén, esta pode chegar a ser unha cuestión moi complexa, na que se mesturan, sobre todo deica a época

31 M. Fernández Calo, 2016a. Cfr. E. Melchor Gil, 2010, p. 185, para o contexto xeral hispano.

32 Véxanse §§5, 3 e 5, 5 para o contexto xurídico-político; §4, 3 para a cuestión do indixenismo; §9 para o contexto arqueolóxico e socio-cultural; §10, 5 para a evolución institucional.

33 M. Fernández Calo, 2016a.

34 *Id.*, 2018b.

35 *Id.*, 2017, pp. 26 ss.

36 *Ibid.*, pp. 37-39.

37 *Id.*, 2018a, pp. 254-255 e 296 ss.; 2019, pp. 64-69.

38 *Id.*, 2018a, pp. 255-256; 277-278; 283 ss.; 310-312.

medieval, algúns *tópoi* de amplo predicamento pero decote erixidos sobre factoides máis do que sobre feitos contrastados. Estes *tópoi* son resultado, sen dúbida, da falta de perspectiva dalgunhas achegas, que teñen afrontado a cotío algúns problemas históricos atendendo a só parte dos elementos de xuízo dispoñíbeis, nomeadamente limitándose a sectores cronolóxicos moi definidos e pechados sobre si mesmos. Esta mesma falta de perspectiva é a que se pretende superar no presente capítulo, e neste apartado en concreto, coa análise diacrónica da voz *princeps* na documentación galaica. O seu resultado, podemos xa postulalo decididamente, é que non existen referencias posteriores a *principes* que poidan ser asimilábeis á mesma realidade social cá referenciada na epigrafía principesca do século I d.C. Os nosos *principes* fican, pois, inequivocamente singularizados a nivel cronolóxico na propia documentación galaica.

### 3.3. A veciñanza do *principatus*

Os paralelos máis inmediatos do *principatus* galaico son, evidentemente, todas as demais referencias coetáneas de *principes* asimilábeis á mesma realidade social. Isto desbota, obviamente, mencións análogas a *principes* imperiais ou feudais, *principales curiae*, ou *nomina* latinos coma os que vimos de tratar (§3, 2).

Si amosan un paralelismo claro os *principes* «peregrinos» de época romana. Como termo de uso común do léxico latino, os autores antigos empregaron amplamente o título *princeps* para designaren certos notábeis pertencentes ás oligarquías locais, habitualmente –seguindo os estándares da historiografía romana– en relatos vencellados a episodios bélicos. J. F. Rodríguez Neila atopa en Tito Livio unha ilustrativa escolma de referencias co gallo da segunda guerra púnica: *principes* aretinos, locrenses italiotas e púnicos[39]. Porén, na península ibérica, como así tamén acontece na Galia[40], este grupo de referencias fica absolutamente protagonizado polo *corpus* cesariano, o conxunto de obras atribuídas real ou apocrifamente a Xulio César, referentes ás guerras libradas por este relevante persoeiro histórico no século I a.C. Como xa temos visto (§2, 4), J. F. Rodríguez Neila exemplifica as referencias hispanas cos *principes* de Osuna, cidade daquela estipendiaria, e Cádiz, federada, que farían indistintamente referencia a oligarquías urbanas vencelladas, en termos políticos, á participación nos *senatus* locais[41]. Na Galia isto non semella tan claro, e de feito L. Lamoine ten identificado unha nutrida escolma de referencias literarias e epigráficas de *principes* e á súa derivación *principatus* nas que sería máis

39 J. F. Rodríguez Neila, 1998, p. 118, n. 46. Cfr. Liv., *A.U.C.* XXI, 2, 4 e 60, 7; XXIII, 30, 8; XXVII, 18, 20 e 24, 4; XXXII, 26, 5.

40 Para un cómputo destas referencias de *principes* galos no *corpus* cesariano, véxase A. C. Johnston, 2017, p. 363, n. 18.

41 J. F. Rodríguez Neila, 1998, p. 118, facendo referencia a Caes., *B.H.*, XXII; *B.C.*, II, 20, 2.

ou menos patente a súa equivalencia non a unha dignidade social compartida senón á maxistratura suprema dalgunhas comunidades[42]. Ademais, na Galia, sobre a que voltaremos a cotío, o título *princeps* vai ter unha acepción sensibelmente diferente á «civil», designando preferentemente unha realidade máis «militar» ou, se se quere, «feudalizante»: nobres con capacidade de mobilizaren clientelas militares (cfr. §§6, 2 e 9, 4). É este o caso, por certo, do *princeps* celtíbero Alucio (§4, 4).

O testemuño de *principes* peregrinos na literatura latina desta época debuxa en primeiro lugar unha conclusión por enteiro obvia, embora non exenta de significancia: o emprego do termo por parte de autores romanos atende á súa semántica convencional e xa que logo incorre na súa mesma polisemia. Os notábeis urbanos vinculados dun xeito seguro ou presumíbel a *senatus* locais aducidos por J. F. Rodríguez Neila en Italia, África e a península ibérica, difiren claramente da maxistratura suprema que L. Lamoine prefire ver na Galia; e ambas as acepcións «públicas» opóñense asemade á «privada» do *principatus* como padroeiro de clientelas militares. Unha segunda conclusión é que, embora os *principes* peregrinos fiquen amplamente testemuñados na literatura latina, non acontece así, nin de preto, na contorna inmediata da *Callaecia*, levándonos os exemplos máis próximos ao sur e ao leste da península ibérica. Pódese concluír, xa que logo, que o *principatus* galaico atopa efectivamente moitos paralelos na literatura latina; mais estes, por unha banda, ofrecen caracterizacións diversas, e pola outra obvian por completo a *Callaecia* e a súa contorna inmediata.

De calquera xeito, non é a literatura latina, senón a propia epigrafía, a que aporta os paralelos máis inmediatos, tanto en clave xeográfica como, máis significativamente, sociolóxica. Abofé, estoutro soporte proporciona non unha visión externa do rol social de determinados persoeiros, senón a súa propia visión particular ou, canda menos, a de persoas pertencentes á súa mesma sociedade que quixeron honralos nas epígrafes. Estoutro grupo de mencións documentais si que atopa unha plasmación vindeira á *Callaecia* antiga, xunguindo ata tres documentos á epigrafía principesca galaica, que conxuntamente conformarían unha área de distribución única, fortemente singularizada no recuncho noroccidental da península ibérica[43].

O primeiro, máis claro e se cadra abraiante destes testemuños é estela de Valmartino (est. 3C), xa tantas veces referida no capítulo anterior, por ter, como se lembrará, inducido a cotío a súa plena asimilación coas mencións galaicas (§§2, 3 ss.). O texto desta inscrición, achada na antedita pedanía pertencente a Cistierna, Castela e León, no ámbito dos antigos cántabros vadinienses, é o seguinte[44]:

42 L. Lamoine, 2009, pp. 74-89, con referencia a Caes., *B.G.*, I, 9; V, 41: VII, 4; VII, 37; VII, 39; 65; VII, 88; VIII, 12; *B.C.*, III, 59.

43 Cfr. L. Blöck & *al.*, 2016, p. 503, que a computan entre as catro grandes áreas do Imperio Romano con presenza de *principatus* indíxenas testemuñados.

44 *ERPLe*, 374.

DOVIDER
RVS · AMPA
RAMI · F · PR
INCPS · CA
NTABRORV
M · H · S · E · DE
OBRIGI · F · P
M

A epígrafe non ofrece problemas de lectura, agás pola penúltima ringleira. A asimilación do título co defunto é nidia: *Douiderus Amparami f(ilius) princ(e)ps Cantabrorum h(ic) s(itus) e(st)*, "Dovidero, fillo de Ampáramo, *princeps* dos cántabros, xace aquí". A grafía M que pecha a epígrafe refírese a *monumentum*, ou sexa, a propia estela; e ao seu abeiro cómpre interpretar a ringleira precedente. Como ben sinalaron os propios editores orixinais da peza, J. Mangas e D. Martino, son posíbeis tanto a lectura *f(ilii) p(osuerunt)*, "os fillos puxérono", ou *f(ecerunt et) p(osuerunt)* "fixérono e deixárono"[45]. Tales posibilidades correspóndense asemade a cadansúa interpretación sintáctica arredor da mención *Deobrigi* que antecede as devanditas abreviaturas:

1ª.– un xenitivo singular, ou sexa, uns *Deobrigi filii* ou *filius*, o fillo ou fillos dun tal **Deobrigus*;

2ª.– un nominativo plural, do que se derivarían uns *Deobrigi*, xa constituísen estes unha *gentilitas*, un *castellum*, unha comunidade étnica ou simplemente os habitantes dun poboado **Deobriga*, que *fecerunt et posuerunt* a lápida.

A incerteza, que obrigou aos editores a consignaren indistintamente ambas as lecturas, pode ilustrarse no feito de que reproducións posteriores basculen entre elas sen moito detemento[46]. De calquera xeito, como xa ben teñen apuntado os editores orixinais, o topónimo *Deobriga* –e *Deobrigula*– fica ben testemuñado noutros puntos da *Hispania* indoeuropea[47], namentres a partícula *-briga* resulta a todas luces anómala nun antropónimo. Coincidindo co xuízo doutros autores, ao meu ver estas circunstancias apoian a fórmula *fecerunt et posuerunt*, insólita a nivel epigráfico pero válida a nivel lingüístico, como a solución idónea[48].

---

45 J. Mangas & D. Martino, 1997, p. 327.

46 Así, por exemplo, P. Le Roux, 2003, p. 173, opta por *filii* e A. C. Johnston, 2017, p. 239, por *fecerunt*, engadindo indistintamente unha interrogante pero eludindo argumentaren a súa escolla.

47 Ptol., *Geog.*, II, 5, 7; 6, 51-52.

48 J. de Alarcão, 2003b, p. 97; M. C. González Rodríguez, 2005, p. 99.

Moi preto de Valmartino, en Pedrosa del Rey, Riaño, dérase a coñecer uns anos antes outra lápida cun posíbel título principesco[49]:

D M M P
COR NE CIVES
VAD EX PR EOR
CON[-]IVENTIVM
BODERO SDV
BLEGINO H AMI
SVO PLV MIN
ANORVM XLV

Como se observa, estamos outra volta perante unha epígrafe de tema funerario, na que agora se mencionan dúas persoas: a primeira en nominativo, como evidencia a voz *ciues*; e a segunda en dativo. Por esta razón, semella razoábel considerar a este o defunto e a aquel o adicante: *d*(*iis*) *M*(*anibus*) *m*(*onumentum*) *p*(*ossuit*) *Cor*(*nelius*) *Ne*(*pos*); *Bodero Sdublegino h*(*eres*) *ami*(*co*) *suo plu*(*s*) *min*(*us*) *an*(*n*)*orum XLV*. A fórmula DM empregada apuntaría a unha datación serodia, probabelmente o século III d.C. Porén, no medio destas expresións, máis ou menos estándares, atópase o que para nós constitúe o miolo do texto: a aparente adscrición política do adicante, Cornelio Nepote. Na edición orixinal, J. Mangas e J. Vidal, que consideraban a este o defunto, propuñan ler *ciues Uad*(*iniensis*) *ex pr*(*inceps*) *eor*(*um*) *conniuentium*, co que supostamente se indicaría que o devandito defunto fora antigo *princeps* sobre certas aldeas vadinienses, en caso de ser *conniuentium* equivalente a *conuentum*[50]. Mais xa en 1997, co gallo da publicación da estela de Valmartino, o xa mencionado J. Mangas, canda D. Martino, corrixirían esta lectura por *ex*(*actor*) ou *ex*(*ceptor*) *pr*(*incipis*), co que este Cornelio Nepote pasaría a ser un axente fiscal do *princeps* vadiniense, suxerindo o parentesco deste, precisamente, co *princeps Cantabrorum* da nova inscrición[51].

Sexa como for, estas lecturas carrexarían que o *principatus* cántabro ficase como institución socio-política significativa ata unha data serodia entre os vadinienses, e xa que logo a escasa asimilación desta comunidade ao réxime curial romano, xeneralizado na península ibérica –por municipalización ou *adtributio* municipal das *ciuitates* locais– dende remates do século I d.C. (cfr. §10, 5). Esta interpretación podería así retroalimentar o popular *tópos* historiográfico do «indixenismo» ástur-cántabro, xa antes discutido no que ao *principatus* respecta (§3, 2).

---

49 J. Mangas & J. Vidal, 1989.

50 *Ibid.*, pp. 141-143.

51 J. Mangas & D. Martino, 1997, p. 338-339.

Porén, a base positiva sobre as que descansa tal interpretación resulta a todas luces inconsistente. En primeiro lugar, a segunda lectura de J. Mangas e D. Martino incorre nunha contradición intrínseca, ao asociar os cargos canonicamente municipais de *exactor* ou *exceptor*[52] co axente dun *princeps* entendido como maxistratura indíxena non municipal. Evidentemente, e como lembra L. Lamoine, en contextos municipais o título *princeps* denota perante todo o sentido de notábel urbano[53]. Embora poida haber excepcións a esta regra (cfr. §§6, 1 e 6, 3), no noso caso unha maxistratura canonicamente municipal desbota expresamente a lectura aducida. En efecto, un *exactor* ou *exceptor* non pode ser axente dunha autoridade étnica, senón do propio *municipium*; de xeito que a subseguinte secuencia PR tería que lerse, se acaso, en nominativo, *princeps*, e referirse ao propio *exactor* ou *exceptor* como *princeps ciuitatis*, notábel implicado nos asuntos da súa *res publica*. Restaría por determinar, ademais, o porqué este cargo, de simple designación pública anual, ía figurar nun epitafio.

Emporiso, pescudarmos tales incógnitas se cadra non teña realmente un interese significativo, dada a completa incerteza que arrodea ás mencións *exactor* ou *exceptor* e *princeps* nesta inscrición. En efecto, Mª. C. González Rodríguez ten corrixido a insólita lectura orixinal por *ex pr*(*aecepto*) *eor*(*um*) *conuiuentium*, co que a lápida simplemente referenciaría a implicación de Cornelio Nepote por precepto da comunidade en beneficio do defunto *Boderus Sdlubeginus*[54]. Antóllase realmente difícil fuxir da meirande solidez desta lectura; e se cadra por iso os autores que pretenden seguir identificando un *princeps* en Pedrosa del Rey se limiten a eludila[55]. Non é o caso de D. Martino, un dos responsábeis da identificación do *princeps*, que si se ten sumado a esta corrección[56]. Sen máis, podemos concluír, canda M. V. García Quintela, que "o noso presunto *princeps* tivo una efémera vida bibliográfica da que non cabe agardar que resucite"[57].

Temos finalmente, xa no que na Antigüidade foi territorio váceo, unha das táboas de Paredes de Nava, Castela e León, conservada no museo de Palencia, peza de bronce que representa unhas mans entrelazadas nunha cara, seguindo o costume figurativo das *tesserae* celtibéricas, e un campo epigráfico pola outra (est. 3D):

CAISAROS CECCIQ [PR/KR]
ARCAILO

52 Arredor do funcionamento da fiscalidade municipal baixo-romana, véxase M. Corbier, 2008 (2005). Para unha perspectiva galaica, M. Fernández Calo, 2017, pp. 33-36; *id.*, 2018a, pp. 192-195.

53 L. Lamoine, 2009, p. 69.

54 M. C. González Rodríguez, 1997, p. 110.

55 Así, por exemplo, A. Freán Campo, 2018, p. 326; A. Rodríguez Fernández, 2018, p. 374.

56 D. Martino García, 2012, p. 323, n. 99.

57 M. V. García Quintela, 2002, p. 37.

O texto, malia a súa concisión e precoz catalogación, non está exento de dificultade. Unicamente resultan recoñecíbeis sen problemas as dúas primeiras palabras, *Caisaros* e *Cecciq*(*um*), respectivamente un antropónimo e unha *gentilitas* ou grupo supra-familiar, seguindo os convencionalismos da *origo* persoal celtibérica. Polo demais, o texto ofrece unha lectura latina, observada dende E. Hübner: *Caisaros Cecciq*(*um*) *pr*(*inceps*) *Arcailo*(*m*)[58]. Sería, xa que logo, o *hospitium* entre un particular, honrado co título *princeps*, e a comunidade, arriscaba E. Hübner, dos *Argaeli*. J. F. Rodríguez Neila, pola contra, entendendo tamén latino o texto, opuxo *pr*(*aetore*) *Arcailo*, unha secuencia en ablativo que identificaría só ao maxistrado responsábel de legalizar o pacto[59]. E máis recentemente J. de Alarcão ten argumentado a lectura *princeps Argaelorum*, resultando xa que logo a simple identificación dun particular cun título no que, para el, cumpriría identificar un presunto *castellum Argaelum*[60].

De calquera xeito, hoxe ten cobrado forza a lectura KR no canto de PR na secuencia que pecha a primeira ringleira, e a asimilación deste texto a unha das raras, pero ben documentadas, epígrafes con caracteres latinos pero en lingua celtibérica. Neste caso cumpriría ler *Caisaros Cecciq*(*um*) *k*(*a*)*r Arcailo*(*n*), onde *kar* denota *hospitium*[61], co que tanto o pacto coma as dúas partes implicadas ficarían ben identificadas.

En fin, nesta *tessera* de Paredes de Nava a mención *princeps* é ben insegura, mesmo improbábel; e aínda aceptándoa restaría por determinar a dimensión da súa dignidade social. En efecto, non existe unha interpretación unívoca do texto nin sequera entre as achegas favorábeis á lectura *princeps*: este podería ser tanto o *Caisaros Ceccíqum* sen mención de orixe, ou un *princeps* anónimo do *castellum Argaelum* ou do pobo dos *Argaeli*… ou ben o devandito *Caisaros* identificado con esta procedencia. Neste senso, os *Argaeli* foron unha fracción dos arévacos que posuíu canda menos a cidade de *Uxama argaela*[62]. Neste presuposto, o hipotético *princeps Argaelorum* repetiría o apelativo «étnico» da titulatura principesca galaica… Mais semellante conclusión repousa, certamente, sobre unha base positiva extremadamente fraca, case desbotábel por simple razón do carácter especulativo da serie de hipóteses non verificábeis que a precede.

Aquí remata o cómputo de *principes* indíxenas testemuñados epigraficamente na área de distribución do noroeste hispano, e de feito en toda a península ibérica. Mais a excepcionalidade e isolamento desta área non ha de confundir a valoración da súa coherencia interna. Como se comprobou, o testemuño de *principes* non é seguro, alén dos tres galaicos, máis ca no *princeps Cantabrorum* de Valmartino.

58 *CIL* II, 5762.
59 J. F. Rodríguez Neila, 1998, p. 126.
60 J. de Alarcão, 2003b, p. 73.
61 A. Castellano & H. Gimeno, 1999, p. 370.
62 A. C. Johnston, 2017, p. 117.

Ademais, a potencial titulatura principesca de todos eles toma o seu apelativo de realidades sociais indefectibelmente diversas: *populi* ou *ciuitates*, isto é, comunidades etno-políticas locais, nos *principes* galaicos da Veiga e Lugo e no suposto *princeps* vadiniense de Pedrosa del Rey, fronte á *gens* cántabra, apelativo xenérico compartido por varias comunidades locais, no *princeps* de Valmartino. No caso de Paredes de Nava, aínda asumindo a difícil lectura *princeps*, cumpriría determinar se o seu título se vencellaría a un pobo de proxección supra-local ou local, a un *castellum*, ou ben a unha *gentilitas*.

Nestas circunstancias, resulta certamente abraiante a proxección territorial do *princeps Cantabrorum*, que como tal alude aparentemente aos nove *populi* da antiga Cantabria[63]. Como xa avanzamos no seu momento, J. Mangas e D. Martino coidan que o apelativo se debe ao seu dominio sobre varias comunidades cántabras; concretando, de feito, que o *princeps Douiderus* sería un indicio máis da expansión dos vadinienses deica o val do Sella[64]. Mª. C. González Rodríguez, que admite esta mesma redución xeográfica, invirte en troques a explicación:

> Trataríase [...] duns *Cantabri* moi próximos á *gens Cantabrorum* de Floro que cumpriría pór en relación coa zona occidental do territorio cántabro. [...] Os *Cantabri* da nova inscrición corresponderíanse a unha época na que aínda non estaban individualizados os grupos de poboación que logo coñeceremos por Ptolomeo; caso, por exemplo, dos vadinienses e dos orxenomescos[65].

Fronte a semellante dilema interpretativo, se cadra o máis sinxelo sexa admitir, canda A. Rodríguez Fernández, a simple atribución "hiperbólica" do título[66]. Mais esteamos perante unha atribución certa ou ficticia, efectiva ou pretendida, a discrepancia do *princeps* de Valmartino coa proxección territorial explicitada nos títulos principescos galaicos antóllase evidente e inepelábel. A isto engádese a outra discrepancia cántabra: fronte ao estatuto xurídico peregrino xeral destas mencións, o suposto *princeps* vadiniense de Pedrosa del Rey vencellaríase a un contexto de latinidade ou romanidade xurídica, e mesmo a un curial.

En fin, a coherencia da singular área de distribución de *principes* epigráficos no noroeste da península ibérica resulta empecida polo carácter hipotético das mencións de Pedrosa del Rey e Paredes de Nava, polo diverso rango cronolóxico e xurídico, e pola evidente discrepancia territorial explicitada nos títulos dos *principes* galaicos fronte ao cántabro (véxase táboa 1). Mais alén destas dificultades intrinsecamente

---

63 Plin., *Nat.*, III, 27.

64 J. Mangas & D. Martino, 1997, p. 337. Pode confrontarse unha longa reprodución textual deste traballo no tratamento historiográfico que del fixemos (§2, 6).

65 M. C. González Rodríguez, 2002, p. 314.

66 A. Rodríguez Fernández, 2018, p. 373.

epigraficas emerxe unha diferenza institucional que comina a separación da realidade social reflectida polo *principatus* galaico verbo a estoutros exemplos veciños: a desvinculación do réxime socio-político castrexo da *Callaecia* verbo ao do resto da *Hispania* indoeuropea.

En efecto, as comunidades etno-políticas locais da *Callaecia* estaban constituídas por agregados de *castella*, documentados en mencións epigráficas de carácter tópico que concretaban a *origo* dos individuos. Disto é bo exemplo o rexistro principesco galaico, en cuxas dúas epígrafes se menciona cadanseu *castellum*: *Cariaca* e **Circinum*. Pola contra, en boa parte da *Hispania* indoeuropea, e polo que agora importa entre os cántabros vadinienses, a documentación non fornece senón xentivos de plural, xeralmente interpretados como *gentilitates* ou *cognationes*, que concretaban a filiación dos individuos, e constituíron sen dúbida unidades sociais definidas polo parentesco, non pola residencia, e que tamén temos visto nos exemplos epigráficos discutidos. Voltaremos arredor disto nun vindeiro capítulo (§5, 5); mais polo de agora abonde con sinalarmos que a evidente discrepancia do modelo socio-político que distinguiu ás comunidades peregrinas da *Callaecia* castrexa, por unha banda, das do resto da *Hispania* indoeuropea pola outra, obriga a diferenciarmos tamén o *principatus* galaico do cántabro. Abofé, fosen o que foren os *principes*, a súa dignidade social non podería expresarse do mesmo xeito en réximes socio-políticos dispares… Por iso, e non só pola evidente discrepancia da proxección territorial do *princeps Cantabrorum* fronte aos galaicos, cómpre diferenciarmos ambas as realidades históricas; o que evidentemente non desbota os seus trazos comúns, que máis adiante avaliaremos, canda exemplos de todo o Imperio Romano, á luz dunha común categoría teórica (§6).

### 3.4. O *principatus* no seu contexto institucional

Outro aspecto de fortes implicacións lingüísticas vencellado á entidade do *principatus* é a súa incardinación no campo semántico das institucións e a preeminencia social; caracteres que, como vimos, adoitan protagonizar as lecturas historiográficas ao respecto. Diversas achegas, de feito, tenderon a agruparen os *principes* peregrinos da *Callaecia* entroutras mencións epigráficas coetáneas, presupoñendo para todas elas, malia a súa diversidade, a súa común referencia a unha mesma realidade social.

Voltando inevitabelmente á materia xa tratada no anterior capítulo, a orixe desta tendencia atópase no pioneiro estudo de F. López Cuevillas e R. de Serpa Pinto, xa tantas veces referido, onde, como se lembrará, o *principatus* fora obviado por mor do aínda insuficiente labor epigrafista do seu tempo; mais si que se atenderan un *magistratus* asturicense e un *senator* galaico, sendo interpretados como senllas autoridades

indíxenas[67]. Só restaba que o *principatus* galaico fose interpretado tamén como tal para que se o catalogase na mesma realidade social, o que faría xa X. R. Barreiro[68]. A mesma igualación, moito máis recente, obra no anecdótico tratamento do problema por parte de J. Beramendi[69]; e non dubido, como xa indiquei no seu momento (§2, 6), que sexa por influencia do propio traballo do antedito X. R. Barreiro. Máis significativo resulta que no seu momento J. Santos e J. de Alarcão substituísen a perspectiva «indixenista» pola de representación política entre Roma e as súas comunidades, mantendo a equivalencia semántica entrambos os termos[70]. Máis recentemente, F. J. González volvería reducir indistintamente *magistratus* e *principes* ao modelo de xefatura indíxena[71]. Porén, a achega máis refinada –e categórica– nesta liña é a de M. V. García Quintela, que mesmo ten cuñado o termo, ao meu ver inexacto, de «príncipes galaico-ástures» para abranguer unha serie de mencións institucionais galaicas e ástures, canda as cántabras que vimos de tratar, de *principes* e *magistratus*, para el expresión de «realezas celtas»[72].

A dúbida que xorde é clara: pode ser pertinente semellante igualación semántica dun léxico tan diverso? O certo é que esta tendencia deriva meramente dun apriorismo, consciente ou inconsciente: a presunción de que todas as mencións institucionais «indíxenas» da Romanidade temperá teñan que se adscribir necesariamente a unha mesma realidade social. Porén, como resultaría previsíbel, tal apriorismo é arbitrario, e de feito os matices semánticos que ofrecen os devanditos termos desbotan indefectibelmente a súa equivalencia.

O termo *magistratus* testemúñase na *Asturia* como figura institucional dos *Zoelae* e dos *Lougei*, pobos indistintamente colindantes da *Callaecia* e o segundo fortemente asimilado culturalmente a ela, por se organizar intermente en *castella*[73]. Os *magistratus* ástures aparecen, na década do 20 d.C., confirmando pactos de hospitalidade na *tabula Zoelarum* de Astorga e na táboa do Courel[74]. O propio tema epigráfico, xurídico, é notabelmente diferente ao das estelas principescas da *Callaecia*, funerarias. Pero máis aínda o é a súa semántica, como ben insiste J. F. Rodríguez Neila:

> Hai unha evidente ditinción entre *magistratus* e *principes*. En conxunto [os primeiros] serían aqueles individuos pertencentes ás elites locais. [… Mais] a voz *magistratus* é empregada de forma xenérica polas fontes literarias e epigráficas para se

67 F. López Cuevillas & R. de Serpa Pinto, 1933-1934, p. 292.
68 X. R. Barreiro Fernández, 1984 (1976), p. 98 e n. 13.
69 J. G. Beramendi, 2016, p. 26.
70 J. Santos Yanguas, 1985, pp. 9-10; J. de Alarcão, 1995 (1988), p. 56.
71 F. J. González García, 2011a, pp. 192-193.
72 Cfr. o seu catálogo: M. V. García Quintela, 2002, p. 36.
73 Cfr. M. Fernández Calo, 2016a, pp. 110-111.
74 Respectivamente, *CIL* II, 2633; *IRPLu*, 55.

referiren a quen tiña o poder executivo nas *ciuitates* peregrinas, sendo recoñecido como tal por unha autoridade, a romana, que probabelmente non interfería na súa designación, se cadra en mans dos *senatus* locais[75].

Así, os *magistratus* asócianse indefectibelmente a unha función pública, conformando –coma o seu propio nome e a súa semántica latina ordinaria indican– unha «maxistratura suprema» de carácter republicano e ámbito local[76]. Ao contrario do que vimos cos *principes*, testemuñados singularmente nunha área moi concreta do noroeste da península ibérica, lonxe dos testemuños máis próximos, os *magistratus* ástures forman parte dun rexistro, amplo e contiguo, de mencións epigráficas análogas[77]. Concretamente, da mesma meseta do Douro proceden outras tres *tesserae* con mención de tales *magistratus*, e mesmo en idénticos contextos de legalización de pactos[78]. Simplemente, igualarmos os *magistratus* ástures aos *principes* veciños equivale a descontextualizalos; sobre todo cando, como é o caso, se eluden sistematicamente os seus verdadeiros paralelos expresivos, que non son outros cós demais *magistratus* da epigrafía romana.

Con isto entramos na segunda faceta dos *magistratus* peregrinos, que na *Asturia* coma no resto do Occidente latino reflicten un contexto de desenvolvemento constitucional «civil» en comunidades locais peregrinas, antes da súa municipalización[79]. A tópica igualación entre *magistratus* e *principes* implica, xa que logo, reducir tamén aos segundos a esta caracterización. Porén, isto só sería posíbel no caso de admitirmos a equivalencia dos *principes* galaicos á categoría do *principatus ciuitatis*, e xa que logo a súa identificación como notábeis locais partícipes nos asuntos públicos (cfr. §2, 4). Discutirase no seu momento esta interpretación (§§4, 3-4), se cadra a máis oposta ás preconizadas polos partidarios da equivalencia *princeps-magistratus*, que paradoxalmente adoitan reducila ao concepto de xefaturas étnicas; mais agora cómpre concluírmos que nin sequera así os *principes* galaicos, presuntos notábeis civís, poderían asimilarse plenamente á mesma realidade institucional cós *magistratus*, indubidosos maxistrados públicos.

Emporiso, o rexistro de institucións peregrinas da *Callaecia*, obxecto protagonista dun meu estudo recente, apoia decisivamente a singularidade semántica do *principatus*[80]. De todas as institucións constatadas, a única que non encaixa no modelo constitucional da república antiga é o *principatus*; e isto mesmo é o que me le-

75 J. F. Rodríguez Neila, 1998, p. 117.

76 *Ibid.*, pp. 117 e 128-131.

77 Véxase nomeadamente o recente catálogo de L. A. Curchin, 2015.

78 *CIL* II/2, 3466; *CIL* II, 5763; A. García y Bellido, 1966.

79 L. A. Curchin, 2015; cfr. E. Melchor Gil, 2010, cit.; M. Fernández Calo, 2016a. Sobre a mesma base ocuparémonos dos *magistratus* ástures máis adiante: §10, 5.

80 M. Fernández Calo, 2016a, pp. 112 ss.

vou a defender, como xa amosei, a súa asimilación a unha xefatura de carácter étnico anterior ao afianzamento civil dos pobos galaicos (§2, 5). Ampliarei máis adiante os argumentos daquela fornecidos (§10, 5); mais agora cómpre redirixir os xa presentados a resolvermos a cuestión inmediata aquí formulada: o contexto semántico desta institución na epigrafía coetánea da *Callaecia*.

A solución é simple: a voz *princeps* podería asimilarse a maxistraturas supremas, legatinas ou conciliares –tales coma os *magistratus*, a cotío fornecidos, ou os *legati* e *senatores* menos referenciados na bibliografía– ben testemuñadas na *Callaecia* e na súa contorna inmediata e denotadoras do afianzamento civil republicano dos pobos galaicos; e de ser así cabería consideralo, como teñen defendido algúns estudosos, unha forma provincial de *principatus ciuitatis* (§2, 4). Porén, estoutras mencións institucionais, que designan maxistraturas republicanas, non poden asimilarse ao *principatus* se este, como se lembrará, é interpretado por outros estudosos –de feito a maioría– como unha xefatura étnica, un interlocutor entre o poder romano e o indíxena, ou unha realeza celta (§§2, 1-2 e 2, 5-9). Neste caso, a orde dos factores si que altera o produto: o *principatus* está indefectibelmente isolado no rexistro epigráfico da *Callaecia*; e igualalo a outras mencións institucionais, como se ten feito tan a cotío, supón un erro inxustificábel que incide na perda de perspectiva de toda ulterior interpretación.

### 3.5. A singularidade do *principatus*

O resultado da análise específica arredor da entidade conceptual do *principatus* galaico, desenvolvida ao longo do presente capítulo nas súas máis diversas facetas, se cadra resulte previsíbel por apuntar sistematicamente a el todos e cada un dos apartados parciais atendidos; mais en atención á claridade expositiva cómpre encetarmos a súa recapitulación. Resumindo:

1º.– a coherencia interna das mencións principescas da *Callaecia* xustifica a súa mútua inclusión nunha mesma categoría conceptual;

2º.– no rexistro léxico galaico, o *principatus* peregrino do século I d.C. atopa como única analoxía potencial o *principatus terrae* medieval testemuñado a partires do IX;

3º.– esta analoxía desbótase pola evidente discrepancia cronolóxica e contextual, pois a *Callaecia* peregrina da Romanidade temperá, na que se documenta o primeiro *principatus*, foi amplamente transformada en termos sociais e institucionais ao longo de todo o milenio seguinte, o que dota a etapa, de seu, dunha forte personalidade dentro da historia constitucional galaica;

4º.– o *principatus* galaico atópase testemuñado isoladamente nunha área de distribución de epigrafía principesca propia do noroeste da península ibérica, pre-

sentando fortes discrepancias intrínsecas cos tres únicos casos, certos ou hipotéticos, que esta mesma área aporta fóra da *Callaecia*;

5º.– tal discrepancia exacérbase extrinsecamente polas notábeis diferenzas da organización socio-política proto-histórica entre a *Callaecia* e as demais rexións implicadas, nomeadamente a antiga Cantabria;

6º.– fóra xa da familia léxica do *principatus*, e dentro do mesmo campo semántico da preeminencia social, o rexistro epigráfico coetáneo da *Callaecia* e a súa contorna inmediata documenta varias mencións de cargos públicos vencellados ao afianzamento civil dos pobos galaicos, cuxa relación co *principatus* non ha de ser admitida nin excluída como premisa inicial.

A conclusión é nidia: o *principatus* galaico procede dun rexistro epigráfico coherente internamente pero distante dos seus máis inmediatos paralelos léxicos, cronolóxicos, xeográficos e semánticos. Cobra pleno sentido, xa que logo, a súa definición como unha categoría conceptual específica, sobre a que alicerzar toda análise ulterior. O *principatus* galaico é un concepto pertinente, cuxa análise individualizada emerxe como unha tarefa ineludíbel en base á que encetar a súa interpretación histórica: a esa análise, que nunca ninguén se preocupou por satisfacer dun xeito exhaustivo nin particularizado, adicaremos o vindeiro capítulo.

# 4. OS *PRINCIPES* TRAS OS SEUS EPITAFIOS

No anterior capítulo argumentamos extensamente a coherencia interna e o isolamento externo do noso rexistro principesco, e concluímos a necesidade da súa análise singularizada como requisito para unha interpretación obxectiva do *principatus*. Se cadra isto poida suscitar a impresión dun excesivo ciúme particularista. Porén, tal resolución está motivada estritamente polo rigor perante os resultados obtidos. E ademais non supón ningunha novidade: no seu fulcral estudo arredor do análogo problema das referencias a *principes* na Galia antiga, L. Lamoine sinala que "é indispensábel considerar cada testemuño dun xeito independente"[1]. Claramente esta premisa metodolóxica estivo ausente na investigación que nos precede, o que en ocasións provocou unha inxustificábel perda de perspectiva. A todo isto xa nos temos referido e non paga a pena estendérmonos máis agora. O que aquí se propón, adaptando a suxerencia de L. Lamoine á coherencia mútua do noso rexistro epigráfico (cfr. §3, 1), é unha análise particular do *principatus* galaico, sobre o presuposto de constituír este unha realidade social homoxénea dentro da súa singularidade, facendo extensíbeis os aspectos enxergados en cada documento e en cada *princeps* á caracterización do *principatus* en conxunto. Coido que non é esta unha premisa aventurada, pois estamos perante un título coincidente testemuñado en dúas comunidades vindeiras, que compartiron procesos históricos análogos e, nomeadamente, un idéntico modelo socio-político no intre no que se produciu a nosa documentación. Tamén todo isto ten sido xa xustificado abondosamente; e retomarase, de feito, máis adiante (§§3, 8 e 10, 4).

Deste xeito, como quixen facer constar no título deste capítulo, achegarémonos agora, a través do noso cativo rexistro, á realidade social que se atopa detrás do *principatus*. Os aspectos aos que nos achegaremos, sen avanzarmos os resultados que serán efectivamente enunciados en cada sucesivo apartado, limítanse aos seguintes:

1 L. Lamoine, 2009, p. 73.

1º.– o valor expresivo do título principesco;
2º.– o obxecto social sobre o que se exerceu o *principatus*;
3º.– a súa impronta cultural;
4º.– a amplietude do suxeito social que o exerceu;
5º.– o seu mecanismo de reprodución social.

Pode ser que un rexistro tan lacónico permita subministrar tanta información? Ou pola contra deixareime algo no tinteiro? Se cadra a determinación tomada resulte excesiva para uns e insuficiente para outros. Pero sinalo aquí só aquilo do que, en rigor, coido poder sacar conclusións obxectivas a partires da información intrínseca contida no noso rexistro. Por iso, da avaliación de todos estes aspectos enunciados, finalmente, sintetizarei unha caracterización social unívoca que será a base das ulteriores pescudas –e en consecuencia dos vindeiros capítulos– do presente ensaio.

### 4.1. Dimensión institucional

Coido relevante escomezarmos a nosa análise particular cunha advertencia exposta por P. Le Roux arredor da indefinición dos títulos principescos da *Callaecia*:

> O seu contido resulta vago e en teoría podería non ser máis ca honorífico, ou pola contra corresponderse ás responsabilidades efectivamente exercidas na [súa] comunidade, [...] en conexión coa autoridade romana[2].

En efecto, dado o carácter funerario das epígrafes, o título *princeps* ofrecería dúas posíbeis lecturas: un eloxio ou un oficio. A primeira convertería a mención principesca nunha homenaxe afectiva ao defunto por parte dos adicantes, sen unha necesaria correspondencia a algunha concreta dignidade social. A segunda, pola contra, enxergaría unha información biográfica do defunto, designando un oficio ou dignidade social concreta que este desempeñara en vida; ou sexa, unha institución –fose cal for– recoñecida na súa comunidade. Dimensión honorífica e dimensión institucional: tales son as posíbeis interpretacións, por certo que non necesariamente excluíntes, que ofrece o *principatus* galaico como título persoal.

Sen dúbida, é a opción institucional a que ten esmagadoramente protagonizado a valoración historiográfica do *principatus*, para o que se teñen proposto diversas funcións socio-políticas nas súas comunidades (cfr. §2). Esta opción tería ademais un meirande interese histórico, ao recoñecer detrás do título principesco unha realidade socio-política concreta. A opción honorífica, en troques, limitaríase a aportar unha información arredor da sensibilidade cultural dos adicantes das estelas coa súa escolla dun título principesco como eloxio funerario aos seus devanceiros. Isto tampouco estaría exento de interese, pois podería motivar significativas reflexións arre-

2 P. Le Roux, 2003, p. 174.

dor dos motivos desta escolla expresiva por parte de determinadas familias galaicas, nun contexto de incipiente romanización, antes de se difundiren outras fórmulas funerarias.

Porén, no canto de afondarmos nestas reflexións arredor da acepción honorífica, ou noutras análogas arredor da institucional, ou simplemente de nos laiar dunha presunta incerteza invencíbel, antes cumpriría, abofé, xustificarmos acougadamente cál das dúas opcións resulta a máis acaída. E esta resolución non pode ser senón satisfeita a través dos propios paralelos expresivos do noso rexistro. Referímonos antes a «un eloxio ou un oficio», como equivalencias, respectivamente, dunha lectura honorífica ou institucional dos títulos principescos. Avaliemos, pois, singularizamente, a pertinencia de cada unha destas dúas opcións posíbeis.

En primeiro lugar, podemos enxergar o mesmo sentido da acepción «honorífica» do *principatus* galaico nunha senlleira expresión de Tito Livio, máis ou menos contemporáneo ao noso rexistro: *longe princeps Latini* ou *Uolsci nominis*: "o máis sobranceiro do nome", tamén traducíbel como "da raza" ou "do pobo", "dos latinos" e "dos volscos", cualificando aos antigos caudillos Octavio Mamilio Tusculano e Atio Tulio[3]. Aquí o título *princeps* non designa unha función política concreta, senón un rango honorífico que estes persoeiros ocuparían na memoria das súas comunidades, ou neste caso na dos romanos. Un exemplo semellante, e xa máis achegado expresivamente ao caso galaico, suxírenolo, outra volta, L. Lamoine[4], aludindo a este fragmento de Veleio Patérculo:

> Non habería eu de remover por modestia –pois a verdade fornezo– ao meu propio sangue algo da súa gloria, cando moito se debe á memoria do meu bisavó Minacio Maxio de Eclano, neto de Decio Maxio, *Campanorum princeps*, home celebérrimo e fidelísimo[5].

O historiador romano introduce así o relato arredor do papel do seu devanceiro Minacio Maxio na «guerra social», entre Roma e os seus aliados itálicos, a comezos do século I a.C., aproveitando para postular a súa ascendencia con Decio Maxio. Este último distinguírase como dirixente do partido pro-romano en Capua durante a segunda guerra púnica, a remates do século anterior, sufrindo as consecuencias coa defección desta cidade a prol do bando de Aníbal[6]. Coido que non está de todo claro se o apelativo *Campanorum princeps* concerta con un ou co outro no texto, xa que tanto este complemento coma os dous onomásticos dos devanceiros de Veleio Patérculo reprodúcense no mesmo caso gramatical. De calquera xeito, se cadra pui-

---

3 Liv., *A.U.C.*, I, 49; II, 35.

4 L. Lamoine, 2009, p. 70.

5 Vel., *Hist.*, II, 16, 2, traducido da ed. F. Fiedler, 1833, p. 18.

6 Cfr. Liv., *A.U.C.*, XXIII, 10.

dera referirse máis ben a Decio, como se adoita ler, porque continúa a súa mención e porque Eclano, patria de Minacio, situaríase máis no Samnio do que na Campania. Sexa como for, o apelativo *princeps* vencéllase aquí a un colectivo xenérico, expresión xentilicia dunha rexión, a Campania. Tanto Decio coma Minacio distinguíranse no goberno da súas comunidades e nos servizos prestados a Roma; mais dende logo non desempeñaron ningunha función institucional estritamente na Campania, pois esta rexión, de seu, non constituía daquela un suxeito político xuridicamente definido como tal. O título *princeps* ten aquí, xa que logo, un senso honorífico e enfático, mais en absoluto institucional.

Porén, resulta relevante sinalarmos que mesmo nestas circunstancias o senso honorífico non exclúe o institucional. Obviamente, Decio e Minacio Maxio foron *principes ciuitatis* en Capua e Eclano, notábeis locais implicados nos asuntos públicos das súas comunidades, con independencia de que o seu descendente Veleio Patérculo prefira empregar enfaticamente –referíndose probabelmente ao primeiro– o título *Campanorum princeps*. Algo así cumpriría discernir, en caso de optarse pola opción honorífica, no caso do *principatus* galaico: as mencións *princeps Albionum* ou *Copororum* enxergarían persoeiros destacados nas súas comunidades, que dificilmente poderían ter eludido algún desempeño público nas mesmas.

Emporiso, afastándonos xa deste matiz inclusivo, o interese enfático consubstancial a toda mención honorífica de *principes* complica indefectibelmente esta mesma lectura para o caso galaico. Así, o devandito interese, embora ben puidera suxerirse para a estela da Veiga, desbótase na de Lugo, pois aquí a simple repetición da mención *princeps* oponse a toda particularización enfática. A lectura institucional, pola contra, non presentaría este problema, pois a repetición dun título equivalente a unha institución sería admisíbel sempre que os dous *principes* a tivesen exercido. Emerxe, pois, un primeiro motivo que inclina a balanza entre as opcións honorífica e institucional a prol desta segunda. Mais non é difícil atopar un segundo: simplemente, fronte aos campanos, os albións e os cóporos si que constituíron comunidades políticas de seu (cfr. §5, 3).

Mais cómpre, finalmente, voltarmos ao contexto epigráfico inmediato do noso rexistro. En efecto, non semella que estes títulos principescos poidan asimilarse a unha fórmula de carácter afectivo, coma as que adoitan acompañar os eloxios funerarios: podemos ilustralo, precisamente en Lugo, cos epitafios de Festia Licinia, *uxor carissima*, ou Valerio Meleagro, *coniux incomparabilis*, ou Valeria Frontila, *filia sanctissima discipula carissima*[7]. Dun xeito análogo á cita de Veleio Patérculo tratada arriba, a énfase demostrada nestas adxectivacións superlativas pretende particularizar o afecto familiar aos defuntos, mais obviamente non un rol social concreto.

7 Respectivamente, *IRG* II, 34; 40; 46 = *IRPLu*, 29; 49; 33.

Abofé, o *principatus* non semella *a priori* reducíbel a esta tendencia enfática da epigrafía funeraria. Antes ben, a súa mención sitúase noutra tendencia deste tema epigráfico: a adición de información biográfica. Tampouco cómpre afastarse moito da área de testemuño do *principatus* para atopar bos exemplos paralelizábeis: xa se tratou o caso da estela dos *milites* de Lugo, con mención dun presumíbel *miles cohortis tertiae Lucensium* (§1, 1); e podemos citar agora, sen saírmos da mesma cidade, á *ornatrix* Filates, á controvertida e anónima *clarissima femina* que adicaría o seu epitafio, ou ao *libertus* Lucio Septimio Hermeros[8]. Sen dúbida os *principes* achéganse máis a estes exemplos de especificación de oficio ou condición xurídica en epitafios, do que aos casos, aludidos antes, de homenaxes afectivas. E se isto é así, cumprirá admitir decididamente que, coma aqueles, o título *princeps* fixo referencia a unha dignidade social concreta que compartiron os seus beneficiarios.

En suma, as opcións posíbeis arredor do valor social das mencións principescas redúcense a dúas: o eloxio e o oficio; ou sexa, o valor honorífico e o institucional. Segundo se expuxo, o *principatus* galaico presenta algunhas dificultades para a súa asimilación á primeira opción: a saber, o seu carácter intrinsecamente non enfático e a discordancia extrínseca con calquera fórmula funeraria equivalente. A opción institucional, pola contra, si que atopa paralelos epigráficos razoábeis, que favorecen a súa interpretación como unha información biográfica obxectiva. Por iso, no noso rexistro, o *principatus* designa a todas luces unha realidade social concreta, fose un oficio ou unha condición xurídica, mais definitivamente reducíbel a unha certa institución da *Callaecia* peregrina. Esta non é só unha posibilidade, ou un tópico historiográfico, senón, obxectivamente, o vieiro preferente que cómpre explorar.

### 4.2. Proxección local

Determinada a todas luces a dimensión institucional do *principatus*, resta caracterizarmos a institución resultante. Unha primeira dúbida deriva do obxecto sobre o que tal institución se expresaría, ou sexa, a proxección da súa preeminencia social. Xa se expuxo que os *principes* teñen sido interpretados como suxeitos preeminentes tanto sobre as sub-unidades políticas mencionadas co signo epigráfico Ɔ, consideradas no seu momento clans e actualmente castros[9]; como sobre un *populus* ou *ciuitas*, isto é, unha colectividade etno-política enteira[10]. Malia que cumprirá voltar polo miúdo sobre estes conceptos máis adiante, o dilema en cuestión sitúanos de inmedia-

---

8 *IRG* II, 33; 47 = *IRPLu* 32; 27.

9 Así, R. Étienne & *al.*, 1976; J. C. Bermejo Barrera, 2005 (1986); A. C. F. da Silva, 1986. Cfr., en xeral, §2 para o transfondo historiográfico destes autores; §5, 5 arredor do signo en cuestión e a súa significancia socio-política.

10 Asi, G. Pereira Menaut, 1983a; M. V. García Quintela, 1999; P. Le Roux, 2003; M. Fernández Calo, 2016a; A. C. Johnston, 2017, pp. 238-239. Cfr., en xeral, §2 para o transfondo historiográfico destes autores; §§5, 3-4 para a significancia das comunidades etno-políticas da *Callaecia*.

to perante unha indefinición arredor da preeminencia social dos *principes* galaicos: sobre *Cariaca* ou os *Albiones* na estela da Veiga, e sobre **Circinum* ou os *Copori* na de Lugo. Ou sexa: a opción sub-local do *castellum* fronte á local do *populus*. E aínda restaría unha terceira opción, supra-local, proposta por M. V. García Quintela, quen asimila albións e cóporos non a entidades étnicas locais senón xenéricas, supra-locais[11].

Perante este problema coido que dificilmente poderemos eludir o que xa teñen concluído J. Mangas e D. Martino ao respecto:

> O [feito de] que en ambas as inscricións os *principes* se vencellen con cadanseu *castellum* […] indica con seguridade un lugar de residencia, mais non necesariamente que fosen *principes* só deses *castella* mencionados. Na inscrición da Veiga dise expresamente […] *princeps* dos albións, cuxa poboación houbo de estar distribuída en varios *castella*[12].

En efecto, o *principatus* galaico, de seu, non admite indefinición: a prol da primeira opción, sub-local, non hai máis cá residencia dos *principes* en *castella*; a prol da segunda, local, está pola contra o etnónimo que determina o propio título principesco… E a prol da terceira, supra-local, como veremos no seu momento, non hai literalmente nada (cfr. §5, 4).

Poderá ser, se cadra, máis ou menos discutíbel a pertinencia de interpretarmos en termos absolutos este título, en caso de asumirmos –contra toda evidencia– a súa vaguedade ou carácter meramente enfático; mais a súa ineludíbel dimensión institucional, que vimos de argumentar polo miúdo no anterior apartado, apoia tal resolución. O *principatus* galaico é determinado gramaticalmente por uns etnónimos, de xeito que a proxección da súa preeminencia social terá que se enxergar indefectibelmente a partires da significancia que tales etnónimos tiveren. Pero isto deixarémolo para máis adiante (§§5, 3-4): polo de agora abonda con concluírmos que o inequívoco obxecto sobre o que se exerceu o *principatus* foron os albións e os cóporos, non os *castella* nos que residiron. En atención ao propio título principesco non cabe máis interpretación posíbel cá expresión local, non sub-local nin supra-local, do *principatus*; unha dignidade social expresada sobre toda unha colectividade etno-política local enteira, non unha fracción dela ou conxunto das mesmas.

### 4.3. Ascendencia indíxena

Do contexto histórico «peregrino» do rexistro documental e dos trazos que vimos de consignar arredor do *principatus*, isto é, a súa equivalencia a unha determi-

---

11 M. V. García Quintela, 2002, p. 49.

12 J. Mangas & D. Martino, 1997, p. 335.

nada realidade institucional propia de canda menos dous pobos galaicos, derívase indefectibelmente outra característica, presente, dun xeito máis ou menos patente, en case toda a historiografía, e que podemos sintetizar aquí recorrendo a J. Santos:

> Probabelmente cumpra pensar que títulos coma *magistratus*, *praetor* e *princeps*, todos eles latinos, han de seren unha interpretación das maxistraturas indíxenas, que aparecen tamén nalgunhas outras áreas do Mediterráneo nas narracións da conquista romana[13].

Ou sexa, o *principatus* como *interpretatio Romana* dunha institución indíxena. En efecto, como xa avanzamos no anterior capítulo e ampliaremos máis adiante, a etapa «peregrina» da historia constitucional galaica, na que se inscribe o noso rexistro, caracterizouse pola pervivencia das institucións indíxenas e o desinterese imperial romano por modificalas (cfr. §§3, 4 e 10, 5-6). Isto non agocha a evidencia de teren ocorrido entón fondas mudanzas constitucionais nos pobos galaicos, condicionadas e mesmo favorecidas polo contexto de dominación imperial, mais non necesariamente fomentadas directamente por ela[14]. Neste senso, *a priori* o *principatus* poderíase adscribir a un efecto colateral da conquista e o réxime tributario, como teñen argumentado algúns investigadores (cfr. §§2, 2; 2, 6; 2, 9), se non fose porque existen probas relevantes, que máis adiante fornecerei, de que esta lectura se opón á estimación cronolóxica obxectiva do *principatus* (§§8, 2 e 10, 5). Mais non pretendo desbotar agora ningunha opción en base a futuros resultados. O que importa constatar é que, tivese a súa orixe antes ou despois da conquista romana, o *principatus* foi perante todo indíxena: unha realidade social indefectibelmente orixinada, desenvolvida e expresada nas propias comunidades peregrinas da *Callaecia*.

Tamén a onomástica das familias principescas, como vimos canda menos maioritariamente indíxena, favorece esta proposición (cfr. §§1, 1 e 1, 4). Aínda se, atendendo ás posibilidades máis ou menos improbábeis daquela consignadas, *Nicer* fose un antropónimo máis latino do que indíxena, e de que o segundo *princeps Copororum* tivese un nome latino, a onomástica mantería a súa impronta netamente indíxena. En efecto, a potencial onomástica latina apuntaría en todo caso á asimilación cultural ou mesmo á inserción das familias principescas galaicas no *patrocinium* de determinados persoeiros romanos, mais dende logo non á súa asimilación xurídica nin necesariamente cultural. Os antropónimos, latinos ou indíxenas, enmárcanse dende logo na estrutura da onomástica peregrina, allea aos *tria nomina* romanos[15]. Ademais, para a caracterización do *principatus* importa tanto o seu suxeito, o *princeps*, coma a do seu obxecto, o pobo indíxena. Neste senso, como máis adiante comprobaremos polo

13 J. Santos Yanguas, 1999, p. 142.
14 M. Fernández Calo, 2016a, pp. 123-124.
15 Cfr. M. V. García Quintela, 2002, p. 43; P. Le Roux, 2003, p. 174.

miúdo, na África romana testemúñanse *principes gentis* que foron tamén cidadáns e mesmo maxistrados municipais, o que non desbota o carácter indíxena do seu *principatus*, exercido, neste caso, sobre colectividades étnicas escasamente asimiladas á cultura romana, conforme aos seus usos tradicionais propios (§6, 1).

A todas luces, en fin, non poden existir dúbidas da pertinencia dunha interpretación en clave «indixenista» do *principatus*. Porén, se cadra si se poida dubidar lexitimamente da súa asimilación teórica a unha *interpretatio Romana*, como suxería J. Santos no texto que escollín como introdución deste apartado. En efecto, como ben ten sinalado M. V. García Quintela, esta proposición si que ofrece un claro matiz que, de feito, acentúa o carácter indíxena da institución:

> O título *princeps* é do pouco romano que hai nestes textos, alén da lingua. Cómpre subliñar que, en canto a epígrafes funerarias, trátase de documentos privados e non hai ningún selo oficial romano, aparente, [neles ...]. Neste senso, cómpre afirmar que a aparición da verba *princeps* procede da asunción por indíxenas, a xeito de *interpretatio*, dun termo do vocabulario político-institucional latino que podían coñecer para aplicalo a unha fórmula xerárquica propia que, obviamente, descoñecemos. Tampouco podemos saber se esta *interpretatio* gozaba dalgún tipo de recoñecemento por parte dos romanos. É dicir, aparentemente trátase máis de indíxenas que queren asemellarse aos romanos ca de romanos que tentan atraerse a indíxenas[16].

Cumprirá pois revertirmos canda M. V. García Quintela a adscrición cultural do *principatus*: non unha *interpretatio* romana dunha institución indíxena, senón unha interpretación indíxena dun termo latino para designar unha realidade social propia.

### 4.4. Exercicio exclusivo

A determinación da «dimensión institucional» e «proxección local» do *principatus* non fai senón situarnos perante a teimosa dicotomía historiográfica, tan relevante nas investigacións recentes, entre os *principes gentis* e os *principes ciuitatis*, categorías referentes, respectivamente, a xefaturas étnicas rurais fronte a oligarquías vinculadas ao goberno da cidade-estado (cfr. §§2, 4-5 e §6). Aparentemente, a «ascendencia indíxena» que vimos de argumentar puidera inclinar a balanza a prol da primeira opción; mais dende logo non dun xeito firme, pois este vector «indixenista» desbota simplemente a prosapia romana da institución, non a súa adscrición a unha determinada constitución política. De calquera xeito, alén das connotacións institucionais de ambas as categorías, certamente «evolucionistas», que trataremos máis adiante (§6), impórtame agora resolver outra das súas diverxencias: o carácter privativo ou compartido do seu exercicio. Neste senso, o *principatus gentis* situa-

16 M. V. García Quintela, 2002, p. 43.

ríanos perante unha xefatura exclusiva sobre o pobo, namentres o *ciuitatis* faríao sobre unha dignidade social compartida –nin sequera necesariamente unha realidade xurídica definida, mais si unha determinada función política– entre os notábeis da comunidade. A cal das dúas categorías cumpriría, daquela, adscribir o *principatus* galaico? É máis: existen sequera elementos de xuízo para a escolla?

Resulta moi relevante citarmos aquí, outra volta, a P. Le Roux, quen, aínda partidario da opción do *principatus gentis* e da xefatura, desbotaba pronunciarse arredor da exclusividade do seu oficio ao non atopar elementos de xuízo concluíntes:

> Non se pode dotar de significado ao emprego do singular [nas mencións de *principes*] xa que se trata de inscricións funerarias; resultaría arriscado, coido, deducirmos que os *Albiones*, os *Copori* ou os *Cantabri* non coñeceron máis ca un *princeps*[17].

Máis arriscado, e de feito erróneo, é ao meu ver decidirse polo exercicio compartido do *principatus*, como recentemente ten feito A. Rodríguez Fernández, amparado na alusión a dous *principes* no sepulcro de Lugo, "podendo ser varios" simultaneamente e afastando a posibilidade "dunha figura única ao xeito dunha xefatura"[18]… Porén, todo apunta a que no sepulcro de Lugo estean enterradas dúas xeracións de *principes*, polo que dificilmente pode refrendar a hipótese da simultaneidade do seu cargo (cfr. §§1, 2 e 8, 1-2). Se o exercicio do *principatus* galaico foi compartido, dende logo o sepulcro de Lugo non é o seu mellor argumento.

Voltando, pois, aos argumentos fornecidos e inmediatamente matizados por P. Le Roux, cómpre apuntar que no noso rexistro non temos meramente unhas mencións singularizadas de *principes*: temos tamén, sobre todo, un xenitivo de plural que acompaña os seus títulos, seguro no caso do *princeps Albionum* e presumíbel nos *principes Copororum* (cfr. §1, 3). E aquí, como xa denotei no meu achegamento previo á cuestión, subxace un elemento de xuízo de relevancia decisiva:

> Canda menos no caso do *princeps Albionum* –embora tamén hipoteticamente nos outros dous– o seu título fornece un xenitivo plural, non unha adxectivación, dunha comunidade. [… Isto apoia] a dimensión institucional, non meramente social, do título; e mesmo o seu carácter «exclusivo», privativo dunha soa persoa e non asimilábel a unha dignidade aristocrática compartida entre varios notábeis dunha mesma comunidade[19].

Neste senso, se o *principatus* foi unha institución, fose esta un oficio ou unha dignidade social, cumpriría entender *princeps*, xenericamente, como "varón con *principatus*". O valor deste título dependería da interpretación concreta do devandito *principatus*, mais dende logo o xenitivo plural de valor cualitativo co que efectiva-

17 P. Le Roux, 2003, p. 174.

18 A. Rodríguez Fernández, 2018, p. 372.

19 M. Fernández Calo, 2016a, p. 118.

mente se nos presenta aporta unha concreción relevante: a expresión *princeps Albionum* refírese a alguén cun tipo de *principatus* definido, “o *principatus* dos albións”. Pero tendo xa determinado a dimensión institucional do *principatus*, o xenitivo plural que acompaña o título principesco apoia non só o seu desempeño sobre a totalidade do conxunto social designado co etnónimo aludido (cfr. §4, 2), senón tamén o carácter exclusivo do mesmo. En efecto, se o *principatus* fose unha dignidade social compartida cumpriría agardar que o etnónimo tivese modificado o título non cunha construción en xenitivo, senón cun adxectivo concertante: *Albio princeps*, “varón albión con *principatus*”. Mais dado que o *principatus* foi unha institución, un *princeps Albionum* non é senón un “varón co *principatus* dos albións”, o que certamente difire, e exclusiviza, o “varón albión con *principatus*” que resultaría da adxectivación.

Cómpre sinalar, neste senso, que unha regra xeral adoita condicionar as construcións latinas ás que nos referimos, *princeps* máis xenitivo de plural: o exercicio exclusivo ou compartido do *principatus* depende fundamentalmente da mención singular ou plural dos *principes*. Con isto non estamos a descubrir nada novo: podemos aludir a P. Carlier, que no seu estudo da realeza homérica individualizaba conscientemente a análise das mencións singulares e plurais de *basileús* e *basilẽes*, discernindo respectivamente o valor de «rei» e o de «membros do consello aristocrático»[20]. Mais sobre todo, no caso que nos ocupa, a mención literaria singular fronte á plural foi o elemento de xuízo fundamental que T. Kotula atopou para discernir o *principatus gentis* do *ciuitatis* nas fontes literarias[21]. Aquí empregaremos un elemento máis: o xenitivo de plural.

Estaría fóra de toda mesura, lonxe dos obxectivos do presente ensaio e das miñas propias posibilidades, encetarmos agora unha análise exhaustiva deste problema, pero coido que algúns exemplos escolleitos de varios autores romanos próximos cronoloxicamente ao testemuño do *principatus* galaico poderá servir para contextualizarmos debidamente este problema gramatical.

Podemos citar así, como mencións plurais a *principes* con cadanseu xenitivo de plural, os *principes Neruiorum* e *Aeduorum* de Xulio César[22]; os antiquísimos *principes Albanorum* e *Latinorum*, ou os máis recentes *Celtiberorum* de Tito Livio[23]; ou os *Poenorum principes* de Xustino[24]. Todas estas expresións refírense, precisamente polo seu valor plural, a un *principatus* compartido entre varios *principes* en cadansúa comunidade política, ou sexa, a un *principatus ciuitatis*. Mais o emprego do xeniti-

20 P. Carlier, 1984, p. 142. Arredor da realeza grega, véxase §7, 4.

21 Por exemplo, atoparíanse *principes ciuitatis* nas mencións plurais aos notábeis de Cartago nas guerras púnicas: Liv., *A.U.C.*, XXI, 2, 4 ; 60, 7; XXVII, 18, 20; XXXII, 26, 5; XXXIII, 46, 7-8; e *principes gentis* nas mencións individuais de xefes: *ibid.*, XXVIII, 35, 4; XXIX, 29, 10; Oros., *Hist.*, IV, 9. Cfr. T. Kotula, 1965, pp. 347 e 348, nn. 2-3; S. Baccolini, 2007, p. 15.

22 Caes., *B.C.*, V, 41 e VII, 32.

23 Liv. *A.U.C.*, I, 30; 51; XXV, 33.

24 Iust., *Epit.*, XVIII, 6, 1.

vo plural nestes casos non está tampouco exento de énfase, pois fai indistintamente referencia a unha totalidade: a de toda a elite civil das diversas comunidades que se implicarían nos diversos episodios relatados.

En troques, os usos equivalentes do singular *princeps* semellan situarnos perante realidades notabelmente diferentes. Xa nos ocupamos antes do *Campanorum princeps* mencionado por Veleio Patérculo, expresión da que se concluíu o seu carácter enfático, e dende logo exclusivo (§4, 1). Na mesma liña podemos citar o *princeps Celtiberorum* Alucio ao que Escipión devolveu a súa prometida apreixada na toma de Cartaxena: este é outro caso claro de *principatus* enfático, pois embora Tito Livio o calificase de *adulescens*, atribuíulle tamén ter posto unha tropa de mil catrocentos xinetes, escolleitos da súa clientela, a disposición do xeneral romano[25]… *Adulescens* ou non, o seu papel político non debía de ser pequeno[26]. Mais podemos agora incrementar esta mesma caracterización «exclusivizadora» do uso singular do termo *princeps* cos mesmos autores que citamos nun sentido contrario nos usos do plural. Así, Xustino menciona como *Atheniensium princeps* ao heroe –e príncipe en senso romance, herdeiro rexio– Teseo; como *Thebanorum princeps* a Ismenias, polemarca e principal líder político de Tebas no tránsito do século V ao IV a.C.; e como *princeps Karthaginiensium* a Hanón, líder cartaxinés do século IV a.C. e probábel ascendente do homónimo do século seguinte, nun relato no que narra a súa usurpación do poder[27]. César, pola súa banda, non emprega senón curiosas secuencias copulativas nestes casos: Sédulo, *dux et princeps Lemouicum*, e Vertisco, *princeps et praefectus Remorum*[28]. Tales mencións, que servirán a L. Lamoine para postular o exercicio dalgunha maxistratura suprema por parte destes persoeiros[29], asócianse dende logo a accións de guerra e á dirección dos continxentes locais das súas comunidades, en consonancia coa referencia de Ismenias en Xustino… Un *principatus*, en definitiva, sempre de exercicio exclusivo.

Obviamente, dentro da versatilidade de toda lingua, a puntual evidencia que vimos de fornecer non permite postular unha solución universal para a interpretación dunha secuencia gramatical coma a que estamos a discutir. Mais a desigualdade semántica entre o uso plural e singular do termo *princeps* semella evidente: este vincúlase ao campo semántico de «elite», aquel, ao exercicio de liderados unipersoais.

Abofé, non menos evidente resulta que as mencións principescas da *Callaecia* aparecen precisamente en singular. Fanno mesmo no sepulcro de Lugo, que home-

---

25 Liv., *A.U.C.*, XXVI, 50.

26 Cfr. J. M. Blázquez Martínez, 1985, p. 582. Segundo N. Coll & I. Garcés, 1998, p. 442, o título asignado a Alucio formaría parte dunha tendencia a denominar *princeps* a dirixentes na súa mocidade.

27 Iust., *Epit.*, II, 4, 26; V, 9, 8; XXI, 4, 1.

28 Caes., *B.G.*, VII, 88; VIII, 12.

29 L. Lamoine, 2009, pp. 79-80.

naxea a dous *principes* defuntos nomeándoos *princeps* sucesivamente, individualizadamente; afastando dun xeito patente a posibilidade dun *principatus* xenérico. Mais así como na literatura cómpre contextualizar tales referencias na narración, e podemos ter *principatus* circunstanciais, como poderían selo a dirección militar das súas comunidades por parte de Ismenias, Sedulo e Vertisco en cadanseu conflito bélico, sen que isto exclúa a súa directa correspondencia con cargos políticos específicos, para os *principes* galaicos non contamos senón cun contexto epigráfico. E na fría pedra funeraria non hai, de certo, accións subxacentes, alén da vida e a morte; nin unha dirección política ou militar puntual, senón unha definición representativa da biografía dos defuntos. Se, en fin, como semella admisíbel e mesmo preceptivo, interpretamos o *principatus* galaico ao abeiro dos seus paralelos expresivos máis inmediatos –outros *principatus* singulares determinados por xenitivos de plural–, e dentro do seu propio sentido gramatical exacto, obteríase que os *principes Albionum* e *Copororum* exerceron o seu *principatus* dun xeito exclusivo. Estariamos, pois, perante unha dignidade social privativa dun só individuo.

### 4.5. Sucesión dinástica e vitalicia

Un último aspecto que se desprende da análise intrínseca das nosas fontes procede, desta volta, do sepulcro de Lugo, que xa tivo algo que dicir no anterior apartado. Pero aporta ademais, como xa se amosou no seu momento –e se empregou como elemento decisivo para a reconstrución epigráfica–, a secuencia dun pai e fillo que compartiron o título *princeps Copororum* (§§1, 1 e 1, 3). Isto non supón un dato irrelevante, e de feito A. C. Johnston ten amosado recentemente unha notábel admiración ao respecto:

> Un dos aspectos máis abraiantes do *principatus* local de entre os *Copori* [...] é que houbo de ser en certa medida herditario, pois Vecio e o seu fillo [...] exerceron o seu dominio sucesivamente, se cadra en diversos graos e de diferentes formas, sobre esta micro-rexión[30].

Esta cita puidera parecer anecdótica se non fose porque provén dunha avaliación moito máis ampla dos *principatus* de toda a Galia e a península ibérica, destacando esta epígrafe de Lugo, precisamente, por conter a secuencia de dúas xeracións de *principes*.

Tendo consignado, entroutras proposicións, a «dimensión institucional» e o «exercicio exclusivo» do *principatus* galaico, este último aspecto «herditario» afina dun xeito decisivo a súa caracterización social. Se, neste senso, só podía haber un *princeps* sobre cada pobo, e se o *principatus* se herdaba de pais a fillo, a todas luces

30 A. C. Johnston, 2017, p. 238.

era tamén, definitivamente, unha institución suxeita a unha dinámica de sucesión dinástica. Establecido isto, podemos engadir que a propia dobre mención *princeps* apoia a lóxica sucesiva na que o *principatus* cóporo tería sido exercido.

Pero hai máis: como ten sinalado P. Le Roux, "o título é vitalicio, dado que figura na pedra funeraria"[31]. Certamente, se os *principes* fixeron constar a súa condición social nos seus epitafios, non é que meramente tivesen sido *principes*, senón que finaron séndoo, ou que a súa propia biografía se vencellou consubstancialmente a tal *principatus*. Non estamos de certo perante un *cursus honorum*, pois nin resulta recoñecíbel unha apariencia de orde cronolóxica, nin existen mencións institucionais complementarias, nin o *principatus* é, en fin, unha realidade xuridicamente definida entre os cargos públicos previsíbeis nun *municipium* ou simplemente nunha *ciuitas* de goberno republicano[32]. E tampouco é o *principatus* precisamente unha profesión ou oficio manual, cuxa mención nunha lápida puidese ser asociada tamén, de calquera xeito, a un desempeño vitalicio ou en curso no intre da defunción. Isto significa que o *principatus* non só se transmitiu de pais a fillos, senón que tamén esta herdanza se disfrutou dun xeito vitalicio.

Con todo, na lápida da Veiga só temos un *princeps*; e de feito, dado que o *princeps Albionum* podería identificarse co pai *Clutosus* máis do que co presunto fillo defunto *Nicer*, segundo se amosou no seu momento (§1, 4), exacerbaríase a aparente incoherencia deste documento coa aducida sucesión dinástica do *principatus*. Porén, en realidade tal incoherencia non existe, ou canda menos non dun xeito indefectíbel. En efecto, o *principatus* dos albións puido ter desaparecido precisamente entre a xeración de *Nicer* e a do seu pai, constituíndo *a posteriori* un factor de prestixio familiar; razón, fose quen for o *princeps*, dende logo operativa –embora probabelmente non exclusiva– da súa plasmación epigráfica (cfr. §8, 2). Mais existe outro argumento, ao meu ver máis significativo por retroalimentar as reflexións desenvolvidas no presente apartado: abofé, se *Clutosus* foi *princeps* privativo dos albións, resultará de todo previsíbel que só un dos seus descendentes o sucedese no oficio rexio, e que *Nicer*, aínda orgulloso de se facer entroncar con el na súa lápida, non fose o afortunado… Tamén na Veiga, xa que logo, podemos atopar un difuso indicio do exercicio exclusivo do *principatus*, e da súa transmisión por herdanza póstuma e non por mera filiación.

### 4.6. As nosas consecuencias

Vimos de identificarmos unha serie de trazos que caracterizan o *principatus* galaico; trazos derivados da análise intrínseca do noso rexistro, diversos e sempre suxeitos a algún grao de incerteza, mais dende logo resultado obxectivo dunha crítica

31 P. Le Roux, 2003, p. 174.

32 Como sinalou J. F. Rodríguez Neila, 1998, p. 117. Véxase a cita textual en §2, 4.

acougada e exhaustiva. Certamente, sintetizalos agora nunha unidade coherente non deixa moita marxe de manobra para a nosa interpretación. Expuxemos que o *principatus* galaico semella unha institución, de proxección local e ascendencia indíxena, cunha dinámica de exercicio exclusivo e de sucesión dinástica e vitalicia. Refrendamos así, en liñas xerais, as lecturas institucionais e indixenistas, maioritarias, desta realidade social galaica. Máis concretamente, o exercicio exclusivo apoia o modelo do *principatus gentis* fronte ao *ciuitatis*. E isto, xunguido ao carácter indíxena e o propio contexto socio-político, vencella inexorabelmente o *principatus* galaico a unha xefatura propia das comunidades etno-políticas da *Callaecia*. Pero hai máis: engadirmos a tal caracterización a dinámica de sucesión dinástica e vitalicia apunta a que esta xefatura pode ser reducida, en concreto, unha verdadeira realeza indíxena.

Situámonos, xa que logo, perante unhas solucións de longo percorrido historiográfico, pois dende 1943 se viña aludindo, con meirande ou menor vaguedade, ao concepto antropolóxico de xefatura; dende 1965 ao *principatus gentis* como paradigma teórico; e dende 1983, a paralelos de tipo rexio. Porén, mesmo tomando partido decididamente por unhas concepcións tan concretas, os precedentes historiográficos que xa as teñen asumido apenas nos ofrecen máis nada cá total indefinición conceptual (cfr. táboa 2).

Pode resultar ilustrativo disto que a idea do *principatus* como realeza fose observada por primeira vez por un dos meirandes defensores da súa interpretación «civil», G. Pereira; e que teña callado en troques entre algunhas das máis extremas perspectivas «étnicas»: os modelos célticos de A. Pena Graña e M. V. García Quintela. Seguindo a este último pero cun interese máis superficial e unhas propostas menos arriscadas, se cadra poidamos identificar como punto medio entrambas as posturas a F. J. González, ou ao propio A. Rodríguez Colmenero, outro dos autores que paralelamente redundaran na mesma figura.

As discrepancias son certamente menos acusadas no caso do *principatus gentis*, un paradigma teórico moi xenérico pero ben delimitado en Historia romana (cfr. §6), e verbo ao que os poucos autores que xa temos recorrido a el para o caso galaico, entre os que me inclúo, vimos manexando unhas premisas e uns resultados claramente análogos e complementarios. A única salvedade sería neste caso P. Le Roux, quen, contra o modelo orixinal de T. Kotula que propugnaba a unipersonalidade do *principatus gentis*, non se decidiu á hora de desbotar o para el posíbel exercicio colexiado dos *principes* galaicos. Unha discrepancia mínima, xa que logo, comportando ademais non unha oposición aberta aos demais autores senón unha simple dúbida, que precisamente coido ter resolto neste capítulo (§4, 4).

Mais é na xefatura, un *tópos* cunha influencia moito máis xeneralizada cós anteriores –e de feito a cotío mesturado con eles–, onde verdadeiramente se percibe a

| CONCEPTO | CONCRECIÓN | BIBLIOGRAFÍA |
|---|---|---|
| *principatus gentis* | concepción orixinal | T. Kotula, 1965; J. M. Blázquez Martínez, 1985; E. Ortiz de Urbina Álava, 2013; L. Blöck & *al.*, 2016; M. Fernández Calo, 2016a |
| | matizando posíbel colexiabilidade | P. Le Roux, 2003 |
| xefatura | de clan | R. Étienne & *al.*, 1976; J. C. Bermejo Barrera, 1978; *IRPLu*, 34; M. V. García Quintela, 1999 |
| | *id.*, de tipo cónico | R. Bañas Abad, 1995a |
| | de agrupacións decimais indoeuropeas | F. Rodríguez Adrados, 1948 |
| | de tribos | J. M. Blázquez Martínez, 1985 |
| | militar sobre castros | A. C. F. da Silva, 1986 |
| | militar heroica | E. Pitillas Salañer, 1993; en xeral, autores vinculados á «teoría heroica» da actual Arqueoloxía galega |
| | de familia | A. Tranoy, 1981 |
| | non especificada | A. García y Bellido, 1943; X. R. Barreiro Fernández, 1984 (1976); J. Mangas Manjarrés, 1996; *id.* e D. Martino García, 1997; F. J. González García, 2011; M. Fernández Calo, 2016a |
| realeza | indíxena colaboracionista | G. Pereira Menaut, 1983a; A. Rodríguez Colmenero, 1996; F. J. González García, 2006 |
| | celta | A. Pena Graña, 2004 |
| | *id.*, asimilada como *regnum socium* | M. V. García Quintela, 2002 |

Táboa 2. Precedentes da conceptualización proposta.

extrema fragmentación historiográfica que nos afecta. O concepto, de seu, enfatiza os trazos «arcaizantes» ou «primitivos», ou simplemente «étnicos», dun oficio gobernativo; e algo disto hai, en efecto, non só nos nosos presupostos particulares senón nos da xeneralidade das achegas que o teñen aplicado ao *principatus*. Ningunha desas achegas, entre as que eu mesmo me inclúo, se ten detido a conceptualizar os seus presupostos –canda menos non en relación ao *principatus*– nas estritas implicacións semánticas dalgunha teoría antropolóxica. Como excepcións, apenas R. Brañas e E. Pitillas, a primeira dentro da Antropoloxía política e o segundo máis circunscrito ás concepcións teóricas do poder na Antigüidade, teñen incardinado expresamente as súas premisas particulares en cadansúa definición, máis ou menos ampla, dun modelo teórico de xefatura. Precisamente da primeira é debedora a noción de xefatura defen-

dida por M. V. García Quintela na súa revisión do *principatus*. A eles poderíase engadir a «teoría heroica» da actual Arqueoloxía galega, que ten argumentado a definición da sociedade castrexa en clave de «xefatura» a través de alambicadas teorizacións antropolóxicas nas que, con todo, apenas se adoita atender ao *principatus*.

Todo isto, aínda se a historiografía que nos precede non tivese xerado semellante diversidade de opinións, situaríanos igualmente perante unha ineludíbel indefinición conceptual. En efecto, *principatus gentis*, xefatura e realeza son conceptos dispares, e –sobre todo os dous últimos– particularmente polisémicos; podendo mesmo resultar contraditorios entre eles. A crítica teórica emerxe, xa que logo, como unha tarefa preceptiva para a avaliación dos nosos resultados. Porén, conscientemente deixareina para máis adiante, cando non teoricemos xenericamente arredor duns conceptos abstractos, senón sobre unha definición práctica e firme do noso problema (§7, 9).

Neste senso, outra dúbida, moito máis perentoria, emerxe da nosa conclusión: ata que punto os nosos *principes* poden ser reducidos á categoría xeral do *principatus gentis*? E ata que punto tal *principatus* pode ser interpretado como unha xefatura ou unha realeza? Evidentemente, a avaliación dos paralelos históricos do *principatus* galaico emerxe como tarefa natural perante os resultados obtidos, tanto para identificarmos as marxes semánticas e históricas das nosas pescudas ulteriores, como para atoparmos trazos extrapolábeis, na medida do posíbel e sempre baixo a máis firme prudencia, ao noso caso particular. Pero antes de pescudarmos tales paralelos, cómpre afinar os propios lindeiros do noso horizonte comparativo: comprendermos sobre o que puideron exercer o seu *principatus gentis*, a súa xefatura e a súa realeza os nosos *principes*, para calibrarmos o rango, tamén, das posíbeis analoxías externas.

# 5. A PATRIA DOS *PRINCIPES*

Vimos de estudar con esmero a información do *principatus* galaico implicitada estritamente nas súas fontes; e de enunciarmos uns resultados unívocos que demandan a súa firme contextualización nos seus paralelos externos. Pero vimos tamén de advertirmos a necesidade dunha avaliación rigorosa do obxecto sobre o que se exerceu o noso *principatus*, que axude a acotar o horizonte comparativo, minimizando a posibilidade da súa confusión con paralelos erróneos. Para isto cómpre manter toda a nosa atención na estrita análise epigráfica, da que rescatarmos, desta volta, a súa lacónica pero fulcral información de carácter xurídico e xeográfico.

Non temos, neste senso, meramente os lugares de achado da nosa documentación, Lugo e A Veiga, senón tamén, sobre todo, a explícita identificación textual de dúas comunidades etno-políticas: os cóporos e os albións; e de dous núcleos habitacionais: **Circinum* e *Cariaca*. O *principatus* pódese ubicar no espazo, xa que logo, a través da redución previa destas tímidas referencias. Mais elas non constitúen meramente lugares no espazo, senón tamén entidades socio-políticas cunha nidia dimensión xurídica e institucional que de seu definiu ao *principatus* galaico e que permitirá calibrar os seus paralelos históricos.

Propoño no presente capítulo, xa que logo, centrármonos nestas comunidades, o que non pode ser satisfeito senón a través do estudo individualizado, conforme á orde seguida no rexistro epigráfico, dos cóporos e os albións, canda os *castella* correspondentes. Coa debida modestia, coido estar nunha situación privilexiada para encetar esta tarefa, pois forma parte protagonista do meu proxecto de doutoramento, de cuxos materiais me nutrín deliberadamente para elaborar este capítulo. Analizarei así a dimensión social e a proxección político-administrativa das comunidades implicadas, canda a influencia do *castellum* como parte consubstancial do seu artellamento interno. Ou o que é o mesmo, esgotarmos o noso estudo, apenas perfilado no anterior capítulo (§4, 2), do obxecto sobre o que se exerceu o *principatus* galaico: as

comunidades ás que pertenceron os nosos *principes*, sobre as que estes expresaron a súa dignidade… Nunha palabra, enxergarmos a patria dos *principes*.

### 5.1. Os cóporos

A comunidade dos cóporos atópase relativamente ben testemuñada, tanto por fontes literarias coma epigráficas. Das primeiras, avanzado o século I d.C., o naturalista romano Plinio o vello, na súa corografía marítima da *Callaecia*, citounos entre as derradeiras *ciuitates* do *conuentus iuridicus* lucense:

> E logo disto, esténdese a demarcación de Lugo: […] os céltigos chamados *neri* e *supertamarici*, en cuxa península están tres aras sestianas adicadas a Augusto; os cóporos, o castro de Noia [?], os céltigos chamados *praestamarici*, e os cilenos. Das illas, son salientábeis Cortegada e Ons. Despois dos cilenos, [escomeza] a demarcación dos brácaros[1].

Como se observa, esta pasaxe supón un caixón de xastre no que o ilustre naturalista mesturou todo aquilo que coidou significativo para a descrición da faixa marítima da *Callaecia*: comunidades étnicas, núcleos habituacionais, illas, ríos, circunscricións administrativas, e monumentos. Por esta referencia imponse que os cóporos ocupasen unha área substancialmente vindeira á costa… E máis nada. Unha meirande concreción, como a súa localización expresamente costeira[2], ou a súa pose de *Noeta* –se cadra a actual Noia, como de feito traducín no texto–[3], resulta aventurado por mor da imprecisión da fonte.

Tamén o astrónomo grego Claudio Ptolomeo tería identificado os *Kapóroi*, a quen lles atribuíu as *póleis* de Iria e Lugo, expresamente ubicadas, a través de coordenadas cartográficas, na súa *Xeografía*[4]. Como imos ver de contado, isto ten sido decote asumido literal e acriticamente, aínda cando o propósito de Ptolomeo non foi nin moito menos a consignación rigorosa das relacións político-administrativas entre os milleiros de entidades étnicas, civís e habitacionais citadas na súa obra, senón ubicalas no espazo para cartografar todo o mundo coñecido no seu tempo. Nestas circunstancias, consignar Iria e Lugo baixo a epígrafe *Kapóroi* se cadra puidese ter o mero propósito de situar no mapa a etiqueta deste pobo entre as devanditas localidades. O certo é que xa diversas achegas teñen matizado a validez desta fonte para o recoñecemento de relacións político-administrativas reais[5]; e neste senso non

---

1 Plin., *Nat.*, IV, 111-112, traducido da ed. K. Mayhoff, 1906, p. 354.

2 Pois a mesma corografía pliniana inclúe localizacións interiores: cfr. Plin., *Nat.*, IV, 112-113; 116.

3 Cfr. A. Tranoy, 1981, pp. 58 e 205.

4 Ptol., *Geog.*, II, 6, 23.

5 J. M. Gómez Fraile, 1997; D. Urbina Martínez, 1998, pp. 198 ss.; A. M. Canto, 1999; M. Fernández Calo, 2015, pp. 182-184.

semella en absoluto factíbel que Lugo e Iria, fundacións urbanas privilexiadas, se cadra *municipia* dende a súa fundación ou promoción en época augustea no primeiro caso e flaviana no segundo, dependesen dunha comunidade indíxena coma os cóporos, para a que podemos presupor, sen moita marxe de erro, un estatuto «peregrino» antes da súa latinización xurídica (§§3, 4; 5, 3; 5, 6; 10, 5). De feito, a lápida dos *milites* de Lugo opónse á adscrición cópora desta cidade, pois é ben sabido que nos enterramentos *intra ciuitatem* os epitafios omitían, por regra xeral, a *origo* dos defuntos, e neste caso fixeron a súa adscrición á *ciuitas Copororum* (cfr. §1, 3). É certo, por outra banda, que no sepulcro dos príncipes non temos, coma neste caso, unha mención de *origo* civil, senón do obxecto do *principatus* que disfrutaron os defuntos; mais tamén aquí o enterramento se pode entender decididamente *extra ciuitatem*, segundo exporemos no seu momento (§8, 1). Abonde agora, en fin, con reiterarmos que o reporte ptolemaico pode ser atendido como orientación xeográfica do marco de asentamento deste pobo, mais de ningún xeito nun sentido literal.

A epigrafía, pola súa banda, vén complementar un chisco o cativo rexistro documental da *ciuitas Copororum* e a confirmar a forma pliniana do etnónimo, *Copori*, fronte á ptolemaica, *Kapóroi*[6]; mais pouco engade arredor da súa redución xeográfica. En efecto, as dúas epígrafes que mencionan expresamente o etnónimo vencéllanse a cóporos emigrantes[7]: unha lápida de Lamego e unha adicación votiva en Astorga[8]. Unha última lápida, tamén asturicense, lembra ao infante Coporino fillo de Cóporo, cuxa onomástica se cadra tamén suxira a descendencia de emigrantes en orixe pertencentes a este pobo[9]. A isto cómpre sumarmos, por suposto, as xa tratadas epígrafes lucenses dos *principes* e dos *milites* de Lugo –onde a mención do etnónimo figuraría abreviada (cfr. §1, 3)–, que documentarían, respectivamente, un enterramento *extra ciuitatem* de dous *principes* e o doutros dous militares cóporos.

Por último, e moi significativamente, dispoñemos tamén neste caso de fontes eclesiásticas alto-medievais. En primeiro lugar, unha interpolación do *Parroquial suevo* menciona a *ecclesia* de *Coporos* entre as dependencias de Iria[10]. Esta mención, de certo engadida ao texto xenuíno deste excepcional documento do século VI, semella con todo ben antiga, a todas luces anterior a mediado o século IX[11]. O corónimo *Coporos* volvería reaparecer na bula do papa Pascual II do 1110, unha confirmación dos lindeiros xurisdicionais da igrexa de Santiago[12], para logo desaparecer xa

6 A. Tranoy, 1981, p. 57; A. Rodríguez Colmenero, 1996, p. 238.
7 Cfr. A. Tranoy, cit. na n. anterior.
8 *CIL* II, 5250; *IRPLe*, 96.
9 *CIL* II, 2657 = *IRPLe*, 123.
10 *Par. Suev.*, XI, 8.
11 Cfr. J. C. Sánchez Pardo, 2014, pp. 457-458.
12 *HISC* III, ap. xxvi, pp. 77-78.

definitivamente da documentación. A redución xeográfica exacta deste *territorium* alto-medieval pasa pola identificación do corónimo que o tería substituído. A este respecto, son dúas as solucións que se teñen ofrecido:

1º.– M. C. García Martínez, nun artigo monográfico ao respecto, confrontaría a bula de Pascual II, que contén como vimos a derradeira mención do corónimo *Coporos*, coa seguinte relación eclesiástica compostelá, a división arcediagal de 1177[13], onde por primeira vez aparece *Barueiros*, hoxe Barbeiros[14], para el o seu substituto[15];

2º.– F. López Alsina atoparía como suxeito de confrontación o *Documento de Tructino* do 868[16], no que, fronte ao *Parroquial suevo*, *Coporos* se silencia e aparecen en troques moitos novos *commissa*, optando de entre eles, na súa cartografía, por *Nemancos* e *Seminaria* como os seus substitutos[17].

Ambas as hipóteses achegan un soporte argumental idéntico: a substitución documental do corónimo *Coporos*. Con todo, a mención isolada do mesmo a comezos do século XII evidencia que a súa desaparición non se puido producir xa no IX, e deste xeito *Nemancos* e *Seminaria* tampouco puideron ser os seus substitutos, como preconizou F. López Alsina. Ademais, a ubicación evidente dos *Celtici nerii* na mesma área ca *Nemancos* e *Seminaria* desbota toda relación posíbel entre estas bisbarras da actual costa da morte e os cóporos[18]. A opción de M. C. García Martínez refórzase pola súa argumentación expresa de todas as correspondencias entre as entidades silenciadas en 1110 e as aparecidas en 1177. No *Tructino*, ademais, o silenciamento de *Coporos* poderíase explicar por dúas razóns: o carácter non monotético do documento, por unha banda, ao se tratar dunha consignación de bens privados e non dunha bula de confirmación de lindeiros ou unha división arcediagal que presupuxese unha meirande exhaustividade; e pola outra, a aparente mención no seu lugar de *Marçola*, Marzoa. En apariencia, esta discontinuidade na coronimia histórica da bisbarra podería desfavorecer a postura de M. C. García Martínez; mais se cadra o feito de que o *Tructino* aluda a *commissa* e non a *archipresbyteratus* coma a bula e a división arcediagal[19] poida matizar tal anomalía, pois é ben sabido que a xeografía eclesiástica foi tradicionalmente máis conservadora cá civil. Isto explicaría a meirande pervivencia do corónimo eclesiástico *Coporos*, mesmo cando xa fora substituído na coronimia civil por *Marçola*.

---

13 *Id.*, IV, ap. I, pp. 122-124.

14 Cítase *Barbarios* como *uilla* dependente do *commisso Montanos* xa na carta de dote de Sisnando a Aldonza, deica o ano 887: cfr. *HISC* II, ap. xx., p. 36.

15 M. C. García Martínez, 1972b.

16 Segundo corrección cronolóxica de A. López Alsina, 1988, p. 158. O *Documento de Tructino* foi editado no seu momento na *HISC* II, ap. ii, pp. 6-8.

17 A. López Alsina, 1988, pp. 156-158 e 309-310.

18 Cfr., por exemplo, A. Tranoy, 1981, pp. 58-59.

19 Non pense o lector que tal referencia a entidades eclesiásticas discordantes é un lapso ou un erro do autor: a división arcediagal de 1177 agrupou os arciprestados preexistentes, entre eles Barbeiros, en novos arcediagados.

Con todo, a problemática documental da opción preconizada por M. C. García Martínez é un chisco máis complexa. Na división de 1177, *Barueiros*, malia que no futuro habería de se converter en arciprestado, non é citado como tal senón como *possessio*, do mesmo xeito do que outras entidades menores coma *Piadela*, *Oqua* e certas *possessiones de Moracio* que obviamente non constituíron arciprestados de seu[20]. O propio M. C. García Martínez os eludiu no seu artigo, citando como novos corónimos da división de 1177 en relacion á de 1110, canda *Barueiros*, só *Giro*, *Pilonio*, *Insula*, *Nimancis* e *Soneyra*, consignados como arciprestados no documento[21]. Estes dous últimos, opción de F. López Alsina, cómpre desbotalos, segundo amosamos antes; e o primeiro, o Xiro de Santiago, tamén, por canto non pode ser anterior á descuberta do Apóstolo. En troques, os arciprestados de *Pilonio* e *Insula* –respectivamente Piloño e *insula Laonie*, ou sexa, Loño– poderían terse tamén como opcións viábeis da herdanza xurisdicional da igrexa tardo-antiga de *Coporos*. Porén, son desta volta as fontes de época xermánica as que entran en escena: ambos os arciprestados correspóndense ao máis serodio Merza, o cal conecta cunha entidade tardo-antiga que coñecemos precisamente como *Mertia* e *Mercienses*, que o *Parroquial suevo* diferencia expresamente de *Coporos*[22]. É, pois, Barbeiros o arciprestado que semella ter herdado a estrutura do homólogo *Coporos*, malia o problema referido de ser citado non como tal senón como *possessio* na división de 1177.

Por suposto, esta correspondencia non implica necesariamente que cumpra centrar o ámbito de asentamento do antergo pobo dos cóporos no vello arciprestado de Barbeiros. Tal correspondencia é, en troques, simple resultado súa secular fragmentación xurisdicional. Este proceso, do que teño estudado recentemente noutro traballo a súa plasmación global entre a redación da descrición pliniana e a do *Parroquial suevo*[23], tería probabelmente fraccionado a primitiva *ciuitas Copororum* en novos *territoria* tardo-antigos e alto-medievais, de entre os que *Coporos* –do mesmo xeito ca Bergantiños entre *Flauium Brigantium* e Céltigos entre os *Celtici*– mantería finalmente a denominación orixinal ata a modificación definitiva da mesma no século XII. A asimilación aducida implicaría, pola contra, que o ámbito de asentamento dos cóporos abrangueu, entroutros territorios, o espazo que posteriormente ocuparía o arciprestado de Barbeiros.

Contamos aínda con outro dato que pode servirnos para ubicar tanto aos cóporos como aos propios *principes*: a identificación do *castellum *Circinum* como parte

---

20 Cfr. *HISC* IV, ap. l, pp. 122-124.

21 M. C. García Martínez, 1972b, p. 29. Cita asemade *aliis tribus de Nendos*, supoñendo que se referiría á fragmentación en novos arciprestados deste grande *territorium*, que efectivamente aparece na *Bula* como *Nemitos*. Cfr. *HISC* III, ap. xxvi, pp. 77-78.

22 Igrexa dos *Mercienses* segundo *Par. Suev.*, XI, 7; ceca *Mertia* segundo o numerario visigodo: cfr. F. Pliego Herrera & R. Pliego Vázquez, 2007, pp. 19-21.

23 M. Fernández Calo, 2015.

da súa *origo* ou adscrición civil. Certamente, neste caso todo depende da reconstrución toponímica: o sepulcro menciona *Circine*, en ablativo, o que podería resultar nun nominativo **Circinum* ou ben, admitindo a abreviatura dunha posíbel desinencia, **Circine*(*nsis*). Como é ben sabido, a derivación romance dos topónimos parte do caso acusativo, co que os posíbeis étimos devirían, respectivamente, **Circinem* e **Circinensem*. A derivación canónica galego-portuguesa apuntaría, por caída da sonante nasal intervocálica e mantención das sílabas tónicas, deica "Circíe", "Circéns" ou "Circés" que, ata onde puiden comprobar, non existen no noso acervo toponímico. Se a raíz ficou na toponimia actual, fíxoo a través dunha derivación anómala, ou ben dende un étimo diferente.

Neste senso, Mª. L. Albertos sinalou o paralelismo do *castellum* en cuestión con dous topónimos parroquiais actuais que poderían ofrecer senllas pistas arredor da localización do castro: Circes, Touro, e Cercio, Lalín[24]. Pola contra, N. Ares Vázquez deu localizado precisamente un castro Cercio, na parroquia de Novelúa, Monterroso[25]. Malia o suxestivo de tal asociación, cómpre matizar a difícil conservación dun topónimo castrexo no mesmísimo castro ao que tería referenciado. En efecto, os xacementos da Idade do Ferro galego-portuguesa non adoitan presentar na toponimia histórica outra denominación cá tipolóxica: «castro», «castelo», «cividade», etcétcera, á que se lle engade o topónimo parroquial ou sub-parroquial. É esta vía pola que, se acaso, se pode formular a conservación do topónimo castrexo, como acontece, por exemplo, entre *Lansbrica* e San Cibrao de Las, algo que non acontece en Cercio, nome privativo do castro. En realidade, coido, este topónimo pode non ser máis ca un cognado dialectal do adxectivo patrimonial galego «circio», do que o separa unha simple apertura da vogal inicial. Esta sospeita invita a disociar o topónimo actual «Cercio» do castrexo **Circinum* ou **Circine*(*nsis*), o que perfilaría a opción parroquial de Circes como a idónea a xulgar polos datos manexados.

De calquera xeito, os elementos de xuízo non rematan aquí. A documentación medieval fornece o corónimo de *Cercedello* ou *Circitello*, mosteiro e arciprestado, asociados segundo A. López Ferreiro á parroquia de Sabugueira, Compostela[26]. A raíz *circit-* aparece evidentemente na veciña parroquia de Cerceda, O Pino, ao leste, a medio camiño entre a xa citada Circes, polo sur, e os posíbeis «aglomerados secundarios» romanos de Castrofeito polo oeste e Ponte Puñide polo norte[27]. Se cadra isto suxira que o radical *circit-* formase parte do substrato pre-latino característico da toponimia desta bisbarra ao leste de Compostela. Coa romanización da bisbarra, desenvolvéronse os novos asentamentos de Castrofeito e Ponte Puñide, precisamen-

24 M. L. Albertos Firmat, 1977, p. 23.

25 N. Ares Vázquez, 1992, p. 67.

26 *HISC* II, p. 443. Mencións documentais editadas en *ibid.*, ap. xxxv, pp. 77-80 e *HISC* III, ap. xxvi, pp. 77-78.

27 Arredor destes xacementos, véxase F. Pérez Losada, 2002, p. 323.

te arrodeando Cerceda; e por fin no Medievo a súa estrutura xurídico-política se tería conservado no arciprestado de *Circitello*. A título hipotético, en fin, non podo evitar suxerir unha lectura epigráfica **Circine*(*ta*), étimo admisíbel para Cerceda.

Sexa como for, cómpre non esquecermos a opción meridional, Circes, polo que o primitivo *castellum* cóporo, baixo o criterio toponímico, podería identificarse tanto con esta parroquia coma coa de Cerceda… Probabelmente nelas se poida pescudar a súa correspondencia física: o castro no que residiron os *principes* dos cóporos.

Un segundo *castellum* documentado –fragmentariamente– entre os cóporos é [---]*idieluibri*, ao que pertenceu un dos soldados cóporos lembrados na lápida dos *milites* de Lugo, xa tratada polo miúdo no seu momento (§2, 2). Tendo en conta a caída da sonante lateral alveolar intervocálica en galego-portugués, se cadra se poida suxerir algunha relación con Deixebre, Oroso; ou ben, reparando na porción perdida do topónimo e, precisamente, nunha lateralización da secuencia *-die-*, o mesmo cabería apuntar para Cillobre e Illobre, en Touro e Vedra, respectivamente. Porén, a posibilidade máis suxerente é para min na fraga de Libredón, Compostela, destacada no ciclo lexendario xacobeo[28]; nunha relación que podería atribuírse á composición de ambos os topónimos a partires dun orixinal **Luibris*, que fixese referencia a un espazo liminal entre os cóporos e, probabelmente, os céltigos supertamáricos.

Como se percibe, a información dispoñíbel referente á *ciuitas Copororum* pouco máis serve que para identificarmos determinados puntos da actual Galiza que, con seguridade ou probabilidade, formaron parte da súa área de asentamento primitivo. Porén, partindo desta mesma documentación –e a cotío de ben menos–, téñense desenvolvido conxecturas, máis ou menos sensatas, máis ou menos atrevidas, arredor do territorio ocupado por este pobo, e mesmo da súa evolución histórica.

Unha idea común nas investigacións que nos preceden, que arrinca sempre dunha interpretación máis ou menos literal de Ptolomeo, é a grande extensión da *ciuitas Copororum*[29]. Este tópico, con todo, presenta notábeis variantes na súa concreción. Por exemplo, asumindo a alongada extensión entre Iria e Lugo, tense atopado nos ríos Ulla e Tambre os lindeiros naturais do pobo[30]. Porén, tal presunción opónse á correspondencia da igrexa tardo-antiga de *Coporos* no arciprestado de Barbeiros, ubicado ao norte do Tambre. Por outra banda, o mesmo M. C. García Martínez, que defendeu esta correspondencia, identificaría tamén varios topónimos actuais co radical *cabr-*, considerándoos indicativos da presenza deste pobo pola voz que manexaba, *Capori*, o que o levaría a ampliar aínda máis deica o norte o seu ámbito de

---

28 Arredor da xeografía das lendas xacobeas, véxase A. Balboa Salgado, 2005.

29 Cfr. P. Bosch Gimpera, 1932, p. 500; F. López Cuevillas, 1953, pp. 53-55; M. C. García Martínez, 1972b; A. Tranoy, 1981, pp. 57-58; N. Ares Vázquez, 1992, p. 69; A. Rodríguez Colmenero, 1997a, p. 88; M. V. García Quintela, 2002, p. 46; F. Pérez Losada, 2002, p. 89; R. Brañas Abad & *al.*, 2007, p. 537.

30 N. Ares Vázquez, 1992, p. 69; A. Rodríguez Colmenero, 1997a, p. 88.

asentamento[31]. Con todo, dende que A. Tranoy reuniu as fontes epigráficas referentes a este pobo[32], sabemos que a forma correcta do seu etnónimo é *Copori*, de xeito que a súa asimilación aos referidos topónimos resulta definitivamente desbotábel.

Noutras ocasións, algúns investigadores teñen mesmo conxecturado a evolución dos lindeiros xurisdicionais deste pobo. Así, P. Bosch Gimpera, reparando na incongruencia xeográfica substraída do reporte ptolemaico, quixo ver nela o efecto dunha redefinición administrativa romana, que tería ampliado a súa xurisdición orixinal, na contorna de Lugo, deica o oeste[33]. Seguindo o mesmo razoamento, pero tomando en consideración o reporte corográfico de Plinio, arriba reproducido, A. Tranoy invertiría esta premisa: os cóporos serían un pobo da foz do Ulla cuxos lindeiros se viron ampliados deica o leste polos romanos[34]. Tales achegas, con todo, obvian unha consideración fulcral: por que a redefinición romana dos lindeiros étnicos da *Callaecia* habería de resultar nunhas xurisdicións máis arbitrarias do que foran os seus primitivos espazos de asentamento? Eludindo xa o problema da xurisdición primitiva e ocupándose da súa historia posterior, F. Pérez Losada conxecturou que en época xulio-claudiana os cóporos constituirían unha única *ciuitas* centrada en Lugo, para máis adiante sufrir unha bipartición por mor da promoción flaviana de Iria[35]. Contra esta idea cumpriría repetirmos, unha vez máis, a imposibilidade de que unha *ciuitas* presumibelmente privilexiada coma *Lucus Augusti* dependese dunha comunidade peregrina coma os cóporos. Por último, M. V. García Quintela, como xa amosamos no capítulo de historiografía (§2, 8), considera que a magnitude territorial aparentemente suxerida por Ptolomeo achegaría aos cóporos a un grande conglomerado étnico supra-local, fronte á extensión ordinaria das demais *ciuitates* da *Callaecia*[36]. Esta interpretación, á que xa nos temos referido, expresando o seu desatino, cumprirá con todo volver discutila máis adiante, ao afectar tamén aos albións (§5, 4).

Independentemente do tino de todas estas hipóteses, como se percibe moi diversas e decote con escasa ou nula base positiva, coido que, sintetizando a exposición desenvolvida ata aquí, cómpre concluírmos que non é posíbel unha redución xeográfica exacta a través do rexistro documental manexado. A solución a este problema será, se acaso, tarefa dun estudo máis global, que atenda a información cruzada de moitas comunidades da antiga *Callaecia*, neste caso canda menos as veciñas dos cóporos; resolución que claramente fica fóra dos obxectivos específicos e as posibilidades razoábeis da presente monografía.

---

31 M. C. García Martínez, 1972a.
32 A. Tranoy, 1981, pp. 57-58.
33 P. Bosch Gimpera, 1932, p. 500.
34 A. Tranoy, 1981, pp. 57-58.
35 F. Pérez Losada, 2002, p. 89.
36 M. V. García Quintela, 2002, pp. 46-49.

Verifícase, de calquera xeito, a asimilación deste pobo ao interior do *conuentus iuridicus* lucense. Ptolomeo invítanos, sen moita certeza, a facer aos cóporos colindantes –que non concidadáns– indistintamente de Iria e de Lugo; e Plinio a levalos canda menos a preto da costa, xa fose pola foz do Tambre ou pola do Ulla. O reporte ptolemaico favorecería a segunda opción; mais o que podemos sospeitar é que ocuparon ambas as ribeiras do primeiro río á altura do arciprestado de Barbeiros. Circes e Cerceda, finalmente, son parroquias actuais que probabelmente cumpra pór en relación co *castellum* de procedencia dos *principes Copororum* (mapa 1).

### 5.2. Os albións

O rexistro documental dos albións é moito máis exiguo có dos cóporos, embora tamén presenta, se cadra por esta mesma razón, menos problemas interpretativos. Se no caso anterior foi posíbel fornecermos mesmo a vixencia alto-medieval dunha entidade política homónima, desta volta só contamos coas fontes literarias, unha controvertida lápida emigratoria, e a propia estela, xa tratada, da Veiga. Na mesma corografía marítima de Plinio son citados os albións, desta volta entre as *ciuitates* da costa setentrional do *conuentus iuridicus* lucense:

> [De leste a oeste atopamos] a rexión dos ástures; o castro de *Noega* nunha península, os pesgos; e logo disto, dende o Navia eséndese a xurisdición de Lugo: os albións, os cabarcos, os exivarros [ou os egos e os varros] chamados *namarini*, os ádoves, os arrós, os arrotrebas, o promontorio céltigo, os ríos *Florius* e *Nelo*[37].

A orde de mención, que cómpre matizar como argumento absoluto para a ubicación das diversas entidades nomeadas, semella *a priori* aceptábel no caso dos albións, por seren a primeira *ciuitas* enumerada do litoral do *conuentus* lucense, dende o río Navia. En efecto, a identificación étnica deste río resulta explícita en Ptolomeo, quen se refire a el como *Nabialoouíōnos potamoũ ekbolaí*[38], o que semella a todas luces unha referencia corrompida do que podería traducirse literalmente como "a foz do río Navia dos albións"[39]. Unha tradición alternativa do texto pliniano, pola súa banda, recollería *flumine Nauialbione*, non *flumine Nauia, Albiones*[40], o que complementaría a forma do hidrónimo transmitida por Ptolomeo. Sexa como for, o que dende logo pode concluírse en virtude das escasas fontes dispoñíbeis, é que os xeógrafos da Alta Romanidade asociaban expresamente os albións co río Navia.

A estela da Veiga, único testemuño epigráfico deste pobo, vén engadir outro elemento de xuízo a prol da súa redución xeográfica, suxerindo a súa extensión ata o

37 Plin., *Nat.*, IV, 110-111, traducido da ed. K. Mayhoff, 1906, p. 354.

38 Ptol., *Geog.*, II, 6, 4.

39 Cfr. N. V. Santos Yanguas, 1992, p. 422.

40 K. Mayhoff, 1906, p. 354, n. 3; cfr. A. Tranoy, 1981, p. 54.




Mapa 1. A patria dos *principes*.

veciño río Eo, en cuxas inmediacións foi achado o documento. De calquera xeito, o valor deste testemuño é relativo[41] por canto Nícer, o defunto que conmemora, dada a redación equívoca da estela, puido non ser o *princeps Albionum* (cfr. §§1, 4 e 8, 1-2); e aínda séndoo o seu lugar de enterramento puido non coincidir co seu lugar de residencia, como por certo acontece –verémolo– cos *principes* de Lugo (§8, 1). De calquera xeito, aínda matizando o valor argumental da estela da Veiga, resulta dende logo plausíbel que a *ciuitas Albionum* se estendese efectivamente dende o Navia ata o Eo.

Aquí remata a información directa con implicacións para o recoñecemento da área de asentamento dos albións. M. V. García Quintela, con todo, ten procurado postular a grande extensión territorial deste pobo, ao abeiro meramente dunha hipótese etimolóxica que vencellaría o radical céltico *albio-* co concepto "mundo"[42], na súa tentativa de atribuír grandes dominios aos *principes* galaicos, que discutiremos axiña (§5, 4). Obviamente, a etimoloxía non supón un vieiro acaído para dilucidarmos esta cuestión[43]: imponse, pola contra, recoñecermos a inexistencia de máis información directa arredor do espazo xurisdicional que ocuparon os albións, e pasar a valorarmos o potencial contributo doutras informacións indirectas. Cómpre, deste xeito, atendermos ás bisbarras ocupadas polos pobos veciños, que neste caso debuxan uns lindeiros relativamente ben definidos.

Neste senso, *Cibarci* e *Paesici*, que tamén forman parte da listaxe corográfica de Plinio, permiten excluír os seus ámbitos de asentamento en relación aos albións. Poderían aducirse, asemade, os *Egi* ou *Egiuarri*, cuxo etnónimo fornece na súa raíz un posíbel paralelismo co hidrónimo primitivo do río Eo (**ego*$^{w}$-), por cuxa razón se ten conxecturado o seu asentamento no devandito río[44]. Con todo, non existen indicios complementarios cos que verificarmos esta hipótese, de xeito que non resulta posíbel precisar o grao de vinculación entre os *Egi* ou *Egiuarri* e o río Eo, nin dende logo desbotar a presenza neste río doutras *ciuitates*. Imponse, xa que logo, centrarmos a valoración das áreas excluídas do ámbito de ocupación dos albións nos pobos costeiros antes aludidos, para os que existe unha meirande información.

Así, os *Cibarci*, cuxa forma etnonímica correcta, fronte á pliniana, é *Cabarci*, fornecida pola epigrafía[45] e da que nos fixemos eco na reprodución do texto en cuestión, han de seren reducidos na contorna da actual parroquia de San Xulián de Cabarcos, no termo municipal de Barreiros, polo que precisamente o río Eo puido confor-

41 Como xa puxo de manifesto N. V. Santos Yanguas, 1992, p. 422.

42 M. V. García Quintela, 2002, pp. 47 e 49.

43 Arredor do carácter especulativo da hipótese discutida, véxase A. González Ruibal, 2006-2007, p. 533. Para críticas máis xerais da metodoloxía deste autor, cfr. a bibliografía recolleita en §2, 8.

44 A. Tranoy, 1981, p. 58; M. D. Dopico Caínzos & P. Rodríguez Álvarez, 1992, p. 396; A. Rodríguez Colmenero, 1997a, p. 86.

45 *CIL* II, 5739.

mar o seu lindeiro oriental[46]. Pola súa banda, a redución xeográfica dos *Paesici*, que a corografía pliniana sitúa na costa do *conuentus iuridicus* asturicense, fica determinada pola ambigua corografía de Plinio. Neste senso, a expresión *oppidum Noega in paeninsula Paesici*, segundo a interpretación da sintaxe e puntuación, ofrece varias lecturas posíbeis. Mais con independencia de que se teña adscrito en certas ocasións *Noega* aos *Paesici*[47], hoxe sabemos con seguridade que *Noega* se situou na Campa Torres, actual Xixón[48]. Por esta razón, imponse que a «península» mencionada por Plinio se referise a *Noega*, e non aos *Paesici*, como arriba recollín na reprodución literal do texto. Deste xeito, os *Paesici* han de seren interpretados como un elemento independente da listaxe corográfica. Ptolomeo asígnalles *Phlaouionaouía*[49], forma grega dun topónimo latino **Flauionauia* ou mellor **Flauium Auium*, correspondente á actual Pravia, sobre o río Nalón[50]. O etnónimo fica asemade ben testemuñado en época alto-medieval, como denominación do *territorium Pesgos*, entroutras variantes toponímicas, ao que se asocian certas localizacións concretas[51]. Dado que a redución dos *Paesici* non é un propósito específico do presente estudo, abonde con salientarmos simplemente entre as súas dependencias medievais o lugar de *Tinegium* (Tinéu) e os ríos Narcea e *Luinia*. Verbo a este último hidrónimo, antóllase máis conforme á área de asentamento xeral dos *Paesici* a actual parroquia de Soto de Lluíña, no termo municipal de Cuideiru, có regato homónimo, afluente do alto Navia no val do Ibias. Pola súa banda, as outras dúas localizacións, contrariamente ao común das *ciuitates* citadas na corografía marítima de Plinio, permite valorar a dimensión interior do asentamento dos antigos *Paesici*.

Porén, o que agora importa é excluírmos das áreas fornecidas para os *Cabarci* e os *Paesici* aos seus veciños *Albiones*. Conclúese, xa que logo, que estes non rebordaron a beira dereita do Eo, nin se estenderon pola costa alén de Cuideiru, nin polo interior ata a bacía do Nalón-Narcea.

Malia que o etnónimo dos albións, fronte ao dos cóporos, desapareceu da xeografía medieval, no espazo que estamos a debuxar constatamos dende moi antigo unha demarcación civil que semella ter herdado o núcleo principal da vella *ciuitas Albionum*. Trátase do *territorium inter Nauia et Oue*, evidente referencia corográfica ao espazo comprendido precisamente entre o Navia e o Eo, documentado xa no mesmo comezo do século X, nunha doazón de Afonso III á igrexa de Oviedo

---

46 F. López Cuevillas, 1953, p. 54; A. Tranoy, 1981, p. 56; A. Rodríguez Colmenero, 1997a, p. 86; R. Brañas & *al.*, 2007, p. 536.

47 F. López Cuevillas, 1953, pp. 73-74; F. J. Lomas Salmonte, 2006, pp. 136-138.

48 J. L. Maya, 1998, pp. 954-958; I. Rodá de Llanza, 1998, p. 278; A. Ruíz Gutiérrez, 2001, p. 241.

49 Ptol., *Geog.*, II, 6, 5.

50 A. Tranoy, 1981, pp. 50-51; C. Fernández Ochoa, 1998, p. 1115; T. M. Tornadijo Rodríguez, 2008.

51 Cfr. A. Tranoy, 1981, p. 50; F. J. Lomas Salmonte, 1974, p. 132.

non precisamente exenta de controversia[52]. Porén, na posterior concesión de Afonso VII de 1154, na que se cederon a esta igrexa non só propiedades senón o mesmo señorío xurisdicional da contorna, enxergamos unha xurisdición ampla e ben delimitada, perfectamente correspondente á anterior: o *Castellum de Suerum quod est inter fluuium de Euue et fluuium de Nauia*[53]. Esta xurisdición, ata daquela reguengo, pasará a constituír un dos principais señoríos do bispado ovetense no Baixo Medievo, coñecido como «Honor de Suarón», malia rematar perdendo o castelo toda a súa vella importancia coa implantación do réxime concellil[54].

En suma, a posíbel correspondencia medieval suxerida non leva senón a apoiar a redución convencional dos albións: o recuncho nordoriental do *conuentus iuridicus* lucense, entre os ríos Eo e Navia[55]. Estes lindeiros, con todo, resultan meramente aproximativos. Por unha banda, o río Eo semella un límite taxativo, por atoparse, segundo xa se desenvolveu, na beira esquerda da súa foz un topónimo que conservou a denominación primitiva do veciño pobo dos cabarcos. O Navia, pola contra, malia ter fixado o límite do *Honor de Suarón* medieval, non semella ter representado este papel na Antigüidade. A *ciuitas* inmediatamente veciña polo leste, a dos *Paesici* áchase relativamente lonxe, de xeito que o confín da *ciuitas Albionum* e do seu propio *conuentus iuridicus* houbo de ir máis ben pola serra do Rañadoiro[56]. De feito, a xa aducida denominación ptolemaica do río Navia –"Navia dos albións"–, a densa ocupación castrexa do seu val e, moi especialmente, a presenza no mesmo do importante castro de Coaña (est. 4A), invitan a considerar, fronte ao resto do espazo xurisdicional fornecido, que precisamente nesta área concreta se atoparía o fulcro da *ciuitas Albionum*[57].

Resulta tentador –e con isto podemos pasar ao outro elemento da xeografía principesca dos albións– asociarmos este mesmo castro de Coaña co *castellum Cariaca* da estela da Veiga. Con todo, a relación lingüística entrambos os topónimos semella difícil, cando non desbotábel; de xeito que só podería apoiarse nunha conxectura: a presunción de que a residencia dun *princeps* tivese que coincidir cun asentamento de importancia, e a constatación de ter sido Coaña o principal da súa bisbarra. Por outra banda, L. A. García Moreno ten proposto a relación de *Cariaca* coa *ecclesia* tardo-antiga de *Carioca*, co que podería atoparse un indicio da vixencia serodia deste

52 G. del Ser Quijano, 1981, nº. 5.

53 J. L. López Sangil & M. Vidán Torreira, 2011, nº 29.

54 R. Pérez de Castro, 1987; J. I. Ruíz de la Peña Solar, 1991, pp. 559-588.

55 F. López Cuevillas, 1953, p. 50; A. Tranoy, 1981, p. 54; A. Rodríguez Colmenero, 1997, p. 86; *id.*, 1996, pp. 228-230; N. V. Santos Yanguas, 2006, p. 126; R. Brañas Abad & *al.*, 2007, p. 534.

56 Como ten insistido F. Calo Lourido, 1993, pp. 65 ss., arredor da delimitación por serras mellor do que por ríos para a cultura castrexa.

57 A. Rodríguez Colmenero, 1996, pp. 228-230, suxire de feito que Coaña fose *caput ciuitatis* dos *Albiones*.

castro e da propia comunidade dos albións[58]. Porén, a redución canónica da devandita *ecclesia* é o actual concello de Quiroga, moito máis ao sur, onde efectivamente se documenta como distrito civil e eclesiástico no subseguinte Alto Medievo[59]. Emporiso, a proposta de L. A. García Moreno sitúanos perante unha posibilidade ineludíbel, sempre que se admita unha non sempre doada variación vocálica (*-a-* > *-o-*): a relación do *castellum Cariaca* co étimo pre-latino **carioca*, relativamente común na toponimia galego-portuguesa, como ilustra a antedita voz Quiroga ou outras variantes coma Queiroga ou Queiruga. Hei de recoñecer, con todo, que ignoro a forma que debería de presentar a variante dialectal do occidente asturiano, de xeito que pola miña banda o máis sensato antóllase deixar aberta esta cuestión.

Alén disto, outra fonte epigráfica un tanto discutida semella documentar un segundo castro albión: o *castellum Ercoriobri*, que se mencionaría como lugar de procedencia dun defunto, Nigriniano fillo de Nigrino, identificado a todas luces, abreviadamente, como *Al*(*bio*), "albión"[60]. Lamentabelmente, este documento está suxeito a unha notábel indefinición, pois non só se perdeu, senón que a crítica epigráfica posterior a E. Hübner asumiu diversos erros na súa descrición: denunciouse, así, que a atribución xeográfica feita polo insigne epigrafista alemán a Villanueva de Cangas de Onís, tería sido resultado da súa confusión de entre as múltiples «villanuevas» asturianas; e mesmo, ao non ter consignado *Al*(*bio*) *ex* Ɔ (*castello*) *Ercoriobri* senón a estraña secuencia AL·EX·7·E·R·-CORIO|BRI, propúxose unha lectura alternativa sen referencia a *castellum* ningún: *Alex*[*i f*]*r*(*atri*) *Corio*|*bri*[61]. Con todo, a primeira sospeita limítase á intención de levar o documento ao espazo albión, nomeadamente a Vilanova de Ozcos, como xeito de o conciliar coa hipotética *origo*; o que non é preciso, pois, de ser atinada a súa lectura tradicional, trataríase dunha lápida emigratoria. E a segunda sospeita é evidentemente unha mera conxectura feita sobre a edición de E. Hübner, que, lonxe de resolver os seus problemas, incorre noutros diferentes.

En efecto, se E. Hübner non estaba tan familiarizado como podemos estalo hoxe co signo Ɔ típico da epigrafía galaica, o feito de telo transcrito por ese estraño signo semellante a 7 que temos reproducido non resulta unha hipótese imposíbel, nin máis difícil do que corrixir a secuencia orixinal 7·E por I·F, as letras que faltarían da lectura alternativa *Alex*[*i f*]*r*(*ater*). Difícil tamén resulta postular un nome

---

58 L. A. García Moreno, 1998, p. 1357, n. 46, en referencia a *Par. Suev.*, VIII, 2.

59 M. C. Díaz y Díaz, 1976, p. 114; J. C. Rivas Fernández, 2003, p. 129; J. M. Novo Güisán, 1997-1998, p. 190; J. C. Sánchez Pardo, 2014, p. 443. Arredor do distrito alto-medieval, cfr. C. Baliñas Pérez, 1998, p. 270; P. David, 1947, p. 47.

60 *CIL* II, 2711 = *ERAs*, 59.

61 *ERAs*, 59, cuxo autor, F. Diego Santos, é responsábel de ambas as lecturas epigráficas dispoñíbeis, defendendo a antiga na edición de 1959, e corrixíndoa a prol da nova na de 1985. Comparte a primeira sospeita arriba enunciada A. Tranoy, 1981, p. 373; a segunda, J. Mangas & M. I. Olano, 1995, p. 346.




Estampa 4. Castros galaicos
Plano de dous castros representativos do transfondo arqueolóxico do *principatus* citados no texto: Coaña (A) e Viladonga (B). Adaptado, respectivamente, a partires de planos de A. García y Bellido, 1942; e F. Arias Vilas & E. Ramil González, 2003.

grego *Alexius*, extremadamente infrecuente en toda a *Hispania* romana, e que no noroeste só documentamos en Boñar, preto de León, nunha adicación votiva realizada, precisamente, por un liberto no que é doado sospeitar unha orixe oriental[62]. Semellante posibilidade non é extrapolábel á lápida que nos ocupa, onde o que temos é un particular peregrino. E a hipotética subseguinte mención *Coriobri* seguiría a referenciar plausibelmente un castro, como abreviatura de *Coriobri*(*gensis*). Outra posibilidade sería interpretar a devandita mención como a filiación do –sempre suposto– adicante, *Alex*[*i f*]*r*(*atri*) *Corio*|*bri* (*filius*); o cal, alén de aportar un inusitado antropónimo **Coriobrus* á onomástica indíxena ástur, tamén carrexaría a insólita situación de que o defunto, Nigriniano fillo de Nigrino, tivese un pai diferente ao seu propio irmán. Nada disto é imposíbel, pero coido que a soa afinidade onomástica dos tales Nigrino e Nigriniano presentes neste documento co Nícer da estela da Veiga abonda para avalar a lectura tradicional fronte á nova. Cómpre admitir, en suma, que a lápida perdida de Villanueva constitúe un testemuño da entidade civil da *ciuitas Albionum* ao mencionala como parte da *origo* dun seu emigrante, documentando ademais un *castellum Ercoriobris*. O que ignoro por completo é ónde cumpriría ubicar este castro.

O rexistro de *castella* albións sérvenos, en definitiva, para afondar no recoñecemento da organización socio-política desta *ciuitas*, pero non tanto, canda menos á luz dos escasos datos manexados, para mellorar a súa redución xeográfica. Coido, con todo, que resultará satisfactorio concluírmos que estes castros, canda a propia demarcación territorial da súa *ciuitas*, non rebordarían en calquera caso os difusos pero sólidos lindeiros que temos argumentado para os albións: o río Eo e a serra do Rañadoiro (mapa 1).

### 5.3. Unha definición identitaria

Sendo entidades diferentes, albións e cóporos designan unha realidade político-administrativa análoga. Ignoramos a súa denominación institucional propia, pero sabemos que os pobos peregrinos da *Callaecia* eran denominados polos autores romanos *populi*[63] e *ciuitates*[64]. Na terminoloxía política romana, estes termos eran en realidade equivalentes[65], e de feito sinónimos para a principal das nosas fontes, Plinio o vello, que computa implicitamente tanto aos albións coma aos cóporos entre os

---

62 *CIL* II, 2694 = 5726 = *IRPLe*, 60.

63 Flor., *Epit.*, I, 33, 12; Plin., *Nat.*, III, 28 para o *conuentus* lucense.

64 Plin., *Nat.*, III, 18, para toda a *Hispania citerior*; *ibid.*, 28, especificamente para o *conuentus* bracarense. Tamén na epigrafía, no pobo asturicense dos *Lougei* (*AE* 1984, 553 = *HEp* 1, 1989, 458) e dez *ciuitates* bracarenses (*CIL* II, 2477).

65 Cfr. A. Capalvo Liesa, 1986; A. Rodríguez Colmenero, 1996, p. 132; J. López Quiroga, 2004, pp. 28-29; M. Fernández Calo, 2015, p. 180.

16 *populi* do *conuentus iuridicus* lucense, e entre as 293 *ciuitates* da provincia *Hispania citerior*[66]. Isto non supón ningunha contradición, pois a *ciuitas* era expresión da entidade xurídica dunha comunidade local, como o *populus* o era do seu corpo cidadán; sendo termos, xa que logo, perfectamente intercambiábeis[67].

Porén, cómpre non simplificarmos a nosa análise con esta «perspectiva civil», sen dúbida motivada por unha descrición, por parte da nosa fonte, do artellamento etno-político galaico ao abeiro das convencións politolóxicas e administrativas romanas. En efecto, outra faceta destas colectividades, máis «étnica», emerxe noutras noticias, malia non se testemuñar apenas na *Callaecia stricto sensu* –nin dende logo entre os albións e os cóporos– o termo latino paradigmático disto, *gens*, como denominación das comunidades locais. Ao meu saber, só Plinio o vello fai un uso claro desta acepción ao se referir aos ártabros como *gens* nunha controvertida pasaxe. Todas as demais incidencias do termo denotan outras acepcións máis xenéricas ou difusas, como cando Pomponio Mela adscribe os ártabros a unha máis ampla *Celtica gens*; ou cando Xustino se refire co mesmo termo á estirpe do lexendario Teucro, por unha banda, e á xeneralidade dos galaicos, pola outra[68]. Non hai, con todo, que afastarse moito da *Callaecia stricto sensu* para dar con referencias ben máis significativas, pois *gens* testemúñase como denominación oficial de non poucas comunidades ástures[69]. De calquera xeito, a faceta étnica non se limita á voz *gens*, pois tamén a atopamos nos *omnes Callaeciae populi* cuxa conquista atribúe Floro a Décimo Xunio Bruto[70], evidentemente non expresados na acepción civil do termo *populus*, como viramos en Plinio, senón na étnica. Na mesma liña, Estrabón denomina xenericamente *éthnē*, equivalente grego ao latín *gens*, ás comunidades galaico-lusitanas asentadas «entre o Texo e os ártabros»[71], acotación que, significativamente, implicitaría aos cóporos. Esta vertente «étnica» da terminoloxía que os autores gregos e latinos atribuíron ás comunidades da *Callaecia* e, por extensión, aos albións e aos cóporos, importa especialmente por confirmar a pertinencia dunha das consecuencias da nosa análise epigráfica: a redución dos *principes* galaicos ao paradigma teórico do *principatus gentis* (§4, 6), con independencia de non se testemuñar entre eles, como vimos de apuntar, a denominación *gens*.

---

66 Respectivamente, Plin., *Nat.*, III, 28; 18.

67 Cfr. M. Fernández Calo, 2015, p. 180.

68 Respectivamente; Plin., *Nat.*, IV, 114; Mela, *Chor.*, III, 13; Iust., *Epit.*, XLIV, 3, 3 e 6.

69 A saber, *Zoelae*, *Auolgigi*, *Uisaligi*, *Cabruagenigi*, *Gigurri* e *Susarri* en *CIL* II, 2633; *AE* 1984, 553 = *HEp* 1, 458. Téñase presente, con todo, que esta última fonte –a *tabula Lougeiorum*– ten sido obxecto dalgunha suspicacia arredor da súa autenticidade: véxase A. M. Canto, 1990; A. Rodríguez Colmenero, 1997b, para a matización dos seus argumentos.

70 Flor., *Epit.*, I, 33, 12.

71 Str., *Geog.*, III, 3,5.

De feito, este problema encadrela precisamente co exemplo rexional paradigmático do *principatus gentis*, a África romana (cfr. §6, 1), onde Plinio empregou coma na *Callaecia* a voz *populus* como designación xenérica das súas comunidades locais[72], independentemente do seu grao de desenvolvemento civil; mesturando así, en concreto, realidades sociais tan dispares coma os privilexiados *oppida ciuium Romanorum* con entidades étnicas rurais equivalentes a *gentes*. A este respecto, un dos primeiros *principes* africanos testemuñados, Floro Canaris, provén dunha comunidade, *Thubursicu Numidarum*, daquela intitulada *ciuitas*[73]; arbitraria circunstancia terminolóxica que non arreda o seu caso particular do *principatus gentis* africano[74]. A contradición emerxe, pola contra, cando, en tempo de Traxano, *Thubursicu* se constitúa en *municipium*[75] e aparentemente exerza o seu *principatus* Larcio Macrino[76]. Nestoutro caso a terminoloxía si que alude a un contexto institucional moi concreto, o municipal, que *a priori* exclúe o desempeño dun *princeps gentis*. Semellante contradición ten sido obxecto de diversas tentativas de explicación[77]; embora coido satisfactoria a preconizada por M. Bénabou, quen suxiriu que Larcio Macrino tería sido *princeps* antes da promoción municipal, retendo o título á súa morte, pouco despois deste feito[78]. Con todo, semellante problema non nos compete agora: abonde con sinalarmos que, simplemente, os termos *ciuitas* ou *populus*, e dende logo *éthnos*, todos eles aplicados implicitamente nas fontes aos albións e aos cóporos, poden ser, e sonno no noso caso, equivalentes a *gens*.

En suma, na *Callaecia* peregrina, *ciuitas*, *populus* e *éthnos* designaron unha mesma realidade social: comunidades étnicas de proxección local que foron paseniño reforzando o seu artellamento civil, proceso que culminaría na municipalización a partires da dinastía Flavia pero que afunde as súas raíces nos séculos anteriores[79]. Obviamente, o *principatus* terá notábeis implicacións para avaliarmos este mesmo proceso entre os albións e os cóporos, e de feito en toda *Callaecia* en xeral, cuestión sobre a que voltaremos no seu momento (§10, 5). Mais polo de agora, resta concluírmos que estas comunidades tiveron na súa etapa peregrina un «compoñente étnico» que se solapou a –e eventualmente foi substituído por– a súa dimensión civil.

---

72 Plin., *Nat.*, V, 29.

73 *ILAlg*, 1244; cfr. §6, 1, con bibliografía e reprodución documental.

74 Véxase M. Bénabou, 1976, p. 461.

75 Segundo o nome oficial da comunidade: *municipium Ulpio Traiano Augusto Thubursicu* (*ILAlg* I, 1240). Arredor da municipalización desta comunidade, véxase J. Gascou, 1972, pp. 104-106.

76 *ILAlg* I, 1297.

77 Véxanse, para unha síntese da cuestión, J. Gascou, 1972, pp. 104-105; M. Bénabou, 1976, pp. 461-462; S. Baccolini, 2007, pp. 22 e 82-83.

78 M. Bénabou, 1976, p. 462.

79 Cfr., nomeadamente, M. Fernández Calo, 2016a.

### 5.4. Unha definición estrutural

Os pobos da *Callaecia*, coma os albións e os cóporos que aquí nos interesan, foron a expresión do poder local galaico do seu tempo[80]. Obviamente, tal aseveración contradí o esquema antropolóxico común arredor da estrutura das sociedades humanas, na que o grupo local, chanzo intermedio entre o núcleo familiar e a entidade política rexional, adoita identificarse coa comunidade de asentamento inmediato: a aldea, o poboado, ou, noutras comunidades de diferente proxección habitacional, o clan[81]; o que na *Callaecia* antiga cumpriría identificar, certamente, co castro. Porén, en Historia romana, e na Antigüidade en xeral, a convención terminolóxica é ben distinta. No ámbito disciplinar ao que se adscribe o presente ensaio, en efecto, a noción de «poder local» redúcese nomeadamente á cidade-estado; mais tamén abrangue outras entidades de constitución e proxección xeográfica equivalentes, case sempre sobrepostas aos lugares de asentamento inmediato.

A *Callaecia*, coma calquera ámbito do Imperio Romano, era unha realidade politicamente complexa, na que o poder imperial interactuaba, a través de diversas institucións intermedias, escomezando pola provincia e seguindo polo *conuentus iuridicus*, cos poderes locais[82]. Obviamente, tales poderes eran moi diversos. En África, o poder imperial esforzouse por manter o equilibrio local das colectividades étnicas, tendentes, pola súa estrutura «segmentaria», ao agrupamento[83]. No Oriente romano certos estados federais, coma Licia, integráronse como tales, por riba da *pólis*, na estrutura político-administrativa provincial[84]. Mais a caracterización global da subestrutura do poder no Imperio Romano é que a rede de *póleis* e *ciuitates*, estados locais, artellaba a xeneralidade do territorio[85]. O nivel local do poder no Imperio Romano equivale, pois, á *ciuitas*. Neste contexto, albións e cóporos, con independencia da súa estrutura interna, da que axiña nos ocuparemos (§5, 5), non se situaban senón na rede de *ciuitates* provincial e imperial. Non estaban a un nivel diferente: non había *ciuitates* nin enriba nin embaixo deles, senón que eles mesmos, a efectos administrativos, eran considerados *ciuitates*, con independencia da constitución particular coa que se organizasen a nivel interno.

Esta reflexión, tan obvia, resulta aquí ineludíbel porque M. V. García Quintela, autor dunha das investigacións máis relevantes arredor do *principatus*, ten conxecturado –como xa referimos– a dimensión supra-local dos albións e dos cóporos (§§4, 1-2), para

---

80 Cfr. *id.*, 2015, p. 176.

81 Cfr. R. L. Carneiro, 1981, para a influencia deste esquema nun modelo teórico de evolución socio-política universal; A. W. Johnson & T. K. Earle, 2000, para a súa aplicación en diversos estudos de caso.

82 Véxase Fernández Calo, 2018a, pp. 337-338, onde me centro precisamente na *Callaecia*, facendo apreciacións extensíbeis a Roma e aos seus sucesores xermánicos.

83 D. J. Mattingly, 1992 (2005), pp. 32 ss.

84 M. Sartre, 1994, pp. 15 e 39.

85 Cfr. B. Ward-Perkins, 1998, p. 371.

el asentados supostamente en cadanseu “territorio moi amplo” equiparábel indistintamente aos reinos clientes do Imperio Romano, á Cantabria do *princeps* de Valmartino ou aos dominios do *rex magnus Britanniae Togidubnus*[86]. Desta presunción dixemos no seu momento ser “un dos puntos máis fracos” da interpretación de M. V. García Quintela arredor do *principatus* (§2, 8), afirmación que agora é o intre de xustificar.

Vimos de defender, abofé, a imprecisión das nosas fontes no que respecta á semántica dos termos *ciuitas* e *populus*, cos que nomeadamente Plinio o vello cualifica as entidades etno-políticas locais da *Callaecia*. Neste senso, así como os devanditos termos incorren nunha evidente flexibilidade semántica, cualificando de feito réximes organizativos moi diversos nas comunidades implicadas, se cadra podería alegarse que tamén tolerarían unha certa flexibilidade interpretativa verbo á súa estrutura e imbricación no entramado organizativo romano. Porén, o matiz organizativo difire do estrutural. Nunha descrición administrativa, coma a de Plinio, unha entidade citada como *populus* ou *ciuitas* éo con independencia da súa constitución interna; pero certamente non podería ter sido nunca definida como tal se a súa relación coa administración provincial se expresase por un vieiro diferente ao dos *populi* e *ciuitates*, como por exemplo ao xeito dos reinos clientes, segundo suxire M. V. García Quintela. Cumprirá ampliar esta difícil relación entre o *principatus* e o *regnum socium* máis adiante (§6, 6), que por si soa desbota, polo que importa agora, toda atribución dunha proxección xeográfica supra-local para os albións e os cóporos; e por extensión para a autoridade dos seus *principes*. Pero esta razón non é a única. En efecto, grazas ás lápidas emigratorias dos cóporos, xa estudadas (§4, 1), constatamos indefectibelmente a constitución civil deste pobo, evocada como vimos en mencións de *origo* explícitas e simples, que nin sequera inclúen *cognomina*, contrariamente a outras comunidades étnicas da *Callaecia* que si se dividiron en varias *ciuitates*, coma os céltigos ou os seurros no mesmo *conuentus* ou os lugóns no veciño asturicense[87]. E o mesmo que apuntamos para os cóporos resulta a todas luces extensíbel tamén para os albións, embora a única posíbel lápida emigratoria testemuñada para eles teña sido obxecto de forte –ao meu ver excesiva– suspicacia (§4, 2).

Abofé, contra o parecer de M. V. García Quintela, estamos perante un problema de estrutura, non de tamaño. Se admitimos que albións e cóporos son *populi*, como de feito fai expresamente o autor discutido, sobra toda conxectura de equivalencia con realidades xurídico-políticas dispares; independentemente de que, supostamente, tivesen unha proxección territorial equivalente. Para non me estender de máis con isto, coido que resultará oportuno ilustrar este problema cuns simples exemplos. Así, na Galia, o territorio xurisdicional das *ciuitates*, decote moito máis extenso

---

86 M. V. García Quintela, 2002, p. 50. Arredor de cada analoxía, véxase respectivamente §§6, 6; 3, 3; 6, 2.

87 Co gallo de non me estender verbo ás fraccións e *cognomina* destes pobos, permítome remitir ao propio catálogo de A. Tranoy, 1981, pp. 49 e 58-60.

cás galaicas, presentaba tamén acusadas diferenzas internas, doadamente recoñecíbeis en calquera mapa histórico[88]. Podemos citar o exemplo dos *Lemouices* ou dos *Aruerni*: nin sequera eran as *ciuitates* máis extensas, pero resultan especialmente significativas porque o seu territorio foi conservado case con exactitude nas dioceses de Limoges e Clermont-Ferrand, e máis recentemente nas *régions* administrativas de Limousin e Auvergne, vixentes ata a reforma rexional do 2015. Ao seu carón, pola contra, situábanse as diminutas *ciuitates* do val do Ródano, algunhas delas colonias romanas; e máis aló as dos Alpes, unha miríada de *gentes* de forte prosapia indíxena. Con independencia da súa superficie xurisdicional, orixe étnica e estatuto xurídico, todas elas resultan reducíbeis á categoría de *ciuitates*, compoñentes do poder local galo-romano: unha mesma realidade estrutural, suxeita a unha relación bipartita análoga coas estruturas provinciais e imperiais[89]. O mesmo podemos apuntar para a península ibérica: aquí, os 179 *oppida* béticos e os 45 *populi* lusitanos[90] sitúabanse, malia a súa evidente discrepancia territorial e terminolóxica, exactamente no mesmo nivel do artellamento político-administrativo: o poder local mediatizado polas estruturas provinciais.

En definitiva, con independencia do ámbito xurisdicional, real ou imaxinario, dos albións e os cóporos, a súa estrutura xurídica non debe de se confundir con realidades históricas dispares. Albións e cóporos foron –coma o resto dos *populi*, *ciuitates* ou *éthnē* da *Callaecia* e da xeneralidade do Imperio Romano– expresión xenuína e inequívoca do poder local.

### 5.5. Os *castella Cariaca* e **Circinum*

Como xa temos visto, os *principes* galaicos non aparecen nos seus epitafios meramente asociados a uns pobos, senón tamén a uns *castella*, *Cariaca* e **Circinum*, de xeito que o exame do contido xurídico das nosas fontes tamén ha de prestar atención á realidade social que agochan estas mencións «sub-locais».

Algúns aspectos do réxime socio-político castrexo xa foron referidos, inevitabelmente, ao tratarmos a historia das investigacións e a entidade conceptual do *principatus* (§§2, 2 e 3, 3). A nosa base positiva para o recoñecemento desta faceta característica da cultura castrexa e da *Callaecia* peregrina atópase na epigrafía do século I d.C., que evidencia o singular sistema de adscrición civil empregado polas comunidades galaicas desta época. Tal evidencia epigráfica, á que xa tamén nos re-

88 Alén do mapa mudo co que ilustra as *ciuitates* galas L. Lamoine, 2009, tan citado no presente ensaio, pode consultarse, por exemplo, o clásico atlas histórico de L. Mirot, 1947, nº. 2, con delimitación de cada unha delas no período baixo-romano.

89 Cfr. coa principal investigación ao respecto, cun título –*le pouvoir local en Gaule romaine*– fortemente ilustrativo: L. Lamoine, 2009.

90 Respectivamente, Plin., *Nat.*, III, 7; IV, 117.

ferimos colateralmente ao editarmos as estelas principescas e identificarmos os seus trazos comúns (§§1, 1; 1, 4; 3, 1), xira esencialmente arredor do signo Ɔ, marca de *origo* complementaria ao *populus* ou *ciuitas* na *Callaecia*.

Dende o século pasado este signo foi obxecto dun grande interese por parte dos estudosos, cuxo criterio unificou por moito tempo A. Schulten coa súa lectura de *centuria* equiparábel a «clan»[91]. Mais xa na década de 1930 F. López Cuevillas e R. de Serpa Pinto, no seu adiantado, e xa varias veces referido, estudo das institucións proto-históricas galaicas, habían de postularen unha interpretación, tamén, adiantada ao seu tempo[92]:

> As centurias de que falan as inscripzóns [...] debían corresponderse con outros tantos castros, semellantes a *Calubrica* e o *castello Berensi*, que por dúas veces aparecen desinados no canto de aquelas pra determiñar a posizón de unha persoa dentro da tribu.

Non sería ata case medio século despois cando esta idea volvese ser retomada, mais non xa só para facer corresponder as *centurias* con castros, senón, directamente, para substituír esa lectura por *castellum*, "castro" en latín. Débese a Mª. L. Albertos, á que xa vimos corrixindo decisivamente a lectura epigráfica do sepulcro dos príncipes de Lugo, a determinación de corrixir, tamén, a teimosa lectura *centuria* para o signo Ɔ[93]. A súa proposta, *castellum*, goza hoxe dun completo consenso académico[94], embora tamén se vexa afectada por non poucas inconcrecións. Obviamente, as implicacións desta corrección para o recoñecemento da sociedade castrexa demostráronse no seu momento moi significativas, sendo inmediatamente analizadas por J. Santos e, sobre todo, G. Pereira[95]. Evidenciáronse daquela unha serie de trazos particularizados no *castellum*: a súa delimitación xurisdicional, a súa personalidade xurídico-política, e a súas funcións votivo-relixiosas[96]. E isto, en conxunto, enxergou o réxime constitucional que tiveran os pobos galaicos durante a Romanidade temperá: cada un deles funcionaba como unha confederación de castros fortemente singularizados[97].

Dado que o castro foi o asentamento esencial e mesmo exclusivo da *Callaecia* dende moito antes da súa plasmación epigráfica, o réxime constitucional en cuestión

91 A. Schulten, 1962, pp. 72 ss. Para a síntese historiográfica destas primeiras achegas, véxase R. Brañas Abad, 1995b, pp. 6 ss.; en relación ao *principatus*, §2, 2.

92 F. López Cuevillas & R. de Serpa Pinto, 1933-1934, pp. 289-290.

93 M. L. Albertos Firmat, 1975, pp. 64-66; *ibid.*, 1977.

94 Teño reunido unha ilustrativa bibliografía da cuestión en M. Fernández Calo, 2018a, p. 104.

95 G. Pereira Menaut & J. Santos Yanguas, 1980, pp. 117-130; G. Pereira Menaut, 1982; *id.*, 1983a; *id.*, 1997a; *id.*, 2005.

96 Cfr. G. Pereira Menaut, 1983a; M. Fernández Calo, 2016a, pp. 104-105; *id.*, 2018a, pp. 35-37.

97 G. Pereira Menaut, 1983a; *id.*, 1997a.

é interpretado xeralmente como unha pervivencia cultural castrexa logo da conquista romana. Apenas a corrente arqueolóxica vencellada á «perspectiva segmentaria», dentro da súa tendencia a atribuír univocamente ao poder romano as institucións constatadas pola epigrafía (cfr. §2, 9), se opón a esta interpretación[98]. Fóra desta corrente, tanto na Arqueoloxía coma no sector da Historia antiga e romana predomina a noción da remanencia cultural indíxena[99]. En efecto, este consenso vese refrendado non só polos singulares trazos do *castellum* galaico e o inequívoco carácter indíxena desta institución no contexto xurídico peregrino no que se documenta, senón polo seu testemuño no Bierzo nunha data *grosso modo* coincidente coa propia conquista romana da bisbarra[100].

Dende outras posturas particulares, tense procurado discutir a lectura *castellum*, ou a súa exclusión coa *gentilitas* celtibérica, tentando postular a existencia destes grupos de parentesco na *Callaecia*[101]. Ao meu ver, o carácter netamente territorializado do *castellum* galaico non exclúe a súa correspondencia a grupos de parentesco; mais a súa diferenza cos grupos xentilicios celtibéricos evidénciase xa no propio sistema de *origo*, claramente diferente nun e noutro caso, polo carácter toponímico do primeiro fronte ao estritamente familiar do segundo (cfr. §3, 3).

Por último, certas achegas teñen matizado a equivalencia do *castellum* epigráfico a un único castro físico, a prol da súa correspondencia a agrupacións dos mesmos[102]. Nunha miña recente avaliación en meirande fondura deste asunto, teño recoñecido, malia a miña indisimulada inclinación cara a interpretación canónica, a ausencia de argumentos decisivos a prol dunha ou doutra opción; pero suxerín tamén a necesidade de introducir no debate a dinámica evolutiva do poboamento castrexo, que non foi unha realidade estacionaria, senón que experimentou unha forte proliferación sobre todo na etapa final da cultura, dende remates do século II a.C. (cfr. §§8, 3 e 10, 3). Neste senso, o *castellum* podería ter sobrevivido como entidade xurídica "malia os desdobramentos demográficos", e isto significa que hai lugar para o enriquecemento mútuo entrambas as perspectivas[103].

Malia as súas inconcrecións, pódese concluír que o *castellum* foi a base do artellamento socio-político da *Callaecia* castrexa e peregrina, que dotou ás súas co-

---

98 Véxase, nomeadamente, A. Orejas Saco del Valle & M. Ruíz del Árbol Moro, 2010.

99 Segundo podemos exemplificar cun arqueólgo vencellado á «teoría heroica»: A. González Ruibal, 2006-2007, p. 306; con outros alleos a esta: F. Arias Vilas, 1992, p. 35; F. Calo Lourido, 1993, p. 176; e con especialistas de Historia antiga e romana: M. Villanueva Acuña, 1993, pp. 250 ss.; P. Le Roux, 2003, pp. 179-180; F. J. González García, 2011a, p. 190; M. Fernández Calo, 2018a, p. 32.

100 Como teño denotado noutro traballo recente a través do *Edicto do Bierzo* (*AE* 1999, 915 = *HEp* 7, 1997, 378): M. Fernández Calo 2016a, p. 105.

101 A. Rodríguez Colmenero, 1996, pp. 155-156; J. de Alarcão, 2003b, p. 31; R. Brañas Abad, 2004.

102 Por exemplo, M. V. García Quintela, 2002, pp. 51-52; C. Búa Carballo, 2003, pp. 173-174; A. Orejas Saco del Valle & M. Ruíz del Árbol Moro, 2010.

103 M. Fernández Calo, 2018a, p. 40.

munidades dun réxime constitucional moi específico no que se inscribiron os albións e os cóporos, amais dos seus propios *castella Cariaca* e **Circinum* mencionados na nosa epigrafía principesca.

### 5.6. Comunidades castrexas do norte da *Callaecia*

En suma, podemos concluír que os albións e os cóporos, conxuntos humanos aos que pertenceron os *principes* galaicos testemuñados, eran entidades de escasa cohesión interna e de incerto artellamento civil, cuestión que terá que ser explorada precisamente ao abeiro da propia interpretación do *principatus*, o que necesariamente deixaremos para máis adiante (§10). Alén da epigrafía principesca, constatamos a entidade xurídica estrita destes pobos, embora con menos certeza para os albións, grazas a teren chegado a nós algunhas lápidas emigratorias nas que os etnónimos se incluíron na *origo* dos defuntos. En definitiva, albións e cóporos poden ser indistintamente reducidos ao concepto romano de *ciuitas* e *populus*, con cadansúa relación bilateral propia con Roma, suxeitos xa que logo ao proceso de conquista e ao consecuente establecemento da administración imperial sobre eles, que os recoñeceu como realidades xurídicas de seu e lles impuxo certas prestacións fiscais e militares derivadas do dereito de conquista e dos tratados cos que este se exercía estruturalmente.

Mais tales entidades equivalen asemade a comunidades socio-políticas cunha personalidade xurídica, unha identidade étnica e un desenvolvemento institucional propios, moi anteriores á súa conquista. É aquí onde aparece o *castellum*, base do réxime socio-político dos pobos da *Callaecia* castrexa e peregrina, que condicionou a súa escasa cohesión interna. Fosen o que foren os *principes*, non escaparon deste singular sistema organizativo propio da *Callaecia*.

Finalmente, a incardinación espacial dos *principes*, subxacente xa no propio lugar de achado dos seus sepulcros e corroborado pola redución xeográfica das súas comunidades de orixe, é o norte da *Callaecia*. Esta área de distribución semella dabondo singular e se cadra apunte, precisamente, á restricción da realidade social que subxace no *principatus*; o que obrigaría a matizarmos, outra volta, as achegas que pretenden xunguilo a títulos epigráficos dispares (cfr. §3, 4), ou directamente extrapolalo á *Callaecia* meridional (§2, 7). Polo de agora, con todo, sobra toda consideración adicional. As implicacións xeográficas e institucionais do noso rexistro, en relación ao exercicio histórico do *principatus*, serán só encetadas nos últimos capítulos deste libro (§§9 e 10). O que agora se impón, en troques, é a recuperación do foco do noso interese nos paralelos externos identificados no anterior capítulo, cuxa concreción, co exame da proxección xurídica e territorial do *principatus* desenvolvida ata aquí, temos xa definitivamente completado.

# 6. O *PRINCIPATUS GENTIS* NO IMPERIO ROMANO

Da análise intrínseca da nosa epigrafía principesca postulamos no seu momento tres concepcións xenéricas que definirían o *principatus* galaico: realeza, xefatura e *principatus gentis* (§4, 6). Son válidas estas reducións teóricas? Subxacen nelas os verdadeiros paralelos do noso *principatus*?

Dos tres conceptos, se cadra o máis evidente, canda menos a nivel expresivo, é o *principatus gentis*, e tamén o máis estritamente vinculado ao eido específico da Historia romana. Nel centraremos este primeiro capítulo de contextualización externa; no que con todo, inevitabelmente, se mesturarán tamén os outros dous conceptos.

No contexto histórico polo que nos movemos, realeza, xefatura e *principatus gentis* apuntan indistintamente a unha mesma realidade social: comunidades rurais de organización «non cívica». Esta etiqueta negativa, na Antigüidade recente e nomeadamente en Historia romana, equivale a réximes socio-políticos alleos á república antiga; o que abrangue dende as popularmente coñecidas como «sociedades tribais» –isto é, sen un desenvolvemento civil significativo– a monarquías complexas. A etiqueta, pois, no que se refire ás formas monárquicas orientais, resulta dende logo simplificadora, e non pode referirse a unha realidade social, senón a unha estritamente gobernativa. K. Vlassopoulos, nunha denuncia que fago propia, ten insistido no sesgo «eurocéntrico» de toda categorización absoluta neste sentido, pois todos os imperios orientais repousaron sobre un entramado de cidades nas que os dereitos civís e mesmo a participación política tiveron sempre algunha relevancia[1]. O mesmo podemos apuntar dos «reinos clientes» de época alto-imperial romana, cuxo despotismo non excluíu a participación estrutural das súas elites locais; e non só no goberno, senón mesmo na relación bilateral con Roma á marxe dos seus dinastas[2]. Emporiso, a etiqueta «non cívica» ten dende logo unha directa implicación nesta rela-

---

1 K. Vlassopoulos, 2007, pp. 101 ss.
2 Cfr. F. Millar, 2005, p. 231.

ción bilateral, pois malia as obvias diferenzas entre as sociedades tribais e as monarquías complexas, o poder romano vai en moitos casos interactuar con elas dun xeito esencialmente análogo, a través das propias figuras de autoridade unipersoal que as rexían. E aquí é onde subxacen os máis evidentes paralelos históricos do *principatus* galaico: xefaturas á cabeza de certas comunidades etno-políticas locais, baixo a mediatización do poder supra-local romano… Ou o que é o mesmo: o *principatus gentis*.

O *principatus gentis* é en esencia unha categoría historiográfica moderna, embora adoptada dunha expresión idéntica ben testemuñada na literatura e a epigrafía antigas. Dende un clásico estudo ao respecto de T. Kotula, centrado na África romana, o seu sentido conceptual resulta indisociábel do *principatus ciuitatis*. Xa nos temos referido á definición precisa destes dous termos (§§2, 4-5), verbo aos que agora podemos engadir que xuntos representarían ademais unha secuencia evolutiva ideal da xefatura tribal deica a oligarquía urbana; e xa que logo da organización socio-política non cívica, co *princeps gentium* á cabeza da *gens*, deica a *ciuitas* republicana, coa participación política colexiada dos seus *principes ciuitatis*[3].

Porén, segundo ten amosado C. Berrendonner para a urbanizada e evidentemente estatalizada Etruria setentrional dos séculos III ao I a.C., o termo *princeps* tivo tamén nas fontes o valor alternativo de maxistratura republicana, denunciando unha polisemia que tamén L. Lamoine ten refrendado cun amplo volume de información referente á Galia[4]. Conforme xa sinalamos no seu momento, unha das acotacións que T. Kotula atopara entre o *principatus gentis* e o *ciuitatis* sería a súa mención en singular ou plural nas fontes (§4, 4); mais cómpre matizarmos agora que, fóra da África romana, existen referencias de *principatus* unipersoais en ámbitos de indubidoso artellamento civil e mesmo fortemente urbanos[5]. Coma sempre, a diferenza entre o *principatus gentis* e estes *principatus ciuitatis* unipersoais só pode discernirse a partires do contexto concreto de cada referencia.

Certamente, no noso caso o rexistro apenas nos proporciona datos positivos cos que calibrarmos o grao do artellamento civil acadado polos albións e os cóporos; constituíndo o testemuño dos *principes*, de feito, a información máis relevante ao respecto. Porén, xa puidemos comprobar cunha certa insistencia a nidia dimensión étnica destas comunidades (§4, 3; 4, 6; 5, 3), o que de seu apoia a opción do *principatus gentis*. Mais sobre todo amosamos que a estrita análise epigráfica suxire o exercicio exclusivo dos *principes* galaicos e a súa dinámica de sucesión dinástica e vitalicia; o que os afasta, por unha banda, da elite conciliar preconizada polo concep-

---

3 T. Kotula, 1965; véxase tamén a súa recensión en T. Raymond, 1968, p. 525; M. Bénabou, 1976, p. 458; S. Baccolini, 2007, pp. 21-22; L. Blöck & *al.*, 2016, pp. 503 ss.

4 C. Berrendonner, 2003, p. 152; L. Lamoine, 2009, p. 73. Arredor da constitución das cidades etruscas, véxase §7, 5.

5 De feito tamén en África, como xa amosamos en §4, 4, co gallo dun certo *princeps Karthaginiensium* (Iust., *Epit.*, XXI, 4, 1).

to usual de *principatus ciuitatis*, e pola outra de toda posibilidade dunha maxistratura republicana (cfr. §4, 4-6). O exemplo galaico é pois un claro testemuño, de feito canónico na definición que lle dera T. Kotula, de *principatus gentis*.

Neste paradigma teórico subxace, en suma, o principal e máis vindeiro paralelo histórico para a contextualización externa do noso obxecto de estudo. Esta tarefa obríganos a saír do ámbito estrito da *Callaecia* a prol de recoñecermos as moi diversas plasmacións rexionais do *principatus gentis*: cumprirá así prestar atención ao caso africano, ao céltico, ao balcánico e ao danubiano; e finalmente tamén ao Oriente grego, onde a terminoloxía é ben distinta pero as analoxías evidentes. Finalmente, outro concepto, o *regnum socium*, reclamará a nosa atención –tanto polo seu significativo predicamento na historiografía que nos precede como polas súas notábeis implicacións teóricas– á hora de calibrarmos o seu grao de ligazón cos *principatus* locais tratados ao longo do capítulo. Só entón formularemos a imbricación galaica no paradigma, substraendo notábeis consecuencias disto para a nosa investigación.

### 6.1. O *principatus gentis* africano

África conforma sen dúbida o núcleo paradigmático do *principatus gentis* en todo o Imperio Romano. Embora M. Bénabou se magoara da escaseza "esquelética" da súa documentación[6], o certo é que a vintena de *principes* testemuñados epigraficamente[7], que poderían rozar o medio cento de se lles sumaren os *principes* incertos presumidos en inscricións de difícil lectura e as mencións asimilábeis de *principes*, *duces*, *optimates*, *reges* e *reguli* nas fontes literarias, abranguindo da *Mauretania Tingitana* á *Africa proconsularis*, do século I ao V d.C.[8], e sen solución de continuidade coas realezas bérberes post-romanas[9], converten en conxunto a África na sé do máis completo rexistro principesco da Romanidade… E tamén o máis estudado, o que facilitará a nosas pescudas.

O *principatus* africano fica condicionado pola estrutura étnica, non civil, xeralmente referida como «tribal» na bibliografía[10], de certas comunidades rurais, probabelmente a meirande parte dos 516 *populi* da África alto-imperial[11]. A incorporación deste territorio ao Imperio Romano consistiu na absorción de extensos reinos supra-locais, logo da destrución de Cartago (146 a.C.): Numidia oriental (46 a.C.) e Mauritania (40 d.C.), transformados á altura do século I d.C. nas provincias al-

6 M. Bénabou, 1976, p. 461; na mesma liña, T. Kotula, 1965, p. 351.

7 M. Bénabou, 1976, pp. 459-464; L. Blöck & *al.*, 2016, pp. 509-510, nºs. 38-67.

8 Cfr. o catálogo de S. Baccolini, 2007, pp. 81-113 e 182-193.

9 Cfr., nomeadamente, G. Camps, 1984.

10 Véxanse T. Kotula, 1965; M. Bénabou, 1976, pp. 446-448; D. J. Mattingly, 2005 (1992), pp. 32-35; S. Baccolini, 2007, pp. 10-12.

11 Plin., *Nat.*, V, 29.

to-imperiais da *Africa proconsularis*, a *Mauretania Caesariensis*, e a *Mauretania Tingitana*. Esta modalidade de conquista foi especialmente propicia para a conservación das estruturas socio-políticas anteriores, como ilustra nomeadamente o caso do Oriente helenístico, do que tamén nos ocuparemos (§6, 5). As colectividades indíxenas norteafricanas levaban séculos integradas en construtos estatais supra-locais, sen dúbida catalizados pola vindeira presenza feno-púnica (cfr. §7, 2); sendo apenas substituídos finalmente polo réxime provincial romano. Esta mudanza, como sinalaría M. Bénabou, non tivo inmediatamente consecuencias significativas; de xeito que o control directo das colectividades étnicas locais apenas foi encetado por Roma senón a partires da revolta de Tacfarinas (17-24 d.C.), o que tampouco comportou ningunha reformulación substancial do seu artellamento político-administrativo. Na África romana, en fin, o poder local, polo demais inmerso nas formas de vida tradicionais, a cotío nómades, da rexión, foi excepcionalmente conservador e nunca chegou a se asimilar por enteiro ao réxime municipal; o que non obsta que este fose amplamente promocionado, sobre todo ao longo do século II d.C., entre Traxano e Septimio Severo[12]. Nestas circunstancias, as *gentes* africanas foron controladas a través do acantoamento militar, a *adtributio* a comunidades urbanas e dúas alternativas administrativas, embora non exclusivas da praxe gobernativa romana en África, si características dela: os *praefecti* e os *principes gentis*[13].

No *praefectus gentis*, cargo de carácter netamente militar, está fóra de toda dúbida a súa dependencia verbo á autoridade romana que o designaba e fiscalizaba, probabelmente o *legatus* de lexión[14]. Isto mudará na etapa baixo-imperial, cando sexan nativos os que ocupen os postos; e finalmente, xa na Tardoantigüidade, cando sexa adoptado canda outros títulos administrativos polos propios xefes tribais mauritanos[15]. Aquí, porén, estamos inevitabelmente máis interesados nos paralelos alto-imperiais, e nisto o *principatus* africano si que amosa unha diferenza nidia coa devandita *praefectura gentis*, pois aquel foi durante todo o dominio romano unha figura indíxena. Isto, obviamente, non exclúe a súa fiscalización imperial[16], pero si que certifica a autonomía local de moitas *gentes* africanas[17], achegándoas neste aspecto concreto –o autogoberno– ao réxime municipal, meta ideal da praxe gobernativa romana; mais nun contexto social, cultural e institucional de certo moi diferente.

En efecto, os *principes* africanos son expresión da autoridade tradicional dos pobos da rexión: unha auténtica xefatura bérber mediatizada polo poder romano.

12 J. Gascou, 1972, p. 37.

13 Véxase o capítulo específico que adica a esta cuestión M. Bénabou, 1976, pp. 427-469, e nomeadamente p. 446; a título de síntese, T. Kotula, 1965, p. 349.

14 M. Bénabou, 1976, pp. 455-456.

15 Véxase, especialmente, S. Bacolini, 2007, pp. 19-20 e 269.

16 Cfr. M. Bénabou, 1976, pp. 464-465.

17 Arredor da personalidade xurídica da *gens* africana, véxase M. Bénabou, 1976, pp. 447-448.

Poida que a etiqueta «bérber» non resulte afortunada, por anacrónica, para definirmos o contexto norteafricano antigo[18]; mais devén dende logo ineludíbel como designación do vindeiro parentesco etno-lingüístico das comunidades desta rexión, que de certo compartiron tamén, canda menos puntualmente, unhas institucións propias. Na terminoloxía antiga, probabelmente o termo englobador máis acaído fose «libio». Na súa refrescante tese de doutoramento, consagrada á sociolingüística do norte de África na Antigüidade, C. Múrcia Sànchez propón empregar sen reparos a moderna «designación endoglótica» *amazigh*, avalada polo etnónimo antigo *Mazices* e semellantes, que aparecen aplicados a diversas comunidades indíxenas da rexión nas fontes latinas, gregas, líbicas e mesmo coptas[19]. Con todo, sendo a tradicional etiqueta «bérber» a de máis nidio contido taxonómico para a clasificación lingüística, mantereina como categoría institucional referente ao conxunto das antigas xefaturas africanas aquí estudadas.

Alén da súa asimilación ao vago concepto antropolóxico de «xefatura», non semella doado concretarmos a caracterización do *principatus* africano, que de certo agocha variantes diversas, dada a amplietude espacial e cronolóxica do seu rexistro. Isto extráese primeiramente de que nalgúns casos non documentamos verdadeiros *principes gentis* ou meramente *principes*, senón *principes kastelli*[20], que embora puideran interpretarse como parte do proceso de sedentarización das súas *gentes*[21], denotan tamén unha probábel diverxencia xurisdicional: fronte á dimensión local da *gens*, oponse a dimensión sub-local do *castellum*[22]. Sexa como for, o contexto de dominio político romano converte dende logo o *principatus* africano, independentemente da súa diversidade, en "intermediario, axente de enlace que ás veces se transforma en axente de execución"[23]. Mais dada a ascendencia indíxena desta figura é evidente que non foron só representantes, senón perante todo autoridades locais: xefes vinculados aos usos institucionais xenuínos das súas comunidades[24]. Con todo, a heteroxeneidade e amplietude espacial e cronolóxica do seu rexistro complica toda caracterización común; e neste senso S. Baccolini ten denunciado expresamente a simplificación que tal resolución comporta[25].

En efecto, o *principatus* africano denota as diferentes facetas da súa autoridade étnica ao aparecer tanto en apracíbeis epitafios das pacíficas *Mauretania Caesariensis* e *Africa proconsularis*, coma nos altares da paz de Volubilis, que conmemoran

18 Nesta liña, S. Baccolini, 2007, pp. 271-273.

19 C. Múrcia Sànchez, 2010, pp. 5-8.

20 Así, *CIL* VIII, 9006-9007.

21 Cfr. M. Bénabou, 1976, p. 469.

22 Cfr. S. Baccolini, 2007, p. 122. Arredor da proxección territorial destas entidades, véxanse §§5, 4-5 e 7, 2.

23 M. Bénabou, 1976, p. 465.

24 Cfr. D. J. Mattingly, 2005 (1992), p. 37.

25 S. Baccolini, 2007, p. 270.

os sucesivos *conloquia* entre o procurador de Tánxer e os *principes* bacuatas, "entrevistas que conduciron á confirmación do estado de paz existente entre as dúas partes presentes"[26]. O seu testemuño tampouco discrimina as entidades étnicas a unha beira ou outra do *limes* romano, tan difuso nas provincias africanas, sen que esta discrepancia xeo-política implicase diferenzas substanciais no exercicio político da institución[27].

Sexa como for, o *principatus* africano é a todas luces a expresión latina da antiga realeza bérber. O seu rexistro documental resulta de feito indistinguíbel, agás polo título empregado, doutras expresións institucionais máis «rexias» coma *rex* ou *regulus*: ilustra isto o caso de Xulio Matif, un *rex* intercalado de súpeto, no 277 d.C., na longa secuencia dos *principes Baquatium* testemuñados[28]. Xa se reduza o título rexio a nada máis ca unha "variante enfática"[29], ou apoie a noción dun reforzamento da independencia bacuata no seu tempo[30], o caso de Xulio Matif evidencia o carácter netamente «rexio» do *principatus gentis* africano.

En fin, estas antigas xefaturas bérberes, que atopan un amplo e mesmo relativamente ben documentado desenvolvemento antes, durante e despois do dominio romano, entre comunidades de inequívoco parentesco etno-lingüístico, houberon de compartiren, canda menos puntualmente, uns usos institucionais análogos que dificilmente os *principes gentis* testemuñados puideron eludir (cfr. §§7, 3 e 9, 4).

Vimos de nos referir á impronta indíxena do *principatus* africano, mais resulta evidente que esta é só unha faceta, inseparábel da súa longa convivencia histórica cunha máis ou menos patente asimilación cultural romana. Esta dicotomía, como xa soubo ver M. Bénabou, expresouse claramente tamén en termos xeográficos, sendo a remanencia indíxena predominante na *Mauretania Tingitana*, e a romanización na *Caesariensis* e na *Africa proconsularis*:

> Así, as tribos da Cesariense e da Tinxitana manteñen a súa estrutura tradicional, como proba o exemplo dos bacuatas; mais o *princeps* devén cidadán romano. Na Proconsular e na Numidia, a evolución da *gens*, logo dun período de submisión e ás veces de fragmentación, que favorece un comezo de romanización, pode conducir á municipalización; [e] cando a tribo está dotada de institucións municipais, o *princeps* chega a xogar un papel crecente, asumindo novas funcións, coma Larcio [Macrino], que se converte en flamen perpetuo en *Thubursicu Numidarum*[31].

26 M. Bénabou, 1976, p. 464.

27 *Ibid.*, pp. 459-461.

28 *ILAfr*, 609 = *IAM* II, 360 = *AE* 1920, 44. Cfr. os *principes* contiguos *Sepemazinis* e *Iulius Nufusis*: *IAM* II, 359 = *AE* 1954, 110; *ILAfr*, 610 = *IAM* II, 361 = *AE* 1921.

29 M. Bénabou, 1976, p. 465.

30 T. Kotula, 1965, p. 352; D. J. Mattingly, 2005 (1992), p. 37.

31 M. Bénabou, 1976, pp. 468-469.

En efecto, nas provincias orientais africanas o testemuño de *principes* vaise asociar dende o século II d.C., dun xeito máis ou menos patente, á onomástica latina, á cidadanía romana e aos *cursus honorum* municipais e provinciais, o que os diferencia nidiamente do exemplo galaico. Na *Tingitana*, pola súa banda, o *principatus* tamén resulta inseparábel, puntualmente, da romanización onomástica e mesmo xurídica, como ilustra a célebre *tabula Banasitana*[32], na que se outorgou a cidadanía a unha familia principesca. A documentación occidental, en fin, sobrerrepresentada polas epígrafes honoríficas que conmemoran os *conloquia* romano-bacuatas, difiren tamén do rexistro principesco galaico, de tema funerario.

Porén, entre estas totais diverxencias documentais cómpre fornecermos dous epitafios principescos africanos, de onomástica total ou parcialmente indíxena, e aparentemente datadas no século I d.C. coma as galaicas[33], que representan en suma unha analoxía ineludíbel con elas. A primeira, de Toudja, na *Caesariensis*, non moi substanciosa, apenas aporta máis có título *princeps* e o onomástico *Uercien Nerdocen*[34]. A segunda, de Khemissa, na *Proconsularis*, semella en troques ben máis interesante[35]:

FLORVS<br>
CHANARIS<br>
F(*ilius*) PRINCEPS<br>
GENTIS NVMI<br>
DARVM<br>
P(*ius*) V(*ixit*)<br>
ANN(*is*) LXXV<br>
H(*ic*) S(*itus*) E(*st*)

O tema, a fórmula funeraria, o título principesco seguido dun etnónimo en xenitivo, a acentuada verticalidade do soporte, e mesmo a idade do defunto, converten esta epígrafe africana nun paralelo abraiante coa nosa estela da Veiga. Só se enxerga un matiz, e certamente non menor: a mención dos númidas, pobo que como é ben sabido acadaría unha decidida proxección supra-local, ao abeiro do seu potente reino, entre os séculos III e I a.C. De certo, o etnónimo habería de se restrinxir logo da conquista romana, mais non semella posíbel determinarmos se a *gens Numidarum* sobre a que Floro Canaris exerceu o seu *principatus* tivo unha proxección local, equiva-

---

32 *IAM* II, 94.

33 Cfr. S. Baccolini, 2007, pp. 81-82 e 86.

34 *CIL*, VIII, 8984.

35 *Ibid.*, 4884 = *ILAlg*, I, 1341 = *ILS*, 6800.

lente á de *Thubursicu Numidarum* que municipalizou a este pobo –ou a parte del– ao comezo do século II d.C., ou se pola contra incluíu varias comunidades locais[36].

### 6.2. *Principes* e *reges socii* celtas… e non tan celtas

Fronte á situación africana que vimos de describir, o testemuño de *principatus gentis* que ofrece o Occidente europeo resulta insignificante. Isto débese ao notábel desenvolvemento civil, catalizado polo influxo das colonizacións mediterráneas e por pulos xurídicos promovidos baixo dominio romano, nos que as súas colectividades etno-políticas, fronte ás bérberes tratadas, van inserirse ao remate da Idade do Ferro. Ocuparémonos polo miúdo deste transcendental aspecto da historia constitucional europea no vindeiro capítulo (§§7, 3 ss.): abonde agora con sinalarmos que a diverxencia da súa plasmación rexional favoreceu unha incidencia moi concreta, en época alto-imperial, do *principatus gentis*. En efecto, neste caso falarmos de Europa occidental equivale *grosso modo* a falarmos de sociedades celtas, máis rezagadas verbo aos veciños ámbitos itálico e ibérico nos seus ritmos estruturais, e canda eles, no seu desenvolvemento político.

Pasando unha rápida revista ás cuestións que trataremos no vindeiro capítulo (§7, 6), a Celtiberia experimentaría un desenvolvemento urbano e civil moi temperán; e así tamén a Galia, embora con diferentes ritmos dende a *cispadana* á *comata*. Este proceso non deixará de se afianzar ata a municipalización, a cal incidirá tamén con diferentes ritmos pero sobre todo dende remates do século I d.C. Entre tales institucións aparecen efectivamente os *principes*, que as fontes da conquista romana vencellan sobre todo á dirección circunstancial das súas comunidades en tempo de guerra[37], sendo expresión, en concreto, dunha nobreza guerreira con autoridade privada sobre clientelas militares[38]. Esta é sen dúbida a acepción predominante na Galia[39], onde os *principes* poderían reducirse aparentemente a unha xefatura de carácter non civil: segundo A. C. Johnston, a integración dos *principes* galos no modelo municipal romano representaría “na concepción weberiana, […] o paso da «autoridade tradicional» á «autoridade legal-racional»”[40]. Esta caracterización só semella parcialmente axeitada, pois, volvendo sobre as concepcións teóricas tratadas no presente capítulo, os *principes* galos, dado o seu carácter eminentemente guerreiro, non encaixan exactamente no *principatus ciuitatis*; mais certamente tampouco no *principatus gentis*, pois formaron parte a cotío, como comprobaremos no vindeiro

---

36 Cfr. M. Bénabou, 1976, p. 462; S. Baccolini, 2007, p. 39, n. 46.
37 Liv., *A.U.C.*, XXV, 33; Caes., *B.G.*, VII, 88; VIII, 12.
38 Liv., *A.U.C.*, XXVI, 50; Caes., *B.G.*, V, 3; 41; VI, 8; VII, 32; 37; VII, 65.
39 Véxanse L. Lamoine, 2009, p. 92; A. C. Jonhnston, 2017, p. 237.
40 A. C. Johnston, 2017, p. 363, n. 24.

capítulo, de comunidades republicanas de forte artellamento civil. Os *principes* galos, definidos nomeadamente pola súa clientela guerreira, antóllanseme, máis ben, exemplo dun *principatus ciuitatis* en repúblicas de precaria organización militar, ou ben dun *principatus gentis* nun contexto de forte complexización socio-política.

En fin, o amplo desenvolvemento civil da Galia e da Celtiberia, antes e despois da conquista romana, determina a discrepancia entre os seus testemuños de *principes* e o modelo teórico do *principatus gentis* obxecto deste capítulo. Mais é na súa periferia, en áreas de recente asentamento celta ou ben afastadas dos circuitos económicos do Mediterráneo antigo, ou simplemente de celticidade incerta, onde si van agromar con asiduidade exemplos asimilábeis. Os *principes* galaicos, testemuñados non só nunha área de celticidade relativa, a *Callaecia* (cfr. §10, 1), senón nunhas bisbarras marxinais da mesma, son un claro exemplo disto. Os nosos *principes*, canda o cántabro, tamén xa tratado, co que presentan fondas diferenzas internas, constitúen con todo un mesmo grupo isolado de testemuños do *principatus gentis* arrecantado no noroeste da península ibérica (cfr. §3, 3).

Nas estribacións italianas dos Alpes atopamos un segundo grupo análogo, composto por un *princeps Sabinorum* e outro *Trumplinorum*[41]. Malia se situaren entre as Galias *cisalpina* e *transalpina*, volvemos atoparnos aquí con colectividades de celticidade incerta: canda menos os *Trumplini*, de Val Trompia, eran asociados no Alto Imperio á raza dos *Euganei*[42], xeralmente tida por pre-celta. A arqueoloxía certifica, porén, a súa apertura e asimilación cultural á Galia padana dende o século III a.C.[43] Os *Sabini*, pola súa banda, pouco teñen que ver co máis coñecido pobo itálico homónimo –canda menos en termos xeográficos–, pois habitaban o lombardo Valle Sabbia, ao que deron nome[44]. Conectando co *principatus* galaico, o rexistro principesco alpino provén de senllas estelas funerarias. Firmo, o *princeps Sabinorum*, aparece nunha lápida familiar coa súa muller e o seu fillo pequeno; namentres *Staius Esdragassi*, o *princeps Trumplinorum*, faino nunha lápida particular na que se consigna tamén o seu exercio como *praefectus cohortis Trumplinorum*. A onomástica romana e a cidadanía da muller e do fillo de Firmo certifican a asimilación cultural deste *princeps Sabinorum*, que houbo de exercer, amais da xefatura do seu pobo, algún desempeño público en Brescia, cidade á que aquel ficaba adscrito en réxime de *adtributio*[45]. Estamos, pois, perante un *princeps gentis* e *ciuitatis* a un tempo. O caso de *Staius* é moi diferente: nun contexto onomástico e xurídico completamente indíxena, mais militante nos *auxilia*, supón sen dúbida un exemplo paradigmático de

41 *CIL* V, 4983; 4910.
42 Plin., *Nat.*, III, 133.
43 S. Solano, 2012.
44 D. Brique, 1973, p. 370.
45 Cfr. L. Lamoine, 2009, pp. 89-90.

*princeps* militar[46]. Un e outro caso, en fin, representan con claridade *principes gentis* implicados en diferentes facetas do entramado de poder imperial romano.

Veciña destes *principes* alpinos foi a dinastía Cotia, de presumíbel orixe celto-lígur, cuxos dominios remataron constituídos na provincia –ben pequena, pero provincia a fin de contas– dos *Alpes Cottiae*. Logo das hostilidades iniciais, os membros documentados desta dinastía vinculáronse decididamente dende a conquista augustea dos Alpes á colaboración co poder romano, sendo intitulados alternativamente *reges socii* e *praefecti* polos emperadores. Combinaron así a súa vella autoridade étnica co servizo militar e administrativo; pero por suposto tenderon a se romanizaren, como ilustra a monumentalización da súa capital *Segusio* e a propia desaparición do título rexio na segunda metade do século I d.C.[47] Sexa como for, as súas funcións coincidiron intimamente, alén da neste caso mínima diferenza de tamaño, coas dos *principes* veciños que vimos de tratar. Coma entre os bacuatas en África (cfr. §6, 1), esta combinación de *reges* e *principes* nos Alpes redunda no carácter netamente indíxena do *principatus* alpino, e na difusa liña que o separaba da dignidade rexia.

Tamén á periferia do mundo celta, pero xa non a unha comunidade anterior aos celtas senón posterior a eles, pertence o enigmático [*princ*]*eps Suebor*[*um*] documentado na lápida de Bühl, un barrio de Offenburg, Baden-Württemberg, na área á beira dereita do Rin coñecida como *agri Decumates*, que no Alto Imperio ficou longamente baixo a soberanía romana. L. Blöck, J. Lauber e F. Tränkle, descifradores deste *princeps* no seu moi desgastado documento, teñen argumentado a súa adscrición étnica verbo á fracción dos *Suebi nicrenses*, que no século I d.C. ocuparan a zona coa aquiescencia romana[48]. Deste testemuño resulta especialmente relevante a identidade do adicante, un certo Próculo, fillo do *princeps*, pois, coma a propia estela en si, a súa onomástica, netamente romana, nos informa da pronta aculturación da súa comunidade. Polo demais, como entramado institucional indíxena detrás deste *principatus* suevo, o que atopamos é un caso especialmente «rexio» de xefaturas indíxenas: nin máis nin menos cás realezas xermánicas, ben documentadas antes e despois da estela de Bühl, sobre as que tamén voltaremos no vindeiro capítulo (§7, 2).

Porén, na Antigüidade si que houbo un ámbito estritamente céltico no que o *principatus gentis* atopou unha ampla incidencia: a Gran Bretaña. Coma en toda a periferia do mundo celta, aquí as xefaturas tradicionais tiveron unha longa pervivencia, meirande mesmo do que nos exemplos que vimos de tratar; pois esta illa ficou en grande medida arredada das transcendentais mudanzas constitucionais que si ex-

46 *Ibid.*, p. 92; L. Blöck & *al.*, 2016, p. 506. Máis adiante exploraremos esta faceta no *principatus* galaico: véxase §10, 6.

47 Cfr. C. Roncaglia, 2013.

48 L. Blöck & *al.*, 2016, p. 501-502.

perimentaron os pobos celtas continentais. Na conquista os romanos enfrontáronse a reis, non a repúblicas, e o emperador Claudio reclamou ter sometido once deles[49]; dos que, obviamente, "non se permitiría que todos seguisen a reinar"[50]. Mais a conquista, así como carrexou unha modificación sen precedentes dos estatutos xurídicos e as relacións exteriores dos pobos británicos, non supuxo, por si mesma, unha reformulación constitucional do seu artellamento interno. De feito, por Tácito recoñécense tres soberanos que reinaron baixo o réxime provincial: *Togidubnus* sobre varias *ciuitates* meridionais, *Cartimandua* sobre os brigantes, e *Prasutagus* sobre os icenos[51]. Embora a numismática pode complementar o rexistro da realeza britano-romana[52], é o propio *Togidubnus* quen ofrece un testemuño arqueolóxico máis relevante: a súa intitulación *rex magnus Britanniae*[53]. J. E. Bogaers, promotor desta lectura epigráfica, aduciu varios exemplos do emprego do título análogo grego, *basileús mégas*, no Oriente romano, compartido por diversos monarcas que, como efectivamente fixo *Togidubnus*[54], terían acumulado principados grazas ao seu achegamento ao poder romano[55]. Segundo A. R. Birley, *Togidubnus* reinaría ata a súa morte na década dos 70 d.C., pero a monarquía foi entón abolida e o núcleo do seu reino pasou a conformar a *ciuitas* dos *Regnense*s, que presuntamente significaría "a xente do reino"[56]. En *Britannia*, a expansión militar da provincia deica o norte combinará a pretensión civilizatoria da urbanización coa vocación pragmática que tanto caracterizou a praxe gobernativa romana, favorecendo a interacción imperial coas realezas tradicionais das comunidades étnicas conquistadas e por conquistar[57]. O resultado, materializado cun ritmo moi irregular dentro dos estándares do Occidente romano, será con todo, do mesmo xeito, a expansión da cidade de goberno republicano.

A Gran Bretaña, en fin, non aporta directamente testemuños de *principatus gentis*, pero a constatación da supervivencia máis ou menos ampla da súa realeza tradicional resulta claramente asimilábel a esta categoría. A excepción confórmana os casos de acumulación de dominios, como ilustra *Togidubnus*, onde xoga, máis có subdesenvolvemento material e institucional propio das xefaturas ás que nos vimos referindo, a incipiente complexización monárquica e a implicación dun acicate imperialista externo: a propia Roma (cfr. §7, 2).

---

49 *CIL* VI, 920.

50 A. R. Birley, 2005, p. 466.

51 Respectivamente, Tac., *Agr.*, XIV, 1; *Hist.*, III, 45; *Ann.*, XII, 36 e XIV, 31.

52 A. R. Birley, 2005, p. 466.

53 *RIB*, 91, segundo corrección de J. E. Bogaers, 1979, p. 245 (cfr. §2, 8).

54 Tac., *Agr.*, XIV, 1.

55 J. E. Bogaers, 1979, p. 253.

56 A. R. Birley, 2005, pp. 467-468.

57 Véxase, nomeadamente, J. Wacher, 1974, pp. 226-227.

### 6.3. *Principes* do Oriente latino

O testemuño epigráfico de *principes* chega ata o extremo oriental da Latinidade, aportando aquí unha diversidade de testemuños interesante, embora non sempre compatíbel co modelo do *principatus gentis* ao que nos vimos referindo.

Podemos comezar por onde o deixaramos: a periferia do mundo celta. Entre os celtas orientais, ora máis afastados das influencias culturais mediterráneas, ora plenamente inmersos no contexto dinástico das monarquías helenísticas, e en calquera caso asentados máis recentemente, sería previsíbel que o *principatus gentis* atopase unha meirande incidencia do que no Occidente. Porén, apenas podemos fornecer máis có exemplo panónico. Seguindo a U. Rothe, poderiamos incluír esta provincia nun dos ámbitos de incidencia preferente do modelo descrito:

> Cando as *ciuitates* foron establecidas na rexión, o poder romano permitiu que ficasen baixo o control dos *principes* nativos: unha inscrición traxanea na que se alude a un *princeps Boiorum* amosa que esta práctica, ou canda menos o concepto do *princeps* nativo, continuou ata entrado o século II[58].

Sen dúbida, o testemuño máis significativo do *principatus gentis* panónico é o diploma militar *de Vespasiano a Veláxeno*, do 5 abril do ano 71, de procedencia incerta, atinxente ao licenciamento deste centurión eravisco[59]. O diploma, dado en Roma, é confirmado por cinco *principes* panónicos, concretamente dos *Antizitii*, *Breuci*, *Iasi* e *Boiorum* –entidade esta última á que pertencían dous deles–, que actuarían como testemuñas. Especúlase que estes *principes* estarían en Roma pola súa toma de partido a prol de Vespasiano na guerra civil e a expectativa de recibiren a cidadanía romana, que a onomástica deles só confirma no caso de Tito Flavio Sereno, *princeps Iasiorum*; sendo a dos demais netamente indíxena[60]. Este feito de un dos *principes* ser cidadán, amais de o *principatus Boiorum* aparecer compartido entre dous dos subscriptores, evidencia que non estamos perante un *principatus gentis* canónico, asociábel sen reservas a unha xefatura indíxena unipersoal; senón, se acaso, unha transición deica o *principatus ciuitatis*. Porén, o máis relevante é o transfondo militar destes *principes*, imposto pola propia temática do documento; de xeito que o dilema teórico entre o *principatus gentis* e o *principatus ciuitatis* resultaría en certa medida falso neste caso, pois, con independencia do tipo de autoridade que exercesen estes persoeiros nas súas comunidades, o que dende foron é *principes* militares, puntualmente arredados das mesmas polo seu servizo ao Imperio[61].

---

58 U. Rothe, 2014, p. 509. Cfr., na mesma liña, P. Kovács, 2015, p. 173.

59 *RMD* IV, 205. Arredor da reconstrución biográfica de Veláxeno, véxase I. Acrudoae, 2, pp. 143-144.

60 *RMD* IV, p. 398, n. 10.

61 L. Blöck & *al.*, 2016, p. 506.

A documentación nativa do *principatus* panónico é menos substanciosa, pois, malia atinxir a unha cantidade significativa de comunidades da provincia, faino polo común a través de epígrafes de incerta interpretación[62]. Practicamente a única mención clara asociábel sen reservas a un *principatus gentis* témola nunha epígrafe de Esztergom, Hungría, que menciona a un certo *Iucundi* | *princ*(*ipis*) *Azali*(*orum*)[63]. Mais a incerteza que adoita arrodear os testemuños panónicos emerxe xa na lápida de Coceio Mésico, achada en Budapest, na que é mencionado un tal *Florus princeps*, aparentemente, entre os adicantes[64]: unha mención principesca, pois, que tanto podería ter un valor institucional como meramente onomástico; encadrelando, de ser así, coa lápida dos libertos da Coruña da que xa nos temos ocupado anteriormente (§3, 2). Noutra epígrafe da veciña Bruckneudorf, xa en Austria[65], o título principesco é só unha reconstrución lícita pero dende logo incerta: *M*(*arcus*) *Co*[*c*]*c*[*ei*] | *Caup*[*ia*]*nus pr*(*inceps*) *c*(*iuitatis*) *B*(*oiorum*); onde tamén valerían outras lecturas, como por exemplo *pr*(*aefectus*)[66]. Se cadra o exemplo máis insólito desta indefinición a teñamos en Novi Slankamen, na serbia Vojvodina, onde aparentemente se menciona un *pr*(*inceps*) *praef*(*ectus*) *Scor*(*discorum*)[67]. E noutros casos, finalmente, o que se nos ofrecen son, coma en Bruckneudorf, mencións explícitas ou aparentes de *principes ciuitatis*[68]; as cales, de calquera xeito, non desbotan de seu interpretacións ao abeiro do modelo do *principatus gentis*, pois a *ciuitas*, con independencia do uso que deste termo fagamos hoxe a nivel teórico, non foi un título constitucional, e segundo o caso podería agochar diversos sistemas organizativos alén da cidade-estado de goberno republicano.

Saíndo xa da Panonia, atopámonos fronte a un problema semellante nos casos análogos dos Balcáns. Temos en primeiro lugar ao dálmata *princeps ciuitatis Docleatium* Caio *Epicadi*, probabelmente do século II d.C.[69]: malia terse interpretado como un dos "líderes da tribo" que se afincaran en Duklja canda a súa fundación, como postulaba M. Rostovtzeff[70], o contexto urbano e municipal do asentamento[71] e o propio título principesco poderían asimilalo tamén a un verdadeiro *princeps ciuitatis*. Na mesma liña «civil» podería interpretarse outra titulatura balcánica apa-

---

62 Cfr. L. Blöck & *al.*, 2016, p. 508, nºs. 22-28.
63 AE 1937, 138.
64 *CIL* III, 3546.
65 *AE* 1951, 64 = 1960, 377 = 1999, 1251 = 2003, 1285.
66 S. Baccolini, 2007, p. 144.
67 *AE* 1998, 73.
68 *AE* 1997, 1261; 2005, 1241.
69 *ILJ*, 1853.
70 M. Rostovtzeff, 1998 (1957), p. 242.
71 Cfr. *CIL* III, 12680 = 13818; 13819; 13820, no limiar entre os séculos I e II d.C. E xa que logo anterior á epígrafe principesca tratada, con mención *IIIIuir iure dicundo quinquennalis municipalis* e *ordo municipalis*.

rentemente máis elocuente: o *principatus municipii*, testemuñado entre os dálmatas *Riditae* e os mésicos *Dardani*[72]. Porén, na mesma capital dos primeiros, a actual Šibenik, testemúñase tamén un anónimo –e finado moi novo de máis para se tratar dun curial– *princeps Delmatarum*[73], cuxa adscrición á "aristocracia tribal" dálmata semella xa ineludíbel[74]. Dado que o o *principatus municipii* non é ningunha verdadeira dignidade municipal, a súa incidencia en provincias de forte pervivencia indíxena coma Dalmacia e Mesia podería estar indicando precisamente a pervivencia das autoridades étnicas pre-romanas baixo a xurisdición do *municipium*[75]… Os Balcáns sitúannos con estes testemuños, en fin, perante un problema análogo ao do africano Larcio Macrino (cfr. §6, 1).

Entre estes *principatus* locais volven aparecer, coma en África, outras mencións probabelmente sub-locais. Voltando á Dalmacia, temos no século II d.C. a *Agirrus Epicadi*, intitulado *princeps kastelli Salthua*[76]; claramente análogo, pois, ao *principatus kastelli* africano (§6, 1). E aínda de volta ao interior, xa na *Moesia inferior*, testemúñase asemade nunha estela votiva, ergueita dacabalo entre os séculos II e III d.C., un insólito *princeps uici*[77], auténtico «*hapax* institucional»[78]. O obxecto do seu *principatus*, un certo *uicus *Tautiomosus*, alude a un topónimo tracio que podería apoiar a impronta indíxena desta figura de autoridade[79]. Mais dende logo o que resulta desbotábel é a proxección local do seu *principatus*, pois de certo o *uicus* en cuestión, asentamento ou distrito rural, dependeu dalgunha *ciuitas*. É un caso semellante, xa que logo, ao *principatus kastelli*.

Á outra beira do Danubio, na provincia de Dacia, documentamos outro grupiño de testemuños de *principes*, cuxa constante onomástica latina, datación serodia e, a cotío, referencia expresa a un contexto municipal, ten levado a os clasificar conxuntamente na categoría do *principatus ciuitatis*[80]. Se cadra o exemplo máis elocuente do *principatus* dacio e da súa problemática sexa o de *T*(*itus*) *Aur*(*elius*) *Afer*, definido *Delmata princeps | adsignato ex m*(*unicipio*) *Splono* na súa lápida achada en Zlatna, no centro de Transilvania[81]. O seu *principatus*, abofé, encadrela intimamente cos exemplos balcánicos que vimos de tratar, ata o punto de ter sido considerado

72 Respectivamente, *CIL* III 2774 = *ILJ*, 792-793; *AE* 2004, 1226 = *ILJ*, 511. Cfr., a prol da interpretación «civil», L. Blöck & *al.*, 2016, p. 506.
73 *CIL* III, 2776 = *ILS*, 7165.
74 D. Rendić-Miočević, 1972, p. 142.
75 Cfr. R. Cîrjan, 2010, p. 127.
76 *AE* 1910, 100 = *AE* 1906, 31 = *ILJ*, 1852.
77 *AE* 1957, 99.
78 Segundo expresión de D. Aparaschivei, 2015, p. 31.
79 *Ibid.*, p. 31, n. 53.
80 L. Blöck & *al.*, 2016, p. 506 para a caracterización; pp. 508-509, nºs. 29-32 para a catalogación.
81 *CIL* III, 1322.

como unha xenuína autoridade étnica dálmata transplantada a Dacia no contexto da conquista e organización da provincia[82]. Mais nunha espelida revisión desta postura tradicional, o historiador romanés E. Popescu argumentou no seu momento que o *principatus* étnico orixinal se tería transformado nun título honorífico coa municipalización das comunidades locais daco-romanas, xa no limiar do século III d.C.[83] Estes *principes*, inmersos nun contexto plenamente civil, poderían ter deixado constancia do seu *principatus* como lembranza da autoridade étnica das súas liñaxes.

Finalmente, chegados ao recanto oriental da Latinidade, preto da ribeira do mar Negro, na área marítima mésica coñecida como *Scythia minor*, aparece un grupo particularizado de *principes loci*: Atio Firmo e Xulio *Quadratus*[84]. A eles xúnguense outros dous de título simple, sen complemento xenitivo: Antonio *Zinensis* e aínda un *princeps* anónimo[85]. Todos eles cítanse nos seus epitafios, datados no século II d.C.[86] e achados nunha bisbarra de forte influencia imperial, o *territorium Capidauensis*[87]. Probabelmente estes persoeiros fosen grandes propietarios; e no caso de *Quadratus* sabemos que dende logo foi maxistrado, en concreto *quinquennalis*. Isto ten levado á consideración destes *principes* como membros de elites civís, reducíbeis á categoría do *principatus ciuitatis*[88]. Cómpre apuntar, de calquera xeito, que o seu título *princeps* non é dende logo administrativo e a súa autoridade nos *loci* en cuestión puido respostar á remanencia, e loxicamente tamén á evolución, da súa autoridade indíxena, se é que realmente procederon das elites pre-romanas[89]. Resulta dende logo significativa, como sinalaba M. Rostovtzeff, a aparente representación de *Quadratus* na súa lápida "coa indumentaria local: camisa, pantalón, capa" (est. 5A)[90]. Nin sequera neste caso, en fin, a potencia do contexto romano exclúe a remanencia cultural autóctona.

En efecto, a caracterización do *principatus* da *Scythia minor* depende tamén da dimensión do seu obxecto: o *locus*. Outra volta, neste caso os historiadores romaneses tenden a reducilos a "comunidades que poderían ser definidas como estruturas supervivintes do período pre-romano"[91]; mais a semántica xenérica do termo complica inextricabelmente toda concreción. Dado que tales *principes* semellan ubicarse no *territorium Capidauensis*, e que D. Aparaschivei os ten catalogado canda o *prin-*

---

82 C. Daicoviciu, 1958, pp. 260-261.
83 E. Popescu, 1967, p. 188.
84 *CIL* III, 772 e 12491.
85 *Ibid.*, 7470 e 7481.
86 Cfr. D. Aparaschivei, 2015, p. 43, táboa 3.
87 M. Rostovtzeff, 1998 (1957), p. 646, n. 90.
88 L. Blöck & *al.*, 2016, p. 506.
89 Segundo insiste D. Aparaschivei, 2015, pp. 31-32 e 34-35. Cfr. M. Rostovtzeff, 1998 (1957), p. 246.
90 M. Rostovtzeff, 1998 (1957), p. 646, n. 90. Téñase presente que, para V. Pârvan, 1923, pp. 118-119, o representado non sería o defunto senón un pastor dacio, parte da escenografía costumista do monumento.
91 D. Aparaschivei, 2015, p. 31, n. 61, con bibliografía específica.




Estampa 5. Legados de antigos soberanos
Escolma de vestixios materiais dalgunhas xefaturas estudadas no texto. Á esquerda, posíbel representación, con característica indumentaria «bárbara», do *princeps loci* Xulio _Quadratus_ no seu monumento funerario (A). No centro, representacións vencelladas á realeza grega: arriba, a chamada «máscara de Agamenón» de Micenas, parte do enxoval funerario dalgún xefe aqueo da Idade do Bronce (B); abaixo, interpretación clásica da figura do rei Agamenón, plasmada na pintura dunha crátera, a propósito da intercesión de Crises pola liberación da súa filla Criseida, episodio do ciclo troiano (C). Á dereita, «tumba de carro» de Hochmichele, un dos enterramentos principescos da cultura de Hallstatt final (D). Segundo debuxos e fotografías de V. Pârvan, 1923 (A); Commons Wikimedia (B); A. Esteban Santos, 2010 (C); O.-H. Frey, 2001 (D).

*cipatus uici* ao que nos referimos hai un anaco, se cadra cumpra valorar a súa dimensión sub-local. Porén, tamén se podería pensar en entidades «adtributas» a Capidava, coma no caso dos *principes* alpinos (§6, 2). Disto obteriamos, en fin, uns *principes gentis* paradigmáticos… embora xa amplamente romanizados.

### 6.4. Os *stratēgoí* tracios

No medio de entre o Oriente latino que vimos de tratar e o mundo greco-romano do que nos ocuparemos no vindeiro apartado, achábase Tracia, rexión fortemente singularizada non só na teimuda pervivencia da súa cultura tradicional, senón tamén nos seus oficios administrativos rurais. Reducida a provincia por Claudio no 46 d.C. logo dunha axitada existencia como reino cliente, en Tracia perviviu durante o Alto Imperio unha xenuína organización territorial fundamentada na *stratēgía*. Estas circunscricións, de natureza militar e administrativa[92], eran parte da herdanza hele-

92 I. Lozanov, 2015, p. 79.

nística, cunha certa incidencia en todo o Oriente grego, o que evidencia a natureza funcionarial dos seus *stratēgoí*, de certo cargos designados[93].

A expresión desta institución en Tracia, porén, resulta por enteiro inusual. Dentro do mundo helenístico, a *stratēgía* era o instrumento monárquico para o control do territorio rural en certas rexións de lene artellamento urbano; pero en Tracia xunguíase tamén ao sistema de adscrición da *origo* persoal, e canda el ao seu propio sistema socio-político «tribal». O arcaísmo tracio difire neste punto doutros ámbitos do mundo helenístico. Por exemplo, na tamén rural Capadocia, a outra rexión oriental que fixo das *stratēgíai* o aspecto máis senlleiro da súa organización interna nos períodos helenístico e alto-romano, a sociedade era moito máis complexa, e de feito "unha organización «feudal» semella ter[lle] sido característica, [...] pois podemos captar a sobranceira posición dos seus nobres iranianos, que controlaban as súas posesións dende as súas prazas fortes"[94]. De certo, semellante complexidade social, indubidosa expresión periférica do rexurdimento das poderosas dinastías de *frataraká* na Persia helenística[95], herdeira do pasado aqueménida e partícipe da brillante cultura cabaleiresca do Irán pre-islámico –e posterior–, difire do moito máis precario tribalismo tracio.

En Tracia, as *stratēgíai* estaban xeralmente ao cargo de notábeis indíxenas designados: "principalmente elites tracias, algunhas fondamente helenizadas, ou gregos leais"[96]. Coido ilustrativo citarmos outra volta o caso de Capadocia, onde sabemos que á cabeza de cada un destes distritos estaba "un notábel indíxena, aristócrata ou sacerdote, coma o sumosacerdote de Comana, que engad[ía] á súa función relixiosa a dirección da *stratēgía*"[97]. As circunstancias de creación das *stratēgíai* poden resultar tamén significativas, pois en Anatolia hai constancia da súa concesión arbitraria a dinastas locais como xeito de os integrar nas estruturas imperiais, como ilustra o caso da Armenia seleúcida en tempo de Antíoco III (est. 6B)[98]. O rexistro tracio é máis pobre có do Oriente helenístico, pero obviamente aquí, onde as *stratēgíai* agruparon os *éthnē* locais ou se solaparon a eles, estas houberon de atoparen á súa fronte os propios xefes étnicos tradicionais, nun contexto de compromiso co Estado. Por iso, delas emerxe unha nidia analoxía coas xefaturas mediatizadas que estamos a estudar.

Semella que as *stratēgíai* tracias foran creadas a mediados do século I a.C., probabelmente canda a reunificación sapea do Reino[99], desaparecendo no século II d.C. debido á urbanización da provincia e a implantación da organización civil entre as

93 T. Brüggemann, 2007, pp. 279-280.

94 C. Michels, 2013, p. 285.

95 Arredor da pervivencia dos *frataraká* persas, véxase L. Capdetrey, 2007, pp. 102-103.

96 I. Lozanov, 2015, p. 79.

97 M. Sartre, 1994, p. 281.

98 L. Capdetrey, 2007, pp. 130-131.

99 M.-G. Parissaki, 2009, p. 327.




Estampa 6. Monarcas da Antigüidade
Escolma de retratos monetais de monarcas citados no texto. Por orde de lectura, posíbel as de Masinisa (A); estátera de Antíoco III (B); denario de Augusto (C); estátera de Alexandre o Grande (D); as de Deiotaro (E); denario de Xuba I de Numidia (F). Sen relación de escala. Segundo fotografías dos repositorios dixitais Commons Wikimedia (A-D e F) e Asia Minor Coins (E).

súas comunidades locais[100]. O intervalo da disolución sitúase entre Traxano e Marco Aurelio, porque baixo o primeiro consta que os soldados tracios aínda indicaban a *stratēgía* na súa *origo* persoal, e baixo o segundo, a *pólis*[101], o que asemade redunda na correspondencia da primeira coa organización «tribal» tracia. E nisto atopamos, por certo, unha significativa analoxía co *castellum* galaico, como de feito xa veño apuntando noutros traballos[102].

### 6.5. Xefaturas rurais do Oriente grego

O Oriente grego constitúe sen dúbida a porción do Imperio onde o *principatus gentis*, embora obviamente vinculado a unha terminoloxía moi diferente, atopa unha incidencia máis abondosa. Isto débese á grande particularidade organizativa deste ámbito xeográfico, que podemos ilustrar coa elocuente síntese de M. Sartre:

100 M. Sartre, 1994, p. 258; I. Lozanov, 2015, p. 81.
101 M. Sartre, 1994, p. 258.
102 M. Fernández Calo, 2018a, p. 134.

> A organización antoniana –e octaviana– do Oriente marabilla pola abraiante diversidade dos estatutos e dos modos de control. Deixando á parte a administración provincial directa, atopámonos con reinos, coma os de Galacia, Capadocia, Xudea ou Nabatea; principados clientes de pequeno tamaño, mesmo minúsculo, [coma] os principados de Amanus, Emesa, Iturea e as numerosas tetrarquías sirias; santuarios autónomos, principalmente en Anatolia; cidades libres e aliadas [coma] Rodas [e] Cícico; cidades gobernadas por medio dun tirano, [coma] Cos; [e] estados federais [coma] Licia. A ninguén se lle ocorreu uniformizar esta diversidade que é, alén da herdanza de [Marco] Antonio, a herdanza de toda a historia helenística[103].

Abofé, o Oriente romano foi un mosaico de constitucións diversas, e polo que agora nos importa moitas rexións estiveron ocupadas e organizadas por comunidades étnicas e non por cidades. Así, por exemplo, Asia Menor, verbo á que continúa M. Sartre:

> Os textos [...] mencionan numerosos nomes de tribos, coma os *Abrettenoi* e os *Olympenoi* na Misia oriental, os *Oroandeis* en Licaonia, as tres tribos gálatas de Galacia, os *Etenneis* e os *Cotenneis* en Isauria, os *Kennatai* e os *Lalasseis* na Cilicia traquea, e moitos outros. A listaxe dos *conuentus* de Asia non só confirma esta proliferación senón que a incrementa, pois amosa varias comunidades descoñecidas mediante outra documentación, aquelas ás que Plinio consideraba sen dúbida como sen importancia, *ignobiles*. Ademais ocorre que estas comunidades forman parte da *formula prouinciae* no mesmo plano que as cidades. Existe, xa que logo, un grande número de «pobos» en época augustea que non dependen de ningunha cidade veciña[104].

O mesmo acontece fóra de Anatolia. No interior de Siria, o propio Plinio consignaba a carón de Apamea a *Nazerinorum tetrarchia*; e, alén de Hierápolis, *Bambyce* e Calcis *ad Belum*, unha serie de etnónimos dos que un, a *Ituraeorum gens*, recibe unha denominación para nós do máis elocuente: sen dúbida é xenérica, ao incluír a relación unha das súas fraccións, os *Baethaemi*, pero acredita así a independencia verbo ao mundo urbano na identificación étnica das comunidades rurais e nómades da rexión[105].

As comunidades étnicas, que como vemos conviven coas cidades dun extremo a outro do Oriente, serán obxecto de mudanzas transcendentais no Alto Imperio: coma no Occidente, tenderon a se «municipalizaren», embora á maneira grega, constituíndose en *póleis*, proceso que atopou un pulo específico relevante no século II d.C.[106]; e mesmo algún no Baixo Imperio[107]. Os réximes non civís, daquela en retro-

---

103 M. Sartre, 1994, p. 12.
104 *Ibid.*, pp. 314-315.
105 Plin., *Nat.*, V, 81-82.
106 M. Sartre, 1994, p. 319.
107 J.-M. Carrié, 2008 (2005), pp. 294-295.

ceso, resistiron nalgunhas provincias orientais, e nomedamente en Siria, onde, como viramos en África (§6, 1), resultaron favorecidas pola longa pervivencia das formas de vida nómade das rexións sub-desérticas.

Importa, de calquera xeito, formularmos a organización interna destas comunidades étnicas, de certo diferente ao goberno republicano propio das *póleis* veciñas. De feito, na mentalidade romana, dentro das concepcións da teoría política antiga, a súa organización previsíbel era precisamente a monarquía: como apunta E. C. L. van der Vliet, "os pobos que nunca habitaron en cidades, para Estrabón, estaban baixo unha especie de goberno monárquico", mesmo se "non formaban unha soa unidade política baixo un só soberano"[108]. Estamos, outra volta, perante as teimosas concepcións de xefaturas e realezas primitivas. No Oriente, entre estas formas de organización non civís destacaban, e atoparon sempre un completo protagonismo historiográfico, as grandes monarquías mediatizadas, que reciben a denominación tradicional, embora imprecisa, de reinos clientes, sobre os que voltaremos axiña (§6, 6). Non é este exemplo, tan afastado do *principatus* galaico, ao que cómpre atender agora. En efecto, o *principatus gentis* occidental, incluído o galaico, atopa o seu equivalente en formas greco-orientais ben máis modestas.

No Oriente helenístico, o título *basileús* ficaba reservado para as grandes monarquías supra-locais, namentres que os soberanos sobre pequenos principados locais, xa fosen urbanos ou rurais, recibían preferentemente a denominación de *dynastaí*[109], termo grego cunha semántica esencialmente equivalente ao noso *principatus* latino, denotando nomeadamente señores ou soberanos de proxección local. A medio camiño entrambas as denominacións, sobre todo en Siria, aparecen asemade os *tetrárchai*, título que etimoloxicamente contén a noción da acumulación de varios principados[110]. En Galacia, pola contra, estes *tetrárchai* protagonizaron a integración ao Imperio Romano dos pobos gálatas aos que subdividían, achegándose xa que logo máis á caracterización típica do *principatus gentis* occidental[111].

Porén, sen dúbida o título paradigmático entre as pequenas xefaturas étnicas do Oriente será o *phýlarchos*[112]: coma no *principatus gentis*, esta figura non semella vincularse a un carácter funcionarial nin a ningunha designación oficial romana; e de feito, conectando xa co caso galaico (cfr. §4, 5), constátase a súa sucesión dinástica[113]. Adóitase admitir que dende o século V d.C. os *phýlarchoi* árabes terían sido

108 E. C. L. van der Vliet, 2003, p. 264.

109 Cfr. M. Sartre, 1994, pp. 12-16; F. Millar, 2005; para o período helenístico, L. Capdetrey, 2007, pp. 115 ss.

110 Arredor do uso xenérico destes títulos, véxase Str., *Geog.*, XVII, 3, 25; F. Millar, 2005, p. 230, arredor da lectura *tetrárchai*.

111 Arredor da constitución gálata, véxase Str. *Geog.*, XII, 5, 1; cfr. §§7, 2 e 7, 4.

112 Str., *Geog.*, XVII, 3, 24.

113 T. Brüggemann, 2007, p. 280. Cfr. P. Mayerson, 1991, p. 293.

asimilados ao organigrama funcionarial romano-oriental, pero mesmo este desenvolvemento serodio ten sido discutido, pois non semella que o termo pasase a designar na documentación da época unha realidade xurídica específica, nin que se diluíse a impronta indíxena nin a sucesión dinástica dos seus beneficiarios[114].

Así, estas figuras vencéllanse aos usos indíxenas tradicionais das súas comunidades, sendo tamén as súas representantes perante o poder romano ou as cidades intermediarias. En efecto, en moitos ámbitos rurais, territorio xurisdicional de determinadas *póleis*, aparecen figuras institucionais nas que resulta incerta a súa asimilación a xefaturas tradicionais ou maxistraturas municipais: por exemplo, *árchontes*, *diṓketai*, *kōmárchai*, *brabeutaì*, *prōtokōmētaì*[115]. Nestes últimos atopamos "a idea tan grega de chamar «primeiros» aos notábeis"[116], o que os achega mesmo á dimensión etimolóxica do propio *principatus*; embora o segundo compoñente, *kṓmē*, favoreza máis ben a súa asimilación a unha autoridade aldeá sub-local. Algunhas destas figuras terán unha longa pervivencia no período bizantino, cando se vencellen, nomeadamente, á dirección e representación das comunidades labregas perante os grandes propietarios[117].

Oriente aporta, en fin, un rexistro tan amplo e diverso coma inapreixábel nesta monografía. Abonde con sinalarmos que no Alto Imperio este universo institucional pode conxugarse no concepto de xefaturas mediatizadas, á cabeza de comunidades de proxección xeográfica diversa, pero sempre en contextos estruturais e funcións socio-políticas análogas ao *principatus gentis* occidental.

Porén, Oriente difire de Occidente precisamente na amplietude cronolóxica do seu rexistro. O que no Occidente apenas podemos presumir como unha pervivencia indíxena agochada baixo unha denominación latina, no Oriente constatámolo expresamente. Non estará de máis ilustralo co mesmo exemplo escolleito por L. Capdetrey, a propósito da diversidade constitucional helenística:

> Un decreto esmírneo dos anos 240 [a.C.] alude ás embaixadas de Seleuco II aos *basileĩs*, *dynastaí*, *póleis* e *éthnē* para facer recoñecer a inmunidade do santuario de Artemisa *Stratonikis* e do territorio de Esmirna. A partires dunha fórmula densa e globalizadora, esta pasaxe evoca así un mundo politicamente constituído por cidades, *éthnē*, dinastas e reis[118].

Semellante pluralidade foi característica non só do mundo helenístico na súa globalidade, senón do propio artellamento interno de cada un dos seus construtos

---

114 Véxase, nomeadamente, P. Mayerson, 1991, cunha pequena bibliografía ao respecto.

115 Escolma tomada de M. Sartre, 1994, p. 314, adaptando a súa transcrición grega ás convencións empregadas no presente ensaio.

116 M. Sartre, 1994, p. 314.

117 M. Kaplan, 1992, pp. 199-200.

118 L. Capdetrey, 2007, p. 91, en referencia a *OGIS*, 219.

imperiais. A diversidade de medios para o control do territorio, e, polo que aquí importa, o recoñecemento das xefaturas étnicas tradicionais, foron certamente moi anteriores ao dominio romano do Oriente. É certo que o termo *éthnos* enfatiza a autonomía e mesmo o privilexio xurídico dunha comunidade, opoñéndose en certo xeito á noción de goberno despótico do *dynastḗs*[119]. Porén, estes dous conceptos sitúanse en niveis semánticos diferentes, no que o *éthnos* non sempre tivo unha verdadeira dimensión político-administrativa. De feito, dos *éthnē* saíron a cotío os propios *dynastaí* que os dirixiron, os representaron perante as monarquías imperiais, e eventualmente encabezaron movementos emancipatorios fronte ás mesmas, asentando as súas propias monarquías[120]. O período helenístico, insiste L. Capdetrey, supuxo pola súa inestabilidade unha certa creba do vello equilibrio aqueménida entre o poder imperial, as comunidades étnicas sometidas e as súas dinastías tradicionais, favorecendo a proliferación de construtos políticos –imperiais e locais– estritamente fundamentados no dereito de conquista[121]. A urbanización e a constitución civil de antigos *éthnē* supuxo, coma no Imperio Romano, outro factor de retracción destas xefaturas étnicas tradicionais[122]. Porén, a súa longa supervivencia non foi tampouco estraña á rica historia do Oriente helenístico, rebordando a cotío, como puidemos comprobar, o mesmo dominio romano.

### 6.6. *Principatus* e *regnum socium*

Como se lembrará, un *tópos* de amplo predicamento na investigación que nos precede arredor do *principatus* galaico, suxerido dun xeito moi colateral, por primeira vez, por G. Pereira Menaut, e máis recentemente e con meirande insistencia por M. V. García Quintela e F. J. González, é a asimilación desta institución ao concepto político romano de *rex socius* (véxanse táboa 2; §§2, 2; 2, 8-9). De certo, se ao que nos referimos con isto é a poderosos monarcas de influencia supra-local, coma os múltiples casos orientais ou *Togidubnus* na Gran Bretaña –non así outros reis britano-romanos, ben máis modestos– (§§6, 2 e 6, 5), a hipótese resultaría desbotábel de partida. Porén, a cuestión ten unha meirande complexidade; e ao se referir á relación entre o *principatus* e o poder romano, presenta un notábel interese para o noso particular propósito de investigación.

En primeiro lugar, ao referírmonos ao concepto de *regnum socium*, cómpre determinar o rango da súa acepción, se xenérica ou específica. A noción xenérica equipárao ao concepto, máis amplo e impreciso, de «reino cliente», ao que con todo

---

119 D. Musti, 2008 (1984), p. 209; L. Capdetrey, 2007, pp. 91-92.

120 D. Musti, 2008 (1984), pp. 180-181; L. Capdetrey, 2007, pp. 91 ss.

121 L. Capdetrey, 2007, p. 114.

122 *Ibid.*, pp. 104-106.

non adoitaron adscribirse os verdadeiros *reges socii*, que non tiñan xuridicamente unha relación de clientela co poder romano[123]. Outros conceptos asociados, coma «estado-títere», «estado-tapón», etcétera, poderían resultar máis ou menos concibíbeis, sempre que antes se admitise a dimensión «estatal» dos pobos sobre os que os *principes* exerceron a súa soberanía; mais de calquera xeito simplificarían tamén o carácter sen dúbida multifacético do *principatus* e da súa relación con Roma. A noción específica do concepto, pola contra, refírese ao recoñecemento oficial do *rex socius*: a súa *appellatio*, outorgada polo Senado; e, despois de Augusto, polo Emperador[124]. Isto carrexa unha consecuencia moi clara para o caso galaico: a *appellatio* non consiste só en declarar a un individuo *socius et amicus*, senón perante todo en designalo *rex appellatus*[125], o que na *Callaecia* desbota a propia intitulación *princeps*; cuestión por certo independente da dimensión, rexia ou non, que o tal título tiver pola parte indíxena (cfr. §§6; 9-10).

Cómpre, pois, en termos xurídicos, obstarmos a asimilación do *principatus* galaico ao concepto de *regnum socium*. Mais isto, certamente, non obsta a influencia, implicación e recoñecemento expreso do poder romano verbo ao beneficiario deste oficio, o que reborda a mera dependencia provincial e a interacción, a través del, coa súa comunidade. Isto pode exemplificarse, na veciñanza inmediata da *Callaecia*, coa *tabula Lougeiorum* do Courel, que recolle un *hospitium* entre o presumíbel gobernador provincial Asinio Galo e a *ciuitas* dos *Lougei*[126]. Esta comunidade, aparentemente representada polos seus propios legados (*legati*), debía de ter dado xa daquela os primeiros pasos deica a súa constitución republicana[127], de xeito que resultaría previsíbel que entre comunidades rexidas por figuras de autoridade unipersoal, como coidamos que o foron polas mesmas datas os albións e os cóporos, a relación entre o poder local e o imperial se expresase cunhas formas bilaterais de carácter máis privado.

Abofé, o recoñecemento institucional de Roma non estivo restrinxido aos *reges socii*, senón que tamén incidiu entre persoeiros aos que o poder romano nunca recoñeceu como tales. Como xa denotou P. C. Sands, baseándose fundamentalmente en varias pasaxes de Tito Livio a propósito dos contactos con Masinisa (est. 6F) e outros xefes africanos[128], o trato con eles era de feito significativamente diferente, pero dende logo repousaba sobre uns principios análogos:

---

123 Cfr. D. C. Braund, 1984, p. 23; M. Sartre, 1994, p. 60; F. Millar, 2005, p. 233.

124 D. C. Braund, 1984, pp. 24 e 27.

125 *Ibid.*, 23-24.

126 *AE*, 1984, 553. Arredor do papel de C. Asinio Galo no noroeste hispano, véxase M. D. Dopico Caínzos, 2013, p. 87.

127 Véxase M. Fernández Calo, 2016a, pp. 110-111. Arredor das dinámicas constitucionais da *Callaecia* alto-romana voltaremos en §§10, 5-6.

128 Liv., *A.U.C.*, XXX, 15; XXVII, 4.

> O rei «completo» (*rex*) recibía a *insignia* dos maxistrados romanos triunfais, a toga bordada e a túnica –[ou] noutras ocasións a *toga purpurea*–, a *sella curulis* e un bastón de almafí, unha coroa e un prato de ouro; e ás veces [tamén] presentes militares, cabalos afatados, armas, e unha capa militar. Un selo de ouro e vasixas de prata foron asemade enviadas a Masinisa en varias ocasións. [En troques,] os *reguli* recibían só a *toga praetexta*, a indumentaria do maxistrado curul e non o triunfal. Unha distinción desta sorte foi feita entre o rei Sífax e os *reguli* en África[129].

O contexto administrativo imperial do que procede o rexistro principesco da *Callaecia* implica sen dúbida o recoñecemento oficial dos *principes*, e probabelmente –como de feito acontecería coas elites locais en xeral– o establecemento de relacións xurídicas persoais entre eles e os maxistrados romanos; e mesmo cerimonias rituais e entregas formalizadas de presentes coma as mencionadas por P. C. Sands. Isto, certamente, non comporta unha relación directa co Senado nin co Emperador, o cal se cadra poida parecer desbotábel pola insignificancia do *principatus* galaico, de o compararmos cos *reges socii* orientais ou númidas representados polo caso de Masinisa ao que nos vimos de referir, cos que obviamente si houbo un intenso contacto bipartito. Cómpre admitirmos, en fin, que no noso caso a parte romana desta relación se reduciría ordinariamente ás autoridades provinciais.

Con todo, alén da estancia de Augusto (est. 6C) na península ibérica durante as guerras cántabras, e da segura implicación dos *principes* galaicos nas mesmas, dun bando ou doutro (cfr. §§8, 2-3), contamos cunha información potencialmente asimilábel á relación global do Emperador cos *principes gentis*. Infórmanos, neste senso, Suetonio logo dunha longa exposición arredor das conquistas de Augusto:

> Mais el endexamais fixo a guerra a ningún pobo sen unha causa xusta e precisa; e estivo tan lonxe de desexar incrementar a súa soberanía ou a súa gloria bélica a calquera prezo, que lles fixo xurar a certos xefes dos bárbaros (*barbarorum principes*) diante do templo de Marte *ultor* que gardarían fielmente a paz que pediran[130].

Se a expresión *barbarorum principes* alude aos pobos vencidos por Augusto, poderíanse estender a ela moitos dos *principes gentis* estudados no presente capítulo. A etiqueta *barbarus*, como ilustra por exemplo o *corpus* cesariano verbo á Lusitania nas guerras civís romanas[131], non exclúe por certo a suxeizón dunha determinada colectividade étnica ao dominio imperial nin a unha xurisdición provincial. Poida, daquela, que algún dos *principes* galaicos ou dos seus ascendentes estivese entre os que Augusto fixo xurar fidelidade diante do templo de Marte *ultor* en Roma? Non preten-

129 P. C. Sands, 1908, pp. 75-76.

130 Suet., *Caes.*, II, 21, traducido da ed. J. H. Westcott & E. M. Rankin, 1918, p. 57.

131 Caes., *B.C.*, I, 44; *B.H.*, 8.

do chegar ata onde non permiten os datos positivos, pois o certo é que non sabemos con certeza nin sequera cándo os albións e os cóporos foron conquistados (cfr. §8, 2).

De calquera xeito, coido que o exposto ata aquí si que ilustra a potencial relación entre o poder romano e uns *principes gentis* coma os galaicos, certamente diferente á seguida cos *reges socii*, pero si análoga nalgúns aspectos: sepáraos, desta volta si, unha diferenza de forma máis ca de contido.

### 6.7. *Principes gentis* e *principes* galaicos

A estas alturas, xa concluíndo o presente capítulo, percibirase que as xefaturas étnicas locais atoparon unha grande difusión ao longo de todo mundo circunmediterráneo sobre o que Roma edificou o seu imperio (mapa 2). Estas xefaturas conviviron coas cidades de goberno republicano, *póleis* e *ciuitates*, verdeiro cerne da civilización clásica; e tiveron unha relación bipartita esencialmente equivalente a elas coas instancias provinciais e imperiais romanas. Con claridade, non son de ningún xeito asimilábeis ao concepto de *regnum socium*, mais isto non desbota a súa proximidade estrutural ao poder romano.

Perante a excepcional diversidade destas xefaturas case sobran as xeneralizacións teóricas. Sobre todo no Oriente grego atopamos un universo terminolóxico que de seu desbota toda uniformidade. As súas diferenzas inciden mesmo na proxección xeográfica destas figuras, pois témonos referido a xefaturas probabelmente sub-locais –*principes kastelli*, *principes uici, kōmárchai*, *prōtokōmētaì*– canda outras supra-locais coma os *tetrarchaí*. Porén, cando a súa autoridade se proxecta localmente, estas xefaturas resultan dende logo asimilábeis á categoría de *principatus gentis*; e sempre, no indefectíbel contexto administrativo romano, á de «xefatura mediatizada».

Emporiso, coido que a idea máis relevante que xorde do noso longo pero sen dúbida superficial repaso do *principatus gentis* romano, e que dalgún xeito unifica semellante diversidade, é outra: todas estas institucións, mesmo a *stratēgía* tracia, non son nin moito menos innovacións xeradas ao abeiro do dominio imperial romano, senón pervivencias ou respostas propias dun substrato etno-lingüístico, xurídico e gobernativo –bérber, céltico ou pre-céltico, paleo-balcánico, helenístico– moi anterior. Por iso, estas institucións, que segundo o caso dependeron dun sancionamento máis ou menos patente por parte do poder romano, representan perante todo unha remanencia inequívoca dos usos culturais e políticos indíxenas… Non resultará inoportuno, daquela, admitilo tamén, definitivamente, para o *principatus* galaico.

Unha derradeira apreciación que me gustaría formular ao abeiro do exposto ata aquí é a aparente relación, canda menos na África romana, entre o *principatus* e a *praefectura gentis* (§6, 1). Non semella irrelevante, neste senso, que encadrelando coa constatación dunha forma rexional de *principatus gentis*, para a nosa terra con-




Mapa 2. O *principatus gentis* no Imperio Romano.

temos tamén co interesante testemuño dun *praefectus Callaeciae*[132]. Noutro traballo recente teño confrontado este cargo, documentado aparentemente na década do 70 d.C.[133], con outro *praefectus aerarii militaris* mencionado nunha inscrición bracarense deica o 20/30 d.C.[134], suxerindo ademais a posibilidade dunha lectura errónea da mención imperial que podería rebaixar na mesma medida o exercicio do propio *praefectus Callaeciae* en cuestión[135]. Sexa como for, esta figura apunta claramente a un contexto cronolóxico fortemente análogo ao noso *principatus*. A figura do *praefectus Callaeciae* semella a todas luces un cargo vencellado á administración militar romana da rexión[136]; e así, xa que logo, potencialmente adscribíbel ao control das súas xefaturas locais, coma unha verdadeira *praefectura gentis* malia o seu apelativo coronímico e non estritamente étnico. Isto, de calquera xeito, non é máis ca unha posibilidade factíbel, cuxa resolución terá que ser, se acaso, resultado dunha investigación específica na que non pretendo entrar aquí; non sendo, de feito, o primeiro en propoñela[137]. Non quero, con todo, deixar de sinalar que o testemuño deste *praefectus* volve redundar, canda menos a título indiciario, na pertinencia do paradigma teórico manexado, o *principatus gentis*, para o noso caso particular.

Sexa como for, a consecuencia xeral que dende logo cómpre extraer deste capítulo é outra, insistentemente suxerida segundo fomos culminando cada un dos seus apartados, e xa que logo ben máis doada de formular: na *Callaecia*, coma noutras rexións do mundo romano, houbo á cabeza de certas comunidades étnicas unhas xefaturas de exercicio unipersoal vencelladas a uns usos institucionais anteriores, que se mantiveron no cargo logo da conquista.

Onde conduce esta conclusión? Coido que a resposta é previsíbel: do mesmo xeito que fixemos agora cos paralelos expresivos, cómpre incardinarmos o *principatus* no contexto global destas figuras de autoridade unipersoal. Nunha palabra: explorarmos a historia das xefaturas étnicas na Antigüidade recente, ou o remate da Idade do Ferro, no mesmo grande marco histórico europeo e circunmediterráneo… Unha historia que non é outra cá historia das realezas desas idades antergas.

---

132 *CIL* II, 3271.

133 Cfr. nomeadamente M. Alpers, 1995, p. 213, que sitúa a data *post quem* no 81 d.C.

134 *CIL* II, 2423.

135 M. Fernández Calo, 2018a, p. 100.

136 Cfr. J. Muñiz Coello, 1980, pp. 140-141; A. Tranoy, 1981, pp. 150-151; M. Alpers, 1995, p. 213; P. Ozcáriz Gil, 2014, p. 223; M. Fernández Calo, 2018a, pp. 99-100.

137 En efecto, xa A. Rodríguez Colmenero, 1996, p. 174, valoraba a presenza dunha *praefectura* romana en relación ao *principatus* galaico, embora a través dun indicio externo: unha inscrición lusitana perdida (*CIL* II, 5617) con mención dun *praefectus Caesarum*, mais sen relación ningunha coa *Callaecia*.

# 7. REALEZAS NA ENCRUCILLADA DA HISTORIA

Afondarmos na historia das realezas antigas é a tarefa que demandan tanto os resultados da nosa análise epigráfica coma o contexto xeral no que puidemos situar o *principatus gentis* en época romana (§§4, 6; 6, 7). Porén, a «realeza» categoriza todo un universo institucional de moi longo percorrido histórico, presente, polo que aquí importa, en boa parte das sociedades antigas dende o mesmo intre no que emerxen as primeiras fontes escritas. Como é ben sabido, tal dispoñibilidade documental fica intrinsecamente unida ao desenvolvemento dos primeiros estados urbanos, nos que a realeza foi, en efecto, o principal organismo gobernativo. Mais non semella que a orixe desta institución, nas moi diversas formas que presentará na Antigüidade, teña nada que ver co nacemento do Estado, senón cun desenvolvemento institucional moito máis primitivo en sociedades pre-estatais.

Neste senso, o feito de se testemuñaren diversos cognados asociados á realeza en moi distantes linguas indoeuropeas permitiu á paleontoloxía lingüística verificar a existencia dunha institución asimilábel na propia sociedade proto-indoeuropea; ou sexa, no mesmísimo Calcolítico da estepa eurasiática. Esta primitiva realeza indoeuropea, canda, por moito tempo, todas as súas herdeiras e outras institucións análogas de pobos sen parentesco etno-lingüístico recoñecido, teñen pouco que ver co organismo gobernativo dun Estado; e si moito co que en Antropoloxía se adoita denominar «xefatura», independentemente de que dende esta disciplina se tenda a discernir a cotío categoricamente ambos os conceptos, no presuposto de ser a realeza unha forma de goberno máis ampla e centralizada cá xefatura[1]. Porén, na Antigüidade estes termos non poden ser disociados, e de feito do xefe étnico proto-indoeuropeo, **h3rḗĝs*, deriva directamente o actual vocabulario romance da realeza[2].

1 Cfr. J.-C. Muller, 2005, p. 414. Arredor do concepto xefatura, véxase §7, 9.

2 Cfr. J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, p. 329: «king».

En efecto, esta primitiva xefatura –canda un enorme conxunto doutras institucións socio-políticas, dereito, mitoloxía e lingua– difundiuse ao longo de Eurasia no milenario proceso de expansión dos pobos indoeuropeos, e evoluíu canda eles, desdebuxando os seus trazos primixenios, mesturándose cos usos institucionais propios doutros estratos etno-lingüísticos, anteriores ou posteriores; e transformándose, en definitiva, canda as grandes mudanzas estruturais das súas sociedades. Á avaliación deste proceso histórico, no que se refire á evolución dunha realeza indoeuropea ata desembocar no *principatus* galaico, adicareille unha pequena e case meramente reflexiva, embora coido que transcendental, atención nun vindeiro capítulo (§§10, 1-2). Impórtame agora, pola contra, incardinar esta institución non na súa liña xenealóxica, senón no seu contexto histórico; pois a realeza, en canto a réxime gobernativo ou modelo constitucional dunha sociedade, ten pouco que ver coa adscrición etno-lingüística da mesma, e si moito coas súas bases materiais e mesmo coas simples tendencias chegadas polo contacto con outras sociedades máis ou menos distantes.

Por esta razón, a realeza non se limita a un conxunto de institucións propias dos pobos indoeuropeos, senón que aparece, procedente dunhas liñas xenealóxicas moi diversas pero indistintamente asimilábeis a unha categoría politolóxica análoga, nas máis diversas sociedades do mundo antigo e moderno. En efecto, a realeza foi unha institución practicamente universal entre os pobos adscritos ás grandes familias etno-lingüísticas do mundo circunmediterráneo antigo e actual: a afroasiática e a indoeuropea; mais foino tamén entre moitos outros grupos isolados, coma os etruscos, os íberos ou os turdetanos, dos que nos ocuparemos polo miúdo neste mesmo capítulo (mapa 3). Obviamente, baixo semellante amplietude da realeza antiga subxace unha diversidade excepcional. Non pode ser o mesmo, abofé, a realeza dun pobo de pastores nómades do que a dunha sociedade urbana; e neste senso o rol social dun *ensi* sumerio de comezos do III milenio a.C. tiña moi pouco que ver co dun **h3rḗĝs* proto-indoeuropeo coetáneo. Porén, calquera deles sería traducíbel por "rei" –verba que por certo procede directamente da reconstruída indoeuropea, non da sumeria–, e vencellaríase indistintamente, dun xeito máis ou menos definido, a unha autoridade suprema, en xeral de exercicio vitalicio e sucesión dinástica, baseada nun privilexio xurídico-relixioso asumido pola súa sociedade.

Nestas circunstancias, a Idade do Ferro e a Antigüidade recente caracterízanse por unha transcendental redefinición das realezas, que conducirá decote á súa abolición: como ten sabido ver J. Sanmartín, "o primeiro milenio antes da nosa era semella ter traído unha crise da monarquía"[3]. Porén, esta proposición, que o mesmo autor matiza, é só parcialmente válida. Non precisamente o I milenio a.C., mais si a Idade do Ferro en xeral, despois do colapso do Bronce final (séculos XIII-XII a.C.), vai

3 J. Sanmartín, 2001-2002, p. 418.




Mapa 3. Realezas na encrucillada da Historia.

asistir mesmo á implantación de realezas en pobos aparentemente non dotados antes delas, como nos transmiten tradicións tan distantes coma a hebrea ou a frixia[4]. Inscritos na influencia dun ámbito oriental que mantivo con forza as estruturas políticas da Idade do Bronce, pequenas realezas, coma a lidia, a meda ou a persa, establecerán sucesivamente poderosos imperios dende o século VII a.C.[5] O que se materializa no I milenio a.C. é unha diversificación sen precedentes dos réximes socio-políticos locais e a consecuente conformación, canda novas formas de realeza imperial afastadas dos modelos étnicos e os imperantes na Idade do Bronce, de novas constitucións republicanas nas cidades-estado ao longo de todo o mundo circunmediterráneo.

Se definimos o *principatus* como realeza, imponse daquela contextualizalo antes neste contexto global, tan complexo e contraditorio. Obviamente, existen no marco circunmediterráneo antigo moi numerosos exemplos potencialmente asimilábeis, cuxo tratamento pormenorizado, con todo, dista dos obxectivos e posibilidades razoábeis da presente monografía. Porén, a incardinación histórica do *principatus*, aínda necesariamente superficial, resulta aquí irrenunciábel: tal é o propósito que tentará satisfacer o presente capítulo.

## 7.1. Unha proposta tipolóxica

Malia contar cunha inapreixábel bibliografía de estudos de caso ou rexionais, a «realeza da Idade do Ferro» ou «da Antigüidade recente» é unha cuestión, na súa globalidade, escasamente investigada. Se cadra a propia diversidade subxacente nestes enunciados explique tal circunstancia, e mesmo obste a pertinencia de todo achegamento así formulado. Porén, o *principatus*, como realeza, ten que ser contextualizado nesta acotación global do problema, o que nos obriga aquí a encetarmos unha clasificación teórica *ad hoc*, que poderá ser máis ou menos oportuna, mais dende logo preceptiva para a resolución dos obxectivos que vimos de nos marcar.

Ao meu ver, o contexto histórico inmediato do *principatus* permite establecer unha sinxela tipoloxía xeral segundo o nivel de institucionalización estatal das realezas implicadas. Cumpriría distinguirmos, neste senso, entre o carácter estatal consolidado das monarquías helenísticas, o incipiente do que denominarei «monarquías agregativas», e o carácter esencialmente pre-estatal das «realezas locais». Esta clasificación abrangue así as realezas que van anteceder ao proceso de expansión romano; e obviamente elude o propio Principado, o establecemento do goberno imperial en Roma.

Como é ben sabido, as monarquías helenísticas foron, dende remates do século IV a.C., a forma de goberno característica entre a península balcánica polo norte e

4 Respectivamente, I Sm., 8 ss.; Arr., *Anab.*, II, 3.

5 A historia destas monarquías foi rexistrada por Herod., *Hist.*, I.

Exipto polo sur ata o extremo oriental do Irán, cunha eventual difusión deica a mesma India, resultado da conquista macedonia do Imperio Persa aqueménida e a posterior fragmentación do legado de Alexandre (est. 6D). A monarquía helenística procede, xa que logo, dunha herdanza diversa, que xunguiu unha elite militar de orixe balcánica a unha burocrática oriental, sen esquecermos a mesma síntese nos seus usos xurídicos, políticos e relixiosos[6]. A influencia do modelo de Estado helenístico rebordou o ámbito estrito das monarquías herdeiras de Alexandre: aludiuse antes á India, pero polo que aquí nos importa chegou tamén ás grandes repúblicas que se disputaron o Mediterráneo occidental no século III a.C., Roma e Cartago. Resulta especialmente significativa, pola súa proximidade e potencial influencia na *Callaecia*, a relativa asimilación dos usos institucionais helenísticos no imperio asentado pola familia cartaxinesa dos *Barqa* na península ibérica[7].

Porén, o único importante para os nosos limitados intereses particulares é que dificilmente a realeza étnica local do *principatus* galaico podería asimilarse a esta categoría histórica dos complexos, xerarquizados, burocratizados, militarizados, multi-étnicos, e supra-locais, imperios helenísticos. Desbotado, pois, todo paralelo coas afastadas monarquías helenísticas, cómpre avalialo cos outros dous modelos «étnicos» identificados.

### 7.2. Monarquías agregativas

Coa segunda categoría enunciada, a «monarquía agregativa», non pretendo nin moito menos asentar unha tipoloxía de validez universal; senón, simplemente, caracterizar baixo unha denominación unívoca unha serie de construtos estatais incipientes que agromaron ao longo do mundo circunmediterráneo antigo coincidindo co proceso de expansión romano e a posterior consolidación das súas fronteiras. Con este apelativo de «agregativo» pretendo aludir á súa común tendencia deica a unificación de xefaturas locais preexistentes, a cotío identificándose privativamente con entidades étnicas recoñecíbeis, xerando así monarquías supra-locais. Abofé, tal definición podería ter unha aplicación case infinita, embora aquí cinguireime necesariamente aos exemplos máis próximos ao *principatus* galaico; ou sexa, aos ámbitos europeo e mediterráneo antigos.

Así acotado o problema, o fulcro paradigmático das monarquías agregativas se cadra sexa outra volta o norte de África, pola súa longa pervivencia antes, durante e despois do dominio romano, e a súa escasa tendencia á consolidación estatal. Inscritos na estrutura «segmentaria» tradicional das sociedades bérberes, á que xa

---

6 Para unha completa síntese do helenismo, véxase F. Chamoux, 1981.

7 Embora este *tópos* teña sido matizado –que non estritamente desbotado– máis recentemente: véxase E. C. González Wagner, 1999.

nos referimos con anterioridade (§6, 1), estas realezas podían fluctuar entre varios segmentos de liñaxe e xeraren así monarquías incipientes, como o foron a númida e a mauritana[8]. Xa mencionamos o caso dos altares da paz de Volubilis, nos que os dirixentes bacuatas son designados *principes*, agás Xulio Matif, denominado *rex* (cfr. §6, 1), que probabelmente poidamos inscribir agora na dinámica «fluctuante» propia das realezas locais bérberes pola súa tendencia á expansión «agregativa».

Outra área de grande desenvolvemento da monarquía agregativa atopámola nos Balcáns. Os primeiros exemplos son gregos, entre os que dende o século VIII a.C. consta a conformación de monarquías federais nalgúns *éthnē* que agruparon xefaturas locais preexistentes[9]. Porén, a realeza grega destaca por outra sorte de desenvolvementos institucionais, do que nos ocuparemos no seu momento (§7, 4). O auxe das monarquías agregativas dos Balcáns vincúlase de feito a outro contexto ben diferente: así, dende a segunda metade do I milenio a.C., daquela coincidindo coa fronteira ou simplemente coa soberanía persa, foron agromando grandes construtos políticos de longa pervivencia, coma o Épiro, Macedonia e Tracia, que darían consolidado as súas estruturas estatais, asimilando –no caso macedonio, de feito, «creando»– o modelo de Estado helenístico[10].

O caso tracio resulta especialmente significativo, pois o reino odrisio só foi constituído despois da conquista persa, como resultado da imposición dun dos múltipes *éthnē* locais[11]. Non moi lonxe de aquí, o noso concepto de monarquía agregativa pode ser extrapolado aos construtos políticos creados en Iliria[12] e máis adiante en Dacia, neste último caso xa coincidindo durante moito tempo coa fronteira romana. Aquí, a imposición de Burebista, en orixe un insignificante rei dos *Getaí* que deu conquistado un pequeno imperio entre o mar negro e a chaira panónica, casa claramente co paradigma manexado. Na crueldade amosada cos celtas danubianos e as cidades gregas ou helenizadas, segundo Estrabón[13], puidera suxerirse mesmo, coido, a súa vinculación preferencial coas comunidades de identidade xeto-dacia en contraposición aos demais grupos etno-lingüísticos da rexión, materializando dun xeito particular o carácter «étnico» aquí preconizado para as monarquías agregativas.

Máis ao noroeste e coma Dacia á outra beira do Danubio no que dende o século I d.C. se instauraría o máis perdurábel *limes* romano, chegamos á Xermania. Este é un caso evidente dos procesos continuos de agregación étnica e consolidación

---

8 D. J. Mattingly, 2005 (1992), pp. 32-35.

9 P. Carlier, 1984, pp. 405 ss.

10 Arredor da formación e desenvolvemento da monarquía macedonia, véxase M. B. Hatzopoulos, 1996.

11 Cfr. Thucyd., *Hist.*, II, 29, 2.

12 Arredor dos reinos ilirios, véxase J. Wilkes, 1992, pp. 156 ss.

13 Str., *Geog.*, VII, 3, 11.

das súas estruturas políticas, culminando como é ben sabido na creación de poderosas confederacións étnicas que chegarían a conquistaren, no transcurso das súas migracións, a metade occidental do Imperio Romano ao longo do século V d.C. Este proceso de afianzamento político dos pobos xermánicos resulta indisociábel do reforzamento, e desdebuxamento, dos caracteres orixinarios da súa realeza. Significativamente, Tácito discernía entre pobos dirixidos por *principes* dos dirixidos por *reges*[14]; e salientando o carácter dinástico da realeza xermánica, sinalaba con todo o seu mecanismo de sucesión electivo[15]. A historiografía institucionalista alemá e británica moderna –sen dúbida influenciada polo mito racial xermánico– ten tradicionalmente asumido a forte restricción popular do poder desta realeza[16], tese hoxe moi discutida[17]. Con todo, o escaso desenvolvemento institucional dos pobos xermánicos en relación aos seus veciños meridionais na Antigüidade, e o feito de non se atopar unha evidencia unívoca do carácter sagrado da súa realeza[18], se cadra acrediten en parte o vello paradigma da *libertas* xermánica. Con todo, as restriccións desta realeza non poden estenderse a datas serodias, pois a devandita institución incrementou dende logo paulatinamente a súa influencia social e a súa vinculación á caudillaxe militar ao longo da Antigüidade[19], claro factor operativo das migracións e conquistas xermánicas do século V d.C.

Continuando deica o Occidente, as realezas celtas non semellan teren desenvolvido máis ca puntualmente, en época histórica, procesos de agregación asimilábeis á monarquía agregativa. Na Galia as relacións de hexemonía entre as *ciuitates* expresábanse en forma de clientelas comunitarias[20], o que non implicaba necesariamente a unificación do oficio rexio; e dende logo non acontece así cando xa dispomos de máis información, na conquista cesariana, pois daquela, como veremos, as realezas xa foran abolidas na meirande parte das comunidades (§7, 5). Unha monarquía agregativa si que podería ser identificada na figura do rei arverno *Bituitus*, cuxo poder hexemónico no sur das Galias durante o século II a.C. se cadra explique que se nos refira tanto como *rex Aruernorum* como *basileús tōn Allobrígōn* nas fontes[21]. Outro posíbel caso, só incipiente, podería atoparse na sublevación de Vercinxetórix, escolleito *imperator* –conforme á *interpretatio Romana*– por un amplo conglomerado

14 Tac.. *Germ.*, 10-11; 25.

15 Como ilustra a controvertida expresión de Tácito, *Germ.*, 7: *reges ex nobilitate, duces ex uirtute sumunt.*

16 Por exemplo, F. Kern, 1956, pp. 12 ss.

17 J. Canning, 2006, pp. 16-17; F. Oakley, 2006, p. 36.

18 Véxase D. H. Green, 2000, pp. 123-124.

19 *Ibid.*, pp. 122-123.

20 Curiosamente denominadas *principatus* no *corpus* cesariano. Unha síntese exhaustiva e recente da cuestión pode consultarse en E. Arbabe, 2013, pp. 68 ss.

21 Respectivamente, Liv., *Per.*, LXI; App., *Kelt.*, 12 [15].

de *ciuitates* de común identificación étnica[22]… Obviamente, o inmediato esnaquizamento desta revolta por Xulio César impide asimilar dun xeito unívoco a circunstancial unión galo-celta a unha monarquía agregativa coma as demais tratadas[23]. Na Galia, de feito, o propio reforzamento das estruturas republicanas entre as *ciuitates* desaconsella tal asimilación.

Na Gran Bretaña, pola contra, onde a realeza atoparía unha meirande pervivencia, sabemos que, en ocasións, algúns reis darían imposto a súa autoridade sobre varias *ciuitates*, como exemplifica o xa tantas veces referido *Togidubnus* (§6, 2). En Irlanda non hai fontes tan antigas, pero as tradicións épicas e xurídicas anteriores á conquista normanda do século XII d.C. fornecen unha realeza orixinaria asimilábel con exactitude a unha estrutura agregativa, pois sobre os reis de *túath* aparecían eventualmente reis de provincia e *ard-rí*, de toda Irlanda[24]. Os reinos celtas danubianos, orixinados por un influxo expansivo serodio dende a Galia –e posibelmente dende a propia Italia– a partires do século IV a.C. tamén mantiveron nesta inestábel rexión as súas estruturas tradicionais; e malia eventualmente subordinaren ás colectividades étnicas veciñas, ou sufriren o seu dominio, non semella que tales hexemonías circunstanciais tivesen incluído a unificación do oficio rexio[25]. Temos noticia, non obstante, dun certo *Critasirus* que si tería unificado os boios e os tauriscos antes da conquista do dacio Burebista[26]. De calquera xeito, xa Danubio arriba, o reino do Nórico si que acadaría unha pervivencia significativa. Segundo G. Alföldy, este construto político supra-local desenvolveríase a partires duns *Norici* epónimos asentados na actual Carintia, formando unha moi tenue confederación entre as demais comunidades célticas da rexión[27]. Isto non desbota o importante rol da súa monarquía; e neste senso constan, por exemplo, as alianzas exteriores dun dos seus reis, Voccio, a través do matrimonio da súa irmá co poderoso –e polígamo– rei suevo Ariovisto, en tempo de César[28]. Por último, o grao de centralización política no extremo oriental do asentamento céltico, Galacia, houbo de ser tamén cativo malia a súa forte cohesión nos conflitos bélicos; e de feito a súa unificación como reino non se produciu ata Deiotaro (est. 6E), a mediados do século I a.C., xa baixo os estándares helenísticos e un evidente influxo romano. Porén, xa dende antes se terían producido tentativas unificadoras dentro do paradigma das monarquías agregativas aquí estudadas, no que de feito semella casar a figura de Ortiagón, a remates do século II a.C.[29]

---

22 Caes., *B.G.*, VII, 63.
23 J. Collis, 2000, p. 321.
24 Arredor dos diversos títulos rexios gaélicos, véxase F. J. Byrne, 1973, pp. 41-42.
25 Arredor da turbulenta historia política pre-romana desta rexión, véxase A. Mócsy, 2014 (1974).
26 Str., *Geog.*, VII, 5, 2.
27 G. Alföldy, 1974, p. 31.
28 Caes., *B.G.*, I, 53.
29 Polyb., *Hist.*, XXII, 21.

Pasando dun extremo a outro do asentamento céltico e das súas constitucións políticas, cómpre situar aos celtíberos nun proceso de transformación institucional análogo ao da Galia, descoñecéndose entre eles realezas de dimensión supra-local (cfr. §7, 6). E finalmente, xa fóra do que pode ser asimilado sen reservas ao marco etno-lingüístico celta, embora obviamente si nun mesmo ámbito indoeuropeo occidental, M. V. García Quintela ten debuxado unha caracterización semellante á de todas estas realezas agregativas para o lusitano Viriato, quen, partindo duns inicios precarios, no apoxeo do seu poder acadaría unha autoridade sobre boa parte do occidente da península ibérica[30].

Como se comproba, múltiples monarquías agregativas foron formadas durante a Antigüidade recente entre sociedades moi diversas, decote sen parentesco etno-lingüístico ningún, mais sempre vinculadas a un desenvolvemento estrutural análogo: sociedades sen Estado, embora habitualmente baixo a influencia de potencias imperiais. Este artellamento interno podía consolidarse, deica a súa estatalización, ao abeiro da súa meirande ou menor pervivencia histórica, que no contexto no que nos movemos se concretaría na influencia helenística e máis tarde a romana. Isto pode ilustrarse co desenvolvemento de cortes e centros políticos, coma a *Sarmizegetusa* de Decébalo, en Dacia; ou con innovacións estritamente organizativas, coma a implantación do modelo lexionario nos exércitos de Deiotaro en Galacia e Xuba I en Numidia (est. 6A e E)[31]. O carácter agregativo destas realezas non é, xa que logo, máis ca un resultado do artellamento estrutural das súas sociedades, susceptíbel de se difuminar canda a evolución das mesmas. En efecto, por embaixo da monarquía, máis ou menos institucionalizada, estes construtos políticos abranguían comunidades étnicas administrativamente disgregadas, rurais e mesmo nómades, nas que os vínculos de parentesco pesaban máis cós civís. A monarquía era un verdadeiro Estado incipiente; mais a estrutura sobre a que repousaba, unha constelación de sociedades locais isoladas, non plenamente estatalizadas, e en moitos casos nin sequera sedentarizadas.

Isto podería dar unha certa impresión de «primitivismo», o cal resulta inexacto. Unha monarquía agregativa non podería xurdir en calquera sociedade «tribal», senón só naquelas nas que tivese agromado un sector da poboación vinculado dalgún xeito ao exercicio bélico, do que procedese un líder carismático, co seu crecente séquito de guerreiros, que cohesionase a través dos seus éxitos militares un grupo amplo de comunidades locais, normalmente emparentadas en termos etno-lingüísticos, e asentase sobre elas unha dinastía. A monarquía agregativa emerxe preferentemente, xa que logo, en sociedades que teñen xa unha certa complexidade interna alén dos grupos

30 M. V. García Quintela, 1999, p. 217.
31 D. C. Braund, 1984, p. 116.

de parentesco máis inmediatos. Porén, non hai que pensar necesariamente, en orixe, nunhas elites guerreiras, embora estas acadarían sempre un amplo desenvolvemento ao abeiro das monarquías agregativas. Emporiso, nestas sociedades si que se tería producido canda menos un desequilibrio significativo entre a poboación e os recursos, xa sexa pola estratificación social ou, simplemente, por unha depauperización xeral ou o emerxer de posibilidades económicas máis atractivas cás actividades meramente produtivas. Neste senso, non debería de nos abraiar que en moitos casos estas monarquías agregativas procedesen máis ca dun sector aristocrático definido, de grupos guerreiros marxinais, xa fosen bandidos, dos que por certo se coñecen varios exemplos de *dynastaí* orientais[32], ou simplemente *iuuenes* vinculados a un exercicio das armas diferenciado por segmentos de idade. Non podo evitar sinalar que a figura de Viriato, pastor lusitano[33], se vincularía necesariamente a algún destes exemplos.

Fronte a esta diversidade de contextos sociais nos que se xestaron as monarquías agregativas, hai un factor que en boa medida as unifica: a súa sistemática aparición en áreas de fronteira, nas que civilizacións máis avanzadas exercían a súa influencia. Resultan especialmente evidentes o caso macedonio e tracio verbo ao Imperio Persa, o númida e mauritano verbo ao cartaxinés, ou o dacio e xermano verbo ao romano. A que pode deberse esta tendencia común entre sociedades tan distantes? Os antropólogos R. B. Ferguson e N. L. Whitehead cuñaron o concepto «zona tribal» para caracterizaren estes contextos históricos nos que comunidades étnicas subdesenvolvidas entran en contacto con potencias imperiais, experimentando como consecuencia fortes transformacións internas[34]. A etiqueta pode resultar máis ou menos oportuna, mais dende logo as mudanzas socio-políticas condicionadas pola influencia imperialista nestas áreas fronteirizas, polo contacto diplomático, o emerxer de novas posibilidades económicas, e a simple ameaza militar, resultan a todas luces evidentes. Polo que agora nos importa, a creación destas monarquías agregativas viuse a cotío condicionada pola vindeira presenza –e ameaza– dun Estado imperial veciño, e as transformacións sociais a ela asociadas.

Coido que, malia a inevitábel superficialidade da nosa exposición, tendo percorrido xa a xeneralidade do marco circunmediterráneo antigo, podemos por fin avaliarmos, como fixemos antes co exemplo helenístico, a afinidade da monarquía agregativa co *principatus* galaico. Neste caso o resultado negativo non é menos evidente: a característica esencial da monarquía agregativa é a súa agrupación rexional de entidades étnicas locais; e a autoridade dos *principes* galaicos, cómpre repetilo unha vez máis, limitouse a unha soa (§5, 4).

---

32 Cfr. M. Sartre, 1994, pp. 15 e 17.

33 Cas., *Hist.*, XXII, 73, 1.

34 R. B. Ferguson & N. L. Whitehead, 2005 (1992). Arredor da súa aplicación á *Callaecia* pre-augustea, véxase §§2, 9 e 9, 5.

Emporiso, si que emerxe unha nidia analoxía que encadrela con outros resultados previos deste mesmo estudo. En efecto, as rexións nas que se documenta a monarquía agregativa –África, Gran Bretaña, os Balcáns, as provincias danubianas– coinciden con exactitude coas que máis tarde, baixo pleno dominio romano, asentarán o *principatus gentis* (cfr. §6; e especialmente mapas 2-3). Coido, neste senso, que M. V. García Quintela demostrou unha lúcida intuición na súa interpretación orixinal –non así na súa revisión posterior– ao vincular o *principatus* galaico ao mesmo horizonte institucional cá figura de Viriato[35], que aquí incardinamos nunha longa serie de monarquías agregativas. Obviamente, Viriato non pode ser adscrito sen a debida crítica á cultura castrexa da *Callaecia*; pero o feito de que, baixo dominio romano, o *principatus gentis* sucedese a monarquías agregativas meirandes, esnaquizadas como consecuencia da conquista, podería apoiar a hipótese de que unhas circunstancias análogas tivesen operado na evolución histórica do noso caso particular, o *principatus* galaico… Mais a avaliación de tal posibilidade, recusábel neste capítulo de contextualización xeral, só poderá ser atendida máis adiante (§9, 5).

### 7.3. Realezas locais

A consecuencia derivada do ata aquí exposto é que o *principatus* galaico, independentemente do seu se cadra fluctuante desenvolvemento histórico como realeza, e cinguíndonos á forma na que efectivamente se constata, ha de pescudar os seus paralelos externos en exemplos de proxección moito máis local cás monarquías helenísticas e agregativas que vimos de tratar. Estes paralelos son, precisamente, as realezas locais.

En grande medida, tal «proxección local» pode semellar só unha cuestión de tamaño. As realezas locais anteceden ás monarquías agregativas, as cales non son senón unha agrupación das primeiras a través da unificación –ou xerarquización– do oficio rexio, polo que o marco social e o propio funcionamento institucional de unhas e outras resulta potencialmente análogo. Mais a analoxía non remata aquí, pois na Antigüidade –coma hoxe– toda comunidade política, mesmo de proxección local, consistía nun agregado de entidades menores. Os *dēmoi* e *kōmai* nas *póleis* gregas, as *curiae* primitivas en Roma e se cadra no resto do Lacio, os *pagi* nas *ciuitates* galas, ou o propio *castellum* na *Callaecia*, constitúen claros exemplos disto[36]. Porén, estas fraccións socio-territoriais non só subdividían a comunidade política, senón

---

35 M. V. García Quintela, 1999, p. 217, n. 5. Para unha avaliación historiográfica das achegas deste autor, con citas textuais, véxase §2, 8.

36 Arredor dos *pagi* galos, L. Lamoine, 2009, pp. 13-14; M. Tarpin, 2009. Unha boa síntese da curia primitiva romana pode consultarse, en galego, en C. Búa Carballo, 2003. Véxase M. V. García Quintela, 2002, para análises cruzadas entre os exemplos celtas e gregos. O *castellum* galaico xa o estudamos noutro capítulo deste mesmo ensaio (§5, 5).









Estampa 7. Realezas antigas na pintura

Páxinas anteriores. Primeira páxina, arriba, *O Rapto das Sabinas* de J.-L. David: Museo do Louvre, París (A). Óleo sobre lenzo de estilo neoclásico, composto a remates do século XIX. O xenial artista francés interpreta o lexendario episodio aos pés dunhas impoñentes e anacrónicas murallas de Roma, cos sabinos á esquerda e os romanos –obsérvese a loba capitolina no escudo do soldado en primeiro plano– á dereita. Atrapadas entre impetuosos, embora apenas púberes combatentes, as sabinas e os seus fillos ocupan o centro da composición. Os brazos estendidos dunha muller sabina dá orde a toda a escena, e semella prefigurar o desenlace do episodio e a razón pola que o reproducimos: a paz e o «sinecismo» entre os romanos e os sabinos; a mesma orixe da comunidade civil da antiga Roma. A partires dunha fotografía anónima do repositorio dixital Commons Wikimedia. Abaixo, *O combate entre os Horacios e os Curiacios* de G. Cesari: Museos Capitolinos, Roma (B). Fresco de estilo manierista, composto a comezos do século XVII. O «cabaleiro de Arpino» dá vida ao intre culminante do lexendario duelo entre campións, no que Publio Horacio dá morte ao último dos Curiacios, entre os cadáveres dos seus respectivos irmáns. Os dous exércitos, sen vestixio da hostilidade que conducira á guerra entre as súas cidades, contemplan tranquilamente o combate en segundo plano, encabezados polos barbados Tulo Hostilio (dereita) e Mecio Fufecio (esquerda): respectivamente, o terceiro rei de Roma… e o primeiro ditador de Alba Longa. A partires dunha fotografía de M.-L. Nguyen (B) no repositorio dixital Commons Wikimedia. Segunda páxina, arriba, *A morte de Viriato*, de J. de Madrazo: Museo do Prado, Madrid (C). Óleo sobre lenzo de estilo neoclásico, composto a comezos do século XIX. O cadro reproduce o intre no que Viriato é achado morto polos seus soldados e lugartenentes, lusitanos evocadoramente pintados coma se fosen gregos, no medio dunha tenda que non agocha o carácter emerxente e provisorio do poder do máis célebre caudillo hispano da Antigüidade, e da súa frustrada monarquía «agregativa». A partires de fotografía pública do Museo del Prado. Abaixo, *A morte de Dido*, de G. B. Tiepolo: Museo Pushkin, Moscova (D). Óleo sobre lenzo de estilo rococó, composto na segunda metade do século XVIII. O xenial veneciano reproduce o intre no que a lexendaria raíña cartaxinesa Dido –abandonada polo heroe troiano Eneas, seu amante e devanceiro dos romanos– se suicida sobre a súa pira funeraria, entre unha difusa pero sobrecolledora paisaxe arquitectónica, e toda a súa corte: mozos, carpideiras, dous elegantes paxes renacentistas, un logrado soldado con capa e capacete de estilo clasicista, e un ancián que lembra, con certo anacronismo –ou non?–, ao arquetipo do sabio xudeu. A partires de fotografía anónima do repositorio dixital Commons Wikimedia.

que en grande medida a antecederon. Neste senso, tradicións moi antigas adscribían á realeza a unificación destas entidades previas nunha soa comunidade política, como ilustra Plutarco verbo ao «sinecismo» da Ática por Teseo ou a integración dos sabinos en Roma por Rómulo e Tito Tacio (est. 7A)[37]. De feito, no pensamento antigo, a agregación de familias en aldeas e de aldeas en cidades foi concibida como o mecanismo de conformación do Estado dende Aristóteles[38].

Evidentemente inspirado polo perfecto esquema aristotélico, o brillante N. D. Fustel de Coulanges concibiu o proceso de conformación da *pólis* e *ciuitas* antigas como a agregación primitiva de familias en fratrías, das fratrías en tribos, e das tribos na cidade[39]. R. Drews, traballando unha achega previa de J. Andreev, simplificaría este esquema: para el, a *pólis* grega xurdiría, a partires do período xeométrico (séculos IX-VIII a.C.), da integración consensual entre *basileĩs*, xefes aldeáns preexistentes[40]. É certo que esta *basileía*, a realeza grega, foi, como demostrou P. Carlier e axiña repetiremos aquí[41], unha realidade ben máis complexa e asociábel dende antigo a entidades de meirande proxección xeográfica; mais a súa vinculación a sinecismos, a través da agregación de comunidades e realezas preexistentes –se cadra non tan estritamente aldeás como preconizaba R. Drews, nin nun proceso tan lineal, nin vinculado necesariamente ao período xeométrico– segue a ilustrar con verosimilitude a historia primitiva desta institución e a da propia *pólis* grega.

A realeza enxérgase como organismo gobernativo das comunidades locais de múltiples ámbitos xeográficos –coma os xa citados de Grecia, o Lacio, a Galia ou, a través do *principatus* galaico, a *Callaecia*– dende tempos recuados; e como tal suxire a súa inherente ligazón ao propio proceso de conformación de tales comunidades. As realezas locais, deste xeito, houberon de bascularen a cotío entre os lugares de asentamento e pequenos segmentos de identificación étnica coma as monarquías agregativas, embora cinguíndose normalmente ao ámbito da veciñanza inmediata. Mais chegou un intre –coma na monarquía agregativa chegou a súa estatalización– no que as comunidades políticas locais se vincularon a grupos humanos moi definidos e excluíntes cos veciños. Por iso, os procesos que conduciron á conformación das realezas locais e das monarquías agregativas son claramente dispares e ocorreron en épocas mutuamente afastadas; e como veremos tamén, en chanzos sucesivos do desenvolvemento social das súas comunidades (§9, 5).

A conformación destas realezas locais fica de calquera xeito intrinsecamente ligada á das súas comunidades etno-políticas, procesos que indistintamente se recúan

37 Plut., *Thes.*, 24; *Rom.*, 19-20.
38 Arist., *Polit.*, I, 1252b.
39 N. D. Fustel de Coulanges, 1866, pp. 143 ss. (cap. iii, 1).
40 R. Drews, 1983; J. Andreev, 1979.
41 P. Carlier, 1984.

moito no tempo, resultando inapreixábeis en termos históricos pola ausencia, daquela, de documentación escrita. Estas comunidades conformáronse e consolidáronse en datas temperás, embora probabelmente non se estabilizasen ata a súa integración en entidades políticas meirandes, supra-locais, coma as monarquías agregativas que vimos de tratar ou o propio Imperio Romano, que as conquistaron, taxaron as súas riquezas, redefiniron os seus límites, arbitraron os seus conflitos externos e, nalgúns casos, as destruíron para sempre. Emporiso, malia que a orixe destas comunidades estivo probabelmente ligada á das súas realezas, o seu desenvolvemento bifurcouse na Antigüidade recente, conforme a ritmos diferentes en cada ámbito xeográfico, pero sen apenas excepcións. En efecto, así como as comunidades locais se viron integradas noutros construtos políticos, baixo constitucións diversas, as súas realezas correron unha sorte ben distinta: non o auxe e devalo das monarquías helenísticas, non o emerxer esporádico das monarquías agregativas; senón a súa retracción constante como órgano de goberno. Tamén isto soubo ver, coido que con meirande fortuna, o brillante N. D. Fustel de Coulanges[42].

Mais tratarmos un tema en termos tan xerais e abstractos pode resultar inoportuno, especialmente cando, coma neste caso, non contamos con investigacións globalizadoras nas que fundamentarmos os nosos presupostos. Por iso, o que propoño de seguido é adicarmos unha atención individualizada a diversas rexións ou ámbitos culturais definidos nos que se testemuña, ou se intúe, a existencia de realezas locais na Idade do Ferro, pero que no seu contexto de afianzamento civil foron substituídas sistematicamente por formas de goberno estatal, monárquico ou republicano, máis complexo có orixinario. Estes ámbitos son Grecia, Italia, a Galia, a península ibérica, e Fenicia, a partires de cuxa análise individualizada proporei un ensaio de síntese… Pois recoñecermos este proceso na súa globalidade terá, por suposto, fondas implicacións para a interpretación particular do *principatus* galaico.

### 7.4. A realeza grega

Grecia é sen dúbida o espello da historia política e institucional –coma en tantas outras cuestións– do mundo circunmediterráneo antigo, ou canda menos da súa parte occidental. E dentro do que aquí nos interesa, Grecia é nomeadamente o espello da evolución da realeza, pois o seu desenvolvemento antecede ao que, conforme a diferentes ritmos, acontecerá posteriormente en moi diversas sociedades antigas, segundo veremos en cada caso. E para nós, o espello da realeza grega é ineludibelmente o decisivo estudo de P. Carlier ao respecto[43], que será onde apoiaremos, fundamentalmente, a nosa exposición.

42 Cfr. N. D. Fustel de Coulanges, 1866, pp. 302 ss. (cap. iv, 3).
43 P. Carlier, 1984.

O rexistro grego é excepcional. A realeza testemúñase en documentación escrita, coma no Próximo Oriente, dende a mesmísima Idade do Bronce. Esta documentación procede dos arquivos achados nos conxuntos pacegos da cultura micénica, primeiros testemuños da lingua grega na súa forma máis antiga constatada, o grego micénico, escrito nun sistema semi-silábico coñecido como lineal-B. Nas táboas micénicas aparecen referencias a *wa-na-ka*, reis supremos dos pazos e dende logo tamén das bisbarras adxacentes, vencellados a unha autoridade sagrada e militar[44]; e *qa-si-re-we*, referencia xenérica a «xefes», podendo denotar dende agrupacións laborais a pequenos reis rurais baixo a soberanía dos *wa-na-ka*[45]. Estes termos ficarán longamente no léxico grego: *wa-na-ka*, pola caída do digamma (F, *w* > *ø*), convértese no *ánax*; namentres *qa-si-re-we*, por paso da labiovelar a bilabial ($k^w$ > *b*), en *basileús*[46]. O primeiro termo, *ánax*, que ilustrativamente aínda reserva Homero a Agamenón[47], o rei sobre os reis dos aqueos, decaerá posteriormente do seu uso –equiparado, por outra banda, á familia léxica de "señor"[48]–; de xeito que o segundo, *basileús*, converterase na designación por antonomasia da realeza grega post-micénica (est. 5B-C).

Esta deriva semántica viuse determinada pola crise da Idade do Bronce final, unha serie de turbulencias políticas e económicas, e ineludibelmente migratorias, que supuxeron o colapso da civilización micénica, canda a hitita e as cidades costeiras do Levante mediterráneo, arredor do século XII a.C. En Grecia, os pazos micénicos foron destruídos e asistiuse a unha retracción económica e simplificación social sen precedentes. As entidades políticas da «idade escura» resultante (séculos XII-VIII a.C.), sen dúbida de natureza non estatal, houberon de teren polo común unha proxección territorial e dende logo unha complexidade institucional modestas. É neste contexto onde o *wa-na-ka*, o grande soberano pacego, deixa paso no arcervo léxico grego ao *qa-si-re-we*, a pequena xefatura rural preexistente e equivalente ou asimilada á traída polos dorios na súa migración, ao comezo do período.

A sociedade que emerxe logo desta idade escura, canda a re-adopción da escritura e a consecuente aparición do alfabeto grego, presenta xa a todas luces unha realeza en crise. Homero, a quen o ciclo épico da guerra de Troia –sen dúbida reaproveitado dunha anterga tradición micénica remanente[49]– non lle serve senón para representar un retrato achegado á institución rexia do seu tempo[50], debuxa o paradigma das reale-

44 *Ibid.*, pp. 125-131.

45 *Ibid.*, p. 115.

46 M. Ventris & J. Chadwick, 1953. Téñase presente que o *q* nas trascricións de micénico equivale ao *qu* latino (*kw*).

47 Por exemplo, Hom., *Il.*, I, 390.

48 P. Carlier, 1984, p. 142.

49 Véxase, nomeadamente, J. Latacz, 2004 (2001).

50 P. Carlier, 1984, pp. 210-214.

zas gregas de «alto arcaísmo»[51]. Sintetizando a fulcral achega de P. Carlier, sobre todo a *Ilíada* define unha realeza fortemente humana, imperfecta, próxima ideoloxicamente aos seus súbditos e escasamente institucionalizada; mais tamén dotada dunha certa sacralidade, suxeita estruturalmente a un exercicio vitalicio e dinástico, e circunstancialmente á dirección bélica e á presidencia –que non dirección– das asembleas das súas comunidades[52]. Os trazos divinos da realeza micénica foran daquela transferidos a Zeus, nunha plausíbel redefinición teolóxica da ideoloxía rexia[53], na que o soberanía doméstica e absoluta do *ánax* muta na pública e consensual do *basileús*[54]. Porén, P. Carlier tamén amosa cómo a *Odisea*, co conflito dos pretendentes de Penélope e o triunfo final de Ulises, paradigma do "individuo excepcional", prefigura o conflito aristocrático e a ideoloxía tiránica grega que estaba por vir[55]… E sen saírmos do ámbito dos precursores da literatura grega, a Tespias de Hesíodo era xa sen dúbida no seu tempo unha *pólis* de goberno aristocrático, non monárquico[56].

En efecto, a partires do século VIII a.C. arrinca a época arcaica, na que se está a producir –dentro dunha dinámica estrutural que afonda as súas raíces no precedente «período xeométrico»– un notábel incremento demográfico e produtivo; canda a apertura de novos contactos exteriores, favorecidos sobre todo polas colonizacións mediterráneas; e, polo que aquí interesa, a urbanización e o desenvolvemento do Estado: o nacemento da *pólis*. Este proceso, e nomeadamente o devandito século VIII a.C., coincide co devalo xeneralizado da *basileía* grega[57]. A eito, aristocracia das *póleis*, empoleirada neste tempo pola acumulación de riqueza e a xestación das súas clientelas sociais, vai tender a prescindir dos *basileĩs*, o que dará lugar, logo evidentemente de procesos de conflagración civil (*stásis*), a réximes aristocráticos ou «oligárquicos». Sintetizando, canda G. Glotz, este complexo proceso, a aristocracia servirase das institucións preexistentes –consellos e asembleas– e irá artellando as diferentes maxistraturas, decote resultantes da evolución de vellos cargos: así, nomeadamente, o arcontado (de *árchōn*, "maxistrado"), maxistratura republicana suprema, fora orixinariamente o delegado aristocrático na casa do *basileús*[58].

Nestas circunstancias, os *basileĩs* terán que se adaptaren, reducíndose a unha mera maxistratura máis, ao novo réxime aristocrático; ou ben tentar impedir pola forza a súa instauración. Esta pugna causaría, segundo P. Carlier, o devalo da vella ideoloxía rexia grega:

---

51 De feito, "royautés de haut archaïsme", concepto cuñado por P. Carlier, 1984.
52 P. Carlier, 1984, pp. 178-194.
53 F. J. González García, 2002, pp. 71-94.
54 R. Descat, 1979, pp. 229-240.
55 P. Carlier, 1984, p. 214. Cfr. §7, 9.
56 *Ibid.*, p. 504.
57 G. Glotz, 1929, p. 79.
58 *Ibid.*, p. 118.

> Entrementres os aristócratas, a cotío apoiados polo *dē̃mos*, tentan limitar os poderes rexios, o rei procura impór unha autoridade máis absoluta. Neste senso, os actos de *hýbris* que a tradición atribúe aos derradeiros reis reflicte probabelmente, a un tempo, a actitude que adoptaron realmente e a propaganda dirixida contra eles[59].

En Grecia, esta nova monarquía «absoluta», apoiada nas súas riquezas e clientelas persoais, amais de no recurso sistemático á forza, será nidiamente distinguida da realeza tradicional, vinculada meramente, como xa vimos, a unhas prerrogativas políticas e relixiosas asumidas polo dereito consuetudinario: tal é a distinción entre *tyrannía* e *basileía*[60]. En xeral, a imposición dos tiranos gregos non derivará dunha simple redefinición das atribucións dos vellos reis, senón dun proceso máis ou menos longo de *stásis* no contexto da inestabilidade do réxime aristocrático. Os tiranos adoitaban ser líderes de faccións políticas que daban construído un poder unipersoal a través das súas bases materiais e habilidades particulares, atraéndose nomeadamente as simpatías do pobo (*dē̃mos*), prexudicado polo réxime aristocrático[61]. Mais a tiranía, rexeitada en orixe polas elites, será finalmente tamén deostada pola mentalidade popular, por mor do progreso do ideal «isonómico»[62]: é desta sensibilidade de onde deriva a súa actual dimensión semántica negativa entre as linguas europeas modernas. Excepcionalmente, certos tiranos recibiron o título de *basileús*[63], o que obviamente non implica unha recuperación dos usos institucionais da realeza pre-estatal grega, senón un interese lexitimador definido nunha sociedade xa moi diferente a aquela da Idade Escura.

En suma, nos períodos arcaico e clásico a realeza grega tradicional desaparece, substituída por réximes aristocráticos ou tiránicos, e eventualmente reconvertida nunha maxistratura de carácter xudicial e relixioso en moitas cidades, das que se coñece especialmente o caso ateniense[64]. Porén, a «diarquía» ou dobre realeza espartana, malia se readaptar tamén a un complexo réxime republicano, ficará como institución dinástica significativamente vencellada, coma a realeza homérica, á presidencia das asembleas e a dirección dos exércitos[65]. En calquera caso, Grecia constitúe o exemplo paradigmático da crise das realezas tradicionais como consecuencia da complexización social e a conformación do Estado na Antigüidade recente.

59 P. Carlier, 1984, p. 509, adaptando a súa transcrición grega ás convencións ortográficas observadas no presente ensaio.
60 Cfr. *ibid.*, pp. 234-239.
61 C. Mossé, 1970, p. 11.
62 P. Carlier, 1984, p. 511.
63 Por exemplo, Polyb., *Hist.*, I, 9, 2.
64 Cfr. o longo cap. III de P. Carlier, 1984.
65 Nomeadamente, P. Carlier, 1984, pp. 301-315.

A xeneralizada disolución da realeza grega no período arcaico circunscribiu a cotío os estudos modernos desta institución ao período helenístico[66]. A realeza atoparía, certamente, un renovado desenvolvemento en Grecia a partires da conquista de Filipo II de Macedonia, co establecemento de poderosas monarquías supra-locais, xa distantes daquela primixenia realeza étnica, aptas para se afirmaren fronte ás forzas sociais das *póleis*. Porén, non escaparon tampouco, en ocasións, ao proceso global ao que nos temos achegado no presente apartado: así, por exemplo, a monarquía pergamea disolveuse en virtude do testamento de Atalo III, co que os seus estados foron integrados ao remate do século II a.C. na República romana[67]; e, dun xeito máis significativo, o Épiro constituíuse en república federal no 234 a.C…[68] As forzas sociais que na Antigüidade recente conducirían ao triunfo da república nas cidades-estado, culminado precisamente –e se cadra paradoxalmente– baixo o dominio imperial romano, non discriminaron, como vemos, excepcionalmente, certos construtos políticos supra-locais.

### 7.5. Realezas itálicas

Pasando á outra e verdadeira raíz da civilización occidental, Roma, coido significativo escomezarmos coa ponderación do relato das «orixes» da cidade eterna, cuxa confianza, segundo podemos sintetizar recorrendo a F. J. Lomas e P. López Barja de Quiroga, é suxeito de ampla matización na historiografía moderna:

> Dende, canda menos, 1738, cando L. de Beaufort publicou en Utrecht unha *Disertación arredor da incerteza dos cinco primeiros séculos da historia de Roma*, existe unha corrente escéptica que nega, en meirande ou menor medida, toda credibilidade ao relato das orixes[69].

Como é ben sabido, este relato das orixes fai descender o Estado romano dunha lexendaria realeza procedente do matrimonio entre o heroe troiano Eneas e Lavinia, filla do rei Latino dos aborixes –epónimo, efectivamente, dos latinos–, ao que seguiu a fundación de Lavinio. O seu sucesor Ascanio fundaría pola súa banda Alba Longa, cidade que había de se converter na sé da realeza latina. Ao termo dunha longa xenealoxía, o avó de Rómulo e Remo, Númitor, accedería ao trono desta cidade antes da usurpación de Amulio e logo de ser restaurado polos seus netos[70]. A realeza de Roma, fundada segundo a tradición por Rómulo no 753 a.C., vincularíase así a unha anterga realeza latina.

---

66 *Ibid.*, p. vii.

67 Liv., *Per.*, LVIII, 3.

68 Cfr. J. Wilkes, 1992, p. 157.

69 F. J. Lomas Salmonte & P. López Barja de Quiroga, 2004, p. 50. Cfr. G. Dumézil, 1974 (1966), pp. 21-30.

70 Liv., *A.U.C.*, I, 1-5.

Pouco importa agora determinarmos a historicidade destas tradicións e as dos seis reis que, despois de Rómulo, foron escolleitos sucesivamente para o trono de Roma, enmarcados nun relato obviamente máis ou menos mitificado e recoñecidos só por unhas fontes relativamente serodias que probabelmente informan ben pouco das atribucións que verdadeiramente tivo esta realeza e dos feitos reais nos que se viu implicada. De calquera xeito, resulta sen dúbida salientábel que G. Dumézil interpretase no seu momento a xenealoxía rexia de Roma non como un relato histórico mitificado, senón como un relato mítico «historificado»; reproducindo así, precisamente, certos trazos da ideoloxía indoeuropea dos antigos romanos[71]. Paradoxalmente, isto favorecería a historicidade dos usos institucionais reflectidos nestas tradicións.

Porén, nada disto se sitúa dentro do noso interese inmediato. O que aquí importa é fundamentalmente que a realeza romana foi substituída nun intre determinado por un réxime republicano. Segundo a tradición, o derradeiro rei, Tarquinio o soberbio, tería sido expulsado no 509 a.C. por unha sublevación popular estoupada tras a violación da nobre Lucrecia. Este Tarquinio encadrela coa transformación despótica da institución monárquica que viamos antes nas tiranías gregas. Tal impresión non só se ve favorecida polo alcume e os abusos deste rei, senón pola súa propia chegada ao poder nunha sublevación contra o seu antecesor Servio Tulio[72]. A dimensión tiránica do poder real está, en efecto, presente en toda a tradición arredor da monarquía romana e nomeadamente nos reis etruscos[73]. En Roma, a primitiva implantación da República é un proceso complexo, no que se mestura a intervención etrusca e latina a prol da restauración da monarquía, pero que en calquera caso tería derivado axiña, ao escomezar o século V, no establecemento do consulado como maxistratura suprema colexiada en substitución da realeza, incrementándose asemade as competencias dun Senado preexistente[74]. Porén, o desenvolvemento xurídico e institucional sería longo, atopando como fito relevante a promulgación da *Lei das XII táboas* no 450 a.C., que culmina a progresiva imposición do Estado romano fronte aos poderes xentilicios.

Malia a precariedade da documentación, a historia da realeza romana pode encadrarse nidiamente nun contexto itálico máis amplo, no que por certo non semellan existir barreiras etno-lingüísticas relevantes. Se damos credibilidade á tradición transmitida por Tito Livio, a realeza era unha institución común entre as comunidades latinas, pois o rei Tulio Hostilio de Roma tería feito a guerra ao tamén rei Gaio

71 Principalmente, G. Dumézil, 1974 (1966); véxase tamén *id.*, 1986 (1968), pp. 261 ss.

72 Liv., *A.U.C.*, I, 47.

73 F. Glinister, 2006.

74 Cfr. F. J. Lomas Salmonte & P. López Barja de Quiroga, 2004, pp. 52-54.

Cluilio de Alba Longa[75]: no transcurso desta guerra, marco do famoso episodio dos Curiacios e os Horacios, produciuse tamén o feito, máis relevante para nós, da morte de Gaio Cluilio, en cuxo lugar os albanos nomearon como *dictator* a Mecio Fufecio (est. 7B). Esta dictadura, aparentemente, prevalecerá como "a máis senlleira maxistratura latina"; embora obviamente non a única, convivindo coa pretura e a censura, e finalmente –pois a epigrafía institucional latina ilumina fundamentalmente só do século II a.C. en adiante– tamén con cargos máis tipicamente municipais[76]. Polo que agora importa, no século V a.C. testemúñase o exercicio de Lucio Mamilio, definido expresamente como *dictator* de Túsculo[77], o que acreditaría a temperá xeneralización do réxime republicano entre estas comunidades do Lacio. A dictadura latina, porén, será asemade unha institución político-relixiosa e militar de carácter confederal[78]. Entre os samnitas e outros pobos itálicos meridionais aparece en troques o *meddíss*, posíbel cognado osco do latino *iudex*, e equivalente a *praetor*, *magistratus* ou *stratēgós*[79], o que certifica tamén neles este afianzamento institucional republicano. Só entre os faliscos semella documentarse un posíbel cognado da realeza latina, precisamente *rex*, no seu rexistro lingüístico pre-latino[80].

As comunidades itálicas, en fin, aparecen no propio intre da expansión romana nun estadio relativamente avanzado do seu desenvolvemento material e político, que tería abolido dende había tempo as súas realezas primitivas… Sempre que, se como semella polas tradicións implicadas no caso latino, tales realezas tiveran orixinariamente unha implantación xeneralizada. O afianzamento republicano, en fin, culminará no século I a.C. logo da «guerra social», cuxos consensos de armisticio favorecerán a implantación dun modelo de cidade-estado republicana moi concreto, o *municipium*, entre a xeneralidade das comunidades itálicas[81].

Aludín antes ao rebordamento das barreiras etno-lingüisticas neste proceso político: abofé, non me refiría meramente á analoxía entre os pobos latino-faliscos e os osco-umbros, senón nomeamente aos pobos non ítalos e mesmo non indoeuropeos. En efecto, o exemplo máis significativo da realeza da Italia antiga e da súa degradación atópase en Etruria. A partires do século VIII a.C. ocorreron nesta rexión unhas decisivas transformacións estruturais, conducindo a unha notábel complexización social[82] que incluíu o cohesionamento dos grupos xentilicios previos en cidades-es-

75 Liv., *A.U.C.*, I, 22-23.
76 T. J. Cornell, 2000, p. 222.
77 Liv., *A.U.C.*, III, 18.
78 Cfr. F. J. Lomas Salmonte & P. López Barja de Quiroga, 2004, pp. 67-68.
79 E. T. Salmon, 1967, pp. 84-85.
80 Cfr. M. de Vaan, 2008, p. 522: «rēx, rēgis».
81 Cfr., nomeadamente, o exhaustivo estudo de E. Bispham, 2008, pp. 161 ss.
82 M. Torelli, 2000, p. 196.

tado de corte monárquico[83]. Existe, xa que logo, unha certa contradición entre o desenvolvemento institucional orixinal da realeza etrusca verbo ao que viramos na grega, pois fronte a este caso saíu aparentemente fortalecida dos procesos sociais vinculados á urbanización. Sen dúbida esta circunstancia tivo moito que ver na recorrente asociación tópica entre os antigos de «Etruria» con «realeza».

Porén, Etruria había de reproducir os mesmos procesos de afianzamento republicano cás comunidades gregas ou itálicas que vimos de tratar, embora por un vieiro propio. Aquí, a institución rexia, *zilath*[84], sería reconvertida nunha maxistratura electa temporal, eventualmente colexiada, ao longo dun proceso histórico que a estas alturas resultará familiar: reforzamento da clase aristocrática, conflito civil, e finalmente imposición do ideal isonómico, o goberno republicano, neste caso ao longo dos séculos VI e V a.C.[85] Mais ao contrario do que aconteceu na xeneralidade de Grecia, onde a reconversión dos *basileĩs*, agás en Esparta, derivaría en oficios de escaso poder, o *zilath* etrusco ficou como maxistratura suprema, embora xa non vitalicia. Etruria tivo, en efecto, un desenvolvemento institucional senlleiro enmarcado nunha insólita pobreza documental que tivo moito que ver cuns fondos condicionamentos sociais e ideolóxicos:

> En Roma, o poder atopaba a súa razón de ser no servizo á *ciuitas*, namentres na Etruria federada, a súa lexitimidade residía noutra parte, sen dúbida no prestixio da identidade xentilicia. En efecto, nas inscricións os maxistrados non manifestaban actuar a prol da comunidade cívica. Máis ca cidades sen maxistrados, a epigrafía de Etruria […] aporta a imaxe dun pobo mudo[86].

Deste xeito, a asimilación de Etruria aos canons político-culturais romanos, segundo engade C. Berrendonner, non se efectuaría ata a guerra social, que reformulou as maxistraturas locais baixo unha nova base xurídica e ideolóxica, ao abeiro, coma no resto de Italia, da difusión do *municipium* e das cidadanías latina e romana.

### 7.6. Realezas célticas

Sen dúbida, a realeza formou parte das estruturas organizativas tradicionais dos pobos célticos, e se cadra poidamos albiscala xa nos chamados «príncipes de Hallstatt», entre cuxos vestixios arqueolóxicos destacan as famosas «tumbas de carro» que proliferaron por boa parte da Europa noroccidental deica o século VI a.C. (est.

---

83 H. Becker, 2013, p. 351.

84 *Ibid.*, p. 352. A denominación alternativa *lucumon*, aínda de referencia común na bibliografía, semella tratarse en realidade dun exónimo latino.

85 M. Torelli, 2000, pp. 199-200; H. Becker, 2013, pp. 352-354.

86 C. Berrendonner, 2003, p. 169.

5D)[87]. Porén, como veremos, as realezas en xeral e a céltica en particular, en canto a institucións, tiveron un desenvolvemento esencialmente autónomo verbo á evolución material das súas sociedades (§§10, 3-4); e neste caso estiveron vixentes antes do auxe e despois do devalo da cultura de Hallstatt e dos seus príncipes. Podemos así rastrexar, certamente, un significativo paralelismo co exemplo grego e o seu tránsito da Idade do Bronce á do Ferro.

No caso céltico non dispomos lamentabelmente de fontes escritas nin de preto tan antigas, pero si cunha tradición histórica –ou pseudo-histórica[88]– moi interesante, transmitida por Tito Livio, que favorecería a identidade dos príncipes de Hallstatt con reis. En efecto, este historiador de época augustea relata que o feliz reinado de *Ambigatus* dos bitúrixes, que en tempo de Tarquinio Prisco (século VI a.C.) ostentaban supostamente a hexemonía da Galia céltica, trouxera unha grande prosperidade pero tamén unha perigosa proliferación demográfica; polo que este rei, xa vello –probabelmente referíndose xa que logo ao século V a.C.[89]– dirixiu entón aos seus sobriños a fóra da patria na procura de novas terras, o que culminaría, en Italia, coa fundación de Milán[90]. Esta tradición, probabelmente lexendaria por se referir a unha época tan anterga, impórtanos aquí por atribuír xa dende aquela o goberno da Galia aos seus reis. Mesmo as migracións, enmarcadas no rito socio-relixioso do *uer sacrum*, son atribuídas nesta fonte a membros de casas reais: estes chegarían a reis, precisamente, segundo o éxito das súas campañas e a fundación de novas comunidades lonxe da patria orixinaria. Neste senso, tamén o célebre caudillo Breno que no 387 a.C. saqueou Roma sería definido por Livio, significativamente, como *regulus Gallorum*; e *basileús* por Apiano[91].

Aquela Galia cisalpina fundada presuntamente polos sobriños de *Ambigatus* foi a primeira rexión céltica en sufrir a conquista romana, no tránsito entre os séculos III e II a.C.; e como tal o rexistro literario implicado aporta algunhas das informacións máis antigas arredor do réxime organizativo céltico. Seguindo a M. V. García Quintela, nestas fontes emerxen denominacións institucionais diversas, dificilmente reducíbeis a unha realidade social uniforme; pero entre elas hai tamén referencias expresas a *reguli* e *basileĩs* que poden asimilarse con certeza ás realezas tradicionais destes pobos[92]. Tales realezas, ás veces de exercicio diárquico[93], conviviron con consellos deliberativos comunais, denominados por Livio *senatus*[94]. A cruel conquista

87 Pode consultarse unha completa síntese en galego da cultura de Hallstatt en F. Calo Lourido, 2010, pp. 33 ss.
88 Véxase, arredor da crítica das fontes e as súas motivacións políticas e culturais, J. H. C. Williams, 2001, pp. 100 ss.
89 Cfr. J. Collis, 2000, p. 236.
90 Liv., *A.U.C.*, V, 34.
91 *Ibid.*, V, 38; App., *Kelt.*, 3.
92 M. V. García Quintela, 2002, p. 55. Cfr. por exemplo, Liv., *A.U.C.*, XXXIV, 46; Polyb., *Hist.*, II, 21, 4 e 23, 3.
93 Polyb., *Hist.*, II, 21, 5 e 22, 2. Cfr. E. Arbabe, 2013, p. 312, n. 1162.
94 Liv., *A.U.C.*, XXXV, 22 e 40.

e a intensa colonización romana do val do Po causará unha creba transcendental no devir histórico destes pobos e do seu réxime organizativo orixinario; proceso que na súa dimensión xurídica e institucional culminará, coma no resto de Italia, coa latinización e municipalización resultantes da guerra social (cfr. §7, 5).

Na Galia transalpina ou narbonense, pola súa banda, Livio volve mencionar *reguli* entre os líderes dos continxentes celtas no contexto da campaña contra Italia dirixida por Aníbal, de quen mesmo se aduce ter resolto un conflito sucesorio entre os alóbroxes[95]. Porén, esta rexión non será obxecto da expansión romana ata remates do século II a.C., e neste intre tan avanzado volven agromar referencias ás realezas autóctonas, coma a xa mencionada arriba do arverno *Bituitus*, quen xa semella casar máis na categoría de monarquía agregativa do que nas realezas étnicas locais que nos ocupan agora (cfr. §7, 2). El será, por certo, o derradeiro rei arverno coñecido, o que probabelmente non se deba só á precariedade dos datos dispoñíbeis, senón ás transcendentais mudanzas institucionais que axiña había de experimentar a súa comunidade, coma as de toda a Galia. Significativamente, Celtilo, da xeración posterior a *Bituitus*, que pasaría á Historia sobre todo por ser o pai de Vercinxetórix, sabémolo executado polos seus rivais políticos ao tentar «restaurar a realeza» dos arvernos[96].

En efecto, fronte ao que fomos vendo ata aquí, o panorama constitucional céltico transfórmase radicalmente na chamada Galia *comata* coincidindo co proceso de urbanización e complexización social sen precedentes que vai caracterizar aquí á derradeira fase da cultura de La Tène (séculos II-I a.C.)[97]. Este é, abofé, o mesmo proceso estrutural que advertimos no resto do marco circunmediterráneo antigo; e do mesmo xeito na Galia as realezas tradicionais van verse sistematicamente derrocadas por réximes republicanos[98]. Neste contexto, novas maxistraturas, entre as que destaca –mais non exclusivamente– o *uergobretus*, repártense as atribucións políticas e relixiosas da anterga realeza. Entrementres sobrancean tamén os *principes*, como xa vimos a expresión na Galia da aristocracia local, cun amplo poder privado e capacidade de mobilizaren clientelas militares; mais en definitiva alleos á institución rexia (§6, 2). A Galia asimilaríase plenamente, xa que logo, ao proceso constitucional global que tentamos rastrexar neste capítulo.

Obviamente, as xeneralizacións poden resultar perigosas, e neste caso constátase a pervivencia do goberno rexio nalgunhas comunidades ata moito despois da conquista cesariana[99]. Exemplos de realezas tradicionais atopámolos a esas alturas

95 *Ibid.*, XXI, 24; o episodio sucesorio en *ibid.*, XXI, 31.

96 Caes., *B.G.*, VII, 4.

97 Cfr. J. Collis, 2000, p. 237; F. Calo Lourido, 2010, pp. 50-53.

98 Véxanse J. Collis, 2000, pp. 231-232; S. Lewuillon, 2002, p. 244; L. Lamoine, 2009, pp. 223 ss.; E. Arbabe, 2013, pp. 309-312.

99 Cfr. S. Lewuillon, 2002, p. 244.

entre os secuanos ou os nitióbroxes. Na Galia bélxica a realeza si que semella ter mantido aínda unha difusión xeral e mesmo diversa, ao se testemuñar unha diarquía entre os eburóns[100]. Porén, dende logo as principais comunidades da Galia central eran daquela xa repúblicas, coma a dos arvernos, arriba aludidos, ou a dos eduos[101] e a dos helvecios[102]. Estamos perante un proceso, cómpre lembralo unha vez máis, que conecta a historia política e a socio-económica, e consecuentemente houbo de expresarse con ritmos diferentes segundo a ubicación dos pobos e o seu enriquecemento… e, obviamente, tamén segundo o carácter dos seus reis. Porén, o devalo da realeza céltica non se detivo coa conquista, embora nalgunha ocasión esta servise para mantela ou restaurala[103], pois resultaría definitivamente abolida ao ritmo da latinización xurídica e a municipalización, que na Galia incidiría sobre todo entre os Flavios e os Antoninos[104]. No litoral mediterráneo este proceso, coma a conquista, foi máis precoz, coincidindo co mandato de César[105].

A periferia do mundo celta, pola contra, ficou máis arredada dos grandes procesos estruturais deste tempo, de xeito que a realeza mantivo toda a súa influencia social, tendente mesmo a cotío, como vimos, á conformación de monarquías agregativas (§7, 2). Con todo, cada rexión tomará claramente o seu propio vieiro.

Así, o tránsito entre os séculos II e I a.C. foi excepcionalmente convulso nos Balcáns, onde se xunguiron aos tradicionais movementos de pobos a grande migración dos cimbros e os teutóns, as guerras mitridáticas e as propias guerras civís romanas. Todo isto "favoreceu o particularismo, producindo moitas pequenas entidades políticas compostas […] por grupos tribais que actuaban individualizadamente"[106]. Os escordiscos perderon a súa hexemonía nos Balcáns fronte a outras colectividades que deran dominado anteriormente; e se *Critasirus* puido representar como vimos unha monarquía emerxente sobre os boios e os tauriscos, esta viuse dende logo esnaquizada pola conquista do dacio Burebista (§7, 2). Nestas circunstancias, a realeza local houbo de manter a súa influencia social entre os celtas danubianos, embora só poidamos intuílo da súa tendencia á conformación de monarquías agregativas e a súa plausíbel pervivencia logo da conquista romana, a través da figura, que xa temos estudado en fondura, do *principatus gentis* (§6, 3).

Galacia, pola súa banda, ficou lonxe tamén do afianzamento institucional dos celtas occidentais. Semella que os tres pobos gálatas, *Trocmi*, *Tectosages* e *Uolsci*,

100 Véxase, por exemplo, Caes., *B.G.*, II, 4 e 21; IV, 21; VI, 31. Arredor dos eburóns, Caes., *B.G.*, V, 24, 4; VI, 31, 5; cfr. E. Arbabe, 2013, p. 312.

101 En detalle, arredor da constitución edua, véxase J. Collis, 2000, p. 232.

102 Cfr. Caes., *B.G.*, I, 2-3.

103 J. Collis, 2000, p. 231.

104 Cfr. J. France, 2001, p. 208; L. Lamoine, 2009, p. 22; E. Arbabe, 2013, pp. 524-525.

105 C. Godineau, 2008 (1996), p. 473.

106 A. Mócsy, 2014 (1974), p. 17.

chegaron con cadanseu rei, referidos con asiduidade polas fontes gregas e latinas como *basileĩs*, *reges* e *reguli*[107]; e mantiveron unha escasa cohesión mesmo na constitución interna de cada pobo, subdivididos, como tamén expuxemos no seu momento, en *tetrarchíai*, equivalente gálata aos *pagi* da Galia, con cadanseu xefe (§6, 5).

Finalmente, as illas británicas constitúen sen dúbida a rexión onde as realezas célticas atoparían unha meirande pervivencia. Aquí a realeza só foi substituída por réximes republicanos no transcurso da municipalización, logo da conquista romana[108], o que só incidiu, obviamente, na provincia de *Britannia*. A realeza perviviu, de feito, ata o Medievo en Irlanda e o norte da Gran Bretaña; e mesmo rexurdiu, na forma da realeza galesa medieval, no mesmísimo ámbito provincial romano. Gran Bretaña é, coma África, un caso excepcional da reprodución das realezas indíxenas logo da dilatada, embora obviamente superficial, incidencia do réxime municipal romano[109].

Logo deste repaso pan-céltico, fica aínda unha importante e antiga rexión céltica no tinteiro: a Celtiberia. Porén, a nosa desatención non se debe nin moito menos a que aquí as realezas étnicas e a súa abolición tivesen unha menor significancia, senón á súa inserción nun ámbito xeograficamente moi definido e máis próximo a nós: a península ibérica. En efecto, así como as dinámicas estruturais que conduciron na Galia á implantación dos seus réximes republicanos tiveron orixe no Mediterráneo, este mesmo proceso atopa na Celtiberia o seu precedente no veciño ámbito íbero, co que gaña sentido estudalas conxuntamente.

### 7.7. Realezas hispanas

Na península ibérica, na Antigüidade ámbito de forte pervivencia da monarquía, a realeza étnica vai atopar con todo unha plasmación insignificante. Serán preferentemente outras as formas políticas, en efecto, as que caractericen dende antigo as realezas hispanas, afectadas axiña, por outra banda, por procesos de implantación republicana.

É un lugar común entre os estudosos das institucións ibéricas en xeral e das súas realezas en particular escomezar polo primeiro monarca hispano documentado, a mediados do século VI a.C. e no medio de entre a Historia e a lenda: Argantonio de *Tartessos*[110]. Situámonos aquí perante unha verdadeira civilización urbana[111], embora non moi ben constatada por mor, en grande medida, de ficar agochada embaixo das propias cidades e vilas andaluzas actuais. Entre os xacementos coñecidos destaca

107 Véxase M. V. García Quintela, 2002, p. 59 para un catálogo destas referencias en Polibio e Tito Livio.
108 Cfr. J. Wacher, 1974, pp. 226 ss.
109 C. Wickham, 2005, pp. 303 ss.
110 Por exemplo, J. Caro Baroja, 1971, pp. 81 ss.
111 Cfr. R. Carrillo, 2011, pp. 154 ss.

Tejada la Vieja, Escacena del Campo, unha auténtica cidade cuxa muralla ten sido datada para o século VIII a.C.[112], o que nos informa da precocidade do proceso de urbanización tartésico. En Tejada distínguense xa edificios de posíbel uso público ou non habitacional, ou simplemente residencias de elite; o que, xunguido á riqueza dalgúns enxovais funerarios do período orientalizante (século VII a.C.)[113], acredita o carácter complexo e estratificado desta sociedade. Neste contexto, Argantonio aparece coma o monarca á cabeza dun Estado consolidado, cunha clara influencia non só supra-local senón mesmo supra-rexional debido aos contactos mercantís cos gregos e os fenicios, e probabelmente tamén coa faixa atlántica hispana, nos que se basearía parte da súa riqueza[114].

Contradicindo a liña evolutiva xeral do marco circunmediterráneo antigo, o precoz desenvolvemento estrutural de *Tartessos* non tería conducido á abolición das realezas, senón, precisamente, ao seu reforzamento. Isto conecta, por certo, cun desenvolvemento institucional análogo ao do Próximo Oriente coetáneo: o reforzamento do carácter autocrático das monarquías e a súa expansión imperial. Resulta revelador, neste senso, o emprego do verbo *tyrannéuō* por parte de Heródoto para se referir ao reinado de Argantonio[115], co que enfatizaría non necesariamente un carácter pexorativo, mais si dende logo o poder absoluto deste monarca[116].

Adóitase atribuír á redefinición xeo-política do Mediterráneo occidental logo da batalla de Alalia (535 a.C.) o colapso de *Tartessos* e a substitución da súa presumíbel influencia supra-rexional polos fenicios, e en concreto os cartaxineses. A. Schulten mesmo faría a estes os directos responsábeis da destrución de *Tartessos*[117]. Semella que efectivamente o tránsito do século VI ao V a.C. supuxo unha cesura significativa no desenvolvemento histórico da rexión; mais dende logo o colapso político é incerto, pois ignoramos o grao de integración rexional que puidera ter acadado realmente *Tartessos*. Por outra banda, o comercio redirixiuse e os asentamentos, agás contados casos, mantiveron os seus niveis de ocupación[118]. A sociedade, independentemente da dimensión que tivese acadado o trauma do século VI a.C., houbo se cadra de fraccionarse, mais non de disolverse. Tres séculos despois, o mundo turdetano que emerxe nas fontes greco-latinas da man da conquista cartaxinesa e as guerras púnicas, semella a todas luces herdeiro directo de *Tartessos*; e canda el, éo tamén a súa realeza.

112 M. B. Deanos & T. Chapa Brunet, 1997, pp. 148-149.

113 J. A. Martín Ruiz, 1996; M. B. Deanos & T. Chapa Brunet, 1997, p. 151.

114 Segundo F. Calo Lourido, 1993, p. 57, a influencia mediterránea na *Callaecia* ata o século VI tería chegado precisamente "a traveso de Tartesos".

115 Herod., *Hist.*, I, 163.

116 Cfr. J. Caro Baroja, 1971, p. 81.

117 A. Schulten, 2006 (1921), pp. 117 ss.

118 R. Carrillo, 2011, pp. 260 ss.

No século III a.C. a Turdetania era un verdadeiro mosaico de entidades políticas[119], entre as que destacaban extensos reinos, sen dúbida os verdadeiros poderes hexemónicos da rexión ata a conquista cartaxinesa. Estes reinos turdetanos estaban formados por agregación de cidades (*oppida*) nas mans de determinados monarcas, coma Culcas que chegou a dominar vinte delas, ou Luxinio, rei só de dúas pero cunha certa influencia sobre a faixa litoral hispano-fenicia[120]. Noutros casos, máis numerosos, a monarquía circunscribíase a unha soa cidade[121]. De calquera xeito, a realeza turdetana, urbana e decote supra-local, e se cadra de carácter autocrático, semella dende logo estruturalmente máis vindeira aos desenvolvementos orientais do que ás xefaturas étnicas e as monarquías agregativas do Occidente mediterráneo e europeo coetáneos.

Porén, a Turdetania non sería allea á implantación republicana que caracterizou esta época. Así, semella que algunhas das máis importantes cidades da rexión, e nomeadamente *Astapa* que dirixiu unha contundente oposición militar aos romanos[122], terían constitucións republicanas, a todas luces influídas, neste caso, polas veciñas colonias fenicias (cfr. §7, 8).

A conquista cartaxinesa liderada pola familia dos *Barqa*, a remates do século III a.C., implantou xa claramente un modelo de Estado oriental, concretamente de corte helenístico (cfr. §7, 1), sobre este mosaico político da Turdetania. Neste contexto, mesmo foron frecuentes os matrimonios entre os dirixentes cartaxineses e as fillas de reis autóctonos como estratexia de control político[123]. A conquista romana, pola contra, malia que en orixe houbo de garantir a supervivencia das realezas afectas, a longo prazo favorecería na Turdetania, coma na xeneralidade do mundo circunmediterráneo antigo, a abolición da monarquía. En efecto, o poder romano estableceu unha novidade significativa na historia política da rexión: non só o réxime municipal; senón, nomeadamente, unha nova forma de entender as relacións bilaterais intercomunitarias, entre a República romana e a comunidade local, removendo para sempre o papel sobranceiro dos monarcas supra-locais turdetanos no verdadeiro cerne do artellamento político da rexión. Pero isto non sería inmediato: no 45 a.C. aínda constatamos un destes reis, Indo, cun relevante papel político na rexión[124], embora

---

119 Cfr. J. Caro Baroja, 1971, p. 132; N. Coll & I. Garcés, 1998, p. 442.

120 Liv., *A.U.C.*, XXVIII, 13, 3; XXXIII, 21,7; Polyb., *Hist.*, XXI, 11, 7.

121 Así, Atenes, Corbis, Orsua e Corribilo (Liv., *A.U.C.*, XXVIII, 15,15; 21, 6; XXXV, 22,5); e posibelmente o *dux* Calbo (*ibid.*, XXIII, 26, 6) e un *basileús* anónimo citado por Diodoro Sículo (*Hist.*, XXV, 12, 1): cfr. o catálogo de N. Coll & I. Garcés, 1998, p. 438.

122 Liv. *A.U.C.*, XXVIII, 22.

123 Polyb., *Hist.*, II, 32, 2; Diod., *Hist.*, XXV, 12; Liv., *A.U.C.*, XXI 2,5; XXIV 41, 7. Cfr. J. Caro Baroja, 1971, pp. 142-143.

124 Caes., *B.H.*, 10.

teñan xurdido dúbidas arredor da pertinencia de ubicar, tamén, o seu reino na Turdetania[125].

A monarquía turdetana difire con claridade do *principatus* galaico pola súa cotiá implantación supra-local, mais tamén polo seu carácter urbano e xa que logo ineludibelmente estatalizado, o que a afasta mesmo das monarquías agregativas que estudamos neste capítulo. É, xa que logo, un caso moi concreto de realeza: nin local, nin agregativa, nin helenística e nin sequera, pola súa ubicación xeográfica, oriental; e resposta así a un caso isolado de desenvolvemento socio-político da Antigüidade recente… Mais trátase dun caso isolado tamén na propia península ibérica.

Na literatura histórica, os turdetanos adoitan ser adscritos ao ámbito íbero, pero teñen pouco que ver con eles en termos etno-lingüísticos[126] e, no aquí nos importa, institucionais. Se cadra é precisamente a influencia turdetana a que explique a asimilación da realeza oretana, un dos pobos íberos veciños, a unha certa proxección política supra-local, sobre varias cidades[127]. Neste caso, pola súa sensíbel correspondencia étnica, situariámonos preto do concepto de monarquía agregativa. Pola contra, os demais casos de goberno rexio íbero semellan claramente asimilábeis ás realezas étnicas de proxección local. Cómpre subliñar, canda N. Coll e I. Garcés, "as diferenzas entre o tipo de monarquía meridional, que maioritariamente basea o seu poder nos *oppida*, e a levantina, sempre asociada a *populi*"[128]. Semella que canda menos Cástulo se tería axiña disgregado da monarquía oretana, embora resulta incerto determinarmos o rol institucional de Cerdubelo, quen rendeu a praza aos romanos no 206 a.C.[129] Porén, neste contexto íbero, onde que a urbanización é máis recente do que na Turdetania, e a súa realeza se vincula a un poder moito máis precario, a implantación republicana será tamén máis precoz. En efecto, a remates do século III a.C. "o rei [xa] non é a figura dominante da paisaxe política da Iberia"[130]. Daquela, as cidades levantinas terían implantado xeneralizadamente constitucións republicanas, como ilustra Sagunto, co seu *praetor* e o seu *senatus*[131], namentres a realeza pervivía noutros casos, segundo semella ter acontencido entre os edetanos[132].

De calquera xeito, a incidencia da realeza íbera, a partires dos séculos III e II a.C. aos que se refiren as primeiras fontes greco-latinas dispoñíbeis, sitúase funda-

125 Cfr. N. Coll & I. Garcés, 1998, p. 445.

126 Arredor do complexo panorama etno-lingüístico turdetano, véxase o recente e completo estudo de J. de Hoz, 2016.

127 Diod., *Hist.*, XXV, 10, 3 e 12, 1.

128 N. Coll & I. Garcés, 1998, p. 442. En realidade, estes autores non fan senón actualizaren a tese de J. Caro Baroja, 1971, pp. 139-149, que tamén admite, con matices, P. Moret, 2002-2003, p. 31.

129 Liv., *A.U.C.*, XXVIII, 20, 11; cfr. N. Coll & I. Garcés, 1998, p. 438, n. 6.

130 P. Moret, 2002-2003, p. 31.

131 Liv., *A.U.C.*, XXI, 12, 7.

132 Polyb., *Hist.*, X, 34-35; 40, 3; Liv., *A.U.C.*, XXVII, 17, 1.

mentalmente no ámbito setentrional, o val do Ebro e actual Cataluña, máis subdesenvolvido e xa que logo máis proclive á remanencia de institucións pre-civís[133]. Destacan aquí os ilerxetes Indíbil e Mandonio, que poderiamos asimilar a unha monarquía agregativa incipiente[134]. O presunto carácter diárquico destes caudillos non tería por qué arredar necesariamente o caso ilerxete das restantes realezas íberas; e ademais cómpre engadir que este tópico historiográfico ten sido recusado, coido que fundamentadamente, por varias achegas[135].

O interior indoeuropeo da península ibérica, malia a súa evidente discrepancia etno-lingüística, inscríbese en termos socio-políticos e institucionais nun panorama esencialmente idéntico ao íbero. De feito, aquí os testemuños de realezas son aínda máis precarios. Para comezar, é incerta a adscrición étnica de *Moeniacoeptus* e *Uismarus*, definidos por Livio como *reguli Gallorum*, que combatiron polos cartaxineses na Turdetania deica o 214/212 a.C.[136] Coido, de calquera xeito, que se trabucan os que pretenden facelos celtíberos[137], xa que o etnónimo *Gallus* debería de ter en Livio un senso ben máis preciso, e no contexto do mercenariado cartaxinés resulta ao meu ver por enteiro plausíbel a noción dun continxente militar procedente precisamente da Galia. Xa inequivocamente autóctono, embora de incerta adscrición étnica, é o *rex* Hilerno que no 193 a.C. capturaron os romanos tras vencer en batalla, preto de Toledo, a unha coalición de carpetanos, váceos, vetóns e celtíberos[138]. No 179 a.C. outro *regulus*, un certo *Thurrus*, se nos menciona á cabeza da cidade, se cadra carpetana, de *Alcen*[139]. Temos finalmente a Viriato (est. 7C), de quen, como xa tratamos, M. V. García Quintela estudou *in extenso* a súa vinculación á ideoloxía rexia indoeuropea en xeral e á celta en particular (§2, 8). Emulase ou non este caudillo militar lusitano ás realezas locais autóctonas, dende logo cómpre adscribilo, no apoxeo do seu poder, a unha incipiente monarquía agregativa (cfr. §7, 2).

Coido relevante sinalarmos que os testemuños, efectivos ou potenciais, de realezas indoeuropeas hispanas afástanse dalgún xeito da Celtiberia *stricto sensu*, apuntando en troques á Carpetania e á Lusitania. Resulta, xa que logo, tentador adscribirmos a pervivencia das realezas autóctonas á veciña influencia turdetana, como vimos especialmente proclive ao fortalecemento monárquico e só puntualmente dada ás formas republicanas.

---

133 Por exemplo, Liv., *A.U.C.*, XXI, 61, 8; XXXIV, 11, 2 e 21, 2.

134 Cfr. *ibid.*, XXVIII, 24.

135 Véxanse J. Alvar Ezquerra, 2004, p. 23; P. Moret, 2003-2003, p. 28.

136 Liv., *A.U.C.*, XXIV, 42, 8.

137 J. Caro Baroja, 1971, p. 145; M. V. García Quintela, 2002, p. 40.; *id.*, 2006, p. 161.

138 Liv., *A.U.C.*, XXXV, 7, 8.

139 *Ibid.*, XL, 49, 5. Reproduzo o topónimo en acusativo, como figura na fonte orixinal, ao resultar incerta a súa forma de nominativo. Arredor da ubicación xeográfica, cfr. *Itin. Ant.*, 445, 5, con mención dunha *Alces*.

Sexa como for, alén das referencias tratadas, dende logo na Celtiberia "o termo *rex* non volve aparecer nas fontes" e os caudillos militares fanno "baixo os termos distintos de *stratēgós* e *dux*"[140]. Logo destes primitivos reis de comezos do século II a.C., a extensión xeral do goberno republicano entre os celtíberos non deixa lugar a dúbidas: documéntanse o consello de anciáns como principal órgano gobernativo das cidades, o fulcral papel da asemblea, e a escolla por aclamación dos mandos militares[141]. A todas luces, a realeza tradicional celtíbera estaba en crise dende antes da chegada dos romanos e non vai sobrevivir á conquista.

A realeza presenta, en fin, unha diversidade excepcional na Antigüidade da península ibérica: a vella e sólida tradición monárquica turdetana, as realezas étnicas íberas e indoeuropeas que apenas van poder sobrevivir as mudanzas estruturais das súas sociedades ao remate da Idade do Ferro, e finalmente algún conato de desenvolvemento de monarquía agregativa, como ilustran os casos lusitano e ilerxete. Porén, no medio de semellante diversidade emerxe unha nidia idea xeral: a península ibérica non vai resultar allea ao triunfo das constitucións republicanas que caracterizou esta época.

### 7.8. A realeza fenicia

Por simple razón da súa plasmación ambivalente verbo ao proceso político global aquí tratado, decidín deixar para o final o caso que, probabelmente, debería de ter aberto este capítulo: a realeza fenicia, que nos leva ao outro recuncho do Meditérraneo. En Fenicia, o Estado e a vida urbana tiveron unha biografía moito máis dilatada do que no resto das rexións estudadas neste capítulo, Exeo incluído, tendo aló sobrevivido con meirande fortuna ao colapso do século XIII a.C. As estruturas políticas, tanto monárquicas coma oligárquicas, que emerxen na Idade do Ferro son en Fenicia claras continuadoras das existentes xa no Bronce. Entre elas, destacou sempre o rei, *milk*, enmarcado nun contexto etno-lingüístico dispar a todos os exemplos estudados neste capítulo, o semita[142]. Seguindo a J. Elayi, as atribucións desta realeza fenicia eran verdadeiramente significativas:

> As funcións políticas dos reis fenicios das que temos algún coñecemento para a época persa son [... a] sacerdotal, [a] guerreira e, se cadra, [a] xudicial. A función sacerdotal é a mellor constatada, e poida que a máis importante[143].

140 M. Salinas de Frías, 1986, p. 59.
141 Cfr. *ibid.*, pp. 59-61, con abondosas referencias.
142 M. Sznycer, 1984, p. 295.
143 J. Elayi, 1997, p. 69.

Porén, continúa J. Elayi, “os poderes do rei semellan sempre máis ou menos limitados”[144]. En efecto, lonxe do tópico arredor do poder absoluto das monarquías orientais, en Fenicia testemúñase dende antigo o contrapeso de órganos deliberativos[145], que aparecen retratados xa no *Libro de Unamón* (século XI a.C.)[146], no tratado entre Asarhadón de Asiria e Baal de Tiro (VII a.C.)[147], ou no *Libro de Ezequiel* (VI a.C.)[148]. Tales institucións, aludidas como consellos de anciáns nas dúas últimas fontes (*paršamūte*; *zaqen*) aparecen expresamente no *Unamón* como *mw'd*, evidentemente análogo ao hebreo *mô'ēd*, “asemblea”[149]. Finalmente, estes mesmos órganos cívicos semellan ter exercido un papel máis relevante cá propia realeza no amistoso recibimento de Alexandre en Sidón e na virulenta oposición de Tiro, ao remate do século IV a.C.[150] Isto xúnguese ao concepto de cidadanía ou da cidade fenicia como comunidade cívica, que atopa un certo testemuño en documentación local e externa[151]. Porén, o contrapeso máis característico da realeza fenicia –e eventualmente o seu substituto– foi o sufetado, “unha maxistratura especificamente semítica”, constatada dende o segundo milenio a.C., traducida a cotío dentro da familia léxica de «xuíz», e que no futuro vai designar o oficio republicano por excelencia das cidades-estado fenicias[152].

A perda dos rexistros fenicios, cuxo lamento constitúe case unha convención neste eido historiográfico, impide confrontar os procesos, sen dúbida fluctuantes, nos que bascularon o goberno rexio e o republicano nas cidades da rexión. Dun xeito significativo, Flavio Xosefo, asegurando basearse precisamente nestes rexistros hoxe perdidos, consignou que no longo asedio de Tiro por Nabucodonosor II, a comezos do século VI a.C., os reis terían sido substituídos por unha sucesión de efémeros *dikastaì*, evidente equivalente grego de «xuíz», ou sexa, de sufete; para logo volver restaurarse a realeza a remates do século, baixo o dominio de Ciro de Persia[153]. Probabelmente os mesmos procesos de *stásis* e fluctuación constitucional que tan ben se coñecen en Grecia (cfr. §7, 4) tiveron unha manifestación propia en Fenicia, e se cadra tamén máis precoz; pero en definitiva non tendente á abolición definitiva da realeza, que foi a forma de goberno paradigmática das cidades da rexión.

En suma, a realeza fenicia enxerga unha forte restricción histórica das súas atribucións gobernativas[154]. Mais isto supón, en boa medida, unha innovación da

144 *Ibid.*, p. 70.
145 *Ibid.*, pp. 70-71; S. Stockwell, 2010.
146 *Unam.*, II, 71-74.
147 *SAA* II, 5.
148 Ez. 27: 9.
149 J. A. Wilson, 1945, p. 245.
150 Cfr. Arr., *Anab.*, II, 15-16.
151 Cfr. K. Vlassopoulos, 2007, pp. 106-107 e 236
152 M. Sznycer, 1984, p. 294.
153 Ios., *Apion.*, I, 21.
154 S. Stockwell, 2010, p. 129.

Idade do Ferro, que racharía coa concepción absoluta da monarquía oriental e das propias realezas canaaneas que antecederan na Idade do Bronce á sociedade fenicia. Tal caracterización, que resultará familiar pola nidia analoxía do paso do *wa-na-ka* micénico ao *basileús* grego (§7, 4), terá tamén unha plasmación moi concreta en Fenicia. Segundo J. Sanmartín, o que el ten denominado «baalismo», en referencia ao concepto semita occidental *bāʻal*, "señor", forma de poder patrimonializado e absoluto, daría paso ao longo do I milenio a.C. a un goberno compartido coa oligarquía[155]. Se cadra nesta mudanza poida atoparse a influencia das estruturas «democráticas» dos pobos semi-nómades, nomeadamente os hebreos, cos que as cidades fenicias entraron en contacto nesta época[156]. Sexa como for, a evolución das institucións fenicias semella confluír co proceso global tratado ao longo do presente capítulo, pero cun senlleiro, e máis moderado, resultado final: non a abolición da realeza, non a implantación tiránica; senón a simple limitación do poder rexio.

Porén, esta pervivencia ficará condicionada polo contexto político, no que os imperios orientais concibiron a interacción coas realezas locais como parte consubstancial da súa praxe gobernativa. Isto rematará coa conquista macedonia de Alexandre, pois o mundo helenístico subseguinte vai asistir a unha estandarización ben distinta das formas de dominio imperial e da vida política local, manifestada nomeadamente na helenización e no goberno republicano das cidades… Un resultado semellante, xa que logo, ao da conquista romana da Turdetania, segundo vimos hai un anaco (§7, 7). Neste novo contexto, a partires do século III a.C., Fenicia asistirá por fin á abolición da realeza e ao empoleiramento definitivo do sufetado[157].

Emporiso, todo o ata aquí exposto, superficial síntese da longa historia constitucional fenicia, circunscríbese só a unha pequena porción da súa civilización: a Fenicia metropolitana; obviando, de feito, a súa porción principal, que non é outra có mundo colonial mediterráneo. Se o desenvolvemento político de Chipre, illa multi-étnica ao longo do I milenio a.C., resultou esencialmente análogo ao da Fenicia metropolitana, tendo sido abolidos os seus reinos autóctonos só canda o establecemento láxida e unha nova helenización no marco da *koinḕ*[158], no Mediterráneo occidental, que necesariamente cómpre ilustrar co que axiña será o seu fulcro imperial, Cartago, o desenvolvemento institucional semella ter sido ben diferente.

Como é ben sabido, a tradición atribúe a fundación de Cartago á raíña tiria Dido (est. 7D), que, alén da celebérrima *Eneida* de Virxilio, era considerada como

155 J. Sanmartín, 2001-2002, p. 420.

156 S. Stockwell, 2012. Arredor desta valoración do ordenamento socio-político hebreo, véxase C. U. Wolf, 1947.

157 M.-F. Baslez & F. Briquel Chatonner, 2003, pp. 204-206. *In extenso*, véxase C. Apicella & F. Briquel Chatonnet, 2015.

158 S. Fourrier, 2015.

tal, *regina*, na historiografía antiga[159]. Porén, tivese sido ou non a realeza a súa forma de goberno orixinaria, dende o século V a.C. no que escomeza a aparecer o sufetado na documentación local, semella que Cartago era xa unha república[160]. Esta noción resulta extrapolábel á xeneralidade das colonias fenicias do Mediterráneo occidental, pois "ningún texto púnico [...] menciona a existencia dun rei, [...] nin en Cartago nin en ningunha outra cidade"[161].

Coñecemos ademais a constitución cartaxinesa grazas ao seu excepcional rexistro por Aristóteles[162]: a maxistratura suprema colexiada, a comandancia militar independente, o Senado, o consello restrinxido e o inmenso poder da Asemblea, confirman en conxunto o seu carácter republicano e mesmo netamente «democrático»[163]; "subversión mesma", segundo J. Sanmartín, "do principio monárquico de matriz vetero-oriental"[164]. Porén, fronte a esta certeza emerxe tamén unha contradición, da que non escapou tampouco o citado Aristóteles, que denominou aos dignatarios da devandita maxistratura suprema *basileĩs*, reproducindo así unha tendencia característica entre os autores gregos e latinos –estes últimos obviamente baixo o termo *rex*– de referiren unha insólita realeza neste marco constitucional republicano. Non estamos, certamente, perante a mestura de realeza e república, como podería ilustrar o caso espartano –embora Aristóteles insistise na analoxía[165]–, senón, como ten asentado M. Sznycer, perante a alusión equívoca das fontes greco-latinas ao sufetado cartaxinés, institución para a que non existía unha convención terminolóxica unívoca[166].

Obviamente, a información dispoñíbel arredor da constitución cartaxinesa avantaxa esmagadoramente a de todas as demais cidades fenicias do Occidente. Porén, fronte á absoluta ausencia de referencias locais á realeza fenicia, a constatación epigráfica do sufetado é relativamente abondosa no mundo púnico[167]. Abofé, a meirande parte das colonias fenicias non deixou documentación en absoluto; mais a constitución republicana das coñecidas invita a admitirmos que esta foi efectivamente a súa forma de goberno ordinaria. Significativamente, no meirande emporio do extremo occidental fenicio, Cádiz, os *sufetes* testemúñanse, grazas ao reporte externo de Tito Livio, dende o século III a.C...[168] Un exemplo ben substancioso para

159 Cfr. Verg., *Aen.*, I, 303; Iust., *Epit.*, XVIII, 6, 2.
160 M. Sznycer, 1984, p. 296; véxase tamén J. Sanmartín, 2001-2002, p. 421.
161 M. Sznycer, 1984, p. 295.
162 Arist., *Polit.*, II, 1272b-1273b.
163 Cfr. Polyb., *Hist.*, VI, 51.
164 J. Sanmartín, 2001-2002, p. 421.
165 Arist., *Polit.*, 1272b; arredor da realeza espartana, véxase §7, 4.
166 M. Sznycer, 1984, pp. 293-295.
167 *Ibid.*, p. 295.
168 Liv., *A.U.C.*, XXVIII, 37.

o noso interese particular, pois a influencia mercantil gaditana na *Callaecia* púidose traducir tamén nalgún colateral influxo político (cfr. §10, 5).

En suma, o mundo fenicio presentou na Idade do Ferro unha clara dicotomía no seu desenvolvemento político. Por unha banda, a Fenicia metropolitana restrinxiu nunha época moi temperá o poder da súa realeza co reforzamento das institucións de corte oligárquico, sendo a súa abolición moi serodia, a partires só do século III a.C. Chipre, pola súa banda, reproduciu esta mesma pervivencia das realezas locais. En troques, nas colonias do Mediterráneo occidental non hai unha constancia firme da existencia temperá de realezas, embora nada obste esta posibilidade; mais en calquera caso, segundo se desprende do caso particular de Cartago, o mundo colonial fenicio deu paso ao goberno republicano dende canda menos o século V a.C.

Todo isto volve redundar na forte independencia das transformacións socio-políticas verbo ao substrato etno-lingüístico nas sociedades antigas, pois neste caso nunha mesma cultura se deron resultados institucionais dispares, sen dúbida condicionados pola praxe política dos imperios orientais na Fenicia metropolitana, por unha banda, e a liberdade das colonias pola outra. Mais sobre todo o que para nós importa do caso fenicio é a temperá instauración republicana no mundo colonial; o que, canda o exemplo grego, debuxa o papel destas precoces culturas urbanas como fulcrais catalizadoras non só do cambio social, senón tamén da mutación constitucional, das poboacións que na Antigüidade bordeaban o mar Mediterráneo e se viron suxeitas á súa influencia mercantil, cultural e institucional… Entre elas, embora non precisamente preto do Mediterráneo, inseriuse nalgún intre a sociedade galaica.

### 7.9. Xefatura e realeza, Estado e república

Como se comproba, o proceso de redefinición e abolición das realezas locais ao longo do I milenio a.C. atopou unha incidencia practicamente universal, embora dende logo diversa, na xeneralidade do marco circunmediterráneo antigo (cfr. táboa e mapa 3). Agás na Fenicia metropolitana, na Turdetania e en certa medida na Etruria, este proceso coincidiu sempre con outros análogos de progreso produtivo, estratificación social e urbanización. A implantación do Estado coincidiu, pois, neste contexto, coa abolición das realezas, xefaturas que afundían as súas raíces en antergas estruturas étnicas das súas sociedades.

No medio disto aparece o *principatus* galaico. A súa redución ao concepto de «xefatura», en canto a realeza arcaica ou autoridade étnica baixo a mediatización imperial romana, non supón senón repetirmos un dos seus *tópoi* "de meirande predicamento". Porén, como ten denunciado B. X. Currás Refojos, poucos autores dos que teñen aplicado este concepto á Protohistoria galaica se detiveron realmente a o

| REXIÓN | INSTITUCIÓN REXIA | INFLEXIÓN | RESULTADO |
|---|---|---|---|
| Grecia | *basileús* | proceso de urbanización (séculos IX-VIII a.C.) | abolición, tiranía, maxistratura sacerdotal |
| Esparta | *id.* | *id.* | diarquía controlada |
| Fenicia metropolitana | *milk* | crise do Bronce final; conquista macedonia (séculos XIII e III a.C.) | limitación nos comezos da Idade do Ferro; abolición no helenismo |
| mundo colonial fenicio | *id.* | antes do século V a.C. | abolición, se realmente existiu algunha vez |
| Italia | *rex* | proceso de urbanización (séculos VI-V a.C.) | abolición |
| *id.* (Etruria) | *zilath* | implantación republicana gradual (século VI-V a.C.) | redefinición como maxistratura temporal |
| Galia | *rix* | última fase da cultura de La Tène (séculos II-I a.C.) | abolición, con pervivencias ata a municipalización romana |
| illas británicas | *id.* | conquista romana, aló onde chegou a producirse (século I d.C.) | abolición, rexurdimento post-romano |
| Turdetania | incerto | conquista romana (séculos III-II a.C.) | abolición, con pervivencia marxinal ata a municipalización romana |
| Iberia nuclear | *id.* | proceso de urbanización (segundo a rexión, antes do século III a.C.) | abolición |
| Celtiberia | *reikis* | *id.* | *id.* |
| outras rexións ibéricas | varias, de nome descoñecido | conquista romana (séculos III-I a.C.) | abolición, con pervivencia marxinal ata a municipalización romana |

Táboa 3. Esquema xeral das realezas locais estudadas.

conceptualizaren[169]. Isto resulta evidente na aplicación do concepto ao *principatus*, verbo ao que xa temos compendiado as excepcionalmente diversas, e habitualmente vagas, opinións ao respecto (véxanse táboa 2; §§2 e 4, 6). Mais se aquí pretendemos empregar a «xefatura» como eixo da nosa interpretación antropolóxica do *princi-*

169 B. X. Currás Refojos, 2014, p. 204.

*patus* e da súa incardinación na historia constitucional do mundo antigo, cómpre certamente atendermos ás súas notábeis implicacións teóricas.

Neste senso, cando vimos de avaliar un proceso global incidente en toda a bacía mediterránea de disolución de realezas no marco do afianzamento civil das súas sociedades, emerxe inevitabelmente un certo resabio evolucionista. E efectivamente, o popular paradigma neo-evolucionista concibe a xefatura como un estadio de desenvolvemento socio-político universal, precisamente entre a tribo e o Estado. Dende esta perspectiva, a xefatura, desenvolvida nun determinado contexto de desenvolvemento material, racharía co carácter acéfalo das sociedades tribais a prol dunha autoridade que arrombaría as relacións sociais e a acumulación e redistribución de recursos[170]. En termos estritamente «estruturais», a xefatura xurdiría en troques por simple agregación de tribos, do mesmo xeito que daría paso ao Estado pola senlla agregación de xefaturas[171].

Este esquema, de vocación universal pero teorizado sobre a base específica da conformación das primeiras civilizacións do Vello e do Novo Mundo, resulta en certa medida inexacto para a incardinación teórica dos particulares procesos políticos aos que nos estamos a referir aquí. A todas luces, o esquema semella por enteiro pertinente para as monarquías agregativas, que se orixinaron a partires da agrupación de xefaturas étnicas de proxección local, cuxa progresiva institucionalización, de se daren as circunstancias oportunas, tendeu efectivamente á conformación de estados. Tamén as realezas locais poden atopar algunha coincidencia co esquema neo-evolucionista: todas elas rebordaron o ámbito de asentamento inmediato; e mesmo se vincularon decote, en orixe, a procesos de «sinecismo», e xa que logo á conformación, por agregación, das súas propias comunidades históricas (cfr. §§7, 3-4).

Pero aquí remata o contributo positivo do esquema neo-evolucionista para o noso caso particular. No mundo circunmediterráneo antigo, o proceso de estatalización non se produciu normalmente ao abeiro dunha agregación de entidades preexistentes, senón a través da directa transformación da comunidade pre-estatal en cidade-estado. Ademais, os aspectos subestruturais do esquema neo-evolucionista matízanse polo feito de que progreso económico e a estratificación social non favoreceron o empoleiramento político destas realezas, senón sobre todo a base material dos poderes oligárquicos que as derrocaron. A teoría neo-evolucionista, así como atopa unha evidente correspondencia cos procesos históricos nos que se xestaron as primeiras civilizacións, amais das propias monarquías agregativas que se estudaron neste mesmo capítulo, resulta por enteiro desbotábel para a incardinación teórica das nosas humildes realezas locais.

---

170 E. R. Service, 1984 (1962), pp. 170 ss.

171 R. L. Carneiro, 1981, pp. 45-46.

Con esta recusación particular non estamos senón que a lle engadir unha crítica máis á ampla matización que este paradigma sufriu dende o seu postulado orixinal nas décadas de 1960 e 1970. Hoxe, denunciado o seu carácter teleolóxico e criticada a propia pertinencia conceptual de cada un dos seus estadios constituíntes, téndese a adscribir as xefaturas, simplemente, a "un sistema social de clases sen Estado"[172]. Isto afástanos aínda máis de toda asimilación teórica, pois as realezas locais en cuestión desapareceron precisamente canda o xurdimento de novas clases sociais: canda menos campesiños, rendistas e mercaderes sobre a moito máis homoxénea base labrega que arrincara do colapso estrutural que en moitos ámbitos, segundo vimos, marcou o tránsito entre a Idade do Bronce e a do Ferro, ou ben etapas concretas desta última.

En tales circunstancias, cómpre simplemente pescudarmos outras perspectivas da «xefatura» que poidan asimilarse ao noso caso particular. Obviamente, este concepto, que procede do propio acervo lingüístico ordinario, non pode circunscribirse ao emprego que del fixer unha corrente antropolóxica, por moita influencia que tivese no seu momento e hoxe mesmo. Así, como sintetiza J.-C. Muller, na propia Antropoloxía este termo pode designar non só o modelo social neo-evolucionista ao que nos vimos referindo, senón, simplemente, un oficio: o exercido por un xefe; o que de seu incorre nunha certa vaguedade e denota tamén, consecuentemente, a diversidade intrínseca das xefaturas[173]. Sen saírmos dos esquemas máis lineais, pode resultar familiar, e tópica, a gradación que obra entre a figura do *big man* de Nova Guinea, a xefatura simple das illas Trobriand, e a complexa da Polinesia[174]. Particularmente, inclínome a pensar que a xeneralidade das realezas locais estudadas ao longo deste capítulo casan coas xefaturas simples mellor do que coas complexas; ás que se adscribirían, pola contra, os gobernos de tendencia tiránica, as chamadas sociedades heroicas e as propias monarquías agregativas, nidios síntomas da implantación primitiva do Estado. Isto é só unha sospeita que non pretendo entrar a argumentar polo miúdo, tarefa moi pertinente para un traballo doutro tipo, pero que desborda por enteiro o limitado propósito do noso.

O que me interesa é simplemente fundamentar un uso *lato sensu* do concepto de xefatura, que poida aplicarse a calquera comunidade dada, neste caso pre-estatal, na que se advirta a presenza dun xefe, con independencia das atribucións deste e da estrutura social concreta sobre a que se erixa. E coido, neste senso, que o esquema teórico pertinente para a xeneralidade das realezas locais que vimos de estudar non é o neo-evolucionista nin as súas correccións, senón o postulado por P. Clastres, quen preferiu atopar o seu fito teórico esencial no propio Estado. Para este antropólogo, en

172 I. Sastre & *al.*, 2010, p. 174; na mesma liña, M. Godelier, 1999.

173 J.-C. Muller, 2005.

174 Así, por exemplo, figuran entre os exemplos paradigmáticos que estruturan o propio libro de A. W. Johnson & T. K. Earle, 2000.

efecto, a xefatura, realidade pre-estatal, corresponderíase a un exercicio moi precario do poder, de autoridade consensual e escasa capacidade socio-económica: sería só a aparición do Estado o que marcaría a verdadeira estratificación social, o goberno coercitivo, e a apropiación e xestión centralizada de recursos[175]. Unha forma de entender, abofé, a «xefatura simple».

Este modelo, que de feito conta xa cunha certa tradición na investigación arqueolóxica galega (cfr. §§7, 9 e 10, 4), resposta dende logo mellor ás circunstancias específicas da evolución institucional do mundo circunmediterráneo antigo. Mais non estamos a suxerir nada novo: xa R. Drews reducía a *basileía* grega aos pequenos xefes rurais dos períodos escuro e xeométrico[176]; e xa na súa clásica *Ancient Society*, L. H. Morgan postulaba que "os chamados reinos da idade heroica foron democracias militares, e nada máis"[177]. Obviamente, a etiqueta «democrática» pode resultar excesiva, pero ilustra a precariedade do poder rexio nestas sociedades. En efecto, na xa fortemente estratificada sociedade homérica, a estrutura política pode ser resumida, segundo P. Carlier, pola fórmula "o pobo escoita, os anciáns propoñen, o rei decide"[178]. Tales realezas tradicionais afástanse, xa que logo, do despotismo que caracterizou ás monarquías estatais e imperiais da Antigüidade, e achéganse en troques ás repúblicas que de feito xurdiron do seu precario sistema organizativo. Esta mesma proposición obsérvase, de feito, na propia sensibilidade antiga. Seguindo unha vez máis a P. Carlier, a teoría política grega concibía precisamente na limitación do poder o trazo definitorio da *basileía*[179]. Mais non creo, contra R. Drews e L. H. Morgan, e canda P. Carlier, que a precariedade destas xefaturas recuse a súa plena consideración como verdadeiras realezas.

Neste senso, van ser certas transformacións estruturais da Idade do Ferro, propicias ás novas posibilidades económicas e á capacidade de apropiación e acumulación privada de recursos, segundo diferentes ritmos en cada rexión e en cada sociedade, o que rachará coa antedita limitación tradicional da realeza. Coido que quen mellor soubo ver este transcendental fito histórico foi o grande Tucídides, quen atribuíu, nun tímido pero precoz alegato da análise materialista, ao «enriquecemento» (*tōn chrēmatōn tēn ktēsin*) das *póleis* a desfiguración da realeza limitada tradicional e o xurdimento da tiranía en Grecia[180].

Este enriquecemento material vai abrir, abofé, novas posibilidades á xefatura tradicional. Por citarmos o exemplo xeograficamente máis vindeiro ao noso *prin-*

175 P. Clastres, 1974, pp. 161 ss.
176 R. Drews, 1983, p. 129.
177 L. H. Morgan, 1877, p. 124.
178 P. Carlier, 1984, p. 504.
179 *Ibid.*, p. vii; cfr. Arist., *Polit.*, III, 14, 1285b-1286a; Plat., *Nom.*, III, 684, a-b.
180 Thucyd., *Hist.*, I, 13, 1.

*cipatus*, resulta ilustrativo disto que hoxe se tenda a adscribir as realezas hispanas testemuñadas polas fontes greco-latinas –ou sexa, nunha etapa serodia– ao paradigma «heroico»[181]. Nisto inflúe non só o seu destacado papel bélico segundo as fontes, senón tamén a súa vinculación a unha sociedade na que estaban a se acentuaren as diferenzas sociais e, moi especialmente, a agromar unha elite ecuestre cada vez máis ampla e poderosa que vai ser axiña a expresión militar das oligarquías urbanas[182]. P. Moret ten chamado ademais a atención arredor dunha interesantísima pasaxe de Ateneo, tomada presuntamente de Polibio, na que se compara o pazo de Menelao co dun *Ibērós tinos basiléōs* que, querendo igualar o luxo dos feacios, gardaba cervexa en cráteras de ouro e prata[183]. A todas luces, Ateneo ou Polibio quixeron con esta anécdota "burlárense dun bárbaro estrafalario", pero iso non desbota o seu valor como "un dos textos máis detallados que se teñan conservado [...] arredor da realidade material dun pazo ibérico"[184]. Pola referencia á cervexa, bebida típica entre os pobos do norte da península ibérica, A. Schulten quixo identificar este rei anónimo con Viriato; pero P. Moret, aducindo a evidencia arqueolóxica arredor da produción e consumo de cervexa no antigo levante español, non atopa motivos para levalo a fóra do ámbito íbero *stricto sensu*[185]. Soberano íbero local ou caudillo lusitano supra-local, esta descrición non pode ser entendida como unha realidade «atemporal», senón que cómpre levala, do mesmo xeito có «enriquecemento» que preconizaba Tucídides para Grecia, a unha etapa moi concreta do desenvolvemento estrutural da súa sociedade. Na realeza «heroica», de áureos tesouros e séquitos ecuestres, temos en realidade unha etapa de transición entre as atribucións tradicionais e as tiránicas desta institución: o desdebuxamento da limitada, simbólica e consensual xefatura étnica preconizada por P. Clastres, a prol dunha nova autoridade estatalizante.

Se cadra pola analoxía coas revolucións liberais contemporáneas, a historiografía moderna adoita adscribir este proceso de redefinición e eventual abolición das realezas tradicionais á tendencia autocrática dos soberanos e a consecuente contestación social, cerne das tiranías e oligarquías que virían despois e que tanto difiren da xefatura étnica orixinaria[186]. Esta tendencia tiránica, certamente, detéctase con claridade nas propias tradicións antigas: a arbitrariedade de Creonte na *Antígona* de Sófocles ou de Tarquinio o Soberbio na tradición romana, sen esquecermos a xa

---

181 Véxanse, por exemplo, N. Coll & I. Garcés, 1998, p. 440; P. Moret, 2002-2003, p. 23. A tendencia non é nova: cfr. J. Caro Baroja, 1971, p. 149.

182 Véxase, nomeadamente, E. Sánchez-Moreno, 2005.

183 Athen., *Deipn.*, I, 28, 18.

184 P. Moret, 2002-2003, pp. 29-30.

185 A. Schulten, 1974, pp. 542-543; P. Moret, 2002-2003, p. 29; cfr., arredor da cervexa, Str., *Geog.*, III, 3, 7.

186 Véxase, por exemplo, arredor da realeza grega, P. Carlier, 1984, p. 511; da romana, F. Glinister, 2006; da gala, S. Lewuillon, 2002, p. 244. Xa N. D. Fustel de Coulanges, 1866, pp. 302 ss. (cap. iv, 3), concibía a abolición da realeza en Grecia e Roma como a primeira revolución das constitucións antigas.

mencionada prefiguración da ideoloxía tiránica co triunfo do «individuo excepcional» en Ulises, segundo P. Carlier (§7, 4), son só algúns exemplos notábeis. E sen dúbida, a memoria dos excesos dos reis do pasado tamén influíu na sensibilidade «anti-monárquica» de moitas sociedades republicanas da Antigüidade, como poden ser a púnica[187], a romana[188] ou a gala[189].

Porén, cómpre ao meu ver non subestimarmos o outro actor en liza neste proceso. En efecto, ás novas capacidades socio-económicas das xefaturas tradicionais, cerne da tiranía, xunguíronse as das novas forzas sociais ascendentes: as oligarquías mercantís e rendistas, que chegarían a artellaren neste contexto redes de poder privado á marxe do poder comunitario e simbólico do rei. Este conflito bipartito, imposíbel na sociedade máis igualitaria e subdesenvolvida que arrinca da Idade do Ferro, remataría por diluír os trazos característicos das realezas tradicionais a prol dos novos réximes tiránicos e oligárquicos que as substituíron como parte do proceso de afianzamento civil e de implantación do Estado nas súas sociedades.

Sen dúbida, o triunfo da república é resultado dunhas poderosas forzas estruturais; mais do mesmo xeito podemos entender que a permanencia da realeza o é da inhibición destas mesmas forzas: velaquí o lugar que corresponde ao *principatus* galaico no seu contexto histórico máis global, longamente analizado neste capítulo que agora concluímos… Podemos pasar agora, pois, a pescudarmos o que isto significa na propia sociedade da que formou parte.

187 Por exemplo, a frustrada reforma constitucional de Asdrúbal o Belo en Cartago mobilizou un movemento opositor baixo a acusación de querer instaurar unha monarquía: cfr. Polyb., *Hist.*, III, 8, 2.

188 Cfr. F. Glinister, 2006.

189 Como ilustra o xa tratado caso do arverno Celtilo: Caes., *B.G.*, VII, 4.

# 8. A ERA DOS *PRINCIPES*

Ao valorarmos o *principatus*, xa definitivamente, como senlleira pervivencia da máis antiga tradición institucional da *Callaecia*, perfílanse uns claros vieiros polos que encetarmos a súa interpretación histórica. Mais, como encaixan os nosos *principes* no devalo global das realezas do seu tempo, que vimos de explorar no anterior capítulo? Abofé, antes de rastrexarmos a función social do *principatus* e a súa sorte como institución ao abeiro da pluralidade de realezas antigas das que nos ocupamos, primeiramente cómpre situalo na propia historia da *Callaecia*.

A cuestión cronolóxica poderíase resolver simplistamente aducindo ao que xa a análise epigrafista ten concluído verbo ao rexistro documental implicado; e determinarmos así que, coma as epígrafes nas que se constata, o *principatus* ten que ser datado ao longo do século I d.C., e se cadra mellor na súa primeira metade, sen máis precisión posíbel (§§1, 1 e 1, 4). Porén, tal proposición é só parcialmente veraz, pois a cronoloxía do *principatus* é unha cuestión substancialmente independente á do seu rexistro.

Isto débese á natureza da nosa documentación: non é o mesmo unha epígrafe honorífica ou votiva, que nos proporciona unha data atribuíbel ao exercicio social do seu adicante, ca unha funeraria, que non aporta senón unha datación *ante quem*. Neste senso, o que podemos incardinar nas datas aducidas é a decisión duns adicantes, incertos na Veiga e identificados cos herdeiros (*heredes*) en Lugo, de honraren a uns determinados defuntos. Mais isto, como veremos, non ten unha correspondencia unívoca coa defunción destes, e moito menos co exercicio do seu *principatus*. Sexa como for, independentemente da data de erección das epígrafes, o que suxire a natureza intrínseca da nosa documentación é un retraso significativo da cronoloxía do *principatus* galaico: cómpre distinguirmos, xa que logo, o contexto dos adicantes, do contexto dos adicados.

### 8.1. O contexto dos adicantes

A datación epigráfica apórtanos a clave non para contextualizarmos os *principes*, senón a produción mesma dos propios documentos que os constatan. Mais detrás deles, indistintamente lápidas funerarias, houbo tamén unhas persoas que foron as responsábeis últimas da nosa documentación. Coido relevante, neste senso, atendermos particularizadamente ás razóns que puideron cominar que, moitos anos despois do exercicio e mesmo da defunción dos *principes*, se deixase constancia deste título nos seus epitafios.

Para resolvermos esta cuestión vémonos ineludibelmente obrigados a nos centrar principalmente na epígrafe de Lugo, onde a referencia aos adicantes, os herdeiros (*heredes*) dos defuntos, é explícita. Abofé, nun sepulcro familiar adicado por uns determinados herdeiros a dúas xeracións de ascendentes debúxase un contexto social ben significativo. Emerxe, en primeiro lugar, a historia familiar que arrodea esta epígrafe; o que non é, por certo, un aspecto que teña recibido moita atención dende a investigación histórica. Podemos aludir, con todo, á excepción que constitúen Mª. D. Dopico e J. Santos, arredor de cuxa achega deixamos anteriormente algúns cabos soltos (§3, 1) que agora é o intre de amalloar:

> O *princeps* […] cóidase asemade de mencionar as unidades administrativas, cunha precisa alusión ás divisións provinciais (provincia *Hispania citerior*) e aos *castella* respectivos. Estes indíxenas escollen o latín, as fórmulas e as titulaturas de Roma e esquecen as indíxenas –fose cal for a súa denominación– e, mantendo a súas bases económicas e de prestixio social intactas, trasladáronse a viviren á nova cidade[1].

Esta lectura sitúanos, en efecto, perante unha posibilidade ineludíbel: a residencia luguesa destes *principes*. É esta unha posibilidade, con todo, que cómpre calibrar, e eventualmente corrixir, por unha circunstancia xurídica que temos argumentado no seu momento: os *Copori* e *Lucus Augusti* non compuñan de ningún xeito a mesma *ciuitas* (§§5, 1; 5, 3). Neste senso, ata que punto uns *principes Copororum* podían ser naturais de Lugo? Semellante posibilidade desbótase dende logo no caso do primeiro *princeps*, Vecio, quen, como se avanzou, presenta unha *origo* indefectibelmente castrexa, concretada no *castellum *Circinum*. Vimos tamén que as reducións xeográficas potenciais deste *castellum* nos levan a ben lonxe de Lugo (§5, 1); e o feito de concretar a todas luces a *origo* dun *princeps Copororum* non deixa moita marxe, ao meu ver, para o atribuír á xurisdición territorial local de Lugo no canto da dos cóporos. Nestas circunstancias, Vecio non podería ter residido en Lugo máis ca en

1 M. D. Dopico Caínzos & J. Santos Yanguas, 2006, pp. 715-716.

calidade de *incola*, en cuxo caso o seu papel público nesta cidade, contra as sospeitas de Mª. D. Dopico e J. Santos, de ningún xeito "houbo de ser relevante"[2].

Feito este matiz, a residencia e naturalización luguesa do segundo *princeps* si resultaría admisíbel, pois, como se lembrará, a epígrafe non lle explicita mención de *origo* ningunha. Isto poderíase explicar, como fixemos, por unha omisión por redundancia (§1, 3); ou ben pola súa residencia e naturalización luguesa, como queren Mª. D. Dopico e J. Santos. Esta segunda posibilidade, con todo, sitúanos perante outro problema: que dereito, ou simplemente que interese, podía ter un munícipe de Lugo en se facer chamar *princeps Copororum*? *A priori* resultaría admisíbel pensar que aínda atase a este suposto *princeps* lugués algunha responsabilidade pública na comunidade dos cóporos; mais non que, sendo munícipe de Lugo, preferise deixar constancia no seu epitafio, ergueito precisamente nesta mesma cidade, dunha dignidade recoñecida no pobo dos seus devanceiros antes cós recoñecementos obtidos na súa propia. Nunha palabra, o epitafio evidencia que o desempeño público deste segundo *princeps* foi insignificante en Lugo. A todas luces, a noción da residencia luguesa destes *principes*, imposíbel en Vecio, resulta tamén problemática no seu anónimo fillo; e isto obríganos a encetarmos unha sensíbel corrección desta premisa.

Non estará de máis, con este fin, atendermos ao contexto epigráfico: como xa se referiu no seu momento, o sepulcro dos príncipes foi achado ao pé da muralla de Lugo (§1, 1). Isto non supón un dato menor no que respecta á estrita biografía do documento, pois as obras de fortificación da cidade a remates do século III d.C.[3], das que é produto o seu actual recinto amurallado, poderían ter motivado un traslado e mesmo unha reutilización da peza dende a súa ubicación orixinal; o que, por certo, cumpriría vencellar ao seu notábel desgaste. En caso contrario, poida que o trazado da muralla tivese simplemente respectado o lugar do sepulcro, arredor de dous séculos máis antigo. Sexa como for, mesmo no posíbel traslado da lápida, non semella razoábel pensar que a súa ubicación orixinal distase moito da cidade. Mesmo a presunción dunha orixe nalgunha necrópole próxima a Lugo, pero fóra da súa xurisdición urbana, asimilábel xa que logo ao territorio xurisdicional dos cóporos, se antolla posibelmente excesiva. En suma, no sepulcro dos príncipes de Lugo, malia a súa a todas luces axitada biografía como documento, todo apunta a ser lugués o contexto do soporte epigráfico… Pero nada máis.

---

2 Parafraseando aos propios M. D. Dopico Caínzos & J. Santos Yanguas, 2006, p. 716. Cfr. o contexto da cita completa en §2, 4. Arredor da excepcionalidade de que un *incola* accedese á curia municipal, cfr., por exemplo, J. F. Rodríguez Neila, 2002, p. 46.

3 A. Tranoy, 1981, pp. 411-412; E. González Fernández & M. C. Carreño Gascón, 1998, pp. 1179 ss.; A. M. Suárez Piñeiro, 2006-2008, p. 314; M. Fernández Calo, 2018a, pp. 160-164.

En efecto, a presumíbel ubicación orixinal do sepulcro non supón un argumento decisivo á hora de determinarmos o lugar de residencia dos defuntos. Como apunta A. Rodríguez Fernández, poderiamos pensar na "ligazón" que os *principes* representarían entre a capital conventual e a súa comunidade, que non era Lugo senón un pobo que en todo caso "se achaba nas súas proximidades"[4]. Mais gustaríame obviar por un intre os *principes* a prol doutro actor presente nos seus epitafios, ignorado por completo nos estudos que nos preceden pero ineludíbel á hora de tratar de comprender a nosa propia documentación. En efecto, o título principesco alusivo a unha comunidade étnica e *origo* castrexa, segura no *princeps* anónimo e extrapolábel ao seu pai Vecio, desbota toda posíbel naturalización luguesa; e isto debuxa un contexto ben diferente: quen houbo de residir en Lugo non foron os *principes*, senón os propios *heredes* consignados na epígrafe, que ergueron o monumento funerario aos seus antecesores, posibelmente con motivo do pasamento do segundo *princeps*, se non máis tarde. Obviamente, non semella moi probábel que ambos os *principes* morreran a un tempo, sobre todo sendo como eran pai e fillo; polo que definitivamente cómpre admitir que o sepulcro foi ergueito moito despois do pasamento do primeiro *princeps*, Vecio. E así como se dilúe toda correspondencia cronolóxica entre a defunción de canda menos este Vecio e a erección do sepulcro, non hai que forzar a tamén discutíbel correspondencia xeográfica entre o lugar do sepulcro co lugar de residencia, e nin sequera co lugar de defunción. Os que se trasladaron a Lugo, en fin, foron en todo caso uns descendentes que non sabemos se mantiveron o título principesco dos cóporos; mais si que tiveron un evidente interese en se faceren entroncar con estes *principes Copororum* no sepulcro familiar que lles ergueron en Lugo, *a priori* moito despois canda menos do pasamento do primeiro *princeps*, Vecio, cuxos restos houberon de ser, xa que logo, trasladados dende o seu lugar de enterramento –e de residencia– orixinal. A isto engádese un contexto potencialmente idéntico na Veiga, se é que o *princeps Albionum* non foi Nícer senón o seu pai Clutoso; posibilidade aberta, como se avanzou no seu momento, pola redación equívoca da epígrafe (§1, 4).

Conclúese, xa que logo, dun xeito seguro en Lugo e aínda probábel na Veiga, que as epígrafes en cuestión fixesen constar o título principesco non por interese expreso dos *principes* senón polo dos seus descendentes, para quen, no século I d.C. e probabelmente na súa primeira metade, mesmo nun contexto urbano e municipal no caso de Lugo, resultaba socialmente significativo publicitar o seu entronque familiar cuns certos devanceiros que compartiran unha dignidade social determinada sobre algunhas comunidades étnicas rurais da *Callaecia*. Máis adiante, inevitabelmente, cumprirá voltar sobre estas consideracións (§10, 6).

---

4 A. Rodríguez Fernández, 2018, pp. 372-373.

### 8.2. O contexto dos adicados

Así chegamos á cuestión, de meirande interese para nós, da cronoloxía precisa da propia biografía dos *principes*. Se asumimos que as epígrafes foron ergueitas ao longo deste século I d.C., obviamente a incardinación cronolóxica dos *principes* nelas nomeados devén como mínimo tan incerta coma eses cen anos de intervalo. Non é o mesmo que estes *principes* finasen a comezos, a mediados, ou a remates do devandito século, para calibrarmos cronologicamente a súa biografía; e, en consecuencia, para contextualizarmos o exercicio do seu *principatus*. Porén, xa se precisou que a cronoloxía semella indistintamente apuntar á primeira metade do século; e de feito coido que a información intrínseca da que dispomos na nosa documentación segue empurrando a prol de recuarmos aínda máis esta data.

En efecto, na Veiga temos a mención dun defunto, Nícer, que finou á idade de setenta e cinco anos. Non sabemos se o *princeps* tamén aludido na estela ha de ser identificado con este Nícer; mais dende logo semella plausíbel, por razóns estritamente lingüísticas e concretamente de concordancia sintáctica, segundo xa se expuxo no seu momento, que o *princeps* en cuestión non fose el senón o seu pai, Clutoso (§1, 4). Se o *princeps* foi Nícer, o seu *principatus*, dada a dinámica de sucesión dinástica e vitalicia desta institución (§4, 6), poderíase adscribir ata a setenta e cinco anos antes da erección da estela, o que certamente supón unha rebaixa cronolóxica substancial que podería levarnos mesmo ata mediados do século I a.C. Se, pola contra, o *princeps* non foi el senón seu pai, cumpriría recuar canda menos outros vinte ou trinta anos, como mínimo, o lapso xeneracional. Nunha palabra: se a estela da Veiga está datada *ante quem* ás décadas centrais do século I d.C., o *principatus* albión podería levarnos… ata a primeira metade do século anterior!

Porén, non son estas as únicas lecturas posíbeis derivadas da equívoca redación da estela da Veiga. En efecto, se o *princeps* non foi Nícer nin o seu pai, senón unha figura anónima con influencia no castro de *Cariaca* ou ben sobre o propio defunto, lecturas dende logo máis difíciles pero sintacticamente posíbeis (cfr. §1, 4), cumpriría facer coincidir o contexto cronolóxico do *principatus* albión coa propia defunción de Nícer.

De calquera xeito, o lapso xeneracional e a diacronía entre a defunción e o *principatus* que na Veiga non son máis ca meras posibilidades, en Lugo resultan indefectíbeis. Aquí temos, en efecto, unha secuencia sucesiva de dous *principes*, pai e fillo. E mesmo, coñecendo a identidade do primeiro *princeps*, Vecio, a través da súa filiación, penderá sempre a sospeita de que o avó, Verobeo, fose tamén *princeps* antes cós seus descendentes. Como vimos, a inscrición foi adicada por uns herdeiros, honrando simultaneamente a dous dos seus principescos ascendentes, nun intre indeterminado do século I d.C., e probabelmente na súa primeira metade. De certo,

*a priori* non semella factíbel que isto se deba ao seu pasamento simultáneo, senón, como xa apuntamos, a que o altar funerario familiar fose adicado *post quem* ao pasamento do segundo *princeps*. Neste caso non contamos cunha idade de defunción unívoca, senón cun numeral romano LX probabelmente incompleto pola erosión, que informa de que Vecio tiña como mínimo sesenta anos cando finou, ao que cumpriría sumar aínda a idade do seu fillo, non conservada en absoluto. Isto significa que a conclusión hipotética da Veiga, onde o *principatus* pode ser recuado máis ou menos segundo a identidade do seu beneficiario, en Lugo antóllase indefectíbel, pois aquí o que temos é precisamente unha secuencia familiar de dúas xeracións.

A conclusión que se desprende de todo isto é sinxela: os *principatus* que constatan unhas determinadas epígrafes funerarias do século I d.C. exercéronse sen dúbida, en parte, xa dende o século anterior; e mesmo, segundo adiemos máis ou menos a cronoloxía das epígrafes e as descoñecidas idades dos defuntos, potencialmente nos levarían a antes da propia época imperial romana, que como é ben sabido arrinca polos pactos entre Augusto e o Senado no 27 a.C. (cfr. táboa 4).

| FAMILIA PRINCIPESCA CÓPORA | FAMILIA PRINCIPESCA ALBIOA? | |
|---|---|---|
| Verobeo, *princeps*? | | |
| \| | | |
| Vecio, *princeps* | Clustoso, *princeps*? | |
| \| | \| ? | |
| anónimo, *princeps* | Nícer, *princeps*? | antes de *ca.* 1-50 d.C. ↑ |
| ............. \| | ............................................................ | datación epigráfica |
| herdeiros, *principes ciuitatis*? | | despois de *ca.* 1-50 d.C. ↓ |

Táboa 4. Xenealoxías principspescas galaicas.

Semellante cronoloxía, dende logo factíbel mesmo para Nícer e o segundo *princeps Copororum*, e ineludíbel para Vecio e Clutoso –seguimos a ignorar quen foi realmente o *princeps Albionum*–, resulta en calquera caso decisiva para a caracterización histórica do *principatus* galaico. Certamente, en termos xurídicos esta pode semellar unha cuestión insubstancial, pois a unha marxe ou a outra da Era cristiá, o *principatus* situaríase nun contexto idéntico: a condición peregrina, e xa que logo indíxena, do réxime xurídico-político das súas comunidades. Isto sería así en toda a *Callaecia*, como vimos e arredor do que voltaremos, antes da década do 70 d.C.

(§§3, 2; 3, 4; 4, 3-5; 5, 3). Porén, o que me importa sinalar agora é que unha data recuada para o exercicio do *principatus* non se limita a un determinado contexto xurídico local, senón a un máis amplo administrativo e xeo-político.

Neste senso, se o *principatus* galaico pode adscribirse a unha cronoloxía anterior ou simplemente coincidente co establecemento do Principado romano de Augusto (27 a.C.), daquela esta realidade social expresouse nunha *Callaecia* na que as comunidades locais non só mantiñan os seus réximes xurídico-políticos autóctonos, senón na que nin sequera existía unha administración romana. En efecto, a Augusto corresponde a implantación administrativa romana na *Callaecia*, con todo o que isto implica: designación de cargos funcionariais, delimitación de circunscricións administrativas, apertura de calzadas, fundación de cidades, acantoamento militar permanente, xestión de monopolios estatais, etcétera[5].

Mais o remate do século I a.C. coincide tamén no noroeste hispánico coa mesma culminación da conquista romana. Abofé, isto non ha de se malinterpretar levando o carro por uns vieiros erróneos, deica a teimosa adscrición da conquista romana da *Callaecia* ás guerras cántabras (22-19 a.C.), burda simplificación da complexidade deste proceso histórico. De feito, contamos con informacións referentes á conquista do sur da *Callaecia* dende o século II a.C., e do norte ártabro dende a primeira metade do I a.C.[6] A influencia das guerras cántabras na *Callaecia* non pode extrapolarse á totalidade do seu territorio, cuxa meirande parte sufrira dende moito antes as campañas de conquista e houbo de ficar, irremediabelmente, no bando romano neste conflito. As fontes desta guerra silencian a implicación galaica e atribúen sistematicamente a ástures e cántabros o suxeito de confrontación[7]; e as máis recentes prospeccións arqueolóxicas, encetadas a cotío por vellos partidarios do reduccionismo augusteo, recoñecen a diversidade de contextos estratéxicos que atinxen aos novos xacementos militares descubertos, cuxa morfoloxía “non sería incompatíbel cun hipotético horizonte tardo-republicano”[8]. Obviamente, nada disto non exclúe a participación galaica no bando ástur-cántabro; mais si que desbota, dada a dispoñibilidade doutras fontes que certifican unha conquista moi anterior para moitos pobos da faixa occidental atlántica, a súa participación xeral. Para algúns autores, de feito, a conquista romana da *Callaecia* houbo de ser máis obra de César, responsábel da

---

5 Para unha síntese recente, véxase M. Fernández Calo, 2018a, pp. 83 ss.

6 Por exemplo, App., *Iber.*, XII, 70-73, arredor das campañas de Servilio Cepión e Xunio Bruto; Str., *Geog.*, III, 5, 11, arredor da expedición marítima de Licinio Craso; Cas., *Hist.*, XXXVII, 53, arredor da de Xulio César. Para análises pormenorizadas das campañas de conquista romanas de época republicana na *Callaecia*, véxanse C. Torres Rodríguez, sen data; A. Tranoy, 1981, pp. 125 ss.; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 717 ss.; M. Fernández Calo, 2018a, pp. 49 ss.

7 Cfr. Suet., *Caes.*, II, 21; Flor., *Epit.*, II, 33; Cas., *Hist.*, LI, 20; LIII, 25; Oros., VI, 21, 1.

8 J. M. Costa García, & *al.*, 2019, p. 38.

última campaña testemuñada con certeza neste ámbito, ca de Augusto[9]. Sexa como for, cómpre concluír, canda unha xa andada e esencial achega de A. Rodríguez Colmenero ao respecto, que a implicación galaica nas guerras cántabras houbo de reducirse, se acaso, aos pobos interiores, veciños dos ástures, para os que non contamos con reportes dunha conquista anterior[10].

Sexa como for, a conquista romana da *Callaecia* é un proceso complexo que, en certo xeito, tivo en cada pobo unha plasmación individualizada. Lamentabelmente, polo que a albións e cóporos respecta non contamos con datos específicos, e puidera ser tanto que a súa conquista tivese ocorrido canda as guerras cántabras de Augusto, como moito antes. A título hipotético, se cadra se poida suxerir que os cóporos se tivesen visto afectados pola expansión marítima romana da primeira metade do século I a.C., e que os albións, veciños dos ástures, fosen un dos pobos galaicos dobregados só por Augusto, pois non sabemos ata qué punto as campañas marítimas de época republicana rebordaron o golfo ártabro.

Nestas circunstancias, emerxe a posibilidade evidente de que os *principes* testemuñados na nosa documentación exerceran parte do seu *principatus* durante datas anteriores á propia conquista romana dos seus pobos, sobre todo no caso dos albións. Isto comporta, coido que dun xeito decisivo, o carácter non só peregrino, non só castrexo, non só indíxena, senón definitivamente pre-romano, do noso *principatus*… O que non fai senón reforzar, abofé, a postura «indixenista» dominante na historiografía que nos precede, e resultado intrínseco da nosa propia análise epigráfica (§§2 e 5, 3-5).

### 8.3. Deica un panorama arqueolóxico do *principatus*

En base a esta pequena exposición de orde cronolóxica, coido que se pode postular con firmeza que a datación do *principatus* difire substancialmente da da súa documentación, levándonos doadamente ao século I a.C., e mesmo a antes da conquista romana de certas bisbarras do norte da *Callaecia*. Por outra banda, a disparidade contextual dos adicantes e dos adicados da nosa epigrafía principesca tamén resulta indicativa da relevancia social dos *principes* históricos, pois os seus descendentes, nun contexto social moi diferente –concretamente municipal e urbano no caso da epígrafe de Lugo– tiveron un grande interese en se faceren entroncar publicamente con eles a través dos seus epitafios.

Semellante diverxencia, con todo, non debuxa un contexto histórico necesa-

9 F. Calo Lourido, 1993, pp. 88-89; J. de Alarcão, 1995 (1988), p. 26.

10 A. Rodríguez Colmenero, 1977, pp. 43-44. Máis recentemente inciden nesta mesma conclusión A. de la Peña Santos, 2005, p. 152; A. Morillo Cerdán, 2016; M. Fernández Calo, 2018a, pp. 55-56. Engado a título anecdótico que se cadra aquí poidamos situar o episodio do monte Medulio, sempre que sigamos o relato de Orosio (*Hist.*, VI, 21, 7), que o asocia ao Miño; e non o de Floro (*Epit.*, II, 33), que o leva á fronte cántabra da guerra.

riamente contraposto entre o presumíbel acceso dos *principes* testemuñados ao seu rango no século I a.C., e a súa defunción no I d.C. Xa vimos que o contexto xurídico é indistintamente «peregrino», non romano, a unha ou outra beira da Era cristiá (§3, 4), só distinguidas pola meirande ou menor influencia administrativa imperial; circunstancia certamente relevante pero de implicacións moi relativas no específico rol social dunha institución indíxena coma o *principatus*. En efecto, nun contexto xurídico peregrino, o *princeps*, independentemente do sancionamento imperial externo, expresaría a mesma autoridade étnica perante o seu pobo, xa estivese este máis ou menos integrado nas estruturas provinciais, e tivese ou non sufrido xa as guerras de conquista. Mais o continuísmo entrambos os contextos, dos adicantes e dos adicados, non se limita a esta difusa permanencia do réxime xurídico autóctono, senón ás propias tendencias estruturais da *Callaecia*, plasmadas no rexistro arqueolóxico da súa cultura castrexa.

En efecto, os séculos contiguos ao comezo da Era cristiá nos que vimos de situar o lapso biográfico dos nosos *principes* coinciden coa convencionalmente considerada derradeira fase da cultura castrexa da *Callaecia*: a que vería, por unha banda, o seu máximo desenvolvemento material, e pola outra, o seu estancamento e devalo. Se este límite superior equivale á latinización xurídica da década do 70 d.C. (§§10, 5-6), o inferior cómpre balizalo, segundo admite o consenso académico, e aínda cunha ampla indefinición posíbel de décadas, no remate do século II a.C.

Esta data marca unha excepcional inflexión histórica, embora obviamente só materializada ao longo do resto da etapa. O fito inicial coincide en boa medida co comezo da conquista romana da *Callaecia*, que arrinca a partires do 139 a.C. e que en adiante iría espallando a influencia de Roma pola rexión. Non pretendo volver sobre a cuestión da conquista romana –verbo á que xa apuntamos a diversidade de situacións que suxire o noso escaso rexistro histórico– nin a das datas probábeis, e diverxentes, nas que este proceso puido afectar aos albións e aos cóporos cuxos *principes* testemuñamos (§8, 2). Importa aquí, porén, sinalarmos que esta influencia imperialista externa é entendida habitualmente como un fulcral factor operativo das transformacións que van ocorrer en adiante na *Callaecia*, embora isto ofreza lecturas diversas: procesos de agregación etno-política condicionados pola ameaza militar[11]; imposición de obrigas fiscais sobre pobos anteriormente libres que se terían así visto obrigados a artellaren novos mecanismos de distribución e acumulación pública de recursos[12]; desenvolvemento material favorecido pola estabilidade xeo-política resultante da conquista[13]… Sen ánimo de entrarmos neste debate –que

11 A. C. F. da Silva, 1995, p. 524; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 431 ss.; F. J. González García, 2011a.
12 I. Sastre Prats, 1999, pp. 200 ss.; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 757 ss.
13 F. Calo Lourido, 1997a; C. A. B. de Almeida, 2016.

de feito, para variar na investigación histórica e arqueolóxica da *Callaecia* antiga, non existe como tal, senón máis ben como pluralidade de posturas contraditorias–, coido pertinente sinalarmos que as diferentes solucións que se teñen ofrecido resultan potencialmente complementarias, e indistintamente válidas para explicaren a sen dúbida multifacética e variábel situación xeo-política da *Callaecia*, segundo a influencia romana se foi espallando pola rexión e esta foi sendo contestada puntualmente polas revoltas e conflitos civís característicos do momento. Ao meu ver, como lectura unificadora, sería difícil eludir que esta etapa se enmarca dende logo nun contexto xeo-político no que o poder imperial romano actuará de *hēgemṓn*, tanto coas colectividades etno-políticas afíns e sometidas coma coas hostís e libres, con todo o que isto implica en canto a contrapeso e eventual desestabilizador das relacións ínter-étnicas da rexión[14].

Esta etapa nace, xa que logo, nun contexto xeo-político sen precedentes na *Callaecia*; pero en moitos aspectos vai simplemente continuar e afianzar unhas tendencias estruturais previas, que levaban moito tempo operando na cultura castrexa. Así, o comercio exterior seguiría mediatizado polos mercaderes fenicios, agora integrados na estrutura provincial romana que condicionará a penetración de cerámica campaniense e moeda nos xacementos da rexión[15]. Esta é tamén a época da verdadeira proliferación da siderurxia nativa, só timidamente desenvolvida nos séculos anteriores (cfr. §10, 3); e do mesmo xeito, como máis adiante trataremos polo miúdo, semella que só a partires de agora se producirá a grande eclosión da riquísima ourivaría castrexa (§9, 2).

Pola súa banda, o castro, núcleo de asentamento característico e virtualmente exclusivo na *Callaecia* dende canda menos tres ou catro séculos atrás, mantén toda a súa vella influencia, embora agora enmarcada na súa diferenciación cualitativa. É característica desta etapa, en efecto, a colonización castrexa do fondo dos vales[16], proceso culminado agora pero probabelmente latente varios séculos atrás[17]. Outras áreas, sobre todo as montañas do interior galego e do antigo *conuentus iuridicus* asturicense, arredadas dos ritmos xerais da *Callaecia* na anterior etapa, van experimentar un notábel desenvolvemento, máis serodio, vinculado á actividade mineira[18]. A petrificación dos poboados, xeneralizada nas estruturas defensivas e domésticas xa dende a fase arqueolóxica anterior, é unha realidade mantida na grande proliferación castrexa dende o remate do século II a.C. (cfr. §10, 3). O careado, talla da

14 Cfr., en meirande fondura, M. Fernández Calo, 2018a, pp. 80 ss.

15 J. L. Naveiro López, 1991, p. 176.

16 Cfr. G. Pereira Menaut, 2005, p. 121; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 781 ss.; C. A. B. de Almeida, 2016, pp. 117-121.

17 Cfr. C. Parcero Oubiña, 2000, pp. 322 ss.; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 273-274.

18 Cfr. A. Arizaga Castro & X. Ayán Vila, 2007, p. 487.

pedra previa á súa utilización, desenvolvido dende o século III a.C., atopa agora unha nova dimensión ao abeiro do progreso metalúrxico e a eclosión, no século I a.C., da plástica castrexa[19]. Estes traballos canteiros, canda a xa aludida siderurxia e ourivaría, albiscan o afianzamento da especialización laboral sobre a base labrega que definiu e predominou sempre na sociedade castrexa (cfr. §10, 3). A ourivaría, pola súa banda, evidencia a acentuación das diferenzas sociais verbo ao período precedente (§9, 2).

Emporiso, esta fase non se define só polo afianzamento dunhas tendencias estruturais previas, a proliferación dos castros e a asimilación de áreas ata daquela culturalmente afastadas, senón tamén por novidades sen precedentes na rexión, amais da súa mesma rexionalización.

Neste senso, será na parte meridional da *Callaecia*, nas bisbarras costeiras e vales fluviais do futuro *conuentus* bracarense, onde, sobre todo ao longo do século I a.C., ocorran unhas transformacións máis radicais, co xurdimento dos grandes castros, auténtico fenómeno de urbanización castrexa[20]. Xa tivemos ocasión de comprobarmos cómo procesos deste tipo se corresponderon sempre a unhas decisivas transformacións socio-políticas, e nomeadamente constitucionais, ao longo do mundo circunmediterráneo antigo (§§7, 3 ss.). E neste senso, malia que o identidade comunitaria se expresaría no pulo sen precedentes das obras de fortificación e, agora, nas pavimentacións e na creación de espazos públicos, van emerxer tamén por fin diferenzas significativas entre as unidades domésticas constituíntes dos asentamentos. A decoración arquitectónica e a escultura castrexa, case por enteiro circunscrita a esta área meridional dos grandes castros, suxire a amortización de recursos, ou «fondo cerimonial», impulsado por parte das elites emerxentes para potenciaren o seu prestixio social[21]. O grupo doméstico, fronte á comunidade de asentamento, convértese no referente identitario por excelencia, o que resulta especialmente evidente na tipoloxía arquitectónica da «casa-pátio» castrexa[22]. O progreso do comercio, indubidoso factor operativo do desenvolvemento dos grandes castros, é consubstancial á acumulación diferencial de riqueza e, xa que logo, á estratificación social. E os procesos de «sinecismo», dos que tales asentamentos xurdiron en termos demográficos ao integraren a poboación de castros preexistentes[23], vincúlanse de seu á xerarquización

---

19 Arredor da plástica, véxase F. Calo Lourido, 1994.

20 Véxanse C. A. F. de Almeida, 1983, p. 189; A. C. F. da Silva, 1995, pp. 517 ss.; F. Calo Lourido, 2005; *id.*, 2016; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 318 ss.; X. B. Currás Refojos, 2014, p. 770.

21 F. Calo Lourido, 1994, p. 689.

22 A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 400-409, insiste en asimilar por esta razón a sociedade bracarense deste tempo ao difuso concepto lévistraussiano *société à maison*; o que con todo ten impugnado, tanto no seu fondo teórico coma na súa aplicación, X. B. Currás Refojos, 2014, pp. 242-250.

23 A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 328 ss.; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 780-781; F. Calo Lourido, 2016, p. 106.

dun *hinterland*, o que racharía, por primeira vez, coa descohesión que caracterizara sempre o poboamento castrexo[24].

Fronte a estas transformacións sen precedentes na *Callaecia* meridional, boa parte do interior tramontano bracarense e todo o ámbito setentrional lucense van ficar moito máis tempo ancorados na tradición propia da etapa anterior. E é aquí, efectivamente, onde aparecen os *principes*, como reclamando o seu vencellamento coa máis anterga tradición da *Callaecia* castrexa… Evocando, en fin, por última vez, a súa teimuda impronta indíxena.

Tal foi a era dos *principes* da *Callaecia*: o limiar da Era cristiá, definido pola derradeira fase da cultura castrexa e o estatuto xurídico peregrino das súas comunidades; e nas bisbarras setentrionais, as de meirande interese para nós, polo meirande conservadorismo cultural. Ese é o tempo no que os *principes* viviron e morreron; e no que se cadra descanse a pegada do seu poder… Chegou pois o intre de o rastrexar.

24 A. C. F. da Silva, 1986, pp. 27 e 43; F. Pérez Losada, 1998, p. 263; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 318 ss.; F. J. González García, 2011a. Cómpre apuntar, con todo, que o papel politicamente central dos grandes castros non pode ser acriticamente xeneralizado a todos estes xacementos: cfr. F. Calo Lourido, 2016, p. 103; na mesma liña pero para *oppida* extra-galaicos, G. Woolf, 1993.

# 9. O *PRINCEPS* E OS SEUS ATRIBUTOS

Discernirmos o *principatus* como institución propia da conservadora *Callaecia* setentrional no limiar da Era cristiá ábrenos un contexto social ben definido, histórica, arqueolóxica, xeográfica e culturalmente, no que o incardinar. Mais abre tamén a controvertida cuestión da organización social da cultura castrexa, verbo á que existen hoxe posturas irreconciliábeis, ás que xa temos referido irremediabelmente ao encetarmos a historiografía do *principatus* (§2, 9), pero cuxa valoración e resolución fican tan lonxe dos obxectivos específicos do presente ensaio. Apenas me limitarei a sinalar, neste senso, que a nosa unívoca identificación do *principatus* como unha institución rexia semella *a priori* probabelmente incompatíbel coa lectura en clave «segmentaria» da cultura castrexa, aparentemente beneficiosa para a contraria lectura «heroica», e simplemente útil para posturas menos ríxidas. Pero a miña intención non é, nin moito menos, ocuparme do debate arqueo-antropolóxico vixente en toda a súa amplietude, senón só extraer o que algúns aspectos concretos da cultura castrexa daquel tempo poden aportar á avaliación do rol social do *principatus*. Sen dúbida, o postulado dunha realeza galaica no limiar da Era cristiá ten moito que dicir verbo á organización social da cultura castrexa; mais o que agora nos importa é o que o amplo pero desdebuxado rexistro material e inmaterial desta ten que dicir para a avaliación do propio *principatus*.

Isto non nos sitúa perante unha tarefa doada, e menos ca doada unívoca, dada a inexistencia de fontes explícitas complementarias aos isolados epitafios principescos que xa estudamos en fondura (§§1 e 4-5). Non somos os primeiros en bater con este problema, certamente con escasos visos de resolución; e que como tal ten xerado como alternativas a simple desatención pesimista, por unha banda, e o recurso sistemático de métodos comparativos pola outra, segundo fica xa recolleito, con vocación de síntese, na historiografía que encetamos nun dos capítulos introdutorios deste ensaio (§2). Diversas achegas xa teñen, neste senso, conxecturado visións moi

concretas da sensibilidade ideolóxica, da praxe cerimonial e dos mecanismos de reprodución social das realezas pre-históricas da *Callaecia* en base a indicativos decote xenéricos cando non dubidosos. Así, por exemplo, quixéronse ver cerimonias entronizatorias nos podomorfos da nosa arte rupestre[1] e, a nivel de substrato, nun certo rito demarcatorio galego do Antigo Réxime[2]; sen esquecermos o suposto, e xa tratado, simbolismo rexio do motivo solar da estela da Veiga (§1, 5). Pretendeuse mesmo identificar a influencia dunha institución análoga á chamada *tanistry* gaélica –a asociación ao trono dentro da liñaxe agnaticia, a cotío en beneficio de irmáns, curmáns ou sobriños– na xeneralidade das realezas hispanas antigas[3], cando tal institución é privativa de Irlanda tanto no mundo celta coma no indoeuropeo, e a súa extrapolación hispana non ten máis base ca un lote de testemuños lacónicos, isolados e sen discriminación de fronteiras etno-lingüísticas, de liderados dúplices e conflitos sucesorios entre curmáns… E cando, malia a precariedade do noso rexistro, o que constatamos na *Callaecia* é un *principatus* prosaicamente herdado de pais a fillos (cfr. §4, 5). En fin, independentemente do seu variábel atractivo, todas estas hipóteses antóllanse simplemente inverificábeis, a cotío alleas á posibilidade dunha discusión rigorosa ao abeiro de argumentos positivos ou negativos; pero a súa relación coa cultura castrexa resulta, iso si, no mellor dos casos tanxencial.

Non pretendo aplicar aquí ningún método comparativo, tal como teñen feito, mellor ou peor, múltiples achegas das que nos preceden, cuxas proposicións temos discutido, desbotado e eventualmente admitido ao longo do presente ensaio, e que agora vai tocar simplemente eludir. Tampouco pretendo achegar unha interpretación monolítica do *principatus* en canto a realeza, postulándolle unhas funcións unívocas e unha determinada sensibilidade ideolóxica e praxe cerimonial que coido que estamos aínda moi lonxe de poder enxergar. O meu obxectivo é ben máis modesto, e coido que tamén ben máis necesario: incardinarmos o *principatus* na súa sociedade, a cultura castrexa; calibrando as implicacións potenciais que rexistro histórico desta suxire arredor do posíbel desempeño concreto desta institución.

De entre este rexistro –sen dúbida cunha complexidade intrínseca lonxe de poder ser satisfeita cun simple capítulo– propoño de seguido atender ás posíbeis implicacións da panoplia guerreira, a ourivaría e a escultura castrexas; amais de avaliarmos a influencia que as clientelas militares e as caudillaxes excepcionais, factores suxeridos dende certas achegas, puideron ter na nosa institución. Isto proporcionaranos unha caracterización social hipotética do *principatus*, que tentarei conxugar nun derradeiro apartado, ensaio de síntese para este capítulo.

---

1 M. V. García Quintela & M. Santos Estévez, 2000; A. Pena Graña, 2004b.

2 A. Pena Graña, 2004b, p. 119; véxase tamén, nomeadamente, M. Tenreiro Bermúdez, 2007.

3 M. V. García Quintela, 2006. Xa A. Pena Graña, 2004a e 2007, a quen o anterior ignora, viña insistindo na extrapolación da *tanistry* irlandesa á *Callaecia* antiga e medieval, embora dun xeito certamente máis disperso: cfr. §2, 2.

### 9.1. O *princeps* e as armas

Na historiografía que nos precede, a dirección militar conforma unha das suxerencias máis recorrentes arredor do rol social do *principatus*[4]. Aínda se isto non fose asi, a cuestión antollaríasenos de obrigado tratamento, ao se referir a unha función por enteiro previsíbel en calquera realeza antiga ou xefatura pre-estatal. Porén, non podemos discutir o rol militar dos *principes* sen antes avaliarmos a dimensión da guerra e das actividades bélicas na súa sociedade. Lamentabelmente, coma case todo o que arrodea á cultura castrexa, esta cuestión vese envolta dunha forte controversia sen visos de resolución. O moi precario rexistro armamentístico castrexo ten cominado decote a matización da importancia da guerra nesta cultura[5]; pero as armas, independentemente do seu restrinxido valor cuantitativo e cualitativo, están aí, e resultan ineludíbeis para avaliarmos a organización social castrexa[6], e canda ela, o potencial rol militar do *principatus*. Tal é a tarefa á que adicaremos o presente apartado.

Quen máis ten estudado nos últimos anos a cuestión da guerra na cultura castrexa é F. J. González, autor verbo do que xa referimos noutro capítulo a súa vinculación coa «teoría heroica» (§2, 9), e que encetou na década do 2000 unha serie de pescudas dirixidas a rehabilitar o carácter belicoso desta sociedade[7]. Porén, a súa achega non se vai limitar á argumentación deste carácter, senón a postular ademais un modelo moi definido da súa evolución. Seguindo as teorías antropolóxicas de P. Clastres, F. J. González vai reducir a Idade do Bronce final, caracterizada como veremos no vindeiro capítulo pola estratificación social e o abondoso rexistro dunha panoplia militar indubidosamente aristocrática (§10, 3), centrada na espada, a unha «sociedade con guerreiros», na que a guerra sería unha adicación preferente dun sector social individualizado e dominante, que con ela catalizaría a súa influencia e reprodución social. O tránsito deica a Idade do Ferro, pola contra, caracterizado –como tamén veremos– pola matización das diferenzas sociais, xeraría unha «sociedade guerreira», onde toda a comunidade, máis igualitaria, armada con lanzas e puñais, sería equivalentemente responsábel do exercicio das armas e a condición de guerreiro universal; e onde a influencia dos combatentes dependería non da herdanza

---

4 Presente mesmo antes da lectura étnica do *principatus*, como amosa a interpretación de E. Hübner no seu *CIL* II, 2585. A faceta militar foi retomada logo do achado da estela da Veiga por A. D'Ors, 1944, p. 125; e a partires del por múltiples investigadores, coma A. C. F. da Silva, 1986, p. 279; J. C. Bermejo Barrera, 2005 (1986), pp. 111-112; A. Pena Graña, 1993; E. Pitillas Salañer, 2003, pp. 82-83; M. V. García Quintela, 1999, p. 217; M. Costa García & E. Carlsson-Brandt Fontán, 2015, p. 21. Tamén, dun xeito canda menos implícito, os autores vinculados á «teoría escultórica»: J. de Alarcão, 1998, pp. 51-52; A. Rodríguez Colmenero, 2013, pp. 304-305. Cfr., para o encadramento historiográfico de todas estas achegas, §2.

5 Por exemplo, F. Calo Lourido, 1993, pp. 187-188.

6 Cfr., na mesma liña, B. X. Currás Refojos, 2014, p. 558.

7 F. J. González García, 2006; *id.*, 2007a; *id.*, 2009a.

do seu *status*, senón das súas fazañas individuais[8]. Tal organización social definiría longo tempo a Idade do Ferro galaica.

Porén, xa vimos que deica remates do século II a.C. ocorreu unha inflexión histórica sen precedentes no devir da cultura castrexa (§8, 3); e é tamén por esas datas cando escomeza a emerxer un meirande volume de información que nos permite achegarnos con grande precisión ao aspecto dos combatentes galaicos daquel tempo. Para F. J. González, a imaxe resultante, a mesma que ofrecen as explicacións dos autores greco-romanos[9] e a propia estatuaria castrexa (est. 8)[10], indicaría a reedición dunha «sociedade con guerreiros»:

> A panoplia destes [novos] guerreiros comprendeu un pequeno escudo circular (*caetra*), un casco, daga e algunhas lanzas, unha túnica de liño amarrada ao van, e elementos decorativos tales coma torques, brazaletes ou *uiriae*. Individuos equipados deste xeito houberon de pertenceren a unha nova aristocracia guerreira, pois o equipamento dos combatentes ordinarios, coma na Idade do Bronce, era moito máis modesto[11].

Tal é a lectura que, en liñas xerais, unifica a toda a corrente «heroica»[12]. Porén, a mesma imaxe exacta pode ser interpretada en termos antitéticos, como pode ilustrar X. B. Currás Refojos, precisamente vinculado á contraria corrente «segmentaria»:

> Un varón adulto coa espada cinguida, o escudo colgado e unha lanza na man podería ser unha estampa relativamente habitual na caracterización de todos os homes da comunidade; un feito que redunda no carácter comunal da guerra [castrexa][13].

Emerxe, pois, a total ambivalencia interpretativa dun mesmo aspecto da cultura material. Hai realmente razóns para isto? Non o creo. Coido, de feito, que o problema está na obxectividade, ou falta dela, entre os investigadores; non na ambigüidade do rexistro. Pois, se optamos por interrogar tal rexistro con obxectividade, no canto de empregalo subxectivamente para favorecer premisas preconcibidas, as respostas que nos pode dar, lonxe de sumirnos na ambigüidade, semellan dabondo unívocas. Explícome.

Non é a miña intención encetar a avaliación exhaustiva do rexistro que probabelmente este asunto demandaría, pois a súa relación co noso obxecto de estudo, o *principatus*, é só transversal. Mais coido pertinente tratar de respostarmos a unha soa pregunta que, de seu, pode abrir unha solución satisfactoria ao problema formulado:

---

8 Cfr., arredor destes conceptos, P. Clastres, 1981, pp. 217 ss.

9 Nomeadamente, Str., *Geog.*, III, 3, 6; Diod., *Hist.*, V, 34, 6-7.

10 Para un catálogo actualizado, véxase F. Calo Lourido, 2003, pp. 6-32; do mesmo xeito, *id.*, 1994, pp. 668-692.

11 F. J. González García, 2009a, p. 70.

12 A. J. González Ruibal, 2006-2007, pp. 225-226; J. Rodríguez Corral, 2009, pp. 211-212.

13 B. X. Currás Refojos, 2014, p. 577.




Estampa 8. Estatuas de guerreiros
Debuxo dalgúns exemplares representativos da máis senlleira tipoloxía escultórica da arte castrexa meridional. En orde de lectura, pezas de Lezenho (A-B), São Julião (C), Campos (D-E), Meixedo (F), Santo Ovídio de Fafe (G), Santa Comba de Basto (H-I). Segundo A. C. F. da Silva, 1986.

é a panoplia castrexa atribuíbel a un uso isonómico ou aristocrático? Tratarei de respostar a isto aducindo paralelos externos, pois coido que é o xeito máis doado e ilustrativo de facelo. Neste senso, ningún dos capacetes, coirazas ou escudos coñecidos ou presumidos na cultura castrexa destacaría en absoluto como «aristocrático» no medio de, por exemplo, o equipamento hoplítico, que como é ben sabido –e o propio F. J. González concorda expresamente– foi en Grecia "a manifestación bélica do ideal isonómico da *pólis*"[14]. De feito, a *caetra* galaica resulta ben máis modesta e probabelmente máis asequíbel na súa sociedade có antigo *hóplon* grego, e non digamos có *scutum* itálico coetáneo. As armas ofensivas non debuxan un panorama diferente: das coñecidas, probabelmente as de meirande prestixio fosen os puñais afalcatados e de antenas que, respectivamente no sur e no norte da *Callaecia*, escomezan a emerxer no rexistro arqueolóxico canda menos dende o século II a.C. (est. 9)[15]. Ao meu ver, o parcial solapamento xeográfico dos dous tipos aludidos podería suxerir a adopción máis serodia dos puñais afalcatados, de evidente impronta mediterránea, sobre unha tradición anterior representada polos puñais de antenas que morfoloxicamente semellan derivar das espadas análogas da Idade do Bronce final[16]. Mais fose cal for a secuencia histórica que definiu a adopción destas armas na *Callaecia*, as súas implicacións tácticas resultan idénticas; e a súa posesión dista tamén de poder ser restrinxida a unha aristocracia guerreira. De feito, o tamaño dos puñais galaicos achados raramente reborda os 35 centímetros[17]. Non creo que isto desbote a súa condición de verdadeiras armas, como matizan algúns autores, mesmo partidarios da natureza aristocrática da guerra castrexa[18]; pero dende logo si que as sitúa moi por detrás doutras armas coetáneas, coma o *gladius* itálico ou a *falcata* ibérica, que sabemos que estiveron a disposición de amplos continxentes populares.

Obtemos, pois, que nin un só dos elementos da panoplia castrexa pode ser contemplado, nin moito menos, como privativo ou sequera definidor dun sector social preeminente. É moi doado citar como excepción as alfaias, pero evidentemente estas non forman parte da panoplia. Por elas, e só por elas, se pode xustificar que F. J. González, no seu texto arriba reproducido, intúa a presenza dunha aristocracia guerreira; mais unha elite deste tipo cómpre definila pola pose dun armamento que poida ser privativo dela, e non pola ourivaría, que pode ter moitos significados. En efecto, sen saírmos do modelo interpretativo de P. Clastres, a ourivaría pode distinguir á aristocracia herditaria dunha «sociedade con guerreiros»; pero ben pode facelo tamén cos campións circunstanciais dunha «sociedade guerreira». Mais nin

14 F. J. González García, 2009a, p. 67.

15 Cfr. A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 423 ss.; B. X. Currás Refojos, 2014, p. 568.

16 Cfr. J. Rodríguez Corral, 2009, p. 125.

17 A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 427-428.

18 Cfr. F. Calo Lourido, 1993, p. 188; J. Rodríguez Corral, 2009, p. 211-212.




Estampa 9. Puñais de antenas
Algúns exemplares representativos da tipoloxía armamentística máis característica da área setentrional da cultura castrexa. En orde de lectura, puñais de Penécaros (A), Viladonga (B) e Santa Trega (C). Con estes tres exemplares cubrimos a práctica totalidade da singular área de distribución destas armas na *Callaecia*, da actual Asturias ata a foz do Miño… Amais dun rango cronolóxico ben máis incerto. Sen relación de escala. Fotografías de M. A. de Blas Cortina & A. Villa Valdés, 2007 (A); Museo de Viladonga (B); F. J. Torres Goberna, 2012 (C).

sequera temos que limitarnos ao unidireccionalismo dunha teoría antropolóxica. En realidade, a ourivaría, de seu, sinala distinción social, non necesariamente –nin moito menos– o carácter, simbolismo ou ideoloxía militar subxacente en tal distinción; e precisamente no vindeiro apartado ocupareime *in extenso* doutros significados extra-militares das xoias da cultura castrexa e doutros factores sociolóxicos incidentes na súa eclosión ouriveira (§9, 2). O que temos, en suma, é unha panoplia isonómica solapada a unha ourivaría que pode ter moitos significados alén da guerra e da aristocracia. Non me resisto, en fin, a parafrasear a F. Calo Lourido, o meirande estudoso da plasmación plástica do guerreiro galaico: albiscar nesta figura o reflexo de aristocracias militares ou "guerreiros profesionais" se cadra se antolle "unha magnífica ximnasia mental –pola dificultade– pero pode chegar a rematar nunha vía morta"[19]. Pecharei, pois, esa vía, da que non coñezo nin un só indicio material, nin tampouco unha soa xustificación entre os seus partidarios, para os que a presunción de aristocracias guerreiras se antolla un punto de partida máis ca de chegada. E o meu punto de chegada, coido que dabondo xustificado, é que na cultura castrexa, mesmo despois do século II a.C., as actividades e responsabilidades militares seguían atinxindo por igual e dun xeito equivalente a toda a comunidade; ou canda menos, a dos varóns adultos.

Abofé, case sobra xustificarmos a partires do rexistro arqueolóxico o carácter non aristocrático dos usos bélicos da antiga *Callaecia*, cando as propias fontes clásicas explican teimudamente a súa expresión máis xenuína, o bandoleirismo propio de todo o occidente da península ibérica, pola pobreza dos seus pobos e dos seus combatentes[20]. Neste senso, a investigación da cultura castrexa non é precisamente un terreo virxe na aplicación do paralelo institucional da «banda guerreira» indoeuropea (**koryos*)[21]. Certamente, os seus indicios resultan pouco concluíntes na *Callaecia* e dende logo non semella oportuna a súa simple inferencia por extrapolación; mais dende o clásico estudo de K. MacCone ao respecto reuniuse unha evidencia firme a prol da súa presenza na propia sociedade proto-indoeuropea[22]. De feito, a reconstrución desta institución presenta unha forma moi concreta, repetida unha e outra vez nas máis diversas sociedades indoeuropeas ao longo de Eurasia. Non estará de máis achegarmos unha visión xeral desta antiquísima institución, para o que podemos acudir ao necesariamente sintético artigo ao respecto da *Encyclopedia of Indo-European Culture* de J. P. Mallory e D. Q. Adams:

---

19 F. Calo Lourido, 1993, p. 193.

20 Str., *Geog.*, III, 3, 5; Diod., *Hist.*, V, 34; App., *Iber.*, XIII, 61.

21 Nomeadamente, dende as pescudas de B. García Fernández-Albalat, 1990, pp. 235 ss. Arredor da reconstrución paleo-lingüística, cfr. J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, p. 30: «army».

22 K. MacCone, 1987.

> Hai dabondas correspondencias léxicas, e dende logo estruturais, para reconstruírmos unha «banda guerreira» proto-indoeuropea, comprendendo un segmento de idade de varóns solteiros sen terra, pero libres, que vivían fóra da comunidade encetando actividades predatorias, cunha particular asociación cos lobos –ou en menor medida, cans ou osos–, [chegando a seren] famosos polo seu comportamento de tipo *berserkr* na batalla, e podendo conformar as «tropas de asalto» nos encontros militares. [Mais] isto era un segmento particular de idade [… cuxos membros, de] casados e asentados na súa terra, entraban no **teutéha-*, a organización tribal dos adultos, ficando aínda susceptíbeis á conscrición militar[23].

Neste senso, cando Diodoro Sículo explica que os mozos máis pobres da Lusitania –na que xenericamente se incluíu a *Callaecia* ata Augusto– se botaban ao monte onde se reunían en bandas e se adicaban ao saqueo[24], está a describir unha dinámica social que, canda menos a título de hipótese razoábel, se pode entender ao abeiro do modelo teórico da banda guerreira indoeuropea. Emporiso, non se pode pretender substraer este modelo do contexto estrutural que lle reconstruíu a paleontoloxía lingüística e da propia explicación socio-económica que no noso caso lle daban expresamente os antigos, como se ten feito tan a cotío, se cadra para facelo casar cunha imperceptíbel aristocracia guerreira[25]. En efecto, máis do que tal aristocracia, nas bandas lusitanas atopamos un precario arcaísmo, como efectivamente teñen sabido ver xa algunhas outras achegas[26]. Ao meu xuízo, é precisamente esta faciana económica da banda guerreira a que enxerga a súa influencia máis transcendental: os seus compoñentes ordinarios eran mozos solteiros que a través das súas actividades militares reunían o capital necesario para formalizaren a súa vida adulta. Isto ten máis importancia do que *a priori* puidera parecer, pois na xeneralidade das sociedades indoeuropeas arcaicas unha forma de legalización típica do matrimonio era a retribución do «prezo da noiva» (**wedmo-*) ao sogro[27]. Este factor da banda guerreira xa ten sido obxecto de consideración por A. Pena Graña; e malia persoalmente non coincidir coa súa visión xeralmente aristocrática deste fenómeno social, coido que merece algunha atención a súa suxerencia arredor de que o «prezo da noi-

---

23 J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, p. 31.

24 Diod., *Hist.*, V, 34, 6; cfr. Str., III, 3, 5.

25 Así, por exemplo, J. C. Bermejo Barrera, 1981, pp. 273-274; J. M. Vázquez Varela & M. V. García Quintela, 1998, pp. 136 ss.; A. Pena Graña, 2004a, pp. 98 ss.; F. J. González García, 2007a, pp. 36 e 46. Tamén, con meirande moderación arredor da entidade desta elite guerreira, F. M. V. R. Queiroga, 1992, p. 89. O sesgo que supón obviar a vertente socio-económica do antigo bandoleirismo hispano xa ten sido denunciado por J. M. Blázquez, 2001, p. 180.

26 Por exemplo, M. Almagro Gorbea, 1992, pp. 5-31, pp. 14-15; A. Balboa Salgado, 2005, p. 167; M. Llinares García, 2016, p. 77.

27 Cfr. J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, cit., pp. 82-83: «bride-price»; para a relación entre esta institución e a propia banda guerreira no contexto das culturas arqueolóxicas asociadas á sociedade proto-indoeuropea, véxase D. W. Anthony, 2007, p. 239.

va» podería estar detrás da referencia estraboniana arredor das dotes «inversas», de homes a mulleres, practicadas polos cántabros[28]… Máis difícil resulta, certamente, extrapolala á *Callaecia*[29].

Sexa como for, impórtame salientar que a banda guerreira emerxe así como un verdadeiro mecanismo isonómico, garante da promoción social ao capitalizar aos seus continxentes, abríndolles as portas para acadaren unha posición de prestixio na súa sociedade: nin máis nin menos cá de cabeza de familia. En casos excepcionais, estes guerreiros puideron chegar de feito a superaren as limitacións sociais convencionais, como exemplifica Viriato e a súa construción embrionaria, como vimos e sobre o que voltaremos, dunha monarquía agregativa (§§7, 2; 9, 5). Mais a banda guerreira é definitivamente unha institución «á marxe» da sociedade, que posibilita a algúns dos seus membros marxinais a adquisición do seu lugar «dentro» da mesma. De ningún xeito se pode inferir disto a existencia dunha aristocracia guerreira, ou unha «sociedade con guerreiros», se non máis ben o contrario: é precisamente a través destas actividades de mocidade pola que algúns individuos se integrarían na súa adultez, por mantermos os termos de P. Clastres e F. J. González, na «sociedade guerreira». Por iso –e así chegamos por fin ao obxecto esencial da nosa exposición– a figura preeminente desta sociedade, o *princeps*, arrédase de toda relación posíbel con tales continxentes extra-sociais.

Abofé, a integración das hipotéticas bandas guerreiras –e a da xeneralidade dos propios adolescentes castrexos– na sociedade dos adultos abre irremediabelmente a cuestión dos ritos de paso na cultura castrexa, e isto o papel do *princeps* como potencial dirixente cerimonial dos mesmos. Non é precisamente a participación en bandas guerreiras o rito de paso no que procede discernir a figura do *princeps*, xefe do seu pobo, non caudillo de adolescentes. Mais é ben sabido que as xefaturas pre-estatais se asociaron a cotío á posesión de artefactos ou capacidades máxicas imprescindíbeis para a culminación de determinadas cerimonias e garantiren así a reprodución social[30]; de xeito que o rol do *principatus* si que se podería albiscar noutro tipo de ritos de dimensión máis comunitaria, fose cal for a súa relación coas actividades guerreiras xuvenís.

Por razóns principalmente historiográficas, neste problema resultan ineludíbeis as saunas castrexas, das que está catalogado un nutrido grupo setentrional fortemente asimilábel á área de constatación do *principatus*[31], e verbo ás que se ten suxerido tan insistentemente a súa vinculación a rituais deste tipo, mesmo de iniciación específica en irmandades guerreiras. Con demasiada frecuencia se ten suxerido, tamén, a

28 A. Pena Graña, 2004a, pp. 99 e 104-105, a partires de Str., *Geog.*, III, 4, 18.
29 Cfr. F. Calo Lourido, 1993, pp. 172-173.
30 Cfr. M. Godelier, 1999, p. 24.
31 Véxase, nomeadamente, A. Villa Valdés, 2011.

súa relación coa banda guerreira indoeuropea[32]; o que ao meu ver comporta unha *contradictio in terminis* ao se opor o carácter evidentemente socializador da sauna ao extra-social da banda guerreira. O binomio «saunas-ritos de iniciación», tan suxestivo para as funcións sociais do *principatus* é, con todo, unha cuestión difícil de concretar –ritos de paso universais ou exclusivos; relación ou non coas bandas guerreiras…?– da que, de feito, non existe unha base positiva firme, escomezando pola cronoloxía[33]. Ademais, a única información de índole etnográfica da que dispomos arredor da sauna castrexa é unha pasaxe de Estrabón referida aos baños de vapor e auga fría que, "ao xeito dos espartanos" (*lakōnikōs*), adoitaban tomar as xentes do Douro[34]. Abofé, non resulta doado extraermos desta noticia, transmisora dunha "evidente impresión de cotidianeidade"[35], un rito de paso determinado nin moito menos a súa función estritamente guerreira[36]… Nin, por suposto, tampouco ningunha relación sobranceira dos *principes* coas saunas.

Sexa como for, elementos coma a panoplia, o bandoleirismo e mesmo unha interpretación en clave «militar» dos baños castrexos distan de reflectiren aristocracia ningunha, e de feito apuntan teimudamente, un por un, deica a solución contraria.

Porén, así como o bandoleirismo se pode atribuír a uns continxentes «extra-sociais», e a sauna, segundo certas achegas, á iniciación, ou sexa, á «socialización», claro é que existiu tamén outro tipo de guerra –independentemente de teren coincidido ou non as súas tácticas militares– que si implicou á sociedade en conxunto: refírome, abofé, á guerra intercomunitaria. É aquí onde cómpre albiscarmos o papel militar, se o tiver, do *princeps*.

A este respecto, dáse un abraiante reducionismo na investigación arqueolóxica da cultura castrexa, presente mesmo, indistintamente, nas irreconciliábeis teorías «segmentaria» e «heroica», que adoita reducir a noción da violencia intercomunitaria a simples dinámicas de confrontación bilateral entre castros[37]. Non creo que esta fose, nin moito menos, a expresión exclusiva do conflito intercomunitario na *Callaecia* castrexa, e en caso de selo non se podería vincular ao papel do *principatus*, realeza sobre pobos enteiros, non sobre castros individuais (cfr. §4, 2). Lamen-

---

32 M. Almagro-Gorbea & J. R. Álvarez-Sanchís, 1993, pp. 211 ss.; A. Balboa Salgado, 2005, pp. 176-177; F. J. González García, 2007a, p. 46.

33 Sobre todo A. Villa Valdés, 2011, sen fornecer ningún refrendo arqueolóxico de peso, defende que as saunas asturianas estarían en funcionamento xa a mediados do I milenio a.C.; pola súa banda, S. Ríos González, 2000, argumenta a súa orixe romana. Para unha crítica exhaustiva da cuestión cronolóxica e da pobreza das probas aducidas a prol de cronoloxías antigas, véxase *id.*, 2017, pp. 107 ss.; para a recusación das teorías iniciáticas, F. Calo Lourido, 2010, pp. 260 ss.

34 Str., *Geog.*, III, 3, 6.

35 En palabras de S. Ríos González, 2017, p. 120.

36 Segundo recoñecen M. Almagro-Gorbea & J. R. Álvarez-Sanchís, 1993, p. 213.

37 Por exemplo, C. Parcero Oubiña, 1999, pp. 373-374; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 558 ss.

tabelmente, non temos nada co que calibrarmos a expresión «étnica» do conflito intercomunitario á que nos estamos a referir, mais si que podemos intuíla en base á inequívoca entidade socio-política dos pobos castrexos (cfr. §5, 3). Como amosarei no vindeiro capítulo (§10, 4), a ausencia de xerarquías habitacionais nesta cultura –canda menos ata a aparición dos grandes castros– non desbota a existencia de amplas e ben definidas identidades étnicas, cunha certa dimensión política que podería expresarse circunstancialmente en conflitos ínter-étnicos. Isto infírese, de feito, no proceso de conquista romano, cando cada pobo galaico houbo de se enfrontar por si mesmo a esta agresión externa[38].

Polo demais, a dirección militar foi unha das funcións básicas dos reis nas sociedades antigas e modernas, como xa tivemos ocasión de comprobar no caso homérico, no espartano, no latino, no celta, no turdetano, no íbero, no fenicio e, en fin, en todas as realezas vinculadas a procesos de expansión etno-política «agregativa» (§7); de xeito que resulta a todas luces admisíbel tamén para o *principatus* galaico. Mais cómpre insistirmos en que non calquera conflito pode ser dirixido por un rei. As *razzias* de botín, actividade na que puidemos recoñecer a varios reis galos, semellan vincularse, canda menos nese caso, a procesos migratorios certamente desbotábeis para a cultura castrexa, que de feito culminou a sedentarización das poboacións pre-históricas da *Callaecia* (cfr. §10, 3). E o exemplo de Viriato, quen á marxe do afastamento xeográfico era un bandoleiro feito rei e non un rei metido a bandoleiro, non serve, *a priori*, para caracterizarmos as funcións tradicionais da realeza galaica; senón se acaso, como veremos, uns desempeños circunstanciais condicionados por un contexto de excepcionalidade (§9, 5). Outra dirección bélica, a guerra entre pobos, máis grave e excepcional, e se cadra tamén vinculada un meirande formalismo ritual, é a que, se acaso, cumprirá vincular ao *principatus*.

### 9.2. O *princeps* adobiado

A ourivaría é unha das manifestacións materiais máis senlleiras da cultura castrexa, embora tamén das de máis difícil adscrición cronolóxica, dada a descontextualización que adoita arrodear os seus achados. Dende o pioneiro estudo de A. Blanco Freijeiro, as decoración en granulado e filigrana considérase unha innovación de influxo mediterráneo, atribuíndose as xoias lisas, incisas e estampadas ao substrato artístico anterior. O insigne arqueólogo situaba no século III a.C. a creba entrambas as tradicións ouriveiras[39]. Porén, aínda hoxe todas as pezas atopadas en contextos estratigráficos claros proceden de niveis de ocupación romanizados, o que dende a década de 1980 abriría un certo escepticismo arredor da antigüidade da ourivaría

38 Véxase M. Fernández Calo, 2018a, p. 48.

39 A. Blanco Freijeiro, 1957, nomeadamente p. 300.

castrexa[40]. Malia que dende aquela se teñen producido algúns avances, cos datos actuais aínda segue sen ser posíbel recuar a súa orixe alén do propio século III a.C. no que A. Blanco Freijeiro concibira a súa redefinición. Nesta liña, X. L. Ladra acotou a biografía da ourivaría castrexa entre os séculos III/II a.C. que se propuxeran para as arracadas da Graña e Briteiros, e o II/IV d.C. dos torques de Viladonga[41].

Hoxe hai visos de confirmarmos, en liñas xerais, esta proposta, grazas á obtención das primeiras datacións radio-carbónicas directas para varias mostras dunha masa de fundición e un lingote plano-convexo dos tesouros de Recouso e Calvos de Randín. Segundo X.-L. Armada e O. García Vuelta, as súas datas calibradas, 213/88 e 204/46 a.C. respectivamente, imporían unha nidia premisa:

> A ourivaría máis típica da cultura castrexa orixinouse, abofé, na segunda Idade do Ferro, e semella ter experimentado un significativo desenvolvemento nos séculos II e I a.C., vencellado aos procesos de progresiva complexidade e transformación social que ocorreron durante ese período[42].

Semella hoxe pois que a ourivaría castrexa ten que se asociar directamente á grande inflexión castrexa de remates do século II a.C., á que xa nos temos referido (§8, 3) Obviamente, isto non discrimina a posibilidade dunha meirande antigüidade, e dende logo tampouco a evidencia da súa longa pervivencia posterior (cfr. §10, 6); pero si que nos aporta un contexto unívoco para encetarmos por fin unha lectura social do mesmo, cos *principes* e as controversias académicas arredor da sociedade castrexa en mente.

O florecemento ouriveiro non é un proceso limitado aos gustos artísticos ou á simple indumentaria, pois algunhas das súas pezas constitúen indicadores inequívocos de rango social. Pola súa importancia cualitativa e cuantitativa –e para nós polo seu simbolismo–, sen dúbida entre elas destaca o torque, algúns de cuxos exemplares chegan a acadaren proporcións verdadeiramente abraiantes, coma “o de Burela cos seus 1812 gramos de masa e 23 quilates, [ou] o de Coto da Recadeira con 1460”[43]. Se as anteriores son asimilábeis á veciñanza inmediata dos albións, o mesmo podemos apuntar dos torques de Xanceda, procedente da mesma área de asentamento dos cóporos (est. 10). Claramente todas estas pezas foron obxecto de ostentación para persoas poderosas… Se cadra *principes*?

---

40 Por exemplo, A. de la Peña Santos, 1992, p. 384; F. Calo Lourido, 1993, p. 133. Coido moi relevante sinalar, pois houbo decote terxiversacións nesta liña –por exemplo A. González Ruibal, 2006-2007, p. 420; cfr. a réplica en F. Calo Lourido, 2010, p. 270–, que os anteditos traballos en ningún caso postulaban unha cronoloxía romana para esta manifestación artística, senón que só salientaban a incerteza cronolóxica, adiando, á luz dos datos dos que se dispuña daquela e hoxe mesmo, as datas manexadas pola investigación anterior.

41 X. L. Ladra, 2002, p. 186.

42 X.-L. Armada & O. García Vuelta, 2015, p. 378

43 F. Calo Lourido, 2010, p. 271.

O torque tense asociado tradicionalmente aos valores guerreiros, mais tal asociación, por enteiro certa, non ha de motivar unha interpretación unidireccional destas alfaias. De feito, na Galia, clásico obxecto de confrontación comparativa, o torque estivo tamén asociado á realeza[44]; e segundo L. Lamoine a súa ofrenda popular a Augusto ilustraría esta relación simbólica, coa desaparición da realeza celta tradicional e a imposición do Principado romano como o seu novo detentador[45]. En efecto, non meramente a ostentación social, non meramente os valores guerreiros, senón tamén a soberanía, distingue o simbolismo do torque[46]. E o propio rexistro artístico castrexo evidencia a polisemia do seu valor simbólico na *Callaecia*, ao asocialo con claridade e insistencia a dúas representacións iconográficas tan distintas coma as estatuas de guerreiros e os bronces sacrificiais[47]. Atributo guerreiro e compoñente ritual, xa que logo: a simboloxía do torques denota certamente contextos e significados diversos na cultura castrexa, e canda isto implicacións sociais contraditorias. Vexamos o que poden dicir do *principatus*.

Verbo á primeira representación, o simbolismo guerreiro, claro é que nos evoca cuestións insistentemente tratadas xa no presente ensaio: a teoría «heroica» e a súa presunción dunha aristocracia militar como sector social definido (§§2, 9; 9, 1), amais –e sobre todo– da «teoría escultórica», que vén vinculando expresamente as estatuas de guerreiros dos castros meridionais con *principes* (§2, 7). Porén, coido que ningunha das dúas posturas dá unha resposta acaída ao estrito contexto estrutural que arrodea estas figuracións artísticas. En primeiro lugar, nunha cultura castrexa na que a guerra foi sempre unha actividade de exercicio isonómico e nunca deixou de selo ata a súa disolución, segundo amosamos (§9, 1), nin o torque nin a ourivaría en xeral, como indicios de estratificación social, poden vincularse a unha aristocracia guerreira, senón a unha elite de base socio-económica e sensibilidade ideolóxica ben diferentes. Se algo caracteriza, en termos materiais, a grande inflexión castrexa do século II a.C. –e sobre todo os grandes castros meridionais nos que aparecen as estatuas en cuestión– é o desenvolvemento urbano, produtivo e mercantil. Pode resultar ilustrativo da transformación social parella a esta tendencia estrutural o rexistro epigráfico de Briteiros, que é constante na mención dun certo *Camalus*[48], a todas luces o notábel máis importante deste castro no albor da Era cristiá; pero do que, como tanto ten insistido F. Calo Lourido, sabemos que non foi máis có "petrucio dunha familia de oleiros"[49]. Obviamente, os grandes castros bracarenses, verdadeiro fenó-

44 L. Lamoine, 2009, pp. 149 ss.
45 *Ibid.*, pp. 165-166.
46 M. J. Santos, 2007, p. 189.
47 B. X. Currás Refojos, 2014, cit., p. 620.; X.-L. Armada Pita & O. García Vuelta, 2014, p. 59.
48 A saber, *CIL* II, 5588-5590; 5592; 5594-5595; 5601a; 5601c; 5604b.
49 F. Calo Lourido, 1994, p. 684.




Estampa 10. Torques de Xanceda

Debuxo dos torques de Xanceda, exemplo significativo deste tipo de xoia castrexa, citado no texto. Á esquerda (oriéntese a imaxe), vista do primeiro torque, salientando os planos interior e exterior da barra e o desenvolvemento do panel central (A). Á dereita, vista do fragmento da barra que se conserva do segundo: anverso, reverso, plano interior e desenvolvemento da decoración (B). Segundo debuxos de R. Otero Janeiro, reproducidos por L. Castro Pérez, 1995.

meno de urbanización rexional, foron o caldo de cultivo oportuno para o xermolo de oligarquías mercantís e industriais, que non necesariamente terían por que darlles ao exercicio das armas un valor social distinto ao do resto da poboación labrega, base daquela «sociedade guerreira» preconizada por F. J. González a partires de P. Clastres (cfr. §9, 1). Como ía ser doutro xeito se uns e outros, con independencia de iren máis ou menos adobiados, facían uso das mesmas armas na guerra?

As estatuas de guerreiros constitúen unha das tipoloxías máis impresionantes da plástica castrexa, sendo tamén por iso a máis estudada e discutida. Lonxe está da miña intención achegar revisión ningunha do seu significado histórico, pero no que atinxe ao noso problema inmediato cómpre sinalar que toda a historiografía tende a asocialos á inversión suntuoria das elites locais[50]. Dado que os guerreiros da estatuaria castrexa non se distinguen por unha panoplia precisamente aristocrática, segundo xa vimos (§9, 1), sobra toda consideración dunha natureza militar para a base da distinción social desta elite, que non pode ser arredada dos sectores económicos urbanos que dominaron a vida dos grandes castros. A hipotética elite representada polas estatuas de guerreiros empuña as mesmas armas atribuíbeis ao común da poboación; de xeito que, máis cá ostentación dunha suposta aristocracia guerreira, semella poder albiscarse mellor a exhibición do compromiso patriótico por parte das novas oligarquías urbanas.

Polo demais, o testemuño de estatuas de guerreiros, única tipoloxía artística que vincula o torque ao eido militar na cultura castrexa, limítase á *Callaecia* meridional. Isto dilúe inexorabelmente os posíbeis vínculos do *principatus* tanto con estas estatuas coma co simbolismo militar que constatan para o torque. De feito, o contexto estrutural que favoreceu a pervivencia da nosa institución no norte da *Callaecia* diferiu substancialmente do que condicionou o xermolo dos grandes castros no sur, onde semellan terse dado transformacións económicas, sociais e políticas máis precoces e radicais (cfr. §10, 5). Resulta difícil, en fin, albiscar o *principatus* nas estatuas de guerreiros… Embora non necesariamente na plástica castrexa, como tentarei amosar no vindeiro apartado (§9, 3).

Ficando pois no asunto que nos ocupa agora, a impresión é radicalmente distinta coa outra representación iconográfica antes aludida: o ornamento de ministros relixiosos (cfr. táboa 5). Estoutro conxunto de representacións aparece ben testemuñado na conservadora *Callaecia* setentrional, polo que xa de seu semella poder achegarnos mellor a un valor máis primitivo do torque na cultura castrexa.

Dos bronces sacrificiais do noroeste da península ibérica compendiados por X.-L. Armada e O. García Vuelta, a presenza escenográfica do torque só resulta

---

50 Cfr. interpretacións nesta liña, con ampla discusión bibliográfica, en F. Calo Lourido, 1994, p. 684; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 400-409.

| PEZA | torque | caldeiro | puñal | escudo |
|---|---|---|---|---|
| Cariño | exento | - | - | incerto |
| Castelo de Moreira | *id.* | presente | exento | - |
| Instituto Valencia de Don Juan | ataviado | *id.* | ataviado | - |
| Lalín | exento | *id.* | - | - |
| Museo Arqueológico Nacional I | - | *id.* | - | - |
| Museo Arqueológico Nacional II | exento | *id.* | - | - |
| Punta Atalaia | *id.* | incerto | - | - |
| Monte da Trinidade | *id.* | - | - | - |
| Costa Figueira | incerto | presente | ataviado | ataviado |

Táboa 5. Iconografía figurativa dos bronces sacrificiais castrexos. Segundo M. Llinares García, 2016, con engádegos puntuais.

evidente na peza –desubicada– do madrileño Instituto Valencia de Don Juan, onde adobía o pescozo de dous dos sacrificadores (est. 11A)[51]. Porén, a representación da mesma alfaia, exenta, é característica destas pezas, e nomeadamente nalgunhas das de máis evidente funcionalidade, como acontece nos fermosos machados votivos de Cariño, Punta Atalaia e Monte da Trinidade, que por certo nos levan a tan preto dos nosos *principes* (est. 11B-C)[52]. O de Punta Atalaia é o único descuberto en contexto de excavación formal, o que permite balizar a súa cronoloxía entre os séculos I a.C. e II d.C…[53] Malia o certo adiamento, non se afasta pois da derradeira fase da cultura castrexa á que nos vimos referindo.

Lévanos ao sur, en troques, o bronce de Costa Figueira, achado neste xacemento de Vilela, Paredes, onde a presenza de torques non semella clara[54], mais si que o é a escenografía sacrificial, se cadra a mellor da arte castrexa (est. 11D). A súa denominación máis popular, «carro de Vilela», resulta equívoca, pois este artefacto non contén representación dun carro senón de dous, embora aparentemente dun só eixo cada un, compoñentes case anecdóticos dunha riquísima escena de sacrificio, ben descrita por A. C. F. da Silva:

---

51 Cfr. X.-L. Armada & O. García Vuelta, 2003, pp. 51 para a reprodución técnica, pp. 54-55 para as fotografías, p. 56 para a descrición. Para unha síntese descritiva, véxase M. J. Santos, 2007, p. 187.

52 Arredor dos dous primeiros, véxase X.-L. Armada & O. García Vuelta, 2003, con fotografía na p. 48; E. Castro Vigo, 2009, pp. 131-138. Ata onde sei, o de Monte da Trinidade aínda non foi publicado formalmente, malia o Museo de Viladonga, 19/07/2017, ter dado noticia da peza na web. Por desgraza, o castro de Monte da Trinidade saltou á palestra recentemente por razóns alleas a esta excepcional descuberta: a desfeita do xacemento por unha canteira. Véxase X. Salgado, 2018.

53 E. Castro Vigo, 2009, p. 133.

54 M. Llinares García, 2016, p. 75, a clasifica entre os bronces sacrificiais castrexos con torque; pero o meu exame das fotografías e representacións dispoñíbeis –confeso non ter accedido á peza orixinal– impídeme corroboralo.




Estampa 11. Bronces sacrificiais
Escolma de debuxos dalgúns bronces sacrificiais representativos de entre os mencionados no texto. Por orde de lectura, machados votivos do Instituto Valencia de Don Juan (A), Cariño (B), Punta Atalaia (C), e o chamado «carro» de Costa Figueira (D). Sen relación de escala. Segundo X.-L. Armada Pita & O. García Vuelta, 2003 (A); *id.*, 2014 (B-C); A. C. F. da Silva, 1986 (D).

> [O bronze] é composto por uma barra longitudinal com quatro rodas, vazadas, duas juntas de bois, puxando em sentido oposto, e catorze figuras humanas como sendo quatro de condutores, colocados sobre os dois eixos das rodas, dois sacerdotes ladeando um animal, que seria a vítima do sacrifício, e oito acompanhantes, quatro deles guerreiros e quatro mulheres, três das quais transportando uma carga no dorso; [...] parecendo [...] traduzir com clareza a alegoria de uma cena processional tradicionalmente relacionada com a citação de Estrabão sobre o culto à divindade guerreira dos povos indígenas do Noroeste[55].

Féminas oferentes, guerreiros gardiáns e ministros relixiosos: o conxunto escenográfico outorga o seu lugar cada unha das tres clásicas funcións indoeuropeas, nunha perfecta equivalencia só matizada polos condutores dos carros. Abofé, o bronce de Costa Figueira semella proclive ás lecturas en clave duméziliana, segundo reivindicou o propio A. C. F. da Silva, querendo ver nel a evidencia definitiva "de um grupo social dedicado às funções religiosas" no seo da cultura castrexa[56]. Esta lectura ten sido xa reprobada en termos absolutos[57], pero dende unha postura máis moderada cómpre sinalarmos que o propio principio trifuncional pode non apuntar necesariamente a sacerdocio ningún, xa que a primeira función indoeuropea é de feito a soberanía (cfr. §10, 2). É certo que Estrabón dá noticia da existencia de *hieroskópoi*, adiviños harúspices, na antiga Lusitania, nomeadamente implicados no sacrificio de prisioneiros de guerra[58]; e non falta quen quere ver neles unha verdadeira clase sacerdotal, cando non druídica[59]. Esta opción, con todo, bate coa apreciación lírica de Silio Itálico, que malia o seu relativo valor histórico constitúe o único testemuño complementario da haruspicina galaica: o poeta asóciaa á mocidade guerreira[60], o que evidentemente dificulta toda lectura en clave trifuncional do costume en cuestión[61]. Nada desbota a existencia de especialistas relixiosos na cultura castrexa, pero as fontes coas que contamos relativizan a exclusividade das súas funcións, apuntando ademais sempre a un ambiente estritamente militar. Por iso, nunha cerimonia comunitaria coma a representada en Costa Figueira, sacrificial mais non necesariamente mántica, non cumprirá enxergar precisamente ao rei, mellor do que este sacerdocio de incerta institucionalización social, como dirixente relixioso representante da soberanía?

---

55 A. C. F. da Silva, 1986, p. 183, aludindo a Str., *Geog.*, III, 3, 7.

56 *Ibid.*, p. 302.

57 Cfr. F. Calo Lourido, 2010, p. 312.

58 Str., *Geog.*, III, 3, 6.

59 Así, M. V. García Quintela, 1991, pp. 25-37, pp. 36-37.

60 Sil., *Pun.*, III, 344-345.

61 Como recoñece un dos máis relevantes defensores do druidismo na *Callaecia*: M. V. García Quintela, 1991, p. 31. Para unha crítica e encadramento historiográfico en meirande fondura da cuestión, véxase A. Freán Campo, 2018, pp. 178 ss.

A cronoloxía hipotética do bronce en cuestión, que se ten querido levar por nebulosos criterios estilísticos aos séculos IV/III a.C.[62], incardinaríao nunha sociedade galaica meridional na que aínda non se produciran as transcendentais mudanzas estruturais que a arredarían dende o remate do século II a.C. da *Callaecia* setentrional. De se admitir esta cronoloxía, a peza denotaría un contexto estruturalmente análogo –«sinestadial», xa que logo, e con independencia da súa distancia espacial e temporal– aos nosos *principes* do norte. Isto favorecería a identificación do mesmo *principatus* como forma concreta da hipotética realeza representada en Costa Figueira, embora só dun xeito en extremo conxectural, pois a estimación cronolóxica é certamente feble e se cadra cumpriría ubicar esta peza na mesma época cás anteriores.

Sexa como for, alén desta difusa conexión do bronce de Costa Figueira coa soberanía, a vinculación do *principatus* con cerimonias relixiosas albíscase na posíbel relación entre torque e realeza, e a máis evidente entre torque e cerimonias sacrificiais. Non creo que esteamos en disposición de atribuír univocamente os bronces sacrificiais castrexos a cerimonias entronizatorias, como ten adiantado A. Pena Graña[63], mais cómpre non desbotarmos algunha posíbel ligazón entre tales representacións escenográficas e a realeza efectivamente existente na sociedade que as produciu. Os *principes*, mesmo en contextos anteriores á grande inflexión castrexa do remate do século II a.C., puideron implicarse coma outras realezas antigas na dirección de cerimonias comunitarias que incluísen sacrificios rituais. Tales cerimonias, de carácter excepcional –sen discriminarmos a posibilidade da súa perioricidade e vencellamento a un calendario relixioso ben delimitado–, unicamente dependentes da dispoñibilidade de certas pezas de gando para o sacrificio, suporían importantes instrumentos de cohesión socio-política esencialmente independentes do grao de desenvolvemento económico e estratificación social, e dos mecanismos de exacción e redistribución interna de recursos, das súas comunidades. Por iso, se cadra cumpra albiscar nelas, que apenas podemos senón presumir dalgunhas representacións artísticas, unha das funcións máis relevantes do *principatus*, antes e despois do século II a.C.

Dende a teoría segmentaria desenvolveuse unha hipótese relativa ao valor comunitario da ourivaría castrexa, que ten sido reprobada con algunha acritude –e caricaturización– dende a contraria teoría heroica[64]. O postulado dunha figura social preeminente na cultura castrexa, o *principatus*, permítenos admitir en liñas xerais a hipótese dun valor canda menos eventualmente comunitario na ourivaría, sen ne-

62 A. C. F. da Silva, 1986, p. 183; cfr. incerteza cronolóxica en F. Calo Lourido, 2010, p. 312.

63 A. Pena Graña, 2004a, pp. 187 ss.

64 A formulación do valor comunitario remóntase ao libro de A. Perea & F. J. Sánchez-Palencia, 1995; tendo sido retomada en B. R. Armbruster & A. Perea, 2000, p. 111; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 618 ss. Contra estas achegas, véxanse R. Brañas Abad, 2005, p. 163; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 415 ss.

cesidade de caer en extremos interpretativos tales coma a súa pose colectiva e acumulación simbólica, ou a súa categórica redución á ostentación dunha aristocracia guerreira, como respectivamente se ten formulado dende as citadas perspectivas. Segundo X. B. Currás Refojos, a ourivaría é un "símbolo [...] do liderado", de xeito que hai lugar para interpretala "como un atributo asociado a unha función, non a unha clase social"[65]. Para el, este liderado sería adquirido e efémero; pero a nosa constación do carácter netamente rexio do *principatus*, suxeito a unha dinámica de sucesión dinástica e vitalicia (§§4, 5-6), invítanos a corrixir esta premisa. O *princeps* emerxe, ao meu ver, como o depositario natural de alfaias, especialmente torques, que simbolizarían tanto a súa soberanía coma a propia identidade do seu pobo, precisamente porque a figura do soberano exercería un papel fulcral no cohesionamento de comunidades de escaso artellamento interno (cfr. §§9, 6; 10, 2). Este dobre simbolismo expresaríase sobre todo en contextos temperáns, de lene desenvolvemento económico e menor estratificación social, cando o *princeps* requeriría das súas fazañas persoais ou da participación proactiva –non da coacción– da súa sociedade para a amortización de recursos precisa na facturación de alfaias dotadas dun valor simbólico asumido por toda a comunidade. E o mesmo cumpriría engadir arredor das pezas de gando obxecto dos sacrificios rituais aos que nos temos referido.

Mais este contexto non é certamente o da eclosión ouriveira, senón se acaso o da etapa que a precede, na que a sociedade castrexa, inmersa nun meirande subdesenvolvemento material, fora tamén máis igualitaria en termos socio-económicos. O que a eclosión ouriveira denota é precisamente a democratización das alfaias, á que vai acceder un meirande corpo social de elites incipientes, desdebuxando o seu posíbel valor simbólico primitivo a prol da simple ostentación persoal. Situámonos nun contexto de incipiente capitalización na *Callaecia*, ao abeiro do progreso produtivo e mercantil definidor da etapa que se abre dende o remate do século II a.C. O seu corolario é a estratificación social da cultura castrexa, materalizada por primeira vez en toda a nosa Idade do Ferro (cfr. §10, 3).

Como vimos, no mundo circunmediterráneo antigo este vai ser o caldo de cultivo oportuno non para a xestación dunha realeza, senón para a súa reformulación ou abolición (§7, 9). A eito, a aparición de novas posibilidades económicas, de novos sectores sociais e dos seus novos intereses políticos, non vai senón actuar contra a esencia mesma da sociedade deixada atrás, incluídos os vellos detentadores da súa autoridade étnica. E aquí volve sobrancear a senlleira voz de Tucídides, que atribuía ao enriquecemento das *póleis* o factor operativo deste proceso en Grecia[66]: na *Callaecia* será o ouro o que sexa atesourado polas novas forzas sociais emerxentes, e o

65 B. X. Currás Refojos, 2014, p. 619.
66 Thucyd., *Hist.*, I, 13, 1.

que produza a creba da sociedade orixinaria. Ao longo do mundo circunmediterráneo antigo, en efecto, este mesmo contexto estrutural socavaría a influencia social da realeza, e coido que non hai razóns para pensar que na *Callaecia* fose acontecer dun xeito diferente co *principatus*.

En suma, non podemos arredar da ourivaría deste tempo aos *principes*, mais tampouco ás novas oligarquías locais xestadas paralelamente. Con todo, alén da mera ostentación persoal, outras expresións da arte castrexa permiten asociar ás alfaias castrexas, e sobre todo aos torques, funcións sociais moi concretas, definidas polo seu simbolismo: nomeadamente, no que ao *principatus* respecta, enxalzar a súa soberanía e a identidade comunitaria en cerimonias relixiosas.

O papel da relixión ten sido amplamente soslaiado na investigación do *principatus*, apenas só formulado, dun xeito máis ou menos directo, por P. Le Roux e N. V. Santos Yanguas[67]. Porén, coido que o rexistro material da cultura castrexa, aquí estudado, apunta non só á grande pertinencia desta vía por eles aberta, senón que a tal función relixiosa houbo de estar entre as máis relevantes dos *principes*.

### 9.3. O *princeps* no seu trono

Vimos de nos referir hai un chisco ás estatuas de guerreiros, que teñen sido insistentemente asociadas ao *principatus* pola que denominamos no seu momento «teoría escultórica», arredor da que tamén expresamos as nosas reservas (§9, 2). A discrepancia xeográfica, social e mesmo simbólica deste repertorio escultórico coa epigrafía principesca, como expuxemos no seu momento, xustifica a súa total desvinculación (§2, 7). Porén, os argumentos disimilatorios non se limitan á difícil relación entre as estatuas de guerreiros e os *principes*, senón a que a propia plástica castrexa aporta un mellor candidato á hora de formularmos unha posíbel conexión co *principatus*. Este candidato son as estatuas sedentes (est. 12); sen dúbida merecedoras dunha atención individualizada, que é o que propoño concederlles no presente apartado.

As estatuas sedentes conforman outra das grandes tipoloxías da plástica castrexa meridional (est. 12), mais desta volta xa non aparecen sistematicamente vinculadas ao ámbito urbano dos grandes castros, senón que tamén se documentan en bisbarras marxinais. Cando F. Calo Lourido publicou a súa esencial *Plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*, só se coñecían os exemplares de Lanhoso e Xinzo (est. 12A e 12D-E). Os contextos concretos xa os afastaban do común das estatuas de guerreiros, pois embora Lanhoso si que se trata dun grande castro, os sedentes de Xinzo non foran achados nun xacemento castrexo senón nunha *uilla* romana, lugar

67 P. Le Roux, 2003, p. 174; N. V. Santos Yanguas, 2006, pp. 21-23. Cfr., respectivamente, §§2, 5-6.



Estampa 12. Estatuas sedentes
Fotografías dos cinco exemplares certos desta senlleira tipoloxía artística. Arriba, sedentes de Lanhoso (A) e Pedrafita (B); centro: sedente de Braga (C); abaixo: sedentes de Xinzo (D-E). Sen relación de escala. Segundo A. M. S. Bettencourt, 2009 (A e C); M. I. Luís Torres, 1995 (B); *CPCAL*, 09029801-09029802 (D-E).

ao que presuntamente terían sido levados nunha data serodia. Perante este *corpus* tan precario, F. Calo Lourido soubo determinar o valor das estatuas sedentes como tema artístico castrexo, a masculinidade das súas representacións, a súa funcionalidade funeraria e a súa cronoloxía xulio-claudiana[68]. Dende aquela, o *corpus* de sedentes, que o mesmo F. Calo Lourido ten compendiado máis recentemente, duplicouse[69], o que semella ter avalado cada unha das súas vellas proposicións; mais tamén arroxado novas claves para o seu estudo. Así, o sedente de San Martiño de Pedrafita (est. 12B),

68 F. Calo Lourido, 1994, pp. 693-702.
69 *Id.*, 2010, pp. 258 e 266.

achado nun cemiterio de incerto encadramento arqueolóxico[70], lévanos á fronteira mesma entre o *conuentus* bracarense e o asturicense: un ambiente no que a cultura material indíxena semella achegarse máis á conservadora *Callaecia* setentrional do que ao contexto urbano dos grandes castros meridionais (cfr. §8, 3). Pola súa banda, o sedente de Braga (est. 12C), aínda podendo terse traído dalgún castro veciño, estende a tipoloxía ata o ambiente dunha cidade propiamente romana[71]. Abofé, deica o limiar da Era cristiá, cando semellan poder datarse estas esculturas, o único que teñen en común os seus tan variados contextos locais é unha mesma dicotomía cultural: a forte influencia romana e o pertinaz substrato castrexo. E embora certamente o tema e a técnica poidan estar a remitiren un influxo mediterráneo, os individuos representados infórmannos dunha realidade indefectibelmente indíxena[72].

Cómpre insistirmos, neste senso, na individualidade temática dos sedentes castrexos, cuxas discrepancias coas estatuas de guerreiros resultan manifestas: fronte a elas, os sedentes non reflicten contundencia, forza e vitalidade, propias dun combatente na súa mocidade, senón piedade, repouso e maxestade (cfr. est. 8 e 12). As figuras aparecen sobre cadeiras que a todas luces representan o modelo real deste instrumento, móbel e de madeira, aparentemente sobrio e apenas no caso de Pedrafita adobiado cun trisquel (est. 12B). Estas cadeiras resultan sen dúbida insólitas na precariedade material previsíbel para todo enxoval castrexo, e arrédanse da estrutura de repouso máis típica dos castros, o banco corrido de pedra. Evidentemente, fronte ao carácter comunitario deste, despréndese a individualidade da cadeira que serve de asento aos individuos representados nestas obras. Abofé, non soamente dende unha perspectiva duméziliana, senón mesmo na linguaxe común, poderiamos afirmar que as estatuas de guerreiros plasman un simbolismo militar, namentres que os sedentes reflicten soberanía. Evidentemente, esta soberanía tanto podería ser doméstica coma comunitaria; mais tal indefinición se cadra poida ser matizada á luz doutro trazo sobranceiro da tipoloxía artística en cuestión. Os sedentes, en efecto, adoitan adobiarse con xoias e nomeadamente torques[73], dos que xa temos referido o seu ineludíbel vencello simbólico coa soberanía comunitaria. Nas estatuas sedentes podemos albiscar, como coidamos que acontece cos guerreiros (cfr. §9, 2), a representación de oligarquías locais adobiadas cos atributos tradicionais da realeza; mais tamén, simplemente, a directa representación de tales realezas. Podemos estar, nunha palabra, perante *principes* no seu trono.

---

70 M. I. Luis Torres, 1995, pp. 37-50.

71 A. M. S. Bettencourt & H. P. A. de Carvalho, 1993-1994, pp. 279-291. Amplía a hipótese da proveniencia castrexa A. M. S. Bettencourt, 2003, p. 147.

72 Como atinadamente sinala A. M. S. Bettencourt, 2003, p. 147. O influxo mediterráneo forma parte da interpretación xeral deste tema artístico –coma de toda a plástica cstrexa– para F. Calo Lourido, 1994, p. 699.

73 Cfr. F. Calo Lourido, 1994, p. 652.




Estampa 13. Figura de Roriz
Debuxo do chamado «sedente de Roriz», segundo A. M. S. Bettencourt, 2003. Compárese cos sedentes castrexos (est. 12) para fundamentar a súa exclusión da mesma categoría artística, coma a defendida neste ensaio.

Os sedentes aparecen tamén portando a cotío páteras ou vasos, o que os vincularía a unha actitude oferente e xa que logo á función relixiosa dos individuos representados[74], como xa vimos que acontece nos bronces sacrificiais (§9, 2). O falo que inclúe o exemplar de Braga (est. 12C) podería afastalos, con todo, da nosa interpretación en clave «rexia»[75]… A non ser que se conciba a apropiación por parte do hipotético rei deste certo atributo divino, nalgún contexto ritual ou –sen que unha opción exclúa a outra– como parte do proceso de incremento das prerrogativas rexias, dentro da tendencia tiránica que caracterizou a derradeira etapa do desenvolvemento histórico das realezas antigas e que podería incidir nunha manifestación artística serodia coma as nosas estatuas sedentes. O falo é, en efecto, un dos poucos atributos divinos testemuñados na escasísima iconografía relixiosa castrexa, que sobrancea nunha presunta representación de *Reue Larauco*, deus se cadra vinculado á función soberana pola súa aparente asimilación con Xúpiter[76].

Conscientemente, obviei ata o de agora o máis recente achado que ten vido engrosar a nómina dos sedentes castrexos: o de Roriz (est. 13), cuxa orixinalidade

---

74 Cfr. A. Rodríguez Colmenero, 1977, pp. 325-326.

75 Cfr. A. M. S. Bettencourt & H. P. A. de Carvalho, 1993-1994, p. 280.

76 Segundo a imaxe conservada na igrexa parroquial de Vilar de Perdizes, difundida por M. Gago, 2012. A asimilación divina resulta, con todo, incerta: cfr. S. Alfayé Villa, 2013, pp. 198-199. Arredor da *interpretatio Romana* deste deus, cfr. *AF*, 17; 111; 127.

obriga de feito a matizar, e moito, a súa inclusión na mesma categoría artística cós xa tratados[77]. Nesta obra non se distingue sequera con claridade a definitoria posición sedente nin a cadeira, que en todo caso semella, en palabras de A. M. S. Bettencourt, "gravada através de incisões profundas", nunha "posição excêntrica em relação ao corpo da figura"[78]. A citada arqueóloga, a quen se debe a publicación do achado, vai promover a súa contextualización artística e social canda as súas veciñas as estatuas sedentes de Braga e Lanhoso[79]. Porén, a tosquedade, o esquematismo, a absoluta "feição rudimentar"[80], individualizan, coido que con pouca marxe de dúbida, a peza de Roriz. De lle procurarmos paralelos formais na nosa arte rexional, coido que, máis do que calquera tipoloxía propia da arte castrexa, cumpriría pensar nas estatuas-menhir ou nas estelas antropomorfas. En concreto, a disformidade do núcleo escultórico de Roriz lembra á estatua-menhir de Longroiva; a presenza iconográfica nos seus laterais ás de Chaves ou á de São João de Ver (est. 14A-B); e o esquematismo facial tamén a esta última. Algúns destes trazos resultan tamén recoñecíbeis en estelas antropomorfas coma as de Tins e Muíño de San Pedro (est. 14C). A monumentalidade é a principal discrepancia con estes exemplos, aspecto no que só se pode formular algún paralelismo coas estatuas-menhir máis pequenas, coma as de Santa Luzia, Moncorvo ou Quinta do Couquinho[81]. As estatuas-menhir e as estelas antropomorfas tenden a datarse respectivamente na Idade do Bronce e no período romano[82], embora non falten partidarios dunha cronoloxía pre-histórica tamén para estas últimas, baixo a premisa de as súas eventuais epígrafes latinas seren resultado do serodio aproveitamento de núcleos escultóricos anteriores[83]. Sen necesidade de entrarmos neste debate, antóllase ao meu ver dabondo significativo o paralelismo do sedente de Roriz, canda menos, coas características formais das estatuas-menhir; o que podería suxerir, tamén para el, unha cronoloxía moi anterior ao período castrexo.

De feito, alén das características formais, tamén a iconografía redunda nesta sospeita. É certo que a aparente e dende logo esquemática cadeira da estatua de Roriz só atopa paralelos, dentro da nosa arte rexional, na plástica castrexa, a través das estatuas sedentes que estamos a tratar; pero o cervo e o arco que se inscriben nos seus bordos laterais apuntan noutra dirección ben distinta. Motivo usual nos pe-

---

77 F. Calo Lourido, 2010, p. 266.
78 A. M. S. Bettencourt, 2003, p. 145.
79 *Ibid.*, pp. 146-150.
80 *Ibid.*, p. 144.
81 Tendo todas elas entre 23 e 35 centímetros de altura, segundo V. O. & S. O. Jorge, 1990, nºs. 9-11, fronte aos 24 de Roriz: cfr. A. M. S. Bettencourt, 2003, p. 146.
82 Cfr. F. Calo Lourido, 1994, pp. 779-780.
83 Así, por exemplo, F. J. González García, 2009b, pp. 123-152.




Estampa 14. Paralelos escultóricos para Roriz

Escolma de estatuas-menhir e estelas antropomorfas citadas no texto. Á esquerda, arriba, estatua-menhir de São João de Ver (A); abaixo, peza homóloga de Chaves (B); á dereita, estela antropomorfa do Muíño de San Pedro (C). Compárense coa peza de Roriz (est. 13). Segundo V. O. & S. O. Jorge, 1990 (A-B); F. Fariña Busto, 2002 (C).

tróglifos da nosa Idade do Bronce[84], o cervo (est. 15A) é, ata onde sei, descoñecido na arte castrexa, malia a súa nutrida nómina de esculturas zoomorfas. Máis precaucións impón o arco, que podería estar representado nos enigmáticos petróglifos de tipo «bésta» (est. 15B), pero que outra volta se ausenta na arte castrexa[85]. Restaría, polo demais, interrogármonos arredor do contexto arqueolóxico da peza, de cuxo achado só sabemos terse producido no castro de Roriz ao remate da década de 1970 por un crego da zona, quen tivo a ben notificárllelo ás autoridades competentes[86]. Nestas circunstancias, o contexto arqueolóxico do lugar do achado devén o único argumento externo co que calibrarmos a súa cronoloxía; e aquí o que atopamos é un xacemento con vestixios ocupacionais dende a Idade do Bronce ata a época romana, con posterior ocupación medieval[87]. Precisamente do mesmo castro procede outra escultura, unha cabeza de pedra, cuxo naturalismo e perfección técnica, malia a alteración sufrida logo do seu achado[88], denuncia a súa pertenza a un estilo moi diferente: o castrexo. Por iso, afastándose tanto o sedente de Roriz dos estándares da plástica castrexa –mesmo da única outra escultura documentada no seu mesmo xacemento–, e achegándose en troques a outras manifestacións artísticas da Idade do Bronce a nivel formal e iconográfico, se cadra cumpra pensar que a súa labra corresponde a este primeiro intre da ocupación do xacemento. Poderiamos ter pois na estatua de Roriz, na que se ausenta todo o influxo mediterráneo –bulto redondo, simetría, naturalismo– que impregna aos sedentes castrexos, un precedente deste tema artístico, producido por unha sociedade moi diferente, pero na que probabelmente sobranceaba xa unha autoridade étnica análoga, antecedente, coido que sen solución de continuidade, do *principatus* documentado só moito despois (cfr. §10, 3).

Sexa como for, canda menos os sedentes castrexos suxírennos a particular asociación do *principatus* coetáneo cun obxecto definido, que distinguiría simbolicamente ao seu detentador do resto do seu pobo; algo que, segundo vimos, non acontece en absoluto coas estatuas de guerreiros. En efecto, o «trono» vincularía o *princeps* á presidencia de asembleas e á impartición de xustiza, onde precisamente atopamos a tantas realezas antigas e modernas. Resulta, outra volta, especialmente significativa

---

84 Para o cervo, se cadra o elemento figurativo máis característico dos nosos petróglifos, sobran as citas eruditas, embora non estará de máis remitirmos ao detallado estudo de A. de la Peña Santos & J. M. Rey García, 2001, pp. 249-252.

85 Os arcos son citados de pasada por J. M. Vázquez Varela, 1983, pp. 46-47, entre a utillaxe habitualmente representada nos petróglifos galegos, pero M. Santos Estévez, 2007, p. 83, insiste na súa ausencia. Ao meu saber, só os petróglifos de tipo «bésta» fornecen unha representación interpretábel como armas arroxadizas. O problema, alén do hipotético desta lectura iconográfica, é a cronoloxía, que se sospeita medieval: cfr. F. J. Costas Goberna & P. Novoa Álvarez, 1993, pp. 231-232; M. Santos Estévez, 2007, pp. 199-200.

86 A. M. S. Bettencourt, 2003, pp. 143-144.

87 Cfr. F. Calo Lourido, 1994, p. 398; A. M. S. Bettencourt, 2003, p. 144.

88 F. Calo Lourido, 1994, p. 400.




Estampa 15. Paralelos iconográficos para Roriz

Debuxo de dous dos máis representativos conxuntos de arte rupestre con presenza certa ou conxectural dos dous motivos iconográficos, alén da cadeira, que adobían a figura de Roriz: á esquerda (oriéntese a imaxe), cervos na Laxe das Lebres, Poio (A); á dereita, petróglifos de tipo «bésta» no Esperón, Mondariz (B). Sen relación de escala. Segundo, respectivamente, F. J. Costas Goberna & *al.*, 1990-1991, reproducido por M. Santos Estévez, 2007; e A. de la Peña Santos & J. M. Rey García, 2001.

a precariedade material que arrodea a evidente carga simbólica destas cadeiras, cuxa existencia sería posíbel mesmo en contextos de forte subdesenvolvemento económico e escasa estratificación social. E a súa natureza móbel, por último, exclúe tamén a necesidade de toda vinculación a unha arquitectura monumental, pois semellante trono podería albergarse tanto na vivenda familiar do *princeps* como desprazarse aos lugares abertos nos que eventualmente se realizasen cerimonias relixiosas ou asembleas políticas.

### 9.4. O *princeps* e o seu séquito

Un presuposto inherente á lectura en clave estratificada da sociedade castrexa é o seu artellamento interno a través de institucións clientelares. Esta noción unifica á corrente arqueolóxica «heroica» –dende a que se argumenta ou simplemente se asume a clientela como alicerce socio-político dunha hipotética aristocracia guerreira– cos estudos comparativos celtas, tendentes a extrapolaren certas formas de clientelaxe ecuestre propias de moi diversas sociedades célticas[89]… Calquera destas premisas podería ter, certamente, significativas implicacións no que respecta ao rol social do *principatus*, potencial padroeiro na cultura castrexa.

Cómpre comezar interrogándonos arredor de a qué tipo de clientelas nos estariamos a referir. No ámbito do comparativismo céltico poderíanse dar tantas respostas como autores implicados, pero imos ver, sen nos estender cos exemplos, que tales respostas descansan xiran sempre arredor duns presupostos semellantes. Así, para A. Pena Graña, o *princeps* galaico arrodearíase dun séquito cabaleiresco, cuxos membros non só se substentarían no *beneficium* recibido ao entraren no *patrocinium* do señor, senón que mesmo residirían no seu propio castro, sendo ocasionalmente adoptados na súa liñaxe[90]. Supostamente, semellante capacidade económica do *princeps* derivaría das súas posesións fundiarias, cuxo usufructo entregaría aos labregos a cambio rendas en especie[91]. Abofé, A. Pena Graña sitúa na nosa Idade do Ferro non só unha analoxía, senón a mesma xénese do feudalismo. Fuxindo deste anacronismo, M. V. García Quintela ten aludido a certos tipos de clientela testemuñados na propia Idade do Ferro –*deuoti* celtíberos, *soldurii* galos, *essedarii* britanos– como instrumento do poder das xefaturas célticas, facéndoas extensíbeis, a través precisamente do *principatus*, á cultura castrexa[92]. Tal extrapolación pode parecer máis moderada cá de A. Pena Graña, pero o certo é que a analoxía estrutural propugnada por M. V.

---

89 Entre a teoría arqueolóxica heroica, C. Parcero Oubiña, 2000, pp. 291-292; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 395-400; entre os estudos celtas, A. Pena Graña, 1993; R. Brañas Abad, 1995a; M. V. García Quintela, 2002, pp. 98-100. Cfr. §§2, 2; 2, 8-9.

90 A. Pena Graña, 2004a, p. 274.

91 *Ibid.*, pp. 210 ss.

92 M. V. García Quintela, 2002, pp. 98-100.

García Quintela implicita un detalle non precisamente irrelevante: o carácter ecuestre das clientelas fornecidas. En efecto, todas elas consistiron indistintamente no séquito de xinetes –no caso britano de aurigas– que acompañaban ao seu padroeiro á guerra. Por iso, non importa tanto que sigamos a A. Pena Graña ou a M. V. García Quintela, pois a verosimilitude da extrapolación das clientelas propugnadas por un e outro dependen indistintamente do valor que o cabalo tiver na cultura castrexa.

Neste punto batemos cun atranco insuperábel. Por citarmos a un arqueólogo precisamente vinculado a unha análoga perspectiva «heroica», A. González Ruibal recoñece expresamente a singular incardinación da *Callaecia* castrexa no mundo ecuestre da Idade do Ferro:

> Os cabalos e a súa iconografía non destacan no noroeste da península ibérica. [...] Isto non quere dicir que os habitantes do noroeste descoñecesen o uso do cabalo ou que este fose marxinal, [... pero] non existe parangón con outras áreas da península ibérica onde este animal posuíu un lugar destacado como elemento de prestixio e diferenciación das elites. [...] No noroeste, [pola contra,] o animal non chegou a ser un elemento de *status*, canda menos non comparábel ao da zona celtibérica ou vetoa[93].

Non hai dúbida, pois, de que fronte ás sociedades célticas paralelizadas, o cabalo tivo un valor cativo como marcador de rango social na cultura castrexa. Mais tamén o tivo no propio exercicio das armas: as estatuas de guerreiros, nas que tan insistentemente se teñen querido ver figuracións aristocráticas, representan non ao xinete senón ao infante; e do mesmo xeito a participación galaica nos *auxilia* romanos –obviamente condicionada pola tradición militar indíxena[94]– realizouse case exclusivamente en *cohortes* de infantaría[95]. A conclusión de todo isto é simple: sen por suposto discriminar o uso puntual do cabalo, a guerra castrexa librábase esencialmente a pé[96]. Mais o que agora importa é o corolario desta conclusión: non hai lugar na cultura castrexa para postularmos a significancia no seu seo de clientelas ecuestres. Os séquitos militares castrexos foron se acaso ben máis modestos cós *deuoti* celtíberos, *soldurii* galos e *essedarii* britanos, e dende logo cós cabaleiros feudais, aos que indistintamente o comparativismo céltico ten querido albiscar na nosa Idade do Ferro.

Porén, a pé ou dacabalo, o substento dun cliente segue a pasar por unha certa capacidade acumulativa de recursos por parte do seu padroeiro, que na cultura castrexa, a xulgar polo seu rexistro material, non semella ter sido nunca moi significativa;

93 A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 398-400.
94 Como atinadamente insiste F. J. González García, 2007a, p. 52.
95 Cfr. N. V. Santos Yanguas, 1988, pp. 101 ss.
96 Como xa denotou F. M. V. R. Queiroga, 1992, p. 84, cando as formulacións aristocráticas dominaban a visión da guerra na cultura castrexa.

ou non canda menos na súa metade setentrional con meirande interese aquí, lonxe do ámbito urbano dos grandes castros. Os datos, de feito, apuntan máis ben a todo o contrario: o igualitarismo perfílase nos lugares de habitación, no acceso aos medios de produción, na capacidade de almacenaxe das unidades domésticas[97]… Pero sobre todo o simple –e teimudo– carácter isonómico da panoplia matiza indefectibelmente todo protagonismo socio-político da clientelaxe militar nos usos bélicos propios da cultura castrexa (§9, 1). Non obstante, todo isto –e lémbrese que mesmo a evolución armamentística desta cultura ten sido obxecto de difíciles lecturas en termos «heroicos»– non desbota, segundo moitos estudosos, a idea dunha forte estratificación social de natureza militar, ao suxeriren que esta non comportaría necesariamente un reflexo material unívoco[98].

Neste senso, é tamén M. V. García Quintela o principal teórico do que non el, senón o seus recensionadores, denominan «teoría do valor»[99], que suxire que na sociedade castrexa o *éthos* heroico outorgaría un meirande prestixio á posesión de bens móbeis, nomeadamente xoias e gando, sobre os inmóbeis: terras e vivendas[100]. Algúns reportes etnográficos antigos, máis ou menos fiábeis, poderían ir de feito nesta liña, ao indicaren unha curiosa dicotomía laboral definida polo xénero entre os galaicos, conforme á que a labranza sería considerada un traballo de mulleres namentres que os homes valorarían as actividades gandeiras e guerreiras[101]. Suxírese, pois, que neste contexto se artellarían unhas redes de clientelaxe militar a partires da distribución de bens móbeis, patrimonio masculino, que os padroeiros entregarían aos clientes que entrasen no seu servizo.

Porén, a influencia destas clientelas segue a depender duns condicionantes materiais: neste caso, da potencialidade económica dos bens móbeis obxecto de distribución. Deles, o ouro antóllase un candidato obvio para a súa circulación en redes de reciprocidade aristocrática; pero non precisamente para a dotación e substento de

97 Para críticas xerais das interpretacións en clave estratificada da sociedade castrexa, con meirande fondura argumental cá que podemos desenvolver aquí, véxanse F. Calo Lourido, 1993, pp. 187 ss.; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 219-224.

98 M. V. García Quintela, 2002, pp. 19-20 e 97-98; A. Balboa Salgado, 2007, p. 40; X. Ayán Vila, 2011, p. 526.

99 Por exemplo, C. Parcero Oubiña, 2000, p. 292; A. González Ruibal, 2006-2007, p. 396; B. X. Currás Refojos, 2014, p. 218. Descoñezo se o termo aparece realmente nalgunha obra de M. V. García Quintela –dende logo non o fai na principal, a citada por estes autores e aquí mesmo– ou se a súa alusión constante na bibliografía se debe só ao «mimetismo» bibliográfico. Dende logo, a denominación non semella pertinente ao inducir á confusión co homónimo concepto económico, clave nas tradicións clásica e marxista. Polo que sei, M. V. García Quintela, 2002, p. 97, refírese a "una idea del valor". Porén, nunha avaliación dun concepto historiográfico alleo coma a que trato de desenvolver aquí, véxome inevitabelmente obrigado a manter a convención terminolóxica, «teoría do valor», preconizada pola xeneralidade da bibliografía ao respecto; embora non, paradoxalmente, pola obra principal.

100 M V. García Quintela, 2002, pp. 19-20 e 97-98.

101 Iust., *Epit.*, XLIV, 3, 7; Sil., *Pun.*, III, 349-353.

clientes. É simple pero cómpre subliñalo: o ouro non se come, e un cliente dotado con ouro nunca podería abandonar a súa condición labrega. Por iso, o único elemento quen de substentar unha clientela militar socialmente diferenciada da base labrega maioritaria coma a propugnada por M. V. García Quintela é o gando. Porén, acontece aquí, outra volta, que ata os arqueólogos vinculados á teoría «heroica» se opoñen ao protagonismo da gandaría na economía castrexa, como ilustran as diatribas de C. Parcero contra a postura por el denominada «pecuarista», reducindo en definitiva esta actividade a un papel subsidiario ao cultivo da terra[102]. Por suposto, dende a case sempre contraria perspectiva «segmentaria» arguméntase, neste caso, o mesmo exacto predominio agrícola[103]. Se a agricultura foi a base subsistencial da sociedade castrexa, pero a terra, ben inmóbel, supostamente non podía ser obxecto de distribución nas redes de clientelaxe masculina, o resultado é que a pose de ouro e gando –resultado de actividades economicamente secundarias por moi poderosa que fose a ideoloxía vencellada á masculinidade dos bens móbeis– dificilmente podería ter fundamentado a prevalencia social dos seus detentadores sobre o resto da poboación.

Lamentabelmente, os estudos comparativos adoitan realizarse sen a menor atención ás condicións materiais das sociedades comparadas, o que ten provocado a cotío –e máis no tema que nos ocupa– unha inxustificábel perda de perspectiva. Cómpre sinalar, neste senso, que unha clientela militar e a consecuente diferenciación social entre guerreiros e campesiños non se pode crear da nada, nin xustificarse meramente na presunta herdanza cultural. Tentarei ilustralo cun exemplo que coido ben significativo por constituír un usual ámbito de comparación: a propia Irlanda. Deica o século VIII d.C., cando escomeza a emerxer na illa un volume de información comparábel e por veces superior ao do continente, o artellamento de redes clientelares fundamentadas na distribución de gando tiña unha fonda razón material: os clientes precisaban os animais non só para obteren carne e produtos lácteos, senón sobre todo para póren en explotación a súa terra e produciren o gran que compuña a meirande parte da súa dieta. A razón de ser da clientela irlandesa era moi simple: o padroeiro tiña máis gando do que precisaba para explotar a súa terra; o cliente tiña máis terra da que podía pór en explotación co seu gando. Os padroeiros recibían a cambio prestacións de todo tipo dos seus clientes, incluída a asistencia militar –co que xa podemos comprobar a difusa liña entre os labregos e os guerreiros que obraba mesmo na Irlanda alto-medieval, por máis que os comparatistas teimen en acotala–; pero sobre todo incipientes rendas en especie[104].

---

102 C. Parcero Oubiña, 2000, pp. 56-57.

103 Nomeadamente dende M. D. Fernández-Posse & F. J. Sánchez-Palencia, 1998, pp. 127-150, p. 146. Véxase tamén, dirixido concretamente a refutar os presupostos do comparativismo céltico para a guerra castrexa, B. X. Currás Refojos, 2014, p. 575.

104 T. M. Charles-Edwards, 2000, pp. 71 ss.

Nestas circunstancias, suxerir un ambiente semellante ao do Alto Medievo irlandés para a nosa cultura castrexa depende unha vez máis da potencialidade económica do gando. A existencia ou non do arado segue a ser a grande incógnita da agricultura castrexa, pero dende logo nada permite postular a universalidade dun sistema de tracción animal. É lexítimo pensar na súa existencia, pero non creo que sexa verosímil postular o seu protagonismo en todas as bisbarras e en todas as sazóns. Antes do século II a.C. os castros tendían a se ubicaren en lugares topograficamente sobranceiros, de escasa potencialidade agrícola, lonxe das terras fondas, húmidas e fértiles do fondo dos vales (cfr. §10, 3). Isto significa que a agricultura castrexa se practicou durante case toda a súa existencia sobre todo en cotas de monte onde o uso de arados de tracción animal deviría mesmo contraproducente fronte aos aveños manuais. É certo que en época moderna se constata o uso dos arados máis pesados, os avesadoiros tirados por bois, precisamente nos arrotamentos periódicos de monte, propios da agricultura extensiva da Galiza oriental[105]; pero non creo que ninguén pretenda suxerir semellante capacidade tecnolóxica –a que deu posto en explotación no Medievo os solos pesados da Europa fría e temperada– para a cultura castrexa.

O réxime de explotación da terra, pola súa banda, resulta por enteiro insondábel, pero coido que non resultará aventurado supor que a canda menos incipiente posesión privada da terra descrita para a Irlanda alto-medieval distase da vixente na *Callaecia* castrexa[106]. En efecto, por detrás do intrincado sistema de parentesco gaélico, en Irlanda a forma de ocupación e explotación da terra consistía en granxas familiares isoladas. Isto, evidentemente, outorgaba aos cabezas de familia unha grande capacidade para a xestión privada do seu patrimonio, e tamén para o establecemento de vínculos estritamente persoais con potestades alleas á propia unidade doméstica. Importa sinalar que, efectivamente, este modelo de ocupación do territorio presenta grandes analoxías coa cultura de La Tène inicial do milenio anterior, que asemade rachara co modelo habitacional xerarquizado do Hallstatt final[107]. A La Tène pertencen precisamente os celtas padanos nos que M. V. García Quintela inspirou, á luz dunha pasaxe de Polibio, a súa «teoría do valor». En efecto, Polibio consignara que aqueles celtas, que vivían en "aldeas sen amurallar" (*kṓmai ateíchistoi*), estimaban as posesións móbeis coma o ouro e o gando precisamente por poderen levalas canda eles[108]. Evidentemente, estamos a aludir sociedades cun modelo de habitación moi diferente ao castrexo, pois unha granxa irlandesa do século VIII d.C. ou unha *kṓmē*

105 H. Sobrado Correa, 2007, p. 235.

106 Arredor das múltiples interpretacións que ofrece o réxime de explotación da terra na cultura castrexa, véxase M. D. Fernández-Posse & F. J. Sánchez-Palencia, 1998, pp. 143-145.

107 Pode consultarse unha boa síntese en galego deste decisivo proceso da Idade do Ferro europea en F. Calo Lourido, 2010, pp. 42-44.

108 Polyb., *Hist.*, II, 17, 9-12.

*ateíchistos* boia ou senona do III a.C. son xusto o contrario do que é un castro galaico. Non podemos, abofé, amparados meramente na difusa –e só relativa no caso galaico– herdanza céltica, pretender que sociedades tan dispares presentasen unhas sensibilidades ideolóxicas, unhas necesidades económicas e unha estrutura social idénticas.

Así, a subordinación labrega ás redes clientelares dunha aristocracia de forte carácter militar puido efectivamente constituír unha poderosa tendencia estrutural tanto na cultura de La Tène coma na Irlanda alto-medieval, amparada pola autonomía dos grupos familiares, esparexidos polo territorio. Ao meu ver cómpre, con todo, non esaxerarmos as implicacións sociais disto, pois nas sociedades célticas da Idade do Ferro –e na irlandesa precisamente ata o Medievo– a forma de explotación económica por antonomasia, como en todas as sociedades antigas, houbo de ser a escravitude, non a tributación campesiña. É ben sabido que estoutra relación de produción, na forma do *colonatus* romano, só adquiriu unha verdadeira preponderancia dende o Baixo Imperio; e coido que os mutacionistas franceses levan moita razón ao adiaren ata a dinastía Capeta o triunfo da servidume feudal en detrimento do campesiñado libre e a escravitude ata daquela imperantes[109]. Non creo que poidamos atribuír unha meirande precocidade nestes poderosos procesos estruturais ás sociedades célticas insulares –e non digamos as continentais da Idade do Ferro– do que ao Occidente europeo alto-medieval. Os séquitos militares dificilmente poden xestarse sen o requisito dunha ampla tributación campesiña, e así como por este motivo os podemos considerar máis precarios nas sociedades célticas da Antigüidade do que no feudalismo medieval, o mesmo cómpre apuntar para a sociedade castrexa con respecto a tales sociedades célticas. Na cultura castrexa o poder da comunidade antóllase ben máis significativo, e sen dúbida constituíu un freo contra esta tendencia deica a estratificación social. Todo isto matiza a potencial influencia que puidesen ter nela os tratos estritamente persoais, coma o recoñecemento dun padroado. Mesmo se o gando resultaba indispensábel para pór en explotación a terra –o que non semella probábel–, a solidariedade tribal dificultaría o establecemento de vínculos de dependencia estritamente persoais; e certamente non semella oportuna a suxerencia dunha clientelaxe feudalizante que atinxise a toda a comunidade de parentesco e/ou de asentamento a un único padroeiro. Isto semella ter acontecido no período baixo-romano, cando asentamentos enteiros, incluídos os castros serodios, se vincularon á estrutura do *fundus* aristocrático[110]; mais contra esta dinámica, da que é claro reflexo a proliferación de *uillae* rurais, na cultura castrexa non contamos co máis mínimo vestixio arqueolóxico.

109 P. Bonnaissie, 1985, pp. 307-343; G. Bois, 1991 (1989).
110 M. Fernández Calo, 2017, pp. 30-31.

A hipotética distribución de gando, coma a do ouro, remítenos na cultura castrexa a unha situación que semella ter que ver máis co mundo simbólico do que co material. Os padroeiros castrexos puideron outorgar ouro e gando aos seus clientes, e estes puideron deberlles todo tipo de prestacións a cambio; pero isto dista de xustificar a presunción de toda unha sociedade artellada a través de tales relacións clientelares, e moito menos o desenvolvemento no seu cumio dunha aristocracia guerreira que tivese sometida ás comunidades labregas.

Nin sequera isto desbota a existencia de clientelas militares, pero claramente si obriga a matizarmos o seu rol social. En efecto, a cultura castrexa puido ter herdado do seu substrato etno-lingüístico indoeuropeo, ou producido no transcurso da súa evolución secular, algunha institución de clientela. Mais a procura de paralelos, mesmo na presunción dalgún parentesco institucional, por exemplo cos xa mencionados *deuotii*, *soldurii* e *essedarii*, non implica que a hipotética clientela galaica se expresase na cultura castrexa dun xeito idéntico ao daqueloutras sociedades afastadas. Pode resultar mesmo ridículo sinalalo, pero a expresión dunha institución social non depende unicamente da súa natureza xurídica, senón tamén do contexto estrutural no que se insire. Non era o mesmo o *patrocinium* romano do Alto Imperio, sostido decote na *Callaecia* entre altos funcionarios e comunidades indíxenas[111], do que o do Baixo Imperio, cando conectou a aristocracia provincial das *uillae* co campesiñado[112]. Non era o mesmo o *comitatus* xermánico da época de Tácito, cando esta relación de séquito vinculaba un caudillo e un seguidor –daquela a cotío simple guerreiro a pé–, có da Tardoantigüidade, cando, fundido co homólogo *comitatus* romano[113], foi instrumento administrativo das monarquías xermánicas de Occidente, e o *comes* gobernaba cidades[114]. Non foi o mesmo, sequera, a vasalaxe galega a comezos e a remates do século XV, cando os Reis Católicos converteron polas armas e o dereito á nobreza militar en cortesá, e os cabaleiros deron paso á fidalguía… Por que, daquela, habían de seren o mesmo os séquitos galaicos cós galos, britanos ou celtíberos da Idade do Ferro ou cós irlandeses medievais?

Aínda admitindo, en suma, algún parentesco institucional, as súas implicacións han de seren sempre matizadas polo contexto das sociedades comparadas. A título hipotético poderiamos pensar, efectivamente, en que na cultura castrexa incidisen institucións clientelares compartidas con outras sociedades indoeuropeas occidentais coetáneas, coma a *deuotio*[115], que estivo detrás dos séquitos ecuestres

---

111 Así, nas táboas do Courel e Castromao: *AE* 1984, 553; 1972, 282.

112 Cfr. M. Fernández Calo, 2017, pp. 29-30.

113 Véxase, por exemplo, P. D. King, 1972, pp. 53-54.

114 Arredor da influencia gobernativa do *comitatus* xermánico na *Gallaecia*, véxase M. Fernández Calo, 2018a, pp. 254-255 e 298-299.

115 Cfr. M. D. Dopico Caínzos, 1998, p. 185; J. M. Blázquez, 2001, p. 180. Arredor do substrato indoeuropeo desta institución, J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, pp. 632-633: «warrior».

célticos aos que nos temos referido. Coma neles, os padroeiros castrexos houberon de outorgaren *dona* aos seus clientes, que lles deberían o seu apoio incondicional, sobre todo no que ao exercicio das armas respecta, ou, como quixemos ver no bronce de Costa Figueira (§9, 2), na asistencia en cerimonias comunitarias. Mais a magnitude de tales *dona* e o rol social destas clientelas fican inexorabelmente limitados ás precarias potencialidades materiais da cultura castrexa. Probabelmente estas clientelas galaicas non adoitaron consistir en séquitos ecuestres; e dende logo as comunidades labregas nin foron o obxecto de tales *dona*, nin se someteron ao dominio tributario de ningunha estrutura clientelar, a cal, dada a isonomía que define os usos bélicos na cultura castrexa, nunca chegou a acadar a capacidade coercitiva suficiente para subordinar os labregos a unha hipotética –e para min desbotábel– clase de guerreiros-clientes.

Como posíbel indicio da existencia destas clientelas emerxe necesariamente a nosa terceira lectura da estela da Veiga, que faría ao defunto Nícer non *princeps* nin fillo de *princeps*, senón dependente de *princeps* (§1, 4). Porén, semellante lectura constitúe, como xa avanzamos, un *hapax* no rexistro epigráfico, derivado unicamente da redación equívoca do documento. Non podería, con todo, eludila nun apartado no que pretendo atender, precisamente, á cuestión das clientelas na *Callaecia* castrexa.

Sexa como for, se na cultura castrexa existiu unha institución de clientela militar, o *principatus* perfílase dende logo como principal padroeiro. Os *principes*, como dirixentes dos seus pobos, tentarían arrodearse de incondicionais que os protexesen na guerra e lles outorgasen maxestade nas asembleas e cerimonias relixiosas. Mais tales clientelas, que non podemos abstraer da severidade do rexistro material, foron dende logo ben máis precarias cás doutras sociedades –célticas e non célticas; coetáenas e diacrónicas– que tan insistente e inconsistentemente se teñen procurado extrapolar á cultura castrexa.

### 9.5. O *princeps* como soberano excepcional

A matización do grao de estratificación social da cultura castrexa importa tamén para calibrarmos outra teimosa extrapolación que se lle ten aplicado a ela e, por extensión, ao *principatus*: a figura de Viriato[116]. Este é o exemplo do soberano excepcional, caudillo dunha banda de guerreiros, distinguido por un carisma obtido dos éxitos militares e a redistribución do botín. Éo tamén da construción dunha incipiente monarquía agregativa, a través do constante sometemento á súa autoridade de novas comunidades etno-políticas, ata o seu asasinato e a consecuente, paulatina, implantación romana na Lusitania (§7, 2).

116 Cfr. F. López Cuevillas, 1953, p. 84; M. V. García Quintela, 1999, pp. 217 e 272; E. Pitillas Salañer, 2003, p. 90; F. J. González García, 2006, pp. 136-137.

As similitudes entre a *Callaecia* e a Lusitania son evidentes. O seu parentesco etno-lingüístico non ofrece dúbidas (cfr. §10, 1) e a súa unidade xeográfica aínda mantiña unha certa entidade a ollos dun xeógrafo do Principado coma Estrabón[117]. Porén, isto dista de comportar que en ambas as rexións tivesen ocurrido uns procesos estruturais idénticos, e moito menos que necesariamente tivesen emerxido nelas unhas figuras políticas análogas. F. Calo Lourido ten aludido á forte disparidade da cultura material entrambas as rexións para discutir esta tendencia comparativa[118]. Ademais, Viriato tense evidenciado como unha figura ligada "a uma região muito mais meridional" dende o crítico e decisivo estudo de A. Guerra e C. Fabião[119], o que podería diluír mesmo a súa relación co territorio máis topicamente lusitano: a Beira interior, se cadra a parte da antiga Lusitania máis paralelizábel á *Callaecia*.

Fronte a isto, outra volta M. V. García Quintela, se cadra o meirande estudoso actual da figura de Viriato, ten insistido na extrapolación ao *principatus* galaico non só do substrato ritual e ideolóxico, o que particularmente coido admisíbel; senón tamén da praxe e dinámica política deste caudillo, o que cómpre desbotar (cfr. §2, 8). Así, M. V. García Quintela quixo ver en virtudes tan universais coma a elocuencia, o carisma, o valor guerreiro ou a xenerosidade, nas que se fundamentou o goberno de Viriato, a influencia dun substrato ideolóxico céltico[120]. Esta presunción forma parte das suxerencias admisíbeis; embora obviamente cumpra matizala sensibelmente, pois uns atributos tan xenéricos poden atoparse en contextos culturais moi diversos, o que inevitabelmente reduce o valor absoluto do paralelo céltico. Por exemplo, no Maghreb musulmán os líderes bérberes basearon a súa autoridade na posesión de *baraka*, carisma espiritual reflectido nos éxitos políticos e militares, que algúns estudosos coidan recuábel ata a Antigüidade[121]. Abofé, o *baraka* representa unha forte analoxía coas virtudes atribuídas a Viriato e á realeza irlandesa; pero dada a disparidade cultural evidénciase que non estamos perante un efecto do parentesco institucional, senón dunha praxe rexia condicionada por un análogo contexto social: a precaria institucionalización monárquica, previsíbel en calquera xefatura pre-estatal e por extensión, transitoriamente, en calquera monarquía agregativa (cfr. §7, 2)… Sen desmerecermos a súa potencial influencia, o substrato cultural supón sen dúbida aquí un factor secundario.

Na mesma liña, M. V. García Quintela quixo ver outro indicativo de celticidade na capacidade de Viriato para bascular dunha caudillaxe local a unha común a todos

---

117 Str., *Geog.*, III, 3, 5.

118 F. Calo Lourido, 2010, pp. 209-210.

119 A. Guerra & C. Fabião, 1992, p. 14 para a cita textual; p. 17 para a síntese.

120 M. V. García Quintela, 2002, pp. 99-100.

121 G. Camps, 1980, pp. 220-224; *id.*, 1984, p. 187; D. J. Mattingly, 2005 (1992), p. 37.

os lusitanos[122]; cando isto –a tendencia a agrupar segmentos de liñaxe ou identidade étnica afíns– é un trazo definitorio do que demos en chamar «monarquías agregativas», que como vimos emerxeron ao longo da Antigüidade mediterránea e europea en sociedades moi diversas, da bérber á dacia, sen ningún parentesco etno-lingüístico recoñecíbel, e por certo en non todas as sociedades celtas (cfr. §§7, 2 e 7, 6-7). Evidentemente, o proceso expansivo que protagonizou Viriato achegouno a realezas célticas coma a gálata ou a irlandesa, pero tamén á realeza bérber á que nos vimos de referir: simplemente representa un caso específico de construción dunha monarquía agregativa, condicionado por un determinado contexto estrutural máis ca por un substrato etno-lingüístico necesariamente céltico. É aquí onde cómpre sinalar que o *principatus* galaico, en canto a *principatus gentis* e xa que logo a xefatura mediatizada polo Imperio Romano, retraído á submisión xeo-política (cfr. §§4 e 6), non pode ser asimilado a un contexto estrutural semellante. Tampouco pode selo en canto a realeza étnica tradicional antes da conquista, pois o grao de desenvolvemento da cultura castrexa daquel tempo matiza a capacidade das súas xefaturas de exerceren unha influencia superior á estritamente local.

A ideoloxía rexia na que se enmarcou o *principatus*, como vén defendendo M. V. García Quintela, puido achegarse intimamente á de Viriato, e se cadra á xeneralidade das sociedades célticas e indoeuropeas arcaicas; mais isto non implica a perfecta correspondencia do desempeño particular dos detentadores destas destas realezas. Non nos esqueceremos da influencia do substrato etno-lingüístico no *principatus*, pero este certamente tivo moi pouco que ver na emerxencia de caudillaxes excepcionais na *Callaecia* castrexa (§§10, 1-2).

Con todo, puidemos comprobar tamén que a área de distribución do *principatus gentis* coincidiu sistematicamente no Imperio Romano con rexións que, antes da conquista, foran marco do desenvolvemento de monarquías agregativas (§7, 2). Ao meu ver, esta mesma distinción entre o «antes» e o «despois» da conquista podería suxerir precisamente que as necesidades estruturais da sociedade castrexa e da súa realeza gobernante tivesen fluctuado arredor deste fito histórico. Isto significa que podería haber lugar para admitirmos a hipótese orixinal –non así a súa corrección posterior– de M. V. García Quintela arredor da retracción política e territorial do *principatus* como consecuencia da conquista romana (cfr. §2, 8). Porén, non creo que isto poida apoiar a presunción das caudillaxes excepcionais como algo propio do entramado socio-político «tradicional» da *Callaecia* pre-romana, senón dun contexto moi particularizado no tempo. Neste senso, xa sinalamos no seu momento que as monarquías agregativas, asociadas sempre en orixe ás mesmas caudillaxes excepcionais ás que nos vimos referindo, se desenvolveron polo común nas áreas de

122 M. V. García Quintela, 1999, p. 217.

influencia militar e xeo-política de potencias imperiais externas (§7, 2). Este é dende logo o exemplo de Viriato, e se acaso, serão tamén do *principatus*.

Así, poida que no contexto da expansión romana pola *Callaecia* algunha realeza local, devanceira do *principatus* que testemuñamos máis adiante, dese o paso deica á súa expansión agregativa. Neste senso, hai quen sospeita que a cifra, probabelmente esaxerada, de sesenta mil galaicos vencidos por Décimo Xunio Bruto na batalla do Douro, a dicir de Orosio[123], podería con todo reflectir o establecemento real dunha ampla coalición supra-local contra a agresión romana[124]. Permitireime suxerir, en fin, que o mecanismo desta coalición, nunha sociedade artellada a través dunha realeza tradicional e mesmo posibelmente influenciada polo recente exemplo de Viriato[125], ben puido ser unha caudillaxe excepcional, e efémera, por parte dalgún verdadeiro *princeps* castrexo.

### 9.6. O *principatus* como institución soberana castrexa

Xunguindo os tan diversos aspectos explorados ao longo deste capítulo, semella que o rexistro material da cultura castrexa aporta algúns indicios significativos arredor do que puido ser o rol social do *principatus*. Nas implicacións máximas dos indicativos manexados, as funcións do *principatus* incluirían hipoteticamente o liderado militar, a dirección de cerimonias relixiosas, a administración de xustiza, a presidencia de asembleas e o padroado clientelar. Excepcionalmente, sobre todo no contexto da conquista romana, do *principatus* puideron saír tamén caudillos vinculados a procesos de expansión agregativa das súas comunidades. Tales funcións son numerosas, pero entran dentro da caracterización previsíbel, e amplamente testemuñada, das realezas tradicionais de todo o mundo circunmediterráneo antigo. Do mesmo xeito, a posíbel pero dende logo excepcional expansión agregativa do *principatus* foi unha reacción típica entre moitas comunidades étnicas baixo a influencia militar e xeo-política dos grandes imperios desta época.

Os conceptos de xefatura e realeza, enxergados polo noso exame epigráfico, guiaron a crítica do rexistro material e inmaterial castrexo aquí manexado, e coido que poden ser definitivamente conxugados á luz dos nosos resultados. En efecto, o *princeps* perfílase como un individuo de grande poder na súa sociedade: o verdadeiro soberano castrexo.

Porén, a disgregación interna dos pobos galaicos, sen xerarquías territoriais definidas ata a urbanización castrexa (§§8, 3 e 10, 3), e mesmo despois disto constituídos esencialmente como conglomerados de castros ata relativamente avanzado o dominio imperial romano (§5, 5), apórtanos pola súa banda unha nidia idea xeral:

---

123 Oros., *Hist.*, V, 5, 12.

124 Por exemplo, F. López Cuevillas & R. de Serpa Pinto, 1933-1934, p. 293; A. González Ruibal, 2006-2007, p. 442.

125 Cfr. App., *Iber.*, XII, 71.

a laxitude do seu artellamento político e a expresión simbólica da súa unidade[126]. Estamos perante unha institución indubidosamente soberana, como apuntamos; pero non na acepción politolóxica senón na duméziliana do termo: non o suxeito do que emanou a autoridade lexítima dun Estado, senón no que se depositou o simbolismo xurídico e relixioso dunha comunidade, no noso caso non estatal en absoluto (cfr. §10, 2). Subliñemos, neste senso, que o *princeps* emerxe como o axente cohesionador por excelencia dos pobos galaicos: unha figura, en definitiva, fulcral no artellamento da súa sociedade, mais cun poder real matizado pola precariedade da súa base material. Malia as súas potenciais fluctuacións políticas, o *principatus* non foi na cultura castrexa unha realeza autocrática nin aristocrática, senón unha ben máis modesta, suxeita a un exercicio do poder moi diferente.

Porén, isto non tivo por que ser sempre así, pois o *principatus* non foi só a institución soberana xenuína da cultura castrexa, senón tamén o resultado dunha evolución particular, ancorada nun tempo definido da Historia. A cultura castrexa, coido, é só unha etapa do desenvolvemento histórico desta institución. E o presente ensaio non pode concluír, abofé, sen tentar explorarmos antes, na súa globalidade, as liñas xerais de tal desenvolvemento histórico, dos seus antecedentes e da súa influencia posterior.

---

126 Así, por exemplo, F. López Cuevillas & R. de Serpa Pinto, 1933-1934, p. 293; J. M. Vázquez Varela & M. V. García Quintela, 1998, p. 129; M. Fernández Calo, 2018a, p. 47.

# 10. O *PRINCIPATUS* NA HISTORIA CONSTITUCIONAL GALAICA

Agora que demos achegado unha lectura cabal do *principatus* conforme á información intrínseca das súas fontes epigráficas, o seu contexto histórico global e máis o rexistro castrexo do seu tempo, emerxe como vemos a incógnita da súa xenealoxía como institución; da liña evolutiva seguida dende a súa orixe ata a súa disolución. Certamente, o testemuño estimábel do *principatus* a partires do seu rexistro epigráfico redúcese a algo máis dun século arredor de ambas as marxes da Era cristiá (§8, 2), pero a súa función social conecta coas épocas adxacentes; e de feito, como fomos suxerindo ao longo dos capítulos precedentes, el mesmo, en canto a institución, houbo de ter unha biografía moito máis prolongada có reducido intervalo da súa constatación epigráfica.

No presente capítulo propoño atender, pois, á devandita biografía do *principatus* como institución: pescudarmos a súa posíbel orixe, a súa evolución pre-histórica, a súa retracción perante outras institucións, e a súa potencial influencia logo da súa disolución definitiva. E fronte á dinámica xeral seguida no presente libro, non incluirei un apartado recapitulatorio, pois o achegamento biográfico a unha institución suxírenos, coma nunha persoa, un comezo no seu nacemento e un termo na súa morte, o que neste caso nos invita a deixar a síntese, precisamente, para as propias conclusións globais deste ensaio.

### 10.1. Deica unha interpretación etno-lingüística do *principatus*

No presente ensaio temos matizado amplamente a influencia do substrato etno-lingüístico como criterio unívoco para a caracterización social dunha determinada institución, coma neste caso o *principatus*; factor tan comunmente sobreestimado nos estudos comparativos, "coma se a orde política estivese en dependencia do *éthnos*"[1]. Mais isto non debe certamente de levar o carro deica o exceso contrario, a negación absoluta desta influencia: abofé, a comprensión global do *principatus* pasa

1 J. Alvar Ezquerra, 2004, p. 13.

tamén por o incardinar no seu contexto etno-lingüístico e na dimensión institucional que este lle poida conferir.

Neste senso, a *Callaecia* do *principatus* insírese no dominio lingüístico lusitano, que abrangueu na Antigüidade a metade occidental da porción indoeuropea da península ibérica[2]. Fronte ao oriente celtibérico, a lingua dos textos indíxenas achados nesta área occidental non é plenamente adscribíbel á familia céltica por non ter compartido a súa innovación fonética máis característica: a elisión da oclusiva bilabial xorda en posición intervocálica e inicial de palabra (*-p-*, *p-* > *ø*). Sobre todo J. Untermann –canda a súa escola– argumentou que esta discrepancia se debería a un trazo conservador do lusitano que non desbotaría o seu parentesco céltico, reivindicando así unha alternativa «herética», segundo recoñecía el mesmo, claramente minoritaria entre os lingüistas[3]. Unha segunda e aínda máis minoritaria opción para a clasificación do lusitano, a hipótese itálica de B. Mª. Prósper[4], non fai senón suxerirnos o lugar senlleiro que o lusitano ocupou no panorama etno-lingüístico do seu tempo, como antigo estrato indoeuropeo, con nexos propios tanto coas linguas célticas coma coas itálicas testemuñadas noutras rexións. Sexa como for, a cotío o amplo rexistro onomástico céltico da *Callaecia* se interpreta como a superposición dalgún estrato etno-lingüístico céltico posterior sobre o orixinal, non céltico, vencellado ao lusitano[5].

Particularmente, inclínome máis a pensar que o devadito léxico céltico da *Callaecia* formou parte consubstancial da propia lingua lusitana, como concibe a escola de J. Untermann, antes ca ter sido irradiado pola nunca ben delimitada multiplicidade de estratos lingüísticos que preconiza o modelo estándar. Mais o certo é que, no que ao noso interese inmediato respecta, toda esta controversia se reduce a unha cuestión de taxonomía lingüística, que depende dos trazos que se queiran facer extensíbeis á hipotética lingua proto-celta. Así, independentemente da súa adscrición ao grupo céltico ou ao itálico, ou da súa definición como unha pónla irmá pero independente das anteriores, ou do grao de celtización que posteriores estratos etno-lingüísticos puidesen ter producido sobre o occidente da península ibérica, o lusitano forma dende logo parte das linguas indoeuropeas occidentais e houbo de compartir coas anteditas unha longa evolución común dende a súa separación a partires do proto-indoeuropeo.

A isto engádese ademais que, encadrelando con algunhas das cuestións abertas, a hipótese ítalo-celta podería xunguir o vindeiro parentesco da xeneralidade das linguas indoeuropeas occidentais, matizando a significancia que a celticidade tiver na

---

2 Cfr., entroutros, C. Búa Carballo, 1997; J. Gorrochategui, 1997; J. C. Moralejo Álvarez, 2006, pp. 221 ss.

3 Por exemplo, en J. Untermann, 1993; suxerencias semellantes en C. Búa Carballo, 1997, p. 73; J. C. Moralejo Álvarez, 2006, pp. 227-228; e ultimamente tamén D. S. Wodtko, 2010.

4 Nomeadamente dende B. M. Prósper, 2002, p. 29.

5 Así, por exemplo, F. Villar, 1996 (1991), pp. 485 ss.; B. M. Prósper, 2002; E. R. Luján Martínez, 2006.

contextualización etno-lingüística da *Callaecia* antiga. A evidencia desta hipótese é pouco concluínte[6], pero plenamente útil para o noso limitado propósito. En efecto, tanto as linguas célticas coma as itálicas compartiron cognados derivados do étimo **h3rḗĝs*, a hipotética institución rexia indoeuropea: *rex* latino e falisco, *rix* galo, *reikis* celtíbero, *rí* irlandés, etcétera[7]. Descoñecemos cál tería sido a denominación nativa do noso *principatus*, pero neste contexto indoeuropeo occidental coido que non resultará aventurado presupor outro hipotético cognado, galaico-lusitano, da mesma prolífica raíz.

Se o *principatus* procedeu deste **h3rḗĝs* proto-indoeuropeo, ou de calquera outra institución do mesmo complexo etno-lingüístico, o inicio da súa andaina galaica houbo de coincidir coa implantación indoeuropea no noroeste da península ibérica. Na última década, a ampliación dos estudos de xenética de poboacións a mostras de ADN antigo –isto é, o xermolo da arqueoxenética– traduciuse nun renovado e contundente apoio á «difusión démica» das linguas indoeuropeas. En efecto, as investigacións recentes apuntan a que a indoeuropeización non foi un fenómeno meramente lingüístico ou cultural, senón tamén migratorio, asociándose á difusión dunha serie de liñaxes, sobre todo masculinas –identificadas como haplogrupos do cromosoma-Y–, que terían en grande medida substituído ás prevalentes anteriormente[8]. A creba no rexistro xenético emerxe hoxe, así, como un criterio unívoco co que calibrarmos a implantación etno-lingüística indoeuropea. Neste senso, fronte a outras rexións de Europa noroccidental, onde estas novas liñaxes –en concreto certas pónlas do haplogrupo R1b– aparecen xa en mostras obtidas de xacementos asociados ao vaso campaniforme, na península ibérica este horizonte cultural fica aínda netamente dominado pola remanencia xenética –neolítica– anterior[9]. A día de hoxe semella que a penetración orixinal no occidente da península ibérica destas liñaxes foi moito máis serodia: só a partires da Idade do Bronce medio (véxase táboa 6).

Xa apuntamos que verbo á historia etno-lingüística da *Callaecia* existe unha *communis opinio* arredor da superposición de varios estratos indoeuropeos, dos que, malia existiren propostas tan diversas como contraditorias, en xeral algún dos primeiros se tende a vincular ao lusitano e algún dos últimos ás linguas célticas. Con todo, fronte ás cesuras máis definidas detectadas na cultura material da *Callaecia* ao longo do II milenio a.C., sobre as que voltaremos axiña, a nosa Idade do Ferro evidenciouse hai tempo como unha transición netamente endóxena entre o Bronce final

---

6 Cfr. J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, p. 100: «Celtic languages».

7 Cfr., para as linguas itálicas, M. de Vaan, 2008, p. 522: «rēx, rēgis»; para as célticas, R. Matasović, 2009, p. 311: «*rīg-».

8 Véxanse M. E. Allentoft & *al.*, 2015; W. Haak & *al.*, 2015; I. Olalde & *al.*, 2019; para unha síntese recente, C. Quiles, 2017; de carácter máis divulgativo, D. Reich, 2018, pp. 107 ss.

9 I. Olalde, & *al.*, 2018; *id.*, 2019.

| CONTEXTO ARQUEOLÓXICO | XACEMENTO ARQUEOLÓXICO | HAPLOGRUPO (CROMOSOMA Y) |
|---|---|---|
| Neolítico medio | Lugar do Canto | I |
| Neolítico final e Calcolítico | Cabeço da Arruda | I2a1b |
| | | G2a2a1 |
| | Cova da Moura | I2a1b |
| | Mámoa de Ansião | I2a1a1a1b |
| Idade do Bronce medio | Monte do Gato de Cima | R1b1a2 |
| | Torre Velha | R1b1a2a1a2 |

Táboa 6. Mostras de ADN antigo da Prehistoria recente portuguesa. Segundo R. Martiniano & *al.*, 2017.

e o Castrexo[10]. Nin sequera a migración dos céltigos e túrdulos dende o Guadiana, evocada polas fontes literarias[11], deixou ningún rastro arqueolóxico recoñecíbel da súa chegada; embora semella que si da súa saída, arredor da que J. C. Olivares ten argumentando convincentemente a xa andada opción da segunda metade do século II a.C.[12] Non creo que esteamos en disposición de discernirmos se esta chegada foi a última ou simplemente a única significativa do influxo migratorio externo da nosa Idade do Ferro; mais dende logo ela, en concreto, non houbo de alterar substancialmente o panorama etno-lingüístico da rexión, por canto os céltigos compuxeron só tres das corenta *ciuitates* da *Callaecia*[13], e os túrdulos asentáronse a sur do Douro[14]. Irremediabelmente, no que ao *principatus* respecta, o substrato lusitano, celta ou non, amósase unha influencia ben máis relevante do que calquera influxo céltico posterior.

Emporiso, non semella previsíbel que os avances científicos poidan axudar a concretar axiña esta descoñecida secuencia da indoeuropeización do Occidente, como de feito están a servir para balizar o seu inicio, pois os marcadores xenéticos que diferenciaron aos galaico-lusitanos e aos celtas *stricto sensu* das poboacións pre-indoeuropeas son os mesmos que os igualaron entre eles. Mais se cadra o mesmo cumpra apuntarmos para a nosa historia institucional: abofé, o xenérico cadro que poidamos tracexar da realeza indoeuropea, dentro dos nosos intereses inmediatos, será esencialmente o mesmo que poderiamos facer para case calquera exemplo arcaico desta grande familia etno-lingüística, perdendo así significancia para nós as incógnitas arredor da taxonomía concreta do lusitano e do grao do influxo céltico na antiga *Callaecia*.

10 F. Calo Lourido & X. C. Sierra Rodríguez, 1983.

11 Str., *Geog.*, III, 3, 5.

12 J. C. Olivares Pedreño, 2013.

13 Como atinadamente insiste F. Calo Lourido, 2010, p. 139: cfr. Plin., *Nat.*, III, 28.

14 Cfr. *AE* 1983, 476-477.

### 10.2. O *princeps* trifuncional

Vimos de aludir, certamente sen moita orixinalidade, ao étimo **h3rḗĝs* como a potencial institución proto-indoeuropea devanceira do noso *principatus*: a mesma institución que deu lugar a boa parte das realezas deste grande marco etno-lingüístico, e nomeadamente as do seu extremo occidental. Expostas xa as implicacións taxonómicas e cronolóxicas do transfondo indoeuropeo da *Callaecia*, son as reconstruídas atribucións socio-políticas asociadas ao antedito étimo as que aportan o contributo máis significativo dentro dos nosos limitados intereses institucionalistas.

Neste senso, a semántica primitiva de **h3rḗĝs* semella aludir xa á noción de «poder regulador» ou «gobernante»[15], facendo orixinariamente referencia á xefatura das comunidades etno-políticas (**teutéha-*) da propia sociedade proto-indoeuropea[16]. De feito, o testemuño privativo deste étimo no extremo occidental ítalo-celta e no oriental indo-iraniano denota a todas luces súa condición de arcaísmo conservado nestas distantes áreas do asentamento indoeuropeo[17].

Malia ter derivado co tempo –sobre todo en épocas xa históricas, e sobre todo, na Antigüidade, entre os indo-iranianos– en poderosas monarquías, as atribucións do **h3rḗĝs* proto-indoeuropeo non puideron ser moi amplas, dada a simplicidade da súa sociedade. O seu oficio houbo de ser esencialmente relixioso[18], como suxiren as escasas cerimonias reconstruíbeis pola comparación paleo-lingüística. En efecto, a analoxía ritual do *October equus* latino e o *Aśvamedha* védico, complementada por outras tradicións máis esporádicas[19], vincularía o rei indoeuropeo, canda menos, a unha cerimonia concreta: o sacrificio do cabalo[20]. Segundo se leva suxerindo dende xa andados traballos de J. C. Bermejo[21], o mesmo substrato ritual podería estar presente no sacrificio do cabalo que a dicir de Estrabón adicaban os pobos do norte da península ibérica a unha divindade da guerra[22]; referencia que, malia non aludir a realeza ningunha, encadrelaría co posíbel rol sacrificial dos *principes* galaicos (cfr. §9, 2). Con todo, carecemos de probas literarias ou iconográficas coas que fundamentarmos tal asociación[23]; e de feito Mª. J. Santos ten argumentado o carácter bélico «de aversión», meramente propiciatorio e circunstancial, do testemuño estraboniano[24].

15 Respectivamente, D. W. Anthony, 2007, p. 160; M. Weiss, 2017.

16 Cfr. J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, p. 417: «people»; p. 531: «social organization»; B. W. Fortson, 2004, p. 18.

17 Segundo asentou no seu momento J. Vendryes, 1918. Véxase tamén M. Weiss, 2017.

18 D. W. Anthony, 2007, p. 160.

19 Pódese consultar unha sumaria e miscelánea listaxe en M. Almagro Gorbea, 1992, p. 16.

20 J. P. Mallory & D. Q. Adams, 1997, p. 330: «king».

21 J. C. Bermejo Barrera, 2005 (1986), pp. 93 ss.; véxase tamén M. V. García Quintela, 1999, pp. 231-232.

22 Str., *Geog.*, III, 3, 7.

23 Cfr. M. Llinares García, 2016, p. 74.

24 M. J. Santos, 2007, pp. 199-200.

Foron, de calquera xeito, as investigacións abertas por G. Dumézil as que enxergaron un rol máis definido para a realeza indoeuropea, enmarcada no seu modelo «trifuncional». É ben sabido, e a isto xa nos temos achegado colateralmente neste mesmo ensaio, que o sabio filólogo francés concibiu que a ideoloxía dos antigos indoeuropeos se artellara en tres funcións: a produtiva, a militar, e a soberana; esta última subdividida nas súas facetas xurídica e máxica. Impórtanos agora sinalar que dentro deste esquema a realeza condensaría a «síntese das tres funcións», equivalendo xa que logo a un auténtico eixo da sociedade indoeuropea[25]. Coido que R. Brañas ten sabido captar elocuentemente esta lectura:

> Na India e a Irlanda antigas [...] a institución da realeza sagrada permitía que a influencia da divindade penetrase na sociedade humana a través da figura do rei sagrado, por mediación do cal podía experimentarse a cotío a vivencia do sobrenatural. Este personaxe central [...] é lugar de encontro obrigado de tódolos valores, poderes e transaccións sociais, concentra[ndo] na súa persoa incluso a historia da comunidade, porque se confunde coa mesma, pero tamén porque a totalidade que personifica é unha herdanza de apropiacións de tódolos sucesos históricos por parte dos seus antecesores[26].

No mesmo traballo, R. Brañas propuña ver nunha serie de altares da contorna de Lugo adicados aos deuses lugoves –forma galaica da divindade pan-céltica «sen función» Lug– un reflexo da ideoloxía rexia indoeuropea latente na antiga *Callaecia*; e, en consecuencia, un indicio a prol da extrapolación á cultura castrexa dunha realeza sagrada coma a descrita[27]. Con todas as precaucións que cumpra facer aos indicios cultuais, non podemos máis ca subscribir que tal realeza, fose cal for a forma na que efectivamente se materializase na cultura castrexa, é o que o substrato indoeuropeo suxire para o noso *principatus*. En efecto, tamén neste ensaio redundamos con insistencia no potencial rol relixioso desta figura histórica (§9, 2); e neste senso o protagonismo socio-relixioso alegado para a realeza indoeuropea non fai senón complementar os nosos resultados previos: o *princeps* como «axente cohesionador por excelencia» da súa disgregada comunidade etno-política (§9, 6).

Porén, nos nosos presupostos emerxe tamén unha certa discrepancia cunha común derivación «pseudo-duméziliana» –e R. Brañas non é unha excepción– do modelo tripartito: a tripartición non meramente ideolóxica, senón tamén incidente na estrutura social, cunha caste para cada función; o que implicaría a acentuada estratificación da sociedade proto-indoeuropea e das súas sucesoras. Segundo esta perspectiva, fortemente influída polo exemplo indo-ario, a realeza, procedente da

---

25 Segundo expresión do propio G. Dumézil, 1981 (1971), p. 358, ampliada por D. Dubuisson, 1978, pp. 21-34.

26 R. Brañas Abad, 2000, pp. 41-42.

27 *Ibid.*, p. 44. Arredor dos altares véxase, nomeadamente, N. Ares Vázquez, 1971.

caste guerreira, mesturaría as súas atribucións e responsabilidades coas castes sacerdotal e produtiva, materializando pois literalmente a expresión «síntese das tres funcións» antes aludida[28]. Na nosa terra, foi outra volta J. C. Bermejo o pioneiro na valoración trifuncionalista da suposta aristocracia guerreira castrexa[29]; mais é hoxe a corrente comparativa dos estudos celtas, con M. V. García Quintela á cabeza e o –a cotío oposto– A. Pena Graña como exemplo máis extremo, a que mellor ilustra esta derivación pseudo-duméziliana, rixidamente aplicada á cultura castrexa e ao *principatus* (cfr. §§2, 2; 2, 8; 9, 1-5).

Porén, coido que semellante premisa pode ser recusada para o noso caso, e non só pola ampla matización que temos feito aos indicativos de estratificación social na cultura castrexa (§§9, 1-2 e 9, 4), senón polo propio escepticismo que a derivación «social» do paradigma trifuncional ten sufrido nos estudos indoeuropeos[30]. Nomeadamente, o modelo da organización bélica preconizado por K. MacCone mantén a realeza no fulcro social, mais sobre un pobo uniformemente estruturado polo exercicio ordinario das armas, non sobre unhas ríxidas castes definidas segundo a súa función exclusivamente sacerdotal, guerreira ou produtiva; e onde os continxentes militares especializados, como amosamos no anterior capítulo (§9, 1), se reducirían fundamentalmente a segmentos de idade puntualmente arredados da propia sociedade (véxase táboa 7). Analogamente, un dos mellores coñecedores actuais da arqueoloxía da estepa eurasiática, D. W. Anthony, ten chegado a desbotar a posibilidade dunha tripartición en tres clases sociais nas culturas calcolíticas da rexión que convencionalmente se identifican coa sociedade proto-indoeuropea, apuntando en troques que a ideoloxía tripartita estaría a reflectir máis ben "graos de idade que todos os varóns serían susceptíbeis de superar"[31]. E R. Drews, logo dun exhaustivo esforzo de síntese histórica e arqueolóxica de vocación global, ten concluído que a aparición primixenia de castes militares especializadas non pode ser moi anterior ao 2000 a.C., a partires de cando se difunden os bocados ecuestres, as primeiras armas de uso estritamente bélico –as espadas– e os primeiros verdadeiros carros de guerra –os de rodas de raios–, cuxo uso requería indistintamente dunhas destrezas moi específicas, e dotaba dun grande prestixio social[32]. As castes militares, que xorden nesta época en ámbitos indoeuropeos coma o indo-iraniano, o hitita ou o micénico, pero tamén noutros horizontes etno-lingüísticos dispares coma o exipcio, o hurrita, o acadio ou mesmo o chinés, son resultado de forzas estruturais, progresos tácticos

28 Cfr. D. Dubuisson, 1978, p. 21.
29 J. C. Bermejo Barrera, 1981.
30 Cfr. B. W. Fortson, 2004, pp. 17-18.
31 D. W. Anthony, 2007, p. 92.
32 R. Drews, 2017: arredor dos bocados, p. 37; das espadas, pp. 92-96; das rodas de raios, pp. 109 ss.; da recusación dunha tripartición social orixinaria entre os proto-indoeuropeos, p. 110.

**rēks*, “rei”

**koryonos*, “líder de banda”

**koryos*, “banda de mozos” — **tewtā*

| | | |
|---|---|---|
| **yuHenes*, “mancebos”<br>**moryōs*, “letais”<br>**wl̥k$^{w}$ōs*, “lobos” | **wirōs*, **($H_2$)neres*, “adultos”<br>**poteyes*, “propietarios casados” | **senōs*, **ger$H_2$ontes*, “anciáns”<br>**medontes* (?), “xuíces” |
| BOTÍN | PRODUCIÓN | XUÍZO |
| infantaría lixeira | aurigas | exentos de conscrición |
| FURIA | DEBER | LEI |

Táboa 7. Esquema ideal da sociedade indoeuropea. Segundo K. Maccone, 1987.

e tecnolóxicos, e sen dúbida tamén dalgunha difusión; pero non dunha imposíbel herdanza cultural común de tempos recuados.

Emporiso, é sen dúbida a opinión do propio G. Dumézil a de meirande peso para a recusación das derivas pseudo-dumézilianas, pois el mesmo, logo de «exorcizar» –segundo a súa expresión– “o prestixio dos *varṇa* indios”, soubo ver que a «ideoloxía tripartita» da relixión indoeuropea non implicaba necesariamente a “división tripartita real, ao xeito indio, desta sociedade”[33]… A herdanza indoeuropea non pode servir, pois, de artificioso argumento a prol da tripartición social da cultura castrexa: o *princeps* sobre o *populus* galaico, coma o **h3rḗĝs* sobre o **teutéha-* proto-indoeuropeo, albíscase definitivamente como un soberano limitado a unha relación uniforme sobre os distintos membros do seu pobo, non sobre ríxidas castes trifuncionais.

Mais é precisamente desprovista da súa derivación social a forma coa que a lectura duméziliana, e canda ela a cita antes reproducida de R. Brañas, cobran a súa verdadeira significancia: canto máis disgregada é a sociedade, máis significativo se perfila o papel do rei, «síntese das tres funcións», quen a estrutura e mesmo a dota de identidade na medida en que centraliza o pouco que esta ten en común.

### 10.3. A prehistoria do *principatus*

Como vimos, a herdanza indoeuropea pode iluminar algo da historia máis antiga do *principatus*, e nomeadamente balizar a súa orixe como institución galaica. Facéndonos eco das máis recentes descubertas científicas –aínda sen esquecermos o carácter provisorio de toda hipótese xurdida ao abeiro dunha disciplina aínda xuvenil coma a arqueoxenética, a cotío de difícil imbricación co rexistro material– puidemos

33 G. Dumézil, 1986 (1968), p. 15.

estimar a antedita orixe do *principatus* nunha etapa avanzada da Idade do Bronce e do II milenio a.C. (§10, 1). E isto, certamente, equivale a albiscarmos un dilatado intervalo de aclimatación rexional. Podemos pensar, así, que o *principatus* primitivo, a xefatura étnica que chegou á *Callaecia* canda o influxo indoeuropeo sufrido nesta rexión, experimentou daquela un pulo de mestizaxe cultural coas institucións propias do substrato etno-lingüístico anterior, e que a partires de entón continuou a súa evolución canda a subseguinte transformación secular da súa sociedade.

Neste senso, a Idade do Bronce medio tense asociado a unha relativa pobreza material, e mesmo á aparente retracción económica e demográfica verbo ao Bronce inicial, marcado este polo auxe do vaso campaniforme[34]. Porén, esta é a época á que se atribúe a aparición de espadas nos acubillos metalúrxicos, sempre de difícil adscrición cronolóxica, con todo o que isto pode comportar arredor do xermolo de xefaturas guerreiras masculinas[35]: a mesma dinámica social, abofé, que noutras partes de Eurasia acompañou á implantación indoeuropea. A aparente retracción material aludida ten sido asociada á menor pegada arqueolóxica da sociedade deste tempo ou á simple "falta de prospecções"[36]. Mais é precisamente ao longo da Idade do Bronce cando algúns arqueólogos sitúan a plasmación galaica da «revolución dos produtos secundarios», un proceso asociado a unha redefinición sen precedentes das relacións das poboacións co medio, do seu aproveitamento gandeiro e da súa mobilidade xeográfica[37]. No resto de Europa, onde este proceso arrinca moito antes, constátase que incluíu efectivamente o abandono de asentamentos agrícolas anteriores, baixo a recepción dun influxo externo: a difusión de dúas culturas arqueolóxicas, Yamna e a cerámica cordada (milenios IV-III a.C.), de nidia impronta indoeuropea[38]. Non cumpriría, baixo o estímulo das descubertas da arqueoxenética e á marxe da tan común alerxia ás explicacións migracionistas, comezar a explorar factores semellantes para o noso Bronce medio?

Sexa como for, a antedita precariedade material vai mudar no subseguinte Bronce final atlántico. Daquela, o que máis tarde se habería de chamar *Callaecia* chegou a se integrar plenamente nun complexo cultural común a toda a faixa atlántica europea, das illas británicas ao sudoeste da península ibérica. O Bronce final é probabelmente a etapa máis brillante da nosa Prehistoria, correspondéndose a unha sociedade fortemente estratificada en cuxo apoxeo, aló entre os séculos X e VIII a.C., sobranceou a todas luces unha elite guerreira vinculada ás relacións ultramari-

---

34 Cfr. A. M. S. Bettencourt & M. J. Sanches, 1998, pp. 29-30.

35 Cfr. F. Calo Lourido, 1997b, p. 26; J. Suárez Otero, 1997, p. 57; F. J. González García, 2007a, pp. 33-34.

36 A. M. S. Bettencourt & M. J. Sanches, 1998.

37 R. Fábregas Valcarce & M. Ruiz-Gálvez Priego, 1993; para unha síntese en conxunto da península ibérica, M. Ruiz-Gálvez Priego, 1992.

38 D. W. Anthony, 2007, pp. 258-260 e 367. Arredor da atribución etno-lingüística destas culturas arqueolóxicas, cfr. M. E. Allentoft & *al.*, 2015; W. Haak & *al.*, 2015.

ñas, que detentou magníficas armas e ricos tesouros ouriveiros (est. 16)[39], e deixou constancia dos seus valores na arte pétrea deste tempo, en gravados rupestres, estelas e estatuas-menhir (est. 14-15)[40]. Mais a faceta aristocrática desta sociedade non agocha a tenacidade dos seus sectores subalternos, sobre os que en última instancia pesou o progreso do Bronce final. Os primeiros castros, de materiais perecedoiros, fundados por "algunhas xentes que, posiblemente, non foran as máis favorecidas"[41], proceden do mesmo contexto e conviviron inicialmente con outras formas de poboamento aínda asociadas ao semi-nomadismo[42]. Porén, despois do século VIII a.C., a sociedade do Bronce final entra en crise, os contactos ultramariños fracciónanse, as elites sociais desaparecen, e na *Callaecia* o poboamento castrexo convértese virtualmente en exclusivo. Máis do que un fito concreto, entre os séculos VIII e V a.C. pódese situar unha longa transición entre a sociedade do Bronce final e a cultura castrexa que a remataría por suceder[43].

É só arredor deste século V a.C. cando se produce unha reformulación xeral no rexistro arqueolóxico da *Callaecia*, como tan ben soubo ver xa en 1975 J. Maluquer de Motes na primeira e súa secuenciación cronolóxica da cultura castrexa[44]. A partires do devandito século, moitos dos xacementos anteriores abandónanse ou remodélanse[45], petrifícanse as súas estruturas defensivas e logo tamén as habitacionais[46], proliferan e increméntanse os silos[47], e vai emerxendo a siderurxia nativa[48] canda novos estilos metalúrxicos[49] e cerámicos[50]. É a orixe tamén dunhas tendencias que non farían senón intensificarse nos séculos seguintes, coma a progresiva colonización do territorio e a penetración mercantil fenicia, segundo xa se expuxo con anterioridade ao encetarmos o contexto arqueolóxico dos *principes* testemuñados (§8, 3).

Mais a *Callaecia* castrexa que emerxe no século V a.C. segue a ser un espazo intensamente fraccionado, no que a autarquía económica e socio-política semella

---

39 Cfr. J. M. Vázquez Varela, 1995, pp. 287-301, p. 293; F. Calo Lourido, 1997b, pp. 23-29.

40 Cfr., nesta liña, J. M. Vázquez Varela, 1991, pp. 15-22; A. de la Peña Santos & J. M. Rey García, 2001; F. J. González García, 2009b; J. Rodríguez Corral, 2015.

41 F. Calo Lourido, 2005, p. 98.

42 Cfr. A. M. S. Bettencourt & M. J. Sanches, 1998, pp. 20 ss.

43 Verbo á controversia cronolóxica, discordante entre a Arqueoloxía galega e a portuguesa por mor da aplicación de convencións foráneas na primeira, véxase nomeadamente F. Calo Lourido, 2007, p. 126.

44 J. Maluquer de Motes, 1975.

45 A. González Ruibal, 2006-2007, p. 269.

46 Cfr. C. A. F. de Almeida, 1984, pp. 35-36; F. Calo Lourido, 1993, p. 121; *id.*, 2007, pp. 126-127; F. M. V. R. Queiroga, 2005, pp. 158-159. Antes da data aducida son testemuñais os exemplos de arquitectura pétrea na *Callaecia*, malia existiren exemplos: véxase A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 189-190.

47 C. Parcero Oubiña, 2000, pp. 376-377.

48 A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 490 ss. Lémbrese, con todo, que o verdadeiro emerxer da siderurxia autóctona procede do seguinte período: cfr. §8, 3.

49 *Ibid.*, p. 270.

50 J. Rey Castiñeira, 1991, pp. 415 ss.




Estampa 16. A Prehistoria do *principatus*

Escolma de vestixios arqueolóxicos dos citados no texto a xeito de contextualización das orixes do *principatus* na Idade do Bronce, antes do xermolo da cultura castrexa. Arriba, algunhas das magníficas espadas, machado de talón e punta de lanza achados no depósito fluvial do Ulla, un dos máis representativos da cultura do bronce atlántico da actual Galiza (A). Compárense estas espadas cos puñais castrexos (est. 9), co que dificilmente se poderán eludir as fondas diferenzas non só militares, senón tamén sociais, entre as culturas que as produciron. Abaixo, fotografía do riquísimo tesouro de Caldas, ao parecer na posición orixinal das pezas ao seren descubertas (B), e do chamado casco de Leiro (C), como exemplo da ourivaría da nosa Idade do Bronce: este decididamente do Bronce final; aquel, suxeito a unha meirande indefinición crono-cultural. Compárense, do mesmo xeito, coa ourivaría castrexa (est. 10). Adaptado dos debuxos de G. Meijide Cameselle, 1988 (A); e fotografías de B. Comendador Rey, 1998 (B), e Wikimedia Foundation (C).

dominar a vida dos asentamentos[51]. Non se rexistra daquela o máis mínimo indicio claro de estratificación social ou xerarquización entre os castros: destes últimos, ata os máis insignificantes se arrodeaban de impoñentes murallas que compuñan sen dúbida a súa principal amortización de traballo e de recursos; materializando así, como tanto ten insistido F. Calo Lourido, a identidade e o prestixio comunitarios, e sen dúbida tamén a súa independencia[52]. Non creo que este aspecto sexa necesariamente excluínte coa belicosidade desta sociedade; mais de calquera xeito importa lembrar que a súa panoplia guerreira apunta, fronte á do Bronce final, ao indefectíbel exercicio isonómico das armas (§9, 1). A única adicación especializada que semella xurdir neste tempo é a dos ferreiros, cuxo nivel de vida non semella ter diferido substancialmente do dos labregos, embora si se tería diferenciado sensibelmente deles pola localización dos seus lugares de habitación[53]. O mesmo cómpre apuntar dos canteiros a partires dos séculos III e II a.C. nos que se difunde o careado da pedra, indubidoso síntoma dunha certa especialización laboral; e sobre todo máis tarde aínda co desenvolvemento da escultura[54].

E aquí chegamos xa á grande inflexión castrexa dos séculos II e I a.C., que foi na *Callaecia* marco de grandes melloras tecnolóxicas, produtivas e mercantís; cerne dunha verdadeira eclosión artística, siderúrxica e ouriveira; e fito da xerarquización entre asentamentos, da urbanización e da estratificación social… Todo aquilo ao que xa nos temos referido anteriormente, a propósito do contexto arqueolóxico inmediato do *principatus* (§8, 3).

A Prehistoria recente da *Callaecia* amosa a todas luces unha liña evolutiva única, na que incidiron procesos fluctuantes de centralización e fragmentación socio-política. No medio desta evolución estrutural intuimos a presenza das xefaturas étnicas da rexión, das que cómpre concibir non a súa aparición e desaparición cíclica, senón a súa continua adaptación, do **h3rḗĝs* indoeuropeo ata o *principatus* testemuñado en época histórica. A ascendencia da mesma institución ata épocas tan recuadas non deixa de ser unha mera conxectura plausíbel, pero a súa xustificación non se limita á extrapolación á *Callaecia* do modelo evolutivo que definiu o devir da xeneralidade das realezas locais europeas e circunmediterráneas do seu tempo (cfr. §§7, 3 ss.), senón tamén a un indicio local de excepción. En efecto, a estatua de Roriz, por cuxo paralelismo coas estatuas-menhir coidamos poder datar na Idade

51 Cfr. A. de la Peña Santos, 1992; F. M. V. R. Queiroga, 1992, p. 69; F. Calo Lourido, 1993, p. 171 ss.; A. González Ruibal, 2006-2007, pp. 318 ss.; B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 219 ss. e 412-413.

52 F. Calo Lourido, 1993, pp. 97-102; *id.*, 2010, pp. 190-191; *id.*, 2015, pp. 124-125.

53 M. D. Fernández-Posse & F. J. Sánchez-Palencia, 1998, p. 146; B. X. Currás Refojos, 2014, p. 618. Pola común ubicación periférica das fraguas, A. González Ruibal, 2006-2007, p. 495, suxire de feito o carácter marxinal deste sector social.

54 Cfr. F. Calo Lourido, 2003, p. 121.

do Bronce final, antóllasenos un afastado precedente dos sedentes castrexos, tema escultórico que figura entre as máis claras, embora tamén só hipotéticas, figuracións principescas da nosa antiga arte rexional (§9, 3). Roriz representaría así un primeiro reflexo da mesma institución que moito máis tarde constatará a nosa epigrafía principesca; pero esta sospeita non deixa de ser accesoria á hora de admitirmos a nosa hipótese xeral: a longa continuidade do *principatus*. A miña suxerencia fulcral é que a arcaica realeza que albiscamos nunha posición de autoridade tan precaria a partires do século II a.C. se cadra constitúa unha afirmación política fronte á máis atrasada sociedade da Idade do Ferro precedente; reducíndose en troques a unha retracción sen paliativos se a comparamos co contexto, máis estratificado, do Bronce final. De certo que estas mudanzas, ocultas na nosa Prehistoria, non representan máis ca chanzos evolutivos dunha mesma institución.

Sexa como for, esta singular evolución social da *Callaecia* non se afasta de dinámicas semellantes que incidiron noutras sociedades antigas e as súas realezas gobernantes. Cómpre lembrarmos agora que o *basileús* grego, emerxido do colapso da Idade do Bronce final, foi herdeiro directo das xefaturas rurais micénicas; e que a disolución da cultura de Hallstatt significou o devalo dos seus príncipes guerreiros, pero non a súa desaparición como institución, pois a súa denominación testemuñada xa no contexto de La Tène, *rix*, conecta coa xefatura análoga, moito máis recuada, das propias sociedades proto-celta e proto-indoeuropea (cfr. §§7, 4 e 7, 6). Na mesma liña, coido, cómpre entender a evolución a longo prazo das xefaturas pre-históricas da *Callaecia*; as mesmas que desembocarían, xa no século I d.C., no *principatus* da nosa epigrafía rexional.

### 10.4. O *principatus contre l'état*

Malia que a fluctuación socio-política da Prehistoria galaica á que vimos de atender leva ben documentada pola Arqueoloxía galego-portuguesa dende a década de 1980[55], só máis recentemente teñen emerxido tentativas de interpretación xeral ao

55 Embora C. Parcero Oubiña, 2000, p. 373, n. 128, abraiantemente, se teña abrogado na súa tese a descuberta desta dinámica social: "esta propuesta supone invertir los términos de casi cualquiera de las lecturas existentes en la actualidad al respecto, que se inclinan por unas dinámicas lineales, evolutivas, y consideran al Hierro I como un paso adelante en la complejidad social". Porén, cando no ano 2000 este arqueólogo leu a súa tese, a pretendida descuberta levaba ben tempo asentada na investigación anterior, o que pode confrontarse doadamente nas propias citas bibliográficas do apartado §10, 3, onde nos temos ocupado da cuestión. De feito, uns anos antes, nun seu artigo de síntese, J. Suárez Otero, 1997, p. 60, caracterizaba a Prehistoria recente da *Callaecia* como "unha etapa longa e complexa, que se adapta mal ás periorizacións tradicionais", salientando expresamente "a dificultade de reconstruírmos unha evolución histórica lineal". Mais cadrando aínda máis o círculo, no mesmo lugar antes citado C. Parcero alude a F. Calo Lourido, 1993, sen identificación de páxina, entre a bibliografía propensa a "dinámicas lineales"; cando precisamente nese libro, pp. 187-188, o autor postula moi claramente –mesmo con certa hipérbole discursiva– a mesma interpretación que C. Parcero se tenta atribuír a si mesmo, verbo á simplificación social e militar entre o Bronce final atlántico e a cultura castrexa.

abeiro de determinadas teorías antropolóxicas, coas que cómpre calibrar tamén as nosas propias pescudas.

Esta tendencia da investigación arqueolóxica rexional arrincou sobre todo coa tese de doutoramento de C. Parcero, quen tentaría describir o tránsito entre o Bronce final e o Ferro inicial como "un derradeiro intento, case desesperado, de inhibir o progresivo e inevitábel proceso de consolidación estrutural da desigualdade", a través do desenvolvemento da cohesión do grupo castrexo e da "reciprocidade negativa ínter-grupal"; ou sexa, a violencia entre castros[56]. Non obstante, esta tendencia conformaría asemade o mecanismo para a xestación dunha desigualitaria «sociedade heroica», pois supostamente o progresivo protagonismo social dos guerreiros remataría, aló polo século V a.C., por os erixir como grupo social diferenciado da base campesiña maioritaria[57]. Certamente, os indicios de semellante estratificación social eran moi fracos de máis nas datas aducidas, de xeito que a mesma corrente arqueolóxica redirixiu esta proposta, case dun ano para outro, a un salto de case catrocentos anos, pois axiña A. González Ruibal había de adiar a mesma inflexión social ata remates do século II a.C.[58] Esta corrección deu unificado a corrente «heroica», tendo sido tamén asumida, coido que sen a debida autocrítica, polo propio C. Parcero[59].

Alén dos indicios materiais concretos desta reformulación social –os mesmos que xa tivemos ocasión de identificar e de discutir no anterior capítulo (§9)–, a «teoría heroica» tense apoiado nomeadamente nas formulacións de P. Clastres arredor da *société contre l'état*[60]. Dentro deste modelo antropolóxico, a guerra intercomunitaria enténdese como un poderoso mecanismo de inhibición das diferenzas sociais nas sociedades sen Estado; mais paradoxalmente tamén como o xerme da desigualdade –e en última instancia, do propio Estado–, ao outorgar aos guerreiros un grande prestixio simbólico que eventualmente podería materializarse a través da acumulación de riqueza e influencia social. Neste senso, a Idade do Ferro galaica comprendería, asemade, "un paso atrás nas tendencias de división social [...] e dous deica adiante"[61].

Caracterizada pola mesma inclinación á especulación antropolóxica, tamén a «teoría segmentaria» ten desenvolvido unha lectura semellante, embora máis propensa a adiar a manifestación efectiva da desigualdade[62], concibindo unha meirande capacidade da estrutura social castrexa para a inhibir. Podemos ilustrar tal interpretación cunha boa síntese da mesma, asinada precisamente de maneira conxunta entre varios autores adheridos a esta corrente:

56 C. Parcero Oubiña, 2000, pp. 373-374.
57 *Ibid.*, pp. 376-378.
58 A. González Ruibal, 2006-2007, p. 269.
59 Por exemplo, en F. J. González García & *al.*, 2011.
60 P. Clastres, 1974.
61 F. J. González García & *al.*, 2011, p. 298.
62 Cfr. B. X. Currás Refojos, 2014, p. 255.

> A pervivencia da organización segmentaria é un produto histórico, unha resposta ás presións de sociedades xerarquizadas. Trátase de comunidades que coñecen a desigualdade xerarquizada e desenvolven mecanismos para a neutralizaren. [... Neste senso, os] asentamentos castrexos caracterízanse pola autosuficiencia económica e a independencia política. Estes dous fenómenos oriéntanse directamente a neutralizaren activamente o triunfo da xerarquización: por unha banda, mediante un control do excedente produtivo que garantiza o acceso de todos os grupos domésticos aos medios de produción; pola outra, mediante o control do crecemento de cada asentamento, ficando a poboación embaixo dun limiar que podemos situar arredor dos 150 ou 200 habitantes. Isto dá lugar a pequenos asentamentos esparexidos polo territorio, ubicados en puntos que respostan a dúas necesidades: [...] garantir unha explotación integral dos recursos e [...] facer visíbel a comunidade no espazo, conforme a unha lóxica identitaria pola cal cada unha se constitúe exactamente igual cás demais pero confrontada a elas. Nuns casos tal oposición manifestase directamente, e noutros, en troques, dá lugar a unha forte tendencia ao isolamento[63].

Non se concibe así unha tendencia endóxena á xerarquización entre asentamentos nin á estratificación social, que só agromaría coa conquista romana e o conseguinte desenvolvemento dunha sociedade «tributaria» sobre a homoxénea base labrega orixinal[64].

Como se comproba, estamos perante dúas interpretacións potencialmente complementarias, nas que apenas varía a concepción dunha meirande ou menor tendencia deica a estratificación social. Son, pola contra, as implicacións absolutas de cada modelo as que xeran a contradición; pero esta non é a eiva máis relevante que comparten. Non creo, en efecto, como xa me permitín suxerir no anterior capítulo (§9, 1), que nunca na Idade do Ferro galaica a comunidade política máxima chegase a se reducir meramente ao castro, nin que as dinámicas de confrontación intercomunitaria se limitasen a conflitos bilaterais entre estes asentamentos, nin que non existise ningunha identidade, sequera simbólica, que os rebordase[65]... Abofé, o fraccionamento habitacional castrexo non implica a inexistencia de amplas comunidades etno-políticas, senón meramente a súa precariedade: a carencia dunha acumulación pública de recursos, de fluxos tributarios, ou de centros cerimoniais e políticos monumentalizados.

Neste senso, non atopo motivos de peso para desbotarmos a noción, suxerida polas nosas propias pescudas, dun *principatus* como o antergo oficio gobernativo e cerimonial á cabeza dunhas comunidades etno-políticas que, con independencia do seu grao de cohesión interna, abranguesen sempre unha certa multiplicidade de castros. Porén, os modelos arqueo-antropolóxicos tratados preconizan un afinamento

---

63 I. Sastre Prats *& al.* 2010, p. 176.

64 Cfr. I. Sastre Prats, 1999, p. 179. B. X. Currás Refojos, 2014, pp. 738 ss.

65 Véxase tamén, sobre estas críticas, embora dirixidas unidireccionalmente contra a corrente «segmentaria», R. Brañas Abad, 2005.

necesario ás nosas consideracións: cómpre admitirmos, neste senso, que a retracción do Bronce final puido ter suposto a fragmentación das comunidades etno-políticas da *Callaecia*. Isto implicaría que a autoridade étnica devanceira do *principatus* ficase entón reducida non só a unhas menores atribucións gobernativas, senón tamén a unha máis cativa proxección territorial; e que dende aquela, coma outras realezas antigas, se tivese visto vinculada a longos e probabelmente fluctuantes procesos de agregación ou «sinecismo» que desembocasen nas comunidades etno-políticas recoñecíbeis na Romanidade temperá.

Xa vimos que procesos análogos se detectan, arqueoloxicamente, canda o auxe dalgúns asentamentos, sobre todo nos grandes castros da *Callaecia* meridional, que decote absorberon poboacións castrexas preexistentes (§8, 3). Poida que isto reflicta verdadeiros «sinecismos» políticos, como suxestivamente ten formulado F. J. González[66]. Mais cómpre, ao meu ver, non circunscribirmos a incidencia destes procesos ao seu aparente reflexo material. Por atendermos a exemplos xa tratados, os atenienses do século V a.C. asumían que o unificador da Ática fora Teseo (cfr. §7, 4): ou sexa, adscribían a orixe da súa propia comunidade política á Idade do Bronce; mais certamente o xermolo urbano de Atenas non coincide nin moito menos cunha época tan recuada. Independentemente da súa historicidade, esta tradición ilustra que non pode agardarse unha correspondencia unívoca entre a evolución material e constitucional dunha sociedade antiga coma a castrexa que nos ocupa; e neste senso resultaría lexítimo pensar que a estrutura etno-política sobre a que emerxeron os grandes castros galaicos existira dende moito tempo atrás, e que só se expresou neste fenómeno urbano cando se deron as circunstancias materiais oportunas. En fin, poida que a disolución do Bronce final fraccionase as entidades étnicas da *Callaecia*, poida que o xermolo dos grandes castros fose expresión material de verdadeiros sinecismos políticos… Mais dende logo estas dinámicas desenvolvéronse ao seu xeito ao longo de toda a Idade do Ferro, e dada a inexpresividade material do poder político daquel tempo, non podemos pretender substraer del un reflexo arqueolóxico unívoco.

Porén, o que aquí importa é que no *principatus*, «axente cohesionador por excelencia» dos pobos castrexos, segundo dixemos (§9, 6), emerxe o potencial protagonista destes procesos políticos que agocha a nosa Prehistoria. Unha figura que houbo de sobrevivir e adaptarse ás fluctuacións estruturais que ao longo dos séculos experimentou a súa sociedade, atopando un papel destacado na relación das súas comunidades cos pobos veciños e na dinámica de poder entre eles… Se cadra, coma os atenienses con Teseo, os albións e os cóporos identificasen entre os devanceiros dos *principes* aos que deron sepultura no século I d.C., moitas xeracións atrás, aos mitificados *patres patriae* das súas comunidades. Mais se estes procesos etno-políticos re-

66 F. J. González García, 2011a, pp. 188-190.

sultan inapreixábeis para a nosa actual comprensión arqueolóxica, non é senón pola natureza do poder dos pobos galaicos daquel tempo: un poder que non se orixinaba da acumulación de recursos nin impuña unha autoridade despótica aos súbditos, senón que repousaba sobre consensos étnicos tradicionais, vinculados á autoridade simbólica, só excepcionalmente expresada, que dotaba de identidade e unidade ás súas comunidades, e que só crebou, coma noutros moitos ámbitos do mundo antigo, coa emerxencia de novas forzas sociais ao remate da Idade do Ferro… Entenderemos así, por fin, que o *principatus* galaico non é, contra a postura das achegas das que tentamos facérmonos eco neste apartado, a proba da conformación endóxena dunha sociedade «heroica» nin da creba imperialista da vella sociedade «segmentaria», senón a evidencia precisa dunha institución ancorada na máis anterga, variábel, e eventualmente isonómica, tradición gobernativa da nosa Idade do Ferro.

Paradoxalmente, o *principatus*, unha institución rexia fundamental na súa sociedade, se cadra arrodeada de épica e misticismo, aparece neste contexto non como unha autoridade estatalizante, senón precisamente como a xefatura étnica, precaria e consensual, da *société contre l'état* da Prehistoria galaica.

### 10.5. A república contra o *principatus*

Emporiso, o rol do *principatus* como factor inhibidor do desenvolvemento do Estado e da estratificación socio-económica entre as comunidades castrexas difuminarase a partires do século II a.C., ata a súa mesma disolución como institución, canda as tranformacións estruturais que afectaron á *Callaecia* dese tempo. Coma na xeneralidade destas mudanzas, no propio devalo do *principatus* albíscase unha ineludíbel influencia mediterránea, que houbo de traer ideas como de feito trouxo mercadorías e rematou traendo exércitos; e entre elas figurou de certo a ideoloxía republicana antiga. Dúas tradicións republicanas confluíron entón na *Callaecia*: a fenicia e a romana (cfr. §§7, 5 e 7, 8), probabelmente dende o comezo nunha situación de mestizaxe entre elas, que mesturadas asemade co substrato cultural castrexo habían de estimularen un desenvolvemento institucional único e irrepetíbel: o nacemento das estruturas civís na nosa terra. Nun contexto no que a *Callaecia* estaba a se transformar aceleradamente, segundo vimos no seu momento (§8, 3), as novas forzas sociais xestadas no seu seo houberon de empregaren esta nova ideoloxía para desafiaren ás realezas tradicionais e instauraren no seu lugar novos réximes oligárquicos. Irremediabelmente, a xefatura étnica que subxace no noso *principatus* houbo de se enfrontar a este proceso, daquela de incidencia practicamente universal; e así como aconteceu na xeneralidade do mundo circunmediterráneo antigo, tamén na *Callaecia* saíu derrotada del.

Do mesmo xeito, este escenario púidose vincular na nosa terra coma noutras rexións á tendencia tiránica da realeza, ao abeiro das novas posibilidades socio-eco-

nómicas coas que exercer o seu poder (cfr. §9, 2); mais tamén á violenta conflitividade coas novas forzas sociais ascendentes, desexosas de instauraren o seu propio goberno oligárquico. Na *Callaecia* boa parte deste proceso coincidiu a todas luces co dominio romano; e neste senso a imposición do tributo houbo de dar ás autoridades étnicas preexistentes novas competencias fiscais, como exactoras e redistribuidoras do tesouro público, con renovada capacidade para impoñeren obrigas ao seu pobo e acumularen capitais para si mesmas. O réxime tributario[67] foi, de certo, acicate deste proceso, tanto da tendencia tiránica da realeza castrexa coma da súa abolición polas oligarquías locais… Mais certamente o procedemento desta suplantación política fica oculto nas tebras da nosa Historia anterga.

Porén, do que si temos probas é do afianzamento civil e da implantación republicana que incidiu entón sobre os pobos da antiga *Callaecia*. Xa vimos, ao tratarmos os paralelos epigráficos do *principatus*, que este conviviu, canda menos no século I d.C. e en pleno contexto xurídico peregrino, con outras institucións de inequívoco carácter civil das que daquela xa se dotaran outros pobos veciños: órganos deliberativos coma os *concilia*, membros dos mesmos coma os *senatores*, e maxistraturas coma os *legati* ou os *magistratus* (§3, 4). Non fago máis ca repetir os resultados do meu recente estudo arredor das institucións peregrinas da *Callaecia*, no que aludín asemade a un indicio potencialmente máis antigo deste proceso: a urbanización dos grandes castros, cuxas "estruturas de reunión pública ofrecerían tamén [alg]unha correspondencia cos órganos deliberativos das antigas cidades-estado"[68]. A «etapa peregrina» da *Callaecia* abrangueu a todas luces réximes constitucionais diversos, entre os que o *principatus* aparece xa arrecantado no extremo setentrional da rexión, entre comunidades probabelmente rezagadas nos procesos estruturais e políticos que levaran xa daquela a moitas das súas veciñas a adoptaren a república como forma de goberno (cfr. táboa 8).

Mais fose cal for a extensión do *principatus* neste tempo, axiña habería de se enfrontar ao seu derradeiro desafío: a latinización xurídica decretada na década do 70 d.C. por Vespasiano, primeiro emperador da dinastía Flavia. O dereito latino foi a base legal para a asimilación xurídica dos pobos galaicos ao resto do orbe romano, favorecendo a súa eventual constitución nunha forma moi concreta de república: o *municipium*[69]. Poida que na *Callaecia* a incapacidade material de moitas das súas comunidades rurais para se municipalizaren favorecese a alternativa da *adtributio*, na que as súas elites locais fosen cooptadas nos órganos deliberativos de *municipia*

67 Véxanse, arredor deste concepto teórico e discusión historiográfica, §§2, 9; 4, 3; 10, 4.

68 M. Fernández Calo, 2016a, p. 121.

69 Arredor da latinización e municipalización flavianas, proceso global incidente en toda a península ibérica, véxase o seu, hoxe, máis completo estudo: J. Andreu Pintado, 2004.

| FONTE | LUGAR | INSTITUCIÓN | INTERPRETACIÓN |
|---|---|---|---|
| *AE* 1986, 298; J. Encarnação e L. M. S. Pinho, 2001 | Penela e Nespereira, distrito de Viseu | *concilium* | órgano deliberativo |
| *AE* 1984, 553 | O Courel? | *legatus* | maxistratura civil circunstancial |
| *CIL* II, 2633; *IRPLu*, 55 | Astorga e O Courel | *magistratus* | maxistratura civil suprema |
| *IRPLu*, 34; *ERAs*, 14 | Lugo e A Veiga | *princeps* | xefatura étnica |
| *CIL* II, 5629 | Padrón | *senator* | órgano deliberativo |

Táboa 8. Institucións pre-municipais galaicas. Traballo propio publicado en M. Fernández Calo, 2016a.

preexistentes[70]. Nestas circunstancias, independentemente da extensión pre-flaviana do *principatus* e da propia incidencia da municipalización entre as comunidades da *Callaecia*, o *municipium* romano chegou, de certo, a artellar a totalidade da rexión, e sobre todo, particularmente, ás súas elites dirixentes[71].

Neste senso, resulta por enteiro significativo que, precisamente na área de asentamento dos cóporos, atopemos no século IV d.C., a través do moio de Ponte Puñide ao que xa nos temos referido noutro capítulo (§3, 2), a mención de dous *principales*, Potamio e Quenciano, dunha curia municipal[72]. Non sabemos a qué *municipium* pertenceron estes dous persoeiros, mais debúxase plausíbel mesmo a súa correspondencia ao resultante da municipalización da *ciuitas Copororum*[73]. Sexa como for, este documento evidencia expresamente a vinculación dos cóporos ao réxime municipal romano, xa fose por municipalización directa ou «adtributa», o que nos aporta unha clave ineludíbel da súa historia constitucional como comunidade política, e da biografía do *principatus* como institución. De certo, o sepulcro dos príncipes de Lugo e o moio de Ponte Puñide ilustran dúas etapas do desenvolvemento institucional dunha mesma comunidade e da evolución social das súas elites dirixentes… Mesmo cabería pensar, abofé, que algún dos *principales* de Ponte Puñide descendese dos primitivos *principes Copororum* de Lugo. Mais do que non cabe dúbida é de que este documento corrobora decisivamente o inexorábel termo do *principatus* como xefatura étnica dos cóporos nalgún intre do dominio romano.

70 J. González Fernández, 2001, pp. 122-123.

71 Cfr., nomeadamente, M. Fernández Calo, 2017, pp. 22-24; *id.*, 2018, cit., pp. 122 ss.

72 *CIRG* I, 87.

73 Conforme ao recente exame de M. Fernández Calo, 2017, pp. 35-36.

### 10.6. O destino dos *principes*

Como vemos, para o *principatus*, institución xa en crise –segundo estimamos– dende arredor dun século antes do seu testemuño epigráfico, a municipalización flaviana debúxase como un verdadeiro *coup de grâce*. Nas comunidades onde esta mudanza non se tivese dado antes, o *municipium* ou a *adtributio* municipal houberon de significaren para os *principes* remanentes a súa transformación, seguindo o teimoso esquema de T. Kotula, de *principes gentis* a *principes ciuitatis* (cfr. §6).

O moio de Ponte Puñide, que vimos de comentar no anterior apartado, non é o único indicio a considerar. Se cadra haxa tamén algo disto, abofé, no mesmo sepulcro de Lugo, se é que os herdeiros dos *principes* nel mencionados se trasladaran a esta cidade para exerceren cargos públicos, cooptados pola curia local (cfr. §8, 1). Ou poida tamén –non podo evitar suxerilo– que a implantación republicana na *ciuitas Copororum* abocase ao desterro á súa vella casa real, atopando esta acubillo na cidade de Augusto; convertidos á forza os seus patrucios de *principes gentis* en *principes ciuitatis*, máis interesados ca nunca en reivindicaren a súa rexia estirpe, facendo traer nalgún intre do século I d.C. os restos de dúas xeracións de ascendentes para os enterrar no sepulcro familiar. O contexto urbano da estatua sedente de Braga e a asociación a unha *uilla* dos de Xinzo[74], indistintos exemplares dunha tipoloxía artística na que quixemos ver figuracións principescas (§9, 3), poderían ir na mesma liña: a afirmación, por parte das novas elites civís, da súa anterga e xa perdida autoridade étnica. Sexa como for, o *principatus ciuitatis* perfílase, coma no resto do orbe romano, o destino previsíbel dos *principes gentis* da *Callaecia*. Non poderiamos ilustrar mellor este proceso ca suxerindo a comparación dos sedentes castrexos, xa estudados (§9, 3), coas excepcionais estatuas romanas de Adai e Atán, achadas indistintamente nas proximidades de Lugo, onde a representación da nova elite provincial, na mesma posición sedente pero xa vestida con toga[75], evoca un transfondo social e ideolóxico tan diferente… E que nunca volvería ser igual (est. 17A-B).

Mais isto non desbota outros posíbeis porvires. Vimos que unha das funcións tradicionais do *principatus* galaico puido ser a dirección militar da súa comunidade (§9, 1). E neste senso, o poder imperial romano soubo en moitos casos aproveitar esta capacidade das elites tradicionais das provincias recrutándoas nos *auxilia*, factor de contemporización e aculturación, a un tempo, para estes suxeitos potencialmente disruptivos[76]. Tal é, de feito, a interpretación que F. Calo Lourido defende para as

---

74 F. Calo Lourido, 1994, p. 649.

75 Véxase, arredor da primeira, F. Arias Vilas, 1977, pp. 18-24; arredor da segunda, F. Acuña Castroviejo, 1993. Pode consultarse unha sucinta síntese de ambas as pezas en F. Díez Platas, 2003, pp. 225-226.

76 Arredor da participación galaica nos *auxilia* e as súas implicacións sociolóxicas, véxase N. V. Santos Yanguas, 1988.




Estampa 17. O destino dos *principes*

Escolma de vestixios arqueolóxicos da actual Galiza interpretados no texto como legados do proceso de romanización do *principatus*. Á esquerda, estelas de Adai (A) e Atán (B), con representación de membros da elite provincial romana en posición sedente. Sen relación de escala. Compárense cos sedentes castrexos (véxase est. 13). Á dereita, planos dos restos das *uillae* setentrionais galaicas de Castillós, Cirro e Centroña (C-E), con hipotética reconstrución desta última (F). Compárense cos castros galaicos (est. 4). Segundo fotografías do Museo Provincial de Lugo (A-B); e debuxos de F. Pérez Losada, 1995 (C-F).

estatuas de guerreiros galaicos[77]. Vimos tamén que este foi o caso dos *principes* alpinos, autoridades étnicas das súas comunidades reconvertidas en mandos militares dos *auxilia* subministrados polas mesmas (§6, 2). A cotío, os *principes* militares non foron meramente aristócratas locais, senón membros das casas reais indíxenas, como ilustra o caso de Pisón o aquitano, que serviu a César na guerra das Galias, con tráxico final:

> Naquel encontro pereceron setenta e catro dos nosos xinetes: entre eles Pisón o aquitano, fortísimo varón nado da máis nobre liñaxe, cuxo avó ocupara a realeza do seu pobo, [merecendo] o nome de «amigo» para o noso Senado[78].

Se cadra poidamos albiscar un desempeño análogo para o noso *principatus* a través da estela dos *milites* de Lugo, xa analizada no seu momento (§1, 2), onde se nos reproduce unha onomástica abraiantemente coincidente coa dos *principes* cóporos: *Uecius*, *Uerobeus*; e mesmo nun terceiro caso en certo xeito paralelizábel á da estela da Veiga: *Clutamus*. Serían estes soldados cóporos membros da casa real do seu pobo? Sería, mesmo, a militancia en *auxilia* un destino común para os herdeiros dos nosos *principes*?

Abolición violenta, militancia no exército, desempeño público e romanización: tales son os posíbeis destinos que o século I d.C. semella ofrecer aos vellos *principes* da *Callaecia*.

Con todo, o *principatus*, na súa dimensión estritamente simbólica, puido atopar unha pervivencia prolongada como figura de autoridade ambivalente entre a cidade na que exercese a súa vida municipal e a súa comunidade «adtributa» de orixe, do mesmo xeito que aconteceu, segundo vimos, con moitos *principes gentis* ao longo de todo o Imperio Romano (cfr. §§6, 1 e 6, 3). Porén, a romanización do *princeps*, tarde ou cedo vinculado á estrutura do *fundus*, á residencia na *uilla* e á adopción da cultura da elite romana, remataría por esgazar, coido, todo posíbel nexo coa súa autoridade rexia primitiva, cos seus atributos e coas súas funcións tradicionais (est. 17C-F).

Mais nin sequera isto desbota a longa supervivencia das xefaturas étnicas da *Callaecia*. A cultura castrexa, certamente, vaise estancar dende mediados do século I d.C., minguando netamente dende a latinización xurídica, co devalo dos castros e o progresivo desprazamento da súa poboación aos novos asentamentos rurais que proliferarían dende aquela, os *uici*[79], primitivo cerne da actual aldea galega. Porén, moitos castros nunca chegaron a se abandonaren durante o dominio romano. A cultura castrexa non foi diluída, senón absorbida pola romanización, pervivindo como unha

---

77 F. Calo Lourido, 1994, pp. 685 ss.

78 Caes., *B.G.*, IV, 12, traducido da ed. J. Edwards, 1958, pp. 192 e 194.

79 M. Villanueva Acuña, 1993, pp. 35 ss.; G. Pereira Menaut, 1997a, p. 245; A. M. Suárez Piñeiro, 2006, p. 81; F. Calo Lourido, 2010, pp. 186-187; M. Fernández Calo, 2018a, pp. 133 ss.

parte consubstancial, pero significativamente diferenciada, da sociedade provincial galaico-romana. E esta parte, retraída dende o derradeiro terzo do século I d.C., ficou latente para reemerxer dúas centurias despois. A partires do século III, en efecto, producirase un auténtico renacemento castrexo, coa reocupación de asentamentos xa abandonados ou a revitalización doutros remanentes.

A ocupación de lugares en altura foi unha tendencia común no Occidente europeo, non só baixo-romana senón xenericamente tardo-antiga, dentro da que o renacemento castrexo da *Callaecia* non constitúe máis ca unha plasmación rexional[80]. Este fenómeno poderíase explicar por moi diversos factores, do dinamismo demográfico á inseguridade dos asentamentos abertos; pasando polo punto medio, ao meu ver máis acaído, do acubillo de campesiños desposuídos das terras baixas pola expansión do latifundio. Abofé, a sociedade destes castros serodios non era xa a mesma cá dos séculos anteriores, fondamente vinculada xa a un contexto administrativo imperial consolidado, e nomeadamente á estrutura socio-económica do *fundus*[81]. Mais a preceptiva atención ás dinámicas estruturais propias da época non debe de nos facer obviar os aspectos etno-culturais inherentes a este proceso que non pode entenderse fóra da premisa das pervivencias autóctonas. Permítome reproducir para isto o que xa teño argumentado ao respecto noutro traballo recente:

> Presumibelmente boa parte dos efectivos demográficos responsábeis deste renacemento castrexo procedeu da propia poboación que nunca […] abandonara [os castros]; cuxa cultura e organización social se cadra diferise substancialmente dos *uicani* e dos traballadores das *uillae*. Ao contrario deles, o modo de vida da poboación dos castros ficara en grande medida alleo á latinización xurídica e ao consecuente reforzamento dos vencellos civís que caracterizaran a Alta Romanidade da *Callaecia*. […] Isto significa que estamos probabelmente perante comunidades moi independentes, subdesenvolvidas, entre as que os «primitivos» vencellos de parentesco pesaban máis na súa adscrición socio-política do que na xeneralidade das comunidades labregas e urbanas do seu tempo[82].

Neste senso, o renacemento castrexo non é meramente un proceso ancorado nas dinámicas estruturais do seu tempo, senón que evoca tamén inexorabelmente o pasado, inscribíndose pois nas tendencias, máis globais, de reafirmación das culturas autóctonas que afectaron, en diferentes épocas e provincias, a boa parte do Occidente baixo-romano[83]. A revitalización –e redefinición– de certos cultos indíxenas, como

---

80 A. Tranoy, 1981, pp. 419-422; C. A. F. de Almeida, 1993, p. 194; F. Arias Vilas, 1993; M. Fernández Calo, 2018a, pp. 220-221.

81 Cfr. F. Arias Vilas, 1993; M. Fernández Calo, 2017, pp. 30-31.

82 M. Fernández Calo, 2017, p. 30.

83 Cfr., por exemplo, arredor dos motivos artísticos no Baixo Imperio, R. MacMullen, 1990; arredor da relixiosidade pagá, A. Rousselle, 1990; arredor da organización socio-política post-romana, C. Wickham, 2005, pp. 303 ss.

ilustra o *Berobreus* do Facho de Donón, no Morrazo, ou o aparente sincretismo entre divindades galaicas, romanas e orientais do santuario rupestre de Panóias, Vila Real, ilustran as diversas facianas do vector indíxena na relixiosidade pagá da *Callaecia* tardo-antiga[84]. Se isto constituíu unha tendencia globalmente provincial, non cumpriría pensar que nos castros serodios, en concreto, tal reafirmación da vella cultura autóctona se expresase con máis forza?

O exemplo paradigmático destes asentamentos é sen dúbida Viladonga (est. 4B), "un verdadeiro arquetipo formal de castro"… que viviu o seu auxe, segundo a cronoloxía estándar, entre os séculos II e V d.C.[85] Viladonga forneceu, precisamente, un dos mellores rexistros ouriveiros da cultura castrexa, e entre eles un magnífico exemplar de torque procedente dun contexto estratigráfico datado entre os séculos II e IV d.C.[86] Xa se producise esta peza arredor de tal intervalo de tempo ou simplemente se tivese atesourado nel, a cronoloxía do seu achado acredita dende logo a pervivencia do gusto artístico castrexo tradicional entre a poboación deste asentamento. Ficaría canda isto o seu simbolismo, a ideoloxía subxacente, as determinadas institucións xurídico-políticas que, tempo atrás, conviviran con estas alfaias?

Pregúntome se os persoeiros predominantes dos castros serodios, certamente alleos –pero probabelmente subordinados– á aristocracia fundiaria das *uillae*, terían procurado imitar, por espírito tradicionalista, ás vellas realezas do pasado. Xa non comporían, certamente, a mesma institución; pero si conectarían inexorabelmente con ela. Dende esta perspectiva, o *principatus* podería seguir vixente por moito tempo na moral e nas prácticas cerimoniais das xentes dos castros serodios. Esta pervivencia indirecta puido chegar moi lonxe; tanto, que a súa avaliación se afasta das posibilidades razoábeis do presente ensaio, e obriga agora a formular un simple concepto como fito máximo ao que aterse, o mesmo ao que intelixentemente aludiu T. Rodríguez Fernández hai xa case tres décadas: a cristianización[87]. En efecto, despoxado o *principatus* do seu rol institucional, só a nova relixión se antolla quen de terlle ripado definitivamente tamén o seu valor cultural e ideolóxico remanente. Mais a cristianización, así como baliza un límite taxativo, tamén evoca unha supervivencia excepcional, pois no *ager* galaico este decisivo proceso da nosa historia tardo-antiga chegou canda menos ata o século VI d.C., seo do que probabelmente foi o

---

84 Arredor do santuario do Facho de Donón no marco da relixiosidade castrexa serodia, véxase M. Llinares García, 2016, pp. 82-83; para unha completa síntese recente do de Panóias, véxase M. J. C. Santos, 2010, pp. 149 ss.

85 F. Arias Vilas, 2015, p. 78. Malia o meu escepticismo ao respecto, hei de apuntar por rigor académico que un recente estudo propón a ocupación discontinua de Viladonga, cun hiato que cubriría por enteiro, supostamente, os séculos III e IV d.C.: véxase C. Tejerizo García *& al.*, 2019. Por suposto, o presente ensaio non é o lugar no que proceda avaliar a pertinencia científica desta proposta, que contradí drasticamente o consenso existente na colosal bibliografía dun dos castros mellor coñecidos e máis traballados da actual Galiza.

86 Cfr. X. L. Ladra, 2002, p. 186.

87 T. Rodríguez Fernández, 1994, p. 177.

meirande esforzo evanxelizador endexamais efectuado na nosa terra, o dirixido pola Coroa e a Igrexa suevo-católicas. As xefaturas étnicas que marxinalmente puideron desenvolverse na nosa Tardoantigüidade, baixo novas condicións socio-políticas, se cadra emulando ao vello *principatus* mais sen descenderen realmente del, semellan atopar así, verosimilmente, a oportunidade dunha longa supervivencia, alongando a herdanza dos *principes* da Antigüidade ata o mesmo limiar do noso Medievo… Alguén terá que escribir algún día a súa historia.

# CONCLUSIÓN

Hai xa case corenta anos, nunha obra divulgativa arredor da historia da Galiza, no seu tempo de grande difusión, J. C. Bermejo concluía, na súa colaboración centrada na Antigüidade, que na cultura castrexa houbera "unha aristocracia guerreira, con xefes pero sen reis"[1]. As nosas pescudas, ao abeiro da xa unívoca –embora inevitabelmente superficial– caracterización do *principatus*, apuntan precisamente en dirección contraria: unha sociedade efectivamente dirixida por xefes, dende logo equiparábeis a reis, mais sen rastro de aristocracia guerreira ningunha.

A aseveración de J. C. Bermejo, que reproducía unha impresión longo tempo asentada na investigación arqueolóxica galega[2], ha de ser situada no seu contexto historiográfico. A década de 1980, que se abría precisamente con esta súa achega, vería a grande eclosión da Arqueoloxía e as ciencias da Antigüidade galego-portuguesas, e canda ela a nidia secuenciación cronolóxica do rexistro material da nosa común Prehistoria. Distinguiuse só entón a sociedade, evidentemente estratificada, que producira as magníficas armas aristocráticas e a rica ourivaría do Bronce final atlántico, da máis igualitaria e máis labrega cultura castrexa, ao evidenciarse que todas as principais manifestacións culturais desta última, da urbanización dos grandes castros á plástica en pedra –ao que hoxe podemos engadir con algunha seguridade o florecemento ouriveiro–, se limitaban á súa fase máis avanzada: esa que arrinca, como moi cedo, dende o derradeiro terzo do século II a.C.

A constatación do *principatus* sitúase tamén nesta mesma fase da cultura castrexa, mais os nosos resultados apuntan, por unha banda, a que nin se orixinou nin se reduciu a ela; e pola outra, a que os indicadores arqueolóxicos de estratificación social que poden ser ubicados nas mesmas datas constatan efectivamente o xermolo dunha elite na súa sociedade, pero non precisamente a súa definición exclusiva nin

1 J. C. Bermejo Barrera, 1980, p. 38.
2 Cfr. F. López Cuevillas & R. C. de Serpa Pinto, 1933-1934, nomeadamente p. 292.

preferencialmente guerreira, nin tampouco a súa complicidade coa vella xefatura étnica anterior. A guerra foi responsabilidade colectiva durante todo o lapso histórico da cultura castrexa, que non xerou diferenzas substanciais no seu exercicio, netamente isonómico, entre os estratos constituíntes desta sociedade. O *principatus* emerxe precisamente nesta guerra comunitaria como factor cohesionador, dirixente militar circunstancial da súa disgregada comunidade etno-política… Pero sobre todo emerxe tamén, en tempo de paz, como ministro relixioso e sacrificador, se cadra de cabalos, sobranceando as cerimonias rituais comunitarias; como padroeiro de pequenas clientelas militares; e mesmo como xuíz e presidente da asemblea, sentado no seu trono diante do pobo. Todo isto, atributos cotiáns das realezas antigas, pode ser confrontado, embora dificilmente confirmado ou concretado, no rexistro material castrexo do seu tempo, e así o tentamos facer aquí.

Mais o *principatus* dista de se corresponder a unha realeza aristocrática, exercida a través do dominio despótico sobre o pobo e da dirección de poderosas clientelas ecuestres, ao abeiro das súas prebendas sobre rendas e terras e campesiños dependentes. Alén do certo –e anacrónico– resabio «feudalizante» propio das achegas que comunmente as teñen formulado para a *Callaecia* antiga, estas realezas aristocráticas vencéllanse sempre na Antigüidade a construtos políticos de grande envergadura: aqueles que demos en denominar «monarquías agregativas», e que deixan tan atrás ao noso *principatus*. Evidentemente, dende o século II a.C. vai agromar a progresiva estratificación social da cultura castrexa; mais isto non situará á súa xefatura tradicional, o *principatus*, nunha posición de forza, senón perante un perigoso porvir. A dinámica seguida na *Callaecia* será, nin máis nin menos, cá mesma que experimentou grande parte da Europa e da bacía mediterránea do seu tempo: as realezas tradicionais sucumbiron perante as forzas sociais xestadas no proceso de inclusión mercantil, progreso material e urbanización que acompañou, segundo ritmos diversos, o devir histórico da Idade do Ferro na xeneralidade destas sociedades.

En efecto, as xefaturas tradicionais galaicas que subxacen no *principatus*, cuxa orixe presumimos na primitiva implantación indoeuropea, nalgún intre da Idade do Bronce, dende a que viviron procesos de afianzamento e retracción socio-política seguindo o devir estrutural da súa sociedade, serán definitivamente abolidas ao remate da Idade do Ferro. Do século II a.C. en adiante producíronse na *Callaecia* algunhas das transformacións estruturais máis transcendentais da nosa historia, reproducindo ao seu xeito a liña xeral seguida anteriormente por outras sociedades europeas e mediterráneas antigas: o xermolo de novas elites sociais, a urbanización dos asentamentos, a dominación imperial romana, e a asimilación xurídica latina. E como anteriormente acontecera naqueloutras sociedades, as realezas tradicionais galaicas foron entón sistematicamente abolidas, arrecantadas polas forzas sociais xeradas á

calor do seu dominio, incapaces de se adaptaren ao afianzamento civil que acompañou ás transformacións socio-económicas do seu tempo, suprimidas finalmente polas oligarquías locais que instauraron o goberno republicano entre os pobos da *Callaecia* como antes fixeran no resto do mundo circunmediterráneo antigo.

Este proceso materializouse habitualmente a través de episodios de *stásis* ou conflagración civil entre os poderes rexios tradicionais, ás veces baixo a súa tentativa de reformulación tiránica, e as forzas sociais ascendentes. Ignoramos o que aconteceu na *Callaecia*. Se cadra a influencia do dominio imperial romano moderou a violencia desta mutación constitucional. Na temperá urbanización dos grandes castros bracarenses, que de seu suxire a plasmación deste mesmo proceso político, Roma albiscábase dende logo xa como un afastado *hēgemṓn*, mais se cadra sen a capacidade de amornar a conflitividade social interna das comunidades aliadas e as sometidas ao seu dominio.

A constatación do *principatus* galaico no limiar da Era cristiá certifica a pervivencia da realeza tradicional dalgúns pobos periféricos do norte da *Callaecia* alto-romana: en concreto, os albións e os cóporos. Aludo a tal pervivencia nas súas implicacións estritamente semánticas: un trazo conservador da organización socio-política destes pobos, que nun contexto global adverso mantiveron as súas xefaturas tradicionais. O *principatus* galaico, como exemplo provincial do *principatus gentis*, é expresión de tales xefaturas baixo un contexto de dominio imperial romano e de incipiente aculturación. Non ha de ser extrapolado á totalidade da cultura castrexa do seu tempo, que sabemos que daquela estaba a implantar precisamente outras formas de goberno, e de dereito, e de organización socio-política. O *principatus* non pode ser artificiosamente estendido no espazo, mais si ha de selo no tempo: é a expresión epigráfica latina dunha realeza galaica dende logo moi anterior, suxeita a unha prolongada biografía ata a súa disolución definitiva, segundo vimos de sintetizar; e da que coido que, nalgún intre, foi verdadeiramente o órgano gobernativo ordinario da xeneralidade dos pobos galaicos. Mais esta non é xa a situación na que se labrou a nosa epigrafía principesca, e moito menos a que se materializará a partires da latinización xurídica. Se cadra certas xefaturas étnicas posteriores, no contexto do renacemento castrexo a partires do século III d.C., á marxe do *municipium* pero dentro da súa xurisdición, puideron ter asimilado, por imitación tradicionalista, os trazos culturais desta primitiva realeza. Emporiso, a biografía do *principatus*, como órgano gobernativo dos pobos galaicos, rematou coa constitución destes en repúblicas e a súa eventual municipalización… E a daqueloutras xefaturas dos castros serodios, certamente, xa é outra historia.

